

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(XL)

Estudos arredor de
Ricardo Carvalho Calero



XUNTA DE GALICIA

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(XL)

Estudos arredor de
Ricardo Carvalho Calero

Coordinadores
Anxo Tarrío
Armando Requeixo

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(Cadernos galegos de pensamento e cultura)

Director:

Armando Requeixo

Consello asesor:

Luís Alonso Girgado
Xosé Luís Cochón Touriño
Xesús Ferro Ruibal
Anxo González Fernández
Ramón López Vázquez
Segundo Pérez López
Manuel Quintáns Suárez
Anxo Tarrío Varela
Andrés Torres Queiruga

Edita:

Xunta de Galicia
Consellería de Cultura, Educación e Universidade
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Secretario Xeral de Política Lingüística:

Valentín García Gómez

Coordinador científico:

Manuel González González

Directora Técnica de Literatura:

Mercedes Brea López

© Dos textos: As autoras e os autores

© Da cuberta: Xurxo Alonso

© Da corrección editorial e revisión lingüística: Laura Caamaño Pérez

Maquetación e impresión:

Grafisant, S.L.

ISBN: 978-84-453-5348-6

Depósito legal: C 1079-2020

Índice

LIMIAR	7
O AUTOR E O SEU TEMPO	11
<i>AS ORIXES</i>	
GERMÁN CASTRO TOMÉ: A ferrolanía de Ricardo Carvalho Calero.	13
<i>A PREGUERRA</i>	
JUSTO BERAMENDI: A experiencia nacionalista de Carballo Calero (1926-1936).....	29
<i>A GUERRA</i>	
CLAUDIO RODRÍGUEZ FER: Correspondencia inédita con Ricardo Carvalho Calero sobre <i>Scórpio</i> e a Guerra Civil española.....	45
<i>A POSGUERRA</i>	
MARÍA DOLORES VILLANUEVA GESTEIRA: Ricardo Carballo Calero: en primeira liña do movemento galaxiano. Ensaísta, editor e escritor da Editorial Galaxia entre 1950 e 1963	61
<i>OS ÚLTIMOS ANOS</i>	
BERNARDO PENABADE: A escola de Ricardo Carvalho, referente do Modelo Burela.....	75
PANORÁMICAS	89
<i>O INTELLECTUAL</i>	
MARÍA PILAR GARCÍA NEGRO: Ricardo Carvalho Calero, construtor da lingua e da literatura galegas	91
<i>O ACADÉMICO</i>	
VÍCTOR F. FREIXANES: Ricardo Carballo Calero na Academia.....	103
<i>O LINGÜISTA</i>	
MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ: A <i>Gramática elemental del gallego común</i> e a creación da cátedra de galego na USC, dúas referencias na historia do galego do século XX.....	117
<i>O NARRADOR</i>	
MARIO REGUEIRA: O gume dos ciclos. Unha visión da narrativa de Carvalho Calero	137

<i>O POETA</i>	
MIRO VILLAR: Un achegamento á poesía galega de Ricardo Carvalho Calero	155
<i>O DRAMATURGO</i>	
HENRIQUE RABUÑAL: Carvalho Calero: autor e cronista do teatro galego.....	173
<i>O AUTOR INFANTOXUVENIL</i>	
CARMEN FERREIRA BOO: Ricardo Carvalho Calero e a Literatura Infantil e Xuvenil.....	201
<i>O TRADUTOR</i>	
XOSÉ MANUEL DASILVA: Balance de Ricardo Carballo Calero como tradutor.....	213
<i>O ESTUDOSO DA LITERATURA GALEGA DE TRADICIÓN ORAL</i>	
JOSÉ LUÍS FORNEIRO: A presenza dos géneros narrativos de tradición oral na literatura galega do “Renacemento” segundo Ricardo Carvalho Calero	231
ESCRITAS	243
LUÍS ALONSO GIRGADO e ÁNXYELA LEMA PARÍS: O epistolario Ricardo Carballo Calero-Francisco Fernández del Riego.....	245
RAFAEL CHACÓN: Unha carta de Carballo Calero a Gonzalo Fernández Puentes sobre o Colexio Fingoi.....	267
HENRIQUE DACOSTA: Un Carvalho baixo o fado do escorpión	283
CARLOS QUIROGA: <i>Scórpio</i> , um romance fundacional	295
BLANCA-ANA ROIG RECHOU: <i>Breviario Antolóxico de la Literatura Gallega Contemporánea</i> , R. Carballo Calero	311
ANXO TARRÍO VARELA: Memorias dun neno urbano galego. <i>In memoriam Ricardo Carvalho Calero</i>	319

Limiar

Ricardo Carvalho Calero é un dos intelectuais galegos máis polifacéticos do pasado século. Dende ben novo deu mostras da súa inclinación por todo tipo de escrita e, froito desa propensión, foron ducias os libros e centos os artigos que nos legou verbo dos máis diversos asuntos literarios.

Por outra banda, a súa andaina vital esténdese ao longo de case toda a pasada centuria, polo que a súa traxectoria autorial é tamén espello de moi variados momentos históricos e das máis plurais circunstancias sociais, políticas e culturais.

Conscientes de todo o anterior, quixemos reunir unha nómina escolleita de especialistas na biobibliografía de Carvalho Calero que contribuíse a reflectir non só a multiplicidade de perfís que o caracterizaron, senón tamén as singularidades das distintas etapas que marcaron a súa vida.

Así pois, estruturamos estes *Estudos arredor de Ricardo Carvalho Calero* en tres bloques: o primeiro deles, “O autor e o seu tempo”, agrupa traballos que van deluvando os fitos fundamentais das diferentes épocas da súa vida: as orixes ferrolás, os anos da Pregoerra, a vivencia do conflito bélico, a Posguerra e os tempos da chegada da Democracia e a actualidade.

A segunda das seccións, “Panorámicas”, integra nove ensaios que se corresponden con outras tantas facetas definitorias de Carvalho Calero: o intelectual, o académico, o lingüista, o narrador, o poeta, o dramaturgo, o autor infantoxuvenil, o tradutor e o estudoso da literatura galega de tradición oral.

Finalmente, no bloque “Escritas” déuselles cabida a outros artigos centrados en cuestións máis específicas da biobibliografía de Carvalho Calero e tamén a ensaios de carácter máis testemuñal a propósito do seu legado e a súa memoria.

Non nos queda máis que manifestar o noso fondo agradecemento ás colaboradoras e ós colaboradores, que contribuíron con xenerosidade a facer posible este caderno monográfico e nos facilitaron o labor en todo momento. Velaí a nómina ao completo segundo a orde na que aparecen no volume: Germán Castro Tomé, Justo Beramendi, Claudio Rodríguez Fer, María Dolores Villanueva Gesteira, Bernardo Penabade, María Pilar García

Negro, Víctor F. Freixanes, Manuel González González, Mario Regueira, Miro Villar, Henrique Rabuñal, Carmen Ferreira Boo, Xosé Manuel Dasilva, José Luís Forneiro, Luís Alonso Girgado, Ánxela Lema París, Rafael Chacón, Henrique Dacosta, Carlos Quiroga, Blanca-Ana Roig Rechou e Anxo Tarrío Varela. A todas elas e a todos eles, beizón.

Este agradecemento queremos facelo extensivo ao artista Xurxo Alonso, quen deseñou a suxestiva cuberta que adorna o caderno, engadíndolle un plus estético que, coidamos, moito lle presta.

Tamén si, as nosas grazas máis expresivas para Laura Caamaño, responsable da corrección textual e revisión de estilo, fatigoso labor que loce aquí mercé aos seus desvelos.

Estudos arredor de Ricardo Carvalho Calero continúa a longa serie de monografías que os Cadernos Ramón Piñeiro veñen dedicando, ano tras ano, aos persoeiros homenaxeados co Día das Letras Galegas. Oxalá tamén nesta ocasión o resultado do esforzo colectivo mereza a atención e o aprecio do lectorado. Como editores, darémonos por pagos e congratularémonos pola súa utilidade.

Anxo Tarrío
Armando Requeixo

O autor e o seu tempo

A ferrolanía de Ricardo Carvalho Calero

GERMÁN CASTRO TOMÉ
(Xornalista)

É certo que son ferrolán de nacemento e ferrolán de corazón, porque o feito do meu distanciamento físico da miña cidade natal non supón máis que unha imposición das realidades da vida; por outra banda, Ferrol está sempre presente na miña lembranza [...] está sempre presente na miña vontade, no meu espírito e na miña emoción (Carvalho Calero, 1986: 117).

Esta confesión de ferrolanía, de home orgulloso das súas raíces, está contida na conferencia que Ricardo Carvalho Calero pronunciou o 27 de marzo de 1985 baixo o título “Aportación de Ferrol ás Letras Galegas”, dentro do ciclo *Ferrol, su historia, sus gentes*, que se desenvolveu desde o 15 de xaneiro ao 15 de xuño do mencionado ano 1985. A Aula de Cultura da entón chamada Caixa Galicia promoveu esta iniciativa que reuniu a diversos relatores que abordaron a esencia do ser ferrolán, a identidade, a ferrolanidade nunha especie de xogo de espellos ao que cada un dos oradores convidados quixo mirarse: urbanismo, movementos sociais e culturais, música, literatura...

Creo que a exposición de Carvalho Calero neste ciclo –preludiada nun discurso protagonizado no Ateneo Ferrolán o 26 de xuño de 1983, que titulou “Ferrol na cultura galega”– constitúe unha peza interesante toda vez que está dedicada integramente a demostrar con nomes e apelidos que Ferrol é unha cidade de selo galego, contra a lenda que di que Ferrol é como un enclave da cultura española dentro da terra galega, teoría que, curiosamente, o polígrafo ferrolán semellaba soste-lo no seu discurso de xuventude. Ricardo Carvalho Calero contaba 18 anos cando mandou a *El Correo Gallego*, destinado a un suplemento especial, publicado con data 1 de setembro de 1929, páxina 22, o seguinte artigo, escrito en castelán.

LABOREMOS

—Por un Ferrol gallego—

Por su situación, Ferrol está enclavado en Galicia; por su alma se halla muy lejano de mi tierra.

Se ha repetido una frase ligera de contenido trágico “Ferrol es el quinto reino de Andalucía”. Sí, lo será. Será lo que queráis. Será un reino de Andalucía. Lo que no es, desde luego, es una ciudad gallega.

Tendrá su alma Ferrol, pues “sobre el mundo tiene su ánima todo”, como dijo el gran lírico; pero esta alma ha perdido sus patrias fragancias y ha renegado de sus maternas raíces. Jaime Quintanilla, Nicolás García Pereira, Manuel Fernández Barreiro y Luis Pérez Carballa... vosotros lo sabéis.

Vosotros, verdaderos hijos de Galicia, sabéis que el alma de Ferrol no es gallega.

Al brindarme *El Correo Gallego* las columnas de su extraordinario creí que no podría corresponder mejor a su atención que dedicando un artículo a hacer un poco de patria: patria, no en sentido chauvinista y necio y criminal de la palabra, sino en cuanto significa desarrollo de las propias características y desenvolvimiento de la cultura propia. He aquí que Ferrol carece de una cultura gallega. He aquí que las cosas de Galicia no le interesan. He aquí que la obra colectiva de galleguismo en Ferrol es vana. Hay que decirlo: Ferrol es la ciudad menos gallega de Galicia. No existe un ambiente gallego: se ha olvidado el idioma. Cada vez que aparece en estas columnas algún poema mío pienso que la mayor parte de los lectores lo hubiera entendido mejor si estuviera en francés. Este desconocimiento de la lengua no es exclusivo de los literatos. La mayor parte de los ferrolanos que escriben artículos en este diario ¿serían capaces de redactarlos en la lengua vernácula? Ciudades hay en Galicia que tienen una cultura gallega: ciudades hay que pobres en intelectuales galleguistas, tienen, sin embargo, un espíritu gallego. Ejemplo de estas últimas: Lugo, ejemplo de las primeras, Orense donde viven esos tres hombres extraordinarios que se llaman Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo y Florentino Cuevillas. Pero Ferrol aunque hay meritísimos intelectuales galaicos estos no consiguen que su labor trascienda al pueblo, el pueblo en esto lo compone sobre todo la aristocracia. Aún queda mucho que hacer para galleguizar a Galicia. Pero en Ferrol es donde hay que hacer más. En ninguna parte el alma gallega se ha ido tanto ¿A qué obedece esto? Acaso no sea difícil explicar. Más que ninguna otra ciudad gallega, Ferrol posee un alta sociedad forastera. El núcleo más numeroso de la alta clase ferrolana lo constituyen familias de marinos y de militares. Ahora bien, muchos de ellos aquí destinados no son gallegos. Muchos de los que lo son están casados con mujeres de otras regiones españolas o han vivido largo tiempo fuera de Galicia. Las familias absolutamente gallegas son minoría. Así los hijos de estas gentes sólo aprenden el castellano porque el gallego

les parece ordinario. Quinto Ennio decía que tenía tres almas porque poseía el griego el osco y el latín. Análogamente los niños de buena familia de Ferrol poseen un alma sola, castellana. La clase media llevada de su esnobismo no hace más que remedar los gestos de los otros. Con tales maestros, el pueblo no puede aprender a ser gallego.

Este ambiente hostil ahoga los esfuerzos de todos los que laboramos por la tierra o por la lengua. Así, los que en Ferrol cultivan nuestro idioma son pocos, y la mayor parte se hallan de ordinario alejados del palenque literario, desanimados y decepcionados. No pretendo acordarme de todos pero ¿cómo no citar entre los prosistas a Jaime Quintanilla, el director de aquella inolvidable *Céltiga* y a Manuel Fernández Barreiro el delicado traductor de Louey Chisholm? En cuanto a los versificadores, Emiliano Balás y Francisco Cabo han bregado mucho con la lira y son merecedores de alabanzas porque ya lejana la juventud, siguen reinando poseídos del mismo entusiasmo sonoro que arrolló sus 20 años. Nicolás García Pereira, después de “Nó de saloucos e bagoas” y “A costureira” se ha obstinado en un silencio que no podemos menos de lamentar los que conocemos su robusto nervio lírico. Santiago Montero ensayó alguna vez el verso gallego y yo he leído en *Vida Gallega* algo suyo. Hoy va por muy otros caminos. La firma de José Pérez Parallé aparece a veces en *El Correo Gallego*, al pie de estrofas de una ingenuidad extraordinaria. Sus versos y los míos son los únicos que publica nuestro diario escritos en la lengua de la tierra. Pero la labor mencionada es isla de entusiasmo en el mar indiferente de la muchedumbre. Para hacer palpitar en Ferrol el corazón de Galicia, precisa un trabajo constante y poderoso. Hay que luchar con el ambiente hostil para conseguir que Ferrol, que pertenece a Galicia por su situación geográfica, le pertenezca también por su mentalidad. Hermanos míos gallegos, seres anacrónicos y descomunales en Ferrol: unámonos y luchemos para dotar de un alma gallega a este pedazo de tierra de Galicia.

Ricardo Carballo Calero
Secretario del Seminario de Estudios Gallegos
(*El Correo Gallego*. 1/09/1929).

Aínda que retomarei o fío da ferrolanidade e o “espírito da ferrolanía” ao que el mesmo apelou cando foi nomeado Fillo Predilecto da cidade naval, pido licenza ao lector/a para botar man da digresión e reflexionar sobre os conceptos da ferrolanía e a ferrolanidade e, en definitiva, do perfil

social da comunidade ferrolá. Entendo que a ferrolanía é unha actitude (de compromiso), un sentimento que agroma e se exerce en determinados momentos e situacións –Gonzalo Torrente Ballester (1983: 24) dixo: “mi ferrolanía la descubrí fuera de aquí”– e a ferrolanidade é unha realidade cultural de modo que a ferrolanía ten como base de sustentación a ferrolanidade. Nunha disquisición de raíz semántica diríamos que o ferrolanismo vén a ser unha doutrina, unha especie de “relixión” que sería como a suma de ferrolanía e ferrolanidade.

Resulta obvio que o sentimento de pertenza a un territorio implica identificación coa realidade cultural desa comunidade. Chegados a este punto, é aconsellable pasar a mirada polo perfil do ferrolán como individuo/a para mellor contextualizar o argumentario e intentar debuxar o Ferrol no que Carvalho Calero naceu e viviu.

Máis dun estudoso da historia de Ferrol ten salientado que o ferrolán é un tipo especial, marcado pola propia razón de ser dunha cidade creada por e para o Estado xa que logo formado nunha mentalidade de funcionario. Tense dito tamén que Ferrol é unha cidade de aluvián, poboada con xente que procede dos concellos da comarca e de lugares do interior e na que se dá, ademais, unha mestura de culturas que arriban pola vía marítima, aspectos nos que afonda Carvalho Calero no seu artigo “Laboremos. Por un Ferrol Gallego”.

Non obstante, isto que escribiu o poeta e investigador ferrolán no ano 1929 semella ter actualidade nos anos 90. O recordado xornalista Arturo Lezcano Fernández (1939-2019) sostén que Ferrol non posúe un verdadeiro espírito de cidade: “En Ferrol non hai cidadáns, non hai paisanos senón que hai residentes” (1993: 83). Segue a dicir Lezcano (1993: 82) que o que chega de fóra –el procedía de Ourense– “experimenta a sensación, moi intensa, de estar nunha poboación colonial arredor dunha base militar”.

Coa sinatura do xornalista ferrolán Cristóbal Ramírez encontramos a seguinte reflexión:

La procedencia de otras partes de Galicia y del resto de España de funcionarios que no sólo ignoraban la lengua y las costumbres del noroeste peninsular sino que muy posiblemente en su inmensa mayoría se sometían a un destino forzoso, sumado a la residencia

en Ferrol “manu militari” (afirmación que en cualquier caso está por demostrar estadísticamente pero que viene avalada por el origen de un gran número de hombres y mujeres significativos que o bien procedían de fuera o bien eran hijos de foráneos) provocaría en una buena parte de ellos resistencia a aceptar de buen grado aquello que la ciudad les ofrecía (1992: 26-27).

O escritor e tamén ferrolán Henrique Dacosta dános a seguinte visión:

Marinha e estaleiros, estaleiros e Marinha, comerciantes (pequenos ou grandes) emuladores dos costumes e privilexios sociais dos que se crem som modelos a imitar, operários que igualmente os secundam, graduacións militares (galóns) transvasados de dentro para fora de fora para dentro, burguesía practicamente inexistente ou clase social alta que por non existir fica sufrida por uniformes de diferentes categorías, desertores do campo que tentam procurar aconchego na pequena urbe, persoas con clase e persoas desclassadas, imitadores e imitados, gente que quer e non pode, outra que pode mas non quer, por veces só unha grande pose e muitas outras con convicção clara do grupo, da camada social à que pertence, traducido em resposta, en luta con fortes repercusións e grande suceso mesmo fora do noso ámbito: tudo isto é Ferrol, estranha simbiose, amalgama de elementos dispares e até contraditorios (1994: 32).

Quen isto asina escribiu no seu día un traballo titulado “O ferrolanismo. As nosas señas de identidade” (1991), moi acaído, dito sexa modestamente, para o asunto que nos ocupa. Sostiña daquela que a controversia xurdía nos faladoiros cando se trataba informalmente o fundamento ontolóxico da cidade de Ferrol:

Non era habitual que alguén mantivese con enerxía a existencia dunha comunidade identificada co seu entorno sociolóxico e xeográfico, en comunión cuns hábitos e costumes, apegada as súas tradicións e firme defensora do seu acervo. Non semellaba estar enraizado ese sentimento tribal que se saca a relucir cando se pon en tela de xuízo ou atacan as esenciais do pobo ferrolán. A maiores, atopámonos en non poucas ocasións cun fenómeno de autocrítica abusiva (Castro Tomé, 1991: 36).

Realmente, os ferroláns e ferrolás queren a súa cidade? Identifícanse coa súa realidade cultural? Son moitos? Son poucos? Non hai estatística, pero a pesar de todo o que contén este preliminar, non me cabe ningunha dúbida de que no seo da sociedade ferrolá existe orgullo de cidade, de que os ferroláns séntense fachendosos do seu acervo cultural e da súa alma galega, aínda que tamén estou convencido de que lles custa traballo exteriorizar ese sentimento. Quizais por mor dunha baixa autoestima.

O psiquiatra Fernando Márquez, que exerceu a súa profesión durante anos en Ferrol, chegou a escribir que esta é unha cidade que oscila entre a exaltación e a desvalorización do propio no seo dunha fonda crise de identidade colectiva respecto a que definir como propio, ademais da forte emblemática naval, militar e obreira.

Una ciudad en la que se promueve y se palpa con alarmante facilidad la gestación de sentimientos de baja autoestima, de auto odio (en el sentido de Rafael Ninyoles) y que la diferencia de esos sentimientos de orgullo ciudadano, propios de otras ciudades próximas. Un sentimiento alimentado por una autocrítica entre feroz y orgullosa (...) y no obstante, una ciudad que puede generar el sentimiento de legítima satisfacción de ser ferrolano, como timbre de cuna o de adopción querida, como es mi caso (Márquez Gallego, 1986: 227).

Creo sinceramente que Márquez Gallego dá no cravo e quizais ese artigo enervado que escribía o novo Ricardo Carvalho Calero en 1929 tivera moito que ver con algunha das arestas singulares que caracterizan a comunidade humana ferrolá que se acaban de describir. Ao respecto, convén non esquecer que o idioma, primeiro sinal de identidade dun pobo ou comunidade, neste caso batía coa resistencia de colectivos de persoas que por vía da Mariña ou da construción naval chegaban a Ferrol para fixar aquí a súa residencia.

O xornalista e poeta Mario Couceiro escribiu:

El Ferrolano (entiéndase la forma de hablar entre nosotros) ha llegado a ser lo que es después de una larga lucha contra el gallego, parecida a la que ha sido campo de batalla en otras ciudades de Galicia, con una particularidad sustancial que es necesario destacar: la mayoría de las familias burguesas que se asientan aquí,

a partir de la creación de la nueva población, sobre todo del barrio central de La Magdalena, proceden de distintos lugares del Estado: andaluces, castellanos, catalanes, vascos y leoneses de la zona de Astorga (pertenecientes estos últimos a la clase mercantil). Y esta burguesía (en el sentido puramente económico de la palabra) forma la cúspide de la pirámide social, se expresa en castellano y crea un cinturón insalvable frente al idioma originario de Galicia (1986: 103).

Non obstante, medio século despois daquel artigo publicado en *El Correo Gallego*, o profesor Ricardo Carvalho Calero matizaba nalgúns casos e poñía as cousas no seu sitio, noutros. Na conferencia á que faciamos referencia no arranque deste traballo e antes de entrar en materia afirmaba:

Ferrol nunca estivo ausente, agás naqueles momentos en que a ausencia cultural caracterizou toda a vida pensinsular, nunca estivo ausente do desenrolo da literatura na lingua do país. Hai unhas clases populares, un artesanado e un campesinado na comarca ferrolana, que están absolutamente integradas dentro das grandes liñas da vida social e económica galega; e é curioso que a pesar da oriundeza forasteira de moitos intelectuais, algúns deles funcionarios dentro da organización estatal da superestructura administrativa da vida ferrolana, húboboos que desempeñaron un papel importante no desenvolvemento da cultura galega (Carvalho Calero, 1986: 118).

Neste contexto, Ricardo Carvalho (1986: 118) recordaba a funcionarios militares como os xenerais Saralegui e Comerma (este homenaxeado no presente ano 2020 pola Real Academia Galega de Ciencias) que “se preocuparon de facer estudos relativos a arqueoloxía da comarca”.

Contribución ás letras galegas

“Aportación de Ferrol ás Letras Galegas” é ao meu ver o mellor ou un dos mellores e máis cualificados exercicios non só de ferrolanía e ferrolanidade senón tamén de galeguidade que nos deixou o ilustre polígrafo. Enlazando co anterior Carvalho Calero manifestou que foi Leandro de Saralegui o primeiro que chamou a atención sobre a localización do trobador Fernando Esquío.

Xusto con Esquíu, de curta obra, inicia Carvalho Calero o desfile de autores e salienta que esta é a primeira figura ferrolá dentro da literatura galega. Detense con todo tipo de detalles na orixe do apelido Esquíu que el establece como posiblemente galego-asturiano. A continuación cita a Domingo Díaz de Robles (1812-1867) outro ferrolán que pola súa cronoloxía é dos máis antigos escritores galegos do Rexurdimento, do que se coñecen unha ducia de poesías en galego “que hai que anotar como interesantes porque moitas delas son anteriores ao desenrolo definitivo do rexurdimento” (Carvalho Calero, 1986: 123).

De Alberto Camino (1821-1861) di que é “o máis fino, o máis delicado dos poetas galegos precursores de Rosalía”. As súas elexías “Nai chorosa” e “O desconsolo” “están escritas con grande finura e foron moi famosas e consideradas como as máis delicadas pezas líricas do rexurdimento” (Carvalho Calero, 1986: 123).

Fai referencia asemade a Benito Vicetto (1824-1878) famosísimo no seu tempo como propulsor do provincialismo ou rexionalismo. *El lago de la Limia*, *Rojín Rojal* ou *Los hidalgos de Monforte* son algunhas das obras que cita da abundante produción do novelista e historiador ferrolán, que tamén ten composicións poéticas escritas en galego como “Balada dos Montenegro”, “Cantiga dos Borboriños”, “Soño dunha noite de vrao”...

Ferrolán tamén foi por esta época José López de la Vega (1825-1888). Era médico, sociólogo, romancista, dramaturgo e figura no *Album de la Caridad*, unha das súas composicións dedicadas a Galiza. Tamén figuran no *Album de la Caridad* os escritores ferroláns Romualdo Casal, Xoán López Muñiz, Quintín García Calvo, Xan Gómez do Ferrol. Ricardo Carvalho Calero (1986: 124) engade nesta relación a Santiago Montenegro e Vilamar, “o poeta e seguramente ferrolán, reside desde logo en Ferrol e canta os fastos da súa vila relacionados coa mariña e coas persoas reais”. Cita as poesías “O Príncipe de Asturias na súa entrada no Ferrol en 1866” e esta outra “Canto Galego á fragata Branca na súa entrada no Ferrol”.

Dentro do capítulo de escritores modernos menciona a Nicolás Fort y Roldán (1850-1915) de prolífica obra, fundador do *Anuario Ferrolano*; Nicolás García Pereira (1900-1941) ao que Ricardo Carvalho Calero coñeceu persoalmente, autor dun libro de influencia caballineana, por entón moi

prestixiado e que se titula *Nó de saloucos e bágoas* e dunha narración titulada *A costureira*, publicada na colección de novelas curtas e de textos non novelescos que, baixo a dirección de Xaime Quintanilla (1898-1936), se editaba en Ferrol co título de *Céltiga*. Carvalho Calero puntualiza que aínda que Xaime Quintanilla non era nado en Ferrol a súa nai era ferrolá e que foi médico e alcalde fusilado polos militares sublevados no 1936, salientando que desempeñou un papel moi importante como propulsor da cultura galega e membro das Irmandades da Fala.

Recorda tamén a Rodrigo Sanz López (1872-1939) impulsor da reforma agraria que algunha vez escribiu en galego e a Francisco Cabo Pastor (1872-1973) que alternaba con el nas páxinas de *El Correo Gallego*.

Naquela conferencia que nos guía nesta exposición, o profesor Carvalho inclúe a Aurelio Ribalta (1864-1940) un ferrolán que residía en Madrid nos últimos anos da súa vida e que tomou elementos do devir colectivo da sociedade ferrolá como fondo da súa narrativa *Ferruxe*, que traza un cadro dos costumes artesáns “deste pobo noso e meu” ao que denominaba “Miramar” (Carvalho Calero, 1986: 125). A novela longa *O derradeiro amore* permite a Ricardo Carvalho Calero cualificar a Aurelio Ribalta como un precursor de Castelao.

Xa chegando ao remate da súa exposición, Ricardo Carvalho Calero (1986: 125) cita dous artesáns ferroláns: Charlón e Hermida “que escriberon graciosos e enxenosos sainetes que eles mesmos representaban, eran actores excelentes”. Tamén foi amigo seu Manuel Comellas (1853-1925), que deixou unha obra moi interesante a xuízo do conferenciante que foi *Pilara ou Grandezas d’os humildes*, unha peza de teatro que veu a ser unha resposta galega ao *Alcalde de Zalamea*, de Calderón.

Finalmente, dentro dos seus contemporáneos referiuse a Dictino de Castillo Elejabeytia (1906-1987) que foi moi celebrado como poeta en castelán polo seu libro *Argós*, pero que publicou tamén un libro de poemas galegos, premiado en Bos Aires, e a Xosé María Pérez Parallé (1909-1987) “que estudou conmigo en Santiago o que hoxe é un poeta moi popular” (Carvalho Calero, 1986: 126).

Mención tamén a discípulos seus, aínda que non ferroláns pero si criados en Ferrol, como os casos de Xohana Torres (1931-2017) e Tomás Barros (1922-1986).

Ricardo Carvalho Calero (1986: 127) pechou a súa exposición cunha mención especial ao poeta Vicente Araguas, “un poeta máis novo que esta relacionado coa mesma comarca en que se desenvolve a vida dos Esquíu”, lendo unha composición poética que Araguas escribiu á morte de Álvaro Paradela, “outro escritor, dixo, que se non naceu nesta comarca, morreu nela”, dixo referíndose a A. Paradela.

Volvemos aos primeiros parágrafos desta modesta aportación nos que introducíamos o concepto da ferrolanía do profesor Carvalho Calero que non só a manifestaba abertamente nas súas intervencións públicas senón que invitaba a exercela. O día en que recolleu o título de Fillo Predilecto de Ferrol dixo: “Quero desexar ós que nestes momentos ou no futuro rexan a corporación e teñan as chaves do destino desta cidade que teñan a capacidade para acadar acordos consensuados con espírito de ferrolanía” (*La Voz de Galicia*. 8/01/1990).

Esta actitude ou sentimento, diciámolo ao principio, maniféstase de maneira especial cando o ferrolán vive fóra. Viámolo antes en Torrente Ballester. Ocorre algo semellante ao fenómeno da morriña. O galego sente e sofre a súa galegitude na emigración. E non descartaría un servidor que tamén a ferrolanía teña algo de morriña.

Carvalho Calero remarcaba esta especie de fidelidade ás raíces e ao seu berce cando os xornalistas locais lle entregamos o premio Ferrolano del Año (1977) –nunca máis apropiado xa que estamos a tratar o asunto da ferrolanía– expresándose de xeito categórico como ferrolán de sempre e para sempre, segundo recolle a crónica que asina José Varela (1978: 46). Ese sentimento non solapaba as súas querenzas por Lugo onde impartiu a docencia (Colexio Fingoi) en momentos difíciles de represión derivados do seu compromiso galeguista e Santiago, cuxa universidade o acolleu finalmente sendo o primeiro catedrático de lingua galega. O feito de que sexa un ferrolán o primeiro que esgrima, como profesor, a bandeira da nosa lingua no ámbito universitario vén a reforzar as teses que o propio escritor e investigador deixa escritas en *Aportación de Ferrol ás Letras Galegas*.

A ferrolanía na súa obra

A ferrolanía é un sentimento que se expresa de palabra e obra, como fixo Ricardo Carvalho Calero.

José Martinho Montero Santalha, un profundo coñecedor da súa personalidade investigadora e literaria, tratou o tema baixo o título “Carvalho Calero e Ferrol” no número 4 da publicación *FerrolAnálisis* de 1993, que edita o Club de Prensa de Ferrol. O citado autor di: “A través da biografía, Ferrol entrou tamém na súa obra literaria: na poesía e especialmente na narrativa. E, finalmente, a Ferrol dedicou tamém varios dos seus estudos de crítica literaria” (1993: 12).

Se a patente de ferrolanía e ferrolanidade tivera que medirse polo arraigo das orixes e lugar de nacemento, Ricardo Carvalho Calero cumpriría sobradamente os requisitos. Tanto por parte de pai como de nai era xente establecida en Ferrol desde bastante tempo atrás. Dos avós o único que aparece como orixinario de fóra é o avó materno que nacera no Barqueiro, por outro lado non moi lonxe da cidade naval.

El mesmo dicía que era un “ferrolán enxebre” (Bello Costa, 2020: 136) ao lembrar que nacera no barrio de Ferrol Vello, orixinariamente mariñeiro, cun urbanismo castizo de sabor medieval:

A miña lembranza dos tempos da infancia sitúa-me no Ferrol Vello (...) o Ferrol máis antigo, un bairro de pescadores, primitivamente, que non era outra cousa que unha vila mariñeira [...] unha vila de mariñeiros con comercio de efectos navais, moitas veces escrito en inglés, amais de castellano, nos correspondentes establecementos, e un pazo da familia Bermúdez cunha capela (Carvalho Calero, 1986: 15).

En *Conversas en Compostela con Carballo Calero* encóntranse máis referencias:

Aquilo era un bairro cheo de sonidos de cornetas, cornetas do Parque do Arsenal, e de pregóns populares das vendedoras, principalmente das vendedoras de peixe. Na Praza do Marqués de San Sadurniño, e dizer, na Praza Vella, celebraban-se certos mercados, certas feiras a determinado día do mes, e alí, na zona da Praza Vella, vendían-se apeiros de labranza, peneiras, loras,

diversos tipos de instrumentos campesinos. (...) Entón a cidade, na que dominaba en xeral o elemento militar, os soldados, os mariñeiros, enchía-se de vida campesiña (...) cando eu era neno, aínda mui neno, se non lembro mal, había cine duas veces à semana. E non soamente cine, senón que havia tamén o que entón se chamava *varietés* ou variedades: unha cupletista que canta, unha parella de baile, algún prestidixitador, etc. Ordinariamente, comezaba a funzón co cine, amenizado, porque era cine mudo, por unha orquestra, e despois rematava a sesión coa actuazón dos actores, ou cantantes, ou bailarins que foran contratados (Fernán-Vello e Pillado Mayor, 1986: 18).

Na obra *O lar de Clara* (1984) debuxa tamén o Ferrol daquela época:

Ao longo do mar espregizaba-se a cidade. Primeiro fora unha pequena vila de peixeiros, de balcóns pintados de azul; con tabernas, ruas estreitas e un pazo. Logo, o despotismo ilustrado tendeu novas e longas ruas paralelas cortadas por outras ruas paralelas, todas da mesma anchura, e numerou as mazás de casas. Así xurdiu o centro da cidade, con casas de tres pisos e galerías brancas. Ficarón abranguidas varias aldeias. A cidade estendía-se de leste a oeste, á beira do mar, de sul a norte ficaba en costa. A gente paseaba de leste a oeste. Os estaleiros e os arsenais ficaban afastados da vila por un murallón, e estorbaban á cidade a vista do mar. Só por tres puntos o atingían os que non formaban parte da mariña de guerra ou non traballaban nas construcións navais. Só por tres puntos: tres peiraos (p.157).

Na cidade vivían moitos ingleses. Eran técnicos na construción de buques. Vestían os seus nenos de *jockeys* e fumaban en cachimba. Tiñan unha escola propia e unha capela evangélica (p.157).

A cidade estaba chea de mariñeiros e soldados. Os desfiles militares eran mui vistosos, pois había tricórnios, cascos e penachos. En Corpus, as forzas de guarnición cobrían a carreira, e na procesión figuraban todos os santos das Igrexas. Claro está que era esta a procesión que os nenos preferíamos (p.157-158).

Daquela non había automóveis, senón coches de cabalos. Non había condución de águas. Había mulleres que arrecadaban en sellas a água das fontes. En fermosas sellas de aros dourados (p.158).

Todo o mundo coñecía as divisas de oficiais de mariña; todo o mundo sabía algunhas palabras de inglés (p.158).

Eu nacera no máis vello da cidade, nunha casa que daba à Praza Vella, onde se celebraba unha feira dous días à semana. As donas usaban corsé, e os señores rizaban-se os bigodes (p.158).

Sen saír da obra *O lar de Clara* situándose un tempo máis adiante, Carvalho Calero actualizaba as súas apreciacións:

[Agora] verdadeiramente, a cidade medrou muito desde que a deixara. Hai novas bairradas, novas fábricas, novas igrexas. Hai tranvía e automóveis. O murallón estendeu-se máis. Se quero ver o mar desde a sua orela ja non podo dispor senón dun oco, un só peirao. Hai moitos cines. Ja non hai ingleses. Ja non hai capela evangélica. Os días de festa, ja non escintilan os deslumbrantes uniformes. Oficiais e soldados vesten agora de outro jeito, máis singelo, máis esvaído. (...) Cuase non fican soportais. Hai muitas casas de cemento (1984: 162).

Os tumbos (1950) é outro relato breve, con algunhas innovacións imaxinativas, segundo Montero Santalha, que teñen que ver igualmente co veraneo familiar fóra de Ferrol. Na casa escóitanse polas noites uns golpes misteriosos que producía a cocíñeira tratando de amedrentar a familia para que retornase a Ferrol.

De toda a narrativa de Carvalho Calero, a obra que se considera máis importante é *Scórpio* (1987), novela histórica, segundo uns, autobiográfica, segundo outros e novela heterobiográfica, segundo o propio autor. *Scórpio* reflicte, sobre todo nos primeiros capítulos, escenarios urbanos locais e personaxes varios que representan a familias dun perfil vinculábel á determinados estamentos sociais ferroláns.

As referencias a aquel Ferrol da súa infancia e xuventude volven a encontrarse neste caso na obra *Carballo Calero: política e cultura* (Edicións do Castro, col. Documentos, 1991), da autoría de Carmen Blanco. Vexamos:

A Aquilino Iglesia Alvariño coñecino en Ferrol. Eu vivía na rúa Sinforiano López, que é a rúa Real, número 183, pisos terceiro e cuarto. Este era un ático que ocupaba eu exclusivamente e alí montara o meu despacho e un día presentouse vestido de soldado Aquilino, que estaba facendo o servizo militar e fora alí destinado. Moitas tardes temos pasado nun miradoiro... costureiro chamabámoslle en Ferrol, que pola parte de atrás da miña casa daba

sobre a ría... Despois na rúa Magdalena, que é paralela a rúa Real, edificáronse casas ou pisos que impedían a vista que anteriormente era posíbel da outra banda da ría (Blanco, 1991: 38).

Máis acó no tempo, metidos na ditadura, Ricardo Carvalho Calero protagoniza unha anécdota moi significativa. Conta Carmen Blanco que despois de ter gañada a Cátedra desexada desde a xuventude, quixo que se aprazase a celebración do xantar de agasallo que lle ofreceron ata que se normalizase a situación producida en Ferrol, e na propia Universidade, a raíz da morte dos obreiros Amador e Daniel, o 10 de marzo de 1972.

O pensamento político liderando en Ferrol o Partido Galeguista e a fala como instrumento básico levouno, dito sexa de paso, a ocupar tribunas impartindo conferencias por Ferrol e a súa contorna nos anos trinta. Mágoa daquela Asociación de Periodistas y Escritores Gallegos na que Ricardo Carvalho Calero exercía como correspondente en Ferrol –un exercicio máis da súa ferrolanía–, cometido que quedou truncado coa sublevación militar. En Ourense sería Otero Pedrayo, en Lugo, Ánxel Fole e en Madrid Alfonso D. Rodríguez Castelao. Gloriosa nómina!

Resposta institucional e cidadá á ferrolanía de Ricardo Carvalho Calero

Se Ricardo Carvalho Calero, a pesar de que só 29 anos dos oitenta que viviu, os pasou en Ferrol, foi quen de manifestarse “ferrolán de sempre e para sempre” (Varela, 1978: 46), non cabe dúbida de que os seus paisanos e paisanas, ademais de demandar para el nestes últimos anos o olimpo das Letras Galegas que agora se lle recoñece, deron probadas mostras de sentir con el a ferrolanía que pregoaba e en distintas ocasións exaltaron con veneración a súa figura intelectual e talle humano. Ricardo Carvalho Calero representa fielmente o sentimento da ferrolanía e forma parte indiscutiblemente da ferrolanidade, entendida como a realidade cultural deste seu pobo natal.

Os primeiros que o agasallaron no novo tempo democrático foron os xornalistas ferroláns que no ano 1978 o elixiron Ferrolano del Año (1977), como quedou recollido anteriormente. Máis tarde, no 1981 a sociedade cultural Medulio organizou un ciclo de conferencias coa presenza de Ricardo Carvalho Calero e ao ano seguinte descubriu unha placa na casa natal no Ferrol Vello. No ano 1983, o Ateneo Ferrolán tivo tamén a deferencia de recibilo e agasallalo.

No 1985 rexístrase o ciclo *Ferrol, su historia, sus gentes* no que Carvalho Calero pronuncia a lección maxistral “Aportación de Ferrol ás Letras Galegas”. No ano 1990 foi nomeado polo Concello Fillo Predilecto de Ferrol e nese mesmo ano convocouse un premio de narración curta que leva o seu nome. No ano 1991, o Concello promoveu unha exposición fotobiográfica e haberá que recordar, finalmente, que en Ferrol hai unha rúa, un instituto e un centro cultural que levan o seu nome.

Remato sumándome a Montero Santalha (1993: 17) cando di: “Carvalho Calero, honra a cultura galega, é umha das glórias de Ferrol. Ele proclamou sempre con limpo orgullo a sua origen ferrolana”.

Bibliografía

- Bello Costa, Xaime (2020): “Ricardo Carvalho Calero, Fillo Predilecto enxebre de Ferrol. O Carvalho que fun en Ferrol. Aproximación a Ricardo Carvalho Calero”, *FerrolAnálisis: O Carballo que fun en Ferrol. Aproximación a Ricardo Carvalho Calero*, pp. 131-140.
- Blanco, Carmen (1991): *Carballo Calero: política e cultura*. Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Documentos, 81.
- Carballo Calero, Ricardo (1929): “Laboremos. Por un Ferrol gallego”, *El Correo Gallego*, 1 setembro, p. 22.
- _____ (1984): *Narrativa completa*. Sada: Ediciós do Castro.
- _____ (1986): “Aportación de Ferrol ás Letras Galegas” en VV.AA, *Ferrol, su historia, sus gentes (Ciclo de conferencias)*. Ferrol: Caixa Galicia, pp. 117-127.
- Castro Tomé, Germán (1991): “O ferrolanismo: as nosas señas de identidade”, *FerrolAnálisis*, 2, pp. 36-41.
- Couceiro, Mario (1986): “Jergas, argots y dichos del habla ferrolana” en VV.AA, *Ferrol, su historia, sus gentes (Ciclo de conferencias)*. Ferrol: Caixa Galicia, pp. 101-115.
- Dacosta, Henrique (1994): “O contributo ferrolano á literatura galega”, *FerrolAnálisis*, 6, pp. 32-41.
- Fernán-Vello, Miguel Anxo e Francisco Pillado Mayor (1986): *Conversas en Compostela con Carballo Calero*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

- Lezcano, Arturo (1993): *Ferrol Diario. El Norte de Galicia (1969-1981). Agonía para unha expresión de seu*, prólogo de Juan Ramón Díaz. Santiago: Edicións LEA, col. Comunicación, 12.
- Llorca Freire, Guillermo (2018): *Ferroláns*. Ferrol: Embora.
- Márquez Gallego, Fernando (1986): “Ferrol: ¿una ciudad enferma?” en VV.AA, *Ferrol, su historia, sus gentes (Ciclo de conferencias)*. Ferrol: Caixa Galicia, pp. 227-246.
- Montero Santalha, José-Martinho (1993): “Carvalho Calero e Ferrol”, *FerrolAnálisis*, 4, pp. 12-17.
- Ramírez, Cristóbal (1992): “Sobre la supuesta antropofagia social de Ferrol”, *FerrolAnálisis*, 3, pp. 26-29.
- Rodríguez Fer, Claudio (1999): “A peripecia bélica de Ricardo Carballo Calero”, *FerrolAnálisis*, 14, pp. 76-81.
- S. s. (1990): “Carballo Calero pide afán de cooperación a los rectores de la ciudad departamental”, *La Voz de Galicia*, 8 xaneiro, p. 16.
- Torrente Ballester, Gonzalo (1983): “Una ciudad pequeñita, lejos del mundo, encerrada en las murallas y llena de locos”, *La Voz de Galicia*, “Ferrol”, 30 marzo, p. 24.
- Varela, José (1978): “Carballo Calero recibiu o nomeamento de 'Ferrolán do ano'”, *La Voz de Galicia*, 4 abril, p. 46.

A experiencia nacionalista de Carballo Calero (1926-1936)

JUSTO BERAMENDI
(USC)

O obxecto destas páxinas é situar a Carballo Calero na matriz ideolóxica e política na que iniciou a súa vida pública e a súa traxectoria intelectual. Esa matriz foi o nacionalismo galego da etapa que empeza nos anos de eclipse forzado pola ditadura do xeneral Miguel Primo de Rivera, continúa co seu vizoso rexurdir durante a Segunda República e remata coa brutal represión levada a cabo polas forzas de extrema dereita que erguerían a ditadura do xeneral Francisco Franco. Este decenio, que vai dende a súa chegada a Santiago en 1926, con apenas dezaseis anos, até a súa participación na Guerra Civil co exército republicano, é o único período de actividade política propiamente dita na súa vida.

Como sabemos por el mesmo (Fernán-Vello e Pillado Mayor, 1986: 32-38), antes de iniciar en Compostela os seus estudos universitarios relacionouse en Ferrol, aínda adolescente, con algúns dos que protagonizaran na década anterior o nacemento das Irmandades da Fala, e concretamente cun Xaime Quintanilla, a quen Carballo lembra só como socialista e sempre falando castelán en público, e co antigo líder solidario Rodrigo Sanz que xa en 1918 abandonara as Irmandades por non querer dar o salto do rexionalismo ao nacionalismo. Parece ser que estes contactos limitáronse ao eido da literatura e non acordaron galeguismo ningún no noso mozo. É moi posible que fose así porque a Irmandade ferrolá, moi activa entre 1917 e 1922 baixo a dirección do propio Quintanilla e de Ramón Villar Ponte, deixara de dar sinais de vida antes incluso do golpe de Estado de Primo de Rivera de setembro de 1923. É moi probable que a afiliación de Xaime ao PSOE e a marcha de Ramón a Viveiro fosen causas maiores dese devalo do galeguismo político na cidade. De feito, ao contrario do que aconteceu na maioría das cidades e vilas de Galicia, Ferrol non presenciara en 1930-1931 o rexurdir do nacionalismo organizado. Haberá que agardar nada menos que até agosto de 1932, oito meses despois da fundación do Partido Galeguista, para que *A Nosa Terra* anuncie a constitución do Grupo Galeguista ferrolán, feito co que de seguro xa tivo moito que ver Carballo Calero.

Xa que logo, o ambiente da súa cidade natal non era daquela moi propicio para que un mozo se achegase ao nacionalismo. O caso de Santiago era diferente. Aquí a semente das Irmandades ficaba viva, malia as prohibicións da ditadura. A Delegación compostelá da Irmandade Nazionalista Galega desaparecera en 1924, pero o pulo galeguista persistía entre os seus antigos afiliados, non moi numerosos pero suficientes para faceren novos adeptos, nomeadamente entre os estudantes universitarios, e non só entre eles. Proba disto é a fundación, en plena ditadura, da minúscula Mocidade Cultural Galega de Santiago (1925-1927) polo dependente de comercio Manuel Beiras García e o óptico Xavier Pardo, que intentaron tamén unha falida experiencia editorial. A maioría daqueles nacionalistas, adultos e mozos, agrupábanse arredor do Seminario de Estudos Galegos dende a súa creación en 1923. E foi un dos seus fundadores, Ramón Martínez López, quen orientou a Carballo cara ao galeguismo, segundo el mesmo nos di. Por esa vía, o noso estudante de Dereito empezou a colaborar co SEG e entrou nos círculos nacionalistas. Asemade fixo as súas primeiras armas como dirixente da Asociación Profesional de Alumnos da súa facultade e da Federación Universitaria Escolar galega.

A finais de 1928 o seu compromiso co nacionalismo era xa forte dabondo para levalo a participar no reducido grupo que intentou, sen éxito, reorganizar as Irmandades na clandestinidade a partir dunha reunión, probablemente na casa de Camilo Díaz na rúa das Hortas de Santiago, á que asistiron Federico Zamora en representación da IF da Coruña, Vicente Risco, Florentino L. Cuevillas e Ramón Otero pola de Ourense, e Paulino Pedret, Camilo Díaz, Antonio Fraguas e Ramón Martínez López pola de Santiago¹. Acordaron fundar “unha organización nacionalista pura, sin parlamentarismo, nin regamentos, o mais segreda, rápida e eficaz posibre”, da que Otero foi elixido provisoriamente “cabezaleiro supremo”. Aínda que esta organización non callou, indica alomenos a vontade de manter vivo o nacionalismo contra vento e marea.

Neses anos finais da ditadura, Carballo publicou tamén algúns artigos de carácter político en *El Correo Gallego* (daquela radicado en Ferrol),

¹ Coñecemos esta reunión e os seus resultados por unha carta de Otero Pedrayo a Losada Diéguez, datada en Ourense o 3 de marzo de 1929, que puiden consultar entre os papeis do segundo no Pazo de Moldes.

entre eles un no que criticaba dende unha óptica democrática o proxecto de “Constitución” promovido pola ditadura en 1929.

A forzada dimisión de Primo de Rivera e a súa substitución pola chamada “ditabrandá” de Dámaso Berenguer trouxo consigo unha maior tolerancia das autoridades coas actividades da oposición. Aproveitando esa marxe de liberdade de facto, todas as tendencias políticas reactiváronse e procuraron prepararse para a previsible fin da ditadura e dunha monarquía que vencellara a súa sorte á do réxime militar. Nese ambiente agromaron en todas partes as accións dos universitarios a prol da instauración da democracia. Tamén en Compostela, onde Carballo Calero tivo un especial protagonismo como dirixente estudantil, especialmente nos enfrontamentos de xaneiro de 1931 co alcalde Felipe Gil Casares, feitos dos que el mesmo nos deixou unha boa crónica (Carballo Calero, 1931). Meses antes fora elixido para falar en nome de todos os “escolares” da universidade na solemne ocasión da inauguración do curso 1930-1931, o que indica que algúns xoves galeguistas gozaban entre os seus compañeiros dun ascendente moi superior ao que tiñan os seus maiores sobre o conxunto da sociedade galega.

Carballo (1930b) dedicou case todo ese breve discurso a avogar por unha organización dos estudantes “para fines profesionales, porque sólo la profesionalidad es aglutinante capaz de unirlos a todos”, aínda que respectando sempre a ideoloxía de cadaquén. Na súa opinión, a formación de grupos universitarios por criterios políticos sería nociva para a universidade e para os estudantes en canto estudantes:

Formen en buena hora los estudiantes, fuera de la Universidad, núcleos políticos animados de cualquier pensamiento; luchen como su razón les dé a entender por el triunfo de sus ideales políticos. Pero cuando se trate de la Universidad, cuando se trate de sus deberes escolares, no constituyan más bloque que el profesional, no batallen sino para estudiar, para aprender y para impedir que no se estudie o no se enseñe.

Porén, ao final apartouse algo do seu papel de voceiro corporativo para introducir, en clave galeguista, a reivindicación de que

la Universidad gallega lo sea de cuerpo entero. En esta hora jubilosa en que parece que los pueblos que integran el Estado español acusan con más relieve que nunca su afán de personalidad y su

ansia de vida propia, la clase escolar gallega auténtica cree cumplir un deber ineludible solicitando por mi boca la galleguización de su Universidad. Galicia existe; y por existir tiene derecho a una cultura propia; y para ello es preciso que tenga un propio centro de cultura. Aspiramos a crear una vida universitaria auténticamente gallega; aspiramos a obtener un espíritu gallego en las aulas de la Universidad. El primer paso hacia esos ideales es lograr que en nuestras cátedras coexista oficialmente con el castellano, nuestra lengua vernácula.

Meses antes, xa expresara publicamente a súa insatisfacción polo escaso desenvolvemento do galeguismo entre os universitarios (Carballo, 1930a). Na súa opinión, se ben salientaban na súa loita pola liberdade, “esta groria dos estudantes galegos ten un carácter *importado* que non podo me acostumar a ollalo como algo verdadeiramente xurdio. Pois é mester dicilo: falla nos estudantes de Compostela un espírito galego”. De aquí o mimetismo que amosaban respecto de todo o que viña de Madrid. Un mimetismo que os levaba, por exemplo, a erguer a bandeira vermella sen ser revolucionarios, só porque o facían en Madrid, ou a admiraren a Unamuno cando este, polo seu pechado españolismo, debería ser inaceptable para os galegos.

Antes de seguir co relatorio das actividades políticas de Carballo Calero, vexamos que ideas inspiraban esas actuacións. De vocación principalmente literaria, non son moitos os seus escritos e pronunciamentos doutrinais pero abundan para amosarnos o fundamental desas ideas. Por suposto, o cerne dese pensamento, común a todos os nacionalistas galegos do momento, era o corpus ideolóxico elaborado polos homes da xeración precedente (os Villar Ponte, Porteiro, Viqueira, Peña Novo, Losada etc.) e moi especialmente por Vicente Risco, do que a influencia teórica (aínda que xa non política) seguía a ser omnipresente². Carballo Calero, xa vello, pretenderá desmarcarse dun Risco politicamente incorrecto dende 1936 afirmando que a *Teoría do nacionalismo galego* significou pouco para el e que, en consecuencia, “non recordo que [Risco] exercera sobre min influencia decisiva” (Fernán-Vello e Pillado Mayor, 1986: 58-63). Pésima memoria a súa, e tamén a dos seus entrevistadores. Por se a natureza das súas ideas, que

² Para unha análise completa das ideoloxías presentes no nacionalismo galego entre 1916 e 1936, *vid.* Beramendi, 2007: 469-644.

veremos deseguido, non abundase, temos un artigo de Carballo expresamente dedicado á cuestión e publicado nada menos que a finais de 1934, cando as súas discrepancias políticas con Risco xa eran notorias (Carballo, 1934b). Neste texto, logo de establecer unha clara diferenza entre a súa xeración “inorgánica e revolucionaria” e a de Risco, di:

O dreito de Risco ao consulado epónimo somente poderá negalo a envexa. Il sinte mellor que ninguén a eistencia coletiva de todos. É o filósofo da xeneración, o máis conscente dos seus membros. Unha especie de segredario xeral espritoal do seu grupo.

E a continuación fai unha análise relativamente ecuánime da obra desá xeración á que cualifica de “incompleta” por non ter feito ren no eido da música e ser pouco importante no da pintura e sobre todo no das ciencias da natureza debido a que os científicos “non soen sentir a emoción humanística do galeguismo”. En cambio, salienta o gran labor feito en literatura, prehistoria, filoloxía, xeografía e etnografía.

Está claro que, en tempo real, Carballo asumía, como non podía ser menos, a súa filiación ideolóxica. E que vía en Risco as bases fundamentadoras do seu nacionalismo, o que non impedía que, como veremos, discrepase abertamente del no relativo ás aplicacións programáticas e tácticas desas bases. Por iso pensaba que Galicia era unha nación definida en clave murguiano-risquiiana e proclamaba nun manifesto dos estudantes nacionalistas redactado por el³:

Somos galeguistas porque somos galegos (...) Somos galeguistas porque é a única maneira de ser reflexivamente galegos; e pra un galego, ser irreflexivamente tal, xacer como unha pedra, na colexividade galega, é unha forma de non ser. Na xeografía, na etnografía, na filoloxía e na historia galegas acouga un esprito senlleiro que deseña o perfil dos nosos artistas rústicos, que nutre o miolo da nosa fala e dirixe as pasadas da nosa vida.

E logo de repetir o que dende 1918 viña sendo o núcleo da diagnose nacionalista dos males do país (centralismo, carencias en portos, ferrocarrís

³ Distribuído en folia solta foi publicado tamén en *A Nosa Terra* e en *El Pueblo Gallego* (13-III-1933).

e estradas, servidume tributaria, arancel proteccionista, problema campesiño e opresión cultural), remata cunha afirmación que é unha glosa dalgunhas pasaxes da *Teoría...* de Risco, aínda que aquí aplicada, loxicamente, á Universidade:

Galicia eisiste. E por eisistir, ten dereito a unha cultura propia. Pra tela, precisa un propio centro de cultura. Este ten que ser a nosa Universidade.

En consecuencia reivindica:

1. Autonomía de Galicia;
2. Independencia universitaria en relación a Madrid;
3. Federación Oficial Escolar Universitaria única e galega;
4. Igualdade de dereitos pra o galego con relación ao castelán;
5. Estabrecemento de cátedras permanentes de cultura galega.

En consonancia con este nacionalismo, subordinaba todo ao obxectivo do autogoberno de Galicia. Por iso critica nos anos trinta a aqueles que militaran nas Irmandades e agora pertencían ás formacións republicanas “e por ahí andiveron desempeñando gobernos civís baixo o bienio azañista” (en alusión aos Peña Novo, Blanco Torres etc.) porque vían “na República e nos republicáns algo máis que un medio pra conseguir as liberdades da Terra” (Carballo, 1935a).

E como case todos os seus compañeiros entendía esas liberdades en clave federalista. Xa o dicía en plena Ditabrandá:

Coido que non se pode pedir menos pra estrutura política de España que o federalismo. N-esto están conformes todos os espritos seriamente adiantados (...) Mais é preciso que a estrutura política coincida coa estrutura social. É preciso favorecer o rexurdimento das características nacionais ou rexionais, é mester arelar unha vida sinxela, natural, propia (Carballo Calero, 1930a).

Os contidos concretos deste federalismo nacionalista desenvólvense polo miúdo no anteproxecto de Estatuto de Autonomía que redacta xunto con Luís Tobío por encargo do Seminario de Estudos Galegos, e ao que Alexandre Bóveda engadiría a coñecida *addenda* sobre a cuestión fiscal e financeira (Seminario de Estudos Galegos, 1931a, 1931b). A perspectiva do proceso constituínte da República levou aos redactores a esta definición:

Art. 1º. A Galiza é un Estado libre dentro da República Federal Española.

O federalismo radical que alenta nesta definición tradúcese nun alto grao de diferencialismo a efectos non só políticos senón incluso civís. E así, aínda que o art. 8 dicía que os dereitos fundamentais dos galegos virían dados pola Constitución Federal, o art. 6 establecía que, a efectos do Estatuto, eran galegos os fillos de galegos nados dentro e fóra de Galicia, ademais dos naturais doutros lugares que estivesen afincados no país. E o art. 7 colocaba todos os bens raíces baixo as leis do Estado galego, se ben para os bens mobles rexerían as leis da nacionalidade do posuidor. Segundo o art. 26, contra as resolucións do poder galego en materias da súa competencia non cabería recurso perante o poder central. E por último, en cuestións económicas, o Estado galego tería plena competencia sobre o réxime tributario, agás as aduanas. Aínda así, as tarifas do arancel fixaríanse mediante acordo entre os gobernos federal e galego (art. 29.1). Sería a Asemblea galega a que aprobaría o presuposto e as leis que fixasen tanto os impostos directos e indirectos como a débeda pública (art. 32). En cambio, no art. 33 renúnciase parcialmente ao sistema de concerto que víña preconizando o nacionalismo: “O Estado Galego contribuirá ás cargas da Federación española coa cantidade que determiñe a lei de presupostos gêraes do Estado hespañol”.

Á parte disto, segundo o art. 29, o Estado galego sería soberano nos seguintes ámbitos: organización local; administración de xustiza; mando da policía, da que a organización sería competencia do poder central; débeda pública; política social; ensino en todos os niveis; ferrocarrís, estradas e tráfico marítimo “de interés predominante galego”; réxime de banca e crédito; dominio público; beneficencia; sanidade; lexislación civil; establecementos penitenciarios; réxime de espectáculos e xogos.

Respecto do sistema político, elixiríase cada catro anos e por sufraxio universal unha Asemblea lexislativa, da que emanaría o executivo o Consello de Galiza. Este, á súa vez, nomearía un presidente que tería un mandato dun ano. A Asemblea podería destituír ao Consello por maioría absoluta. Proponse, pois, un réxime parlamentario con goberno colexiado, que contrasta coa solución máis presidencialista que prevalecería no texto de 1932.

Pero, como sabemos ben, o Estado Integral da Constitución de 1931 faría inviable o carácter federal destes proxectos. Por outra parte, e consonte coa querenza do nacionalismo galego polas formas de democracia directa, o anteproxecto facilitaba considerablemente a práctica da iniciativa popular e o referendo⁴. No mesmo tenor de coherencia co ideario nacionalista, o anteproxecto intenta erradicar a figura do político profesional, introduce a división do mundo rural en parroquias, instaora a “plena autonomía” municipal, reconece a substantividade do dereito foral galego e naturalmente procura a regaleguización do país. Esta última pasaba necesariamente pola oficialización da lingua galega e a súa incorporación ao ensino e á Administración pública. Neste último aspecto, o anteproxecto era radical:

Art. 2º (...) Non poderán desempeñar na Galiza cárgos públicos os que non coñezan a lingua galega.

Art. 40º.- (Disposición transitoria). Os funcionarios que, ô tempo de entrar en vixencia este Estatuto, exerzan as súas funcións na Galiza, conservarán os seus cárgos axeitados a nova estreitazón administrativa, sempre que sexan galegos, segundo o art. 39, e reúnan os demais requisitos.

O tal art. 39 definía como galegos, aos efectos do Estatuto, a quen o fosen pola súa ascendencia e aqueloutros que, residindo en Galicia, manifestasen a súa vontade de adquirir tal condición. Estes requisitos de nacionalidade, case equivalentes aos dun Estado soberano, non podían ser asumidos polas forzas non nacionalistas. De aquí que o texto estatutario aprobado en 1932 só recollese parcialmente o anterior: “Art. 4º (...) Los funcionarios que actúen en la Región deberán conocer la lengua gallega”.

Pero o texto incluía tamén cláusulas socioeconómicas que indican moi claramente o encadramento de Carballo e Tobío na tendencia máis democrática e socialmente avanzada do nacionalismo. Tal é, por exemplo, a reforma fiscal, imprescindible para financiar algunhas políticas como o fomento das cooperativas ou a banca pública:

⁴ Art. 19. Toda lei votada pol-a Asambreia será sometida a referéndum si, dentro dos trinta días seguintes á súa votación, pídeno eisé cinco mil electores. Un proxeito de lei artigoado, presentado á Asambreia coa firma de 10.000 eleitores, obriga a ista a deliberar sobr'il no prazo d'un ano. O acordo someteráse a referéndum.

Art. 34. Existirá un imposto directo único que gravará as rendas, cun gravamen maor para as rendas que proveñan do capital que pra as que procedan do traballo, i-eximindo d'imposto as rendas do traballo menores da cantidade que a lei correspondente determiñe.

Art. 35. Haberá ademais os impostos indireitos que se establezan con arreglo ás leises.

Isto, que hoxe nos parece normal, era daquela revolucionario en materia facendística. Nesa vea, o texto mesmo inclúe grandes declaracións de principios absolutamente impracticables na economía real de mercado, economía que, con máis ou menos matices, todos eles asumían. Porén, indican a súa arela de fondas reformas sociais:

Art. 30-b) garantir o traballo a todol-os cibdadáns, segundo as suas condizóns e as suas necesidades, con arreglo as eisixencias da xustiza social.

c) Regular a propiedade rural de xeito que veña ficar ceibe de toda carga pra o que a traballa.

d) proporcionar a todol-os cibdadáns os meios necesarios pra o seu preno desenrolo espiritual.

Consecuente con todas estas ideas, Carballo participou activamente nos sucesivos ensaios de reorganización do nacionalismo que tiveron lugar en Santiago, dentro do movemento xeral no mesmo sentido que se produciu en toda Galicia dende os primeiros meses de 1930 e sobre todo despois da VI Asemblea das Irmandades, tida na Coruña os días 26 e 27 de abril.

En cumprimento dos acordos adoptados alí, refundouse na primavera a Irmandade de Santiago. Meses despois este grupo acentuou o seu carácter político e marcou distancias cos irmandiños que renunciaron ao nacionalismo para integrarse na ORGA adoptando o nome de Asociación Nacionalista de Santiago, que elixiu presidente a Xan Xesús González. Entre os seus corenta e tantos membros convivían de momento todas as xeracións e todas as tendencias ideolóxicas do galeguismo. Na dereita situábanse Manuel Banet, Camilo Díaz, Manuel Beiras, Pura Lorenzana e os sacerdotes Paulino Pedret, Xosé Cabada e Manuel García. Na esquerda, formada maioritariamente polos xoves, abundaban nomes de gran futuro: Ángel Brage, Álvaro Cunqueiro, Francisco Fernández del Riego, Sebastián González, Mario Granell, Luis Seoane, Arturo Cuadrado, Luís Tobío ou o propio Carballo Calero.

No ano seguinte, logo da proclamación da República, a necesidade de definirse perante cuestións diferentes da nacional (como a relixiosa ou a social) escindiu transitoriamente esta unidade orgánica, dando lugar á Esquerda Galeguista que, se ben era unha organización de ámbito galego, tiña o seu centro de gravidade en Compostela. Ademais dos integrantes da esquerda da ANS xa citados, pertencían tamén á EG, entre outros, Ánxel Casal, Álvaro das Casas, Xosé Eiroa e Antonio Fraguas. Tanto ANS como EG entrarán en decembro de 1931 na constitución do Partido Galeguista.

Vemos, pois, a Carballo Calero situado politicamente na banda esquerda do nacionalismo neste tránsito da monarquía á república. As crónicas recollen a súa presenza na asemblea fundacional do PG (Pontevedra, 5-6 de decembro de 1931), pero ningunha intervención súa nos debates. Con todo, era xa o suficientemente apreciado polos seus compañeiros como para elixilo membro do primeiro Consello Directivo do novo partido⁵, co que entrou no núcleo dirixente.

Porén, se cadra por coincidir coa súa marcha de Compostela en 1932 e coa preparación dos exames para a praza de funcionario do Concello de Ferrol, apenas aparece nas fontes nos dous anos seguintes. Tampouco forma parte do equipo central de conferenciantes e oradores do partido, ao contrario que outros compañeiros de xeración como Luís Tobío, Sebastián González García-Paz ou Francisco Fernández del Riego. É probable que, afastado dos grandes centros de actividade do galeguismo nese momento (Pontevedra, Vigo, Ourense e Santiago) e ocupado en iniciar a súa carreira profesional, dedicase todas as súas enerxías políticas á creación e consolidación do Grupo Galeguista de Ferrol, o que non era doado, como vimos. Segundo as miñas pescudas, este grupo chegou a contar con 31 afiliados⁶. Carballo ocuparía a súa presidencia en 1936.

⁵ Xunto con Pedro Basanta, Luís Tobío, Álvaro das Casas, Xosé Núñez Búa, Ramón Martínez López, Víctor Casas, Manuel Lugrís Freire, Plácido R. Castro, Vicente Risco, Manuel Banet Fontenla, Valentín Paz Andrade, Antonio Alonso Ríos, Alexandre Bóveda e Xosé Filgueira Valverde. Os deputados Alfonso R. Castelao e Ramón Otero Pedrayo tiñan voz pero non voto no Consello.

⁶ Entre os que había 8 empregados, 4 comerciantes, 4 obreiros, 2 estudantes, 2 profesores, 1 arquitecto, 1 viaxante de comercio, 1 mariñeiro, 1 chofer e 1 practicante.

O 10 de setembro de 1932, presentou unha emenda ao anteproxecto de Estatuto de Autonomía aprobado na asemblea de municipios celebrada en Santiago, no sentido de que os conselleiros fosen nomeados e cesados polo presidente do Consello de goberno, e non polo presidente de Galicia. A emenda foi aceptada pola comisión redactora (Cores, 1998: 230-232 e 348-349).

O seu protagonismo na vida interior do PG empeza a recuperarse algo despois das eleccións xerais de novembro de 1933 nas que, como sabemos, triunfaron as dereitas. O nacionalismo galego concorrera en solitario e, aínda que obtivo en votos uns resultados moi aceptables en toda Galicia, perdeu os seus dous deputados. Isto, unido á política antigaleguista e antiautonomista dos gobernos do chamado “bienio negro”, avivou no seo do PG as tensións entre os neotradicionalistas, opostos ao carácter laico da República e a calquera alianza cos partidos republicanos, e os demócratas, convencidos de que a consecución da autonomía só era posible mediante unha alianza coas esquerdas españolas. Este asunto foi o centro dos debates desenvolvidos na III Asemblea do PG (Ourense, 13-14 xaneiro 1934) que, malia á táctica illacionista defendida daquela por Vicente Risco e Iglesia Alvariño, apoiou finalmente as teses de Suárez Picallo e Víctor Casas e aprobou a colaboración cos partidos de esquerda para avanzar cara á “autodeterminación” e á “republicanización”⁷.

Carballo non asistiu pero axiña fixo pública a súa postura mediante un artigo cun título expresivo dabondo: “Xa somos esquerda” (1934a). Nel abordaba o problema dunha posible escisión do partido. Na súa opinión, a febleza numérica do PG “escorrenza toda probabilidade racional de coidar na división”. Con todo, a polarización da sociedade en Galicia e en España era unha realidade ineludible “e por imperativo vital hay que tomar posición n-un ou n-outro bando”. Para el, “o Partido Galeguista non pode dudar: téñese que situar da banda da esquerda” porque “da dereita nada pode agardar Galicia”. Ademais, “somos xa esquerda, porque os galeguistas cristiáns tiveron sempre unha ampla visión dos problemas cujas solucións programáticas definen o esquerdismo”. En calquera caso, o esencial era “salvar a nosa obra de perecer no berce dourado de un idealismo valeiro” (Carballo Calero, 1934a), en alusión benévola aos Risco e compañía.

⁷ Vid. a extensa crónica desta asemblea en *A Nosa Terra*, nº 321, 28-I-1934.

Pero os acordos maioritarios da III Asemblea non solucionaron o preito. Dez meses despois, a chamada Revolución de Outubro e a represión posterior do goberno dereitista, non só contra os revolucionarios, senón contra toda a oposición, nacionalistas galegos incluídos, acentuaron aínda máis a proclividade da maioría do PG a unir as súas forzas co resto dos partidos democráticos e autonomistas para intentar saír dunha situación tan desfavorable. De feito, a dirección do partido, lexitimada por eses acordos e pilotada polos expatriados Castelao e Bóveda, negociou coa Izquierda Republicana de Azaña –que absorbía daquela o Partido Republicano Gallego de Casares Quiroga– as condicións dunha posible alianza. E isto alporizou aínda máis á dereita galeguista.

Neses meses, Carballo non prodiga as súas intervencións públicas. Non obstante, nunha ocasión (Carballo, 1935a) denuncia a disolución do Parlamento de Cataluña e desculpa a Lluís Companys polo conato de sublevación da Generalitat, que apón ás presións dos elementos de Estat Català dentro de Esquerra Republicana de Catalunya.

As espadas estaban en alto cando se convocou a IV Asemblea do PG para os días 20 e 21 de abril de 1935 e ambos os bandos defendían abertamente as súas posturas nas páxinas de *A Nosa Terra* e do *Heraldo de Galicia* de Ourense, voceiro oficioso da dereita do partido. Carballo entrou en liza poucos días antes cun artigo no que arremetía contra esa dereita dicindo que os contrarios á alianza cos republicanos vivían “no limbo”, porque “non coído que teñamos fundado o Partido pra esmorecer contemplando o umbigo da Galicia” (Carballo Calero, 1935b). E remataba salientando o autonomismo de Azaña e a necesidade de entenderse con Izquierda Republicana.

Destá vez Carballo si asistiu, e en lugar destacado, pois ocupou unha das vicepresidencias da Mesa da Asemblea, presidida por Xosé Núñez Búa (a outra vicepresidencia foi para Ánxel Casal). Cando chegou o punto decisivo, o debate e votación da memoria da Secretaría Política, que incluía a cuestión das alianzas, foi el quen falou en nome de todos os que presentaran propostas de apoio ás xestións da dirección. O cronista recolleu así a súa intervención⁸:

⁸ *A Nosa Terra*, nº 363, 27-IV-1935, p. 2.

Estima que o Comité respondeu perfectamente ao ordenado na III Asambrea. Que debe ser reelegido para que poida levar a remate as xestións comenzadas e que non poideron aínda cristalizar en feitos reais debido aos sucesos políticos.

Di que o que se discute é un punto que atañe sómente ao aspecto de táctica a seguir pol-o Partido que non ten que ver co seu programa e disciplina.

O Partido por ser político ten que aterse a unha realidade de feitos e seguila como sexa mais non furtando o problema.

Recorda as conquistas acadadas nos primeiros tempos de galeguismo no orde cultural e do espírito. Mais hoxe, artellado o galeguismo en partido político, ten que atuar congruentemente.

Sinala a posición clara das dereitas que autuan en Galicia, abertamente nemigas do galeguismo, de Galicia e da súa autonomía. Por ese lado nada temos que facer. Pol-o tanto, no caso de acordar a intelixencia con outras forzas está claro que sómente poden ser as de esquerda. Di que os partidos republicáns que en Galicia actuaron nos primeiros tempos da República xa non existen. Pol-o tanto non é oportuno falar d-eles.

Fala de Izquierda Republicana e fala do gran castelán Azaña, estadista comprensivo, de envergadura incomparable que soupo enxergar o problema dos pobos hespañoles como o demostra a Constitución e o Estatuto de Catalunya.

Sinala o caso dos nacionalistas vascos que, habendo un partido confesional e outro aconfesional, saben cingirse na defensa de Vasconia. Si en Galicia houbera os dous partidos podíase pensar no feito mais non habendo mais que ún, que ten a súa posición nidiamente marcada respecto a concencia individual dos seus afiliados, por riba de todo está o galeguismo que nos une.

Remata facendo consideracións encol do tema que se trata e tendo a esperanza de que se resolverá como convén a Galicia e ao Partido.

O seu discurso foi fondamente apraudido.

Pero os aplausos non impediron a confrontación. Contra esa liña de actuación interviñeron Ramón Otero Pedrayo, en nome da minoría dereitista do Grupo Galeguista de Ourense, e Xosé Sesto, como voceiro dun grupo de afiliados de Pontevedra que, encabezados por Xosé Filgueira Valverde, se escindiría despois da Asemblea para formar a Dereita Galeguista

de Pontevedra. Mais desta volta os disidentes non conseguiron ren porque ao cabo se aprobou por ampla maioría a deriva cara a esquerda. Para rematar a xogada, o propio Carballo, en nome do Grupo Galeguista de Ferrol, propuxo e obtivo a adhesión do PG á nota en defensa da República que publicaran Izquierda Republicana e Unión Republicana o 12 de abril.

A destacada actuación de Carballo nesta asemblea culminou coa presidencia da sesión pública de clausura que tivo lugar ás sete da tarde do día 21 no pavillón da Ferradura de Santiago. Actuando como voceiro do partido perante a sociedade, informou dos acordos adoptados e invitou ao pobo galego a traballar por Galicia e pola República.

Este é sen dúbida un dos seus momentos de maior protagonismo público. Pero non sería o único. Nos meses seguintes, o PG, en cumprimento dos acordos adoptados, asinou un pacto con Izquierda Republicana e por esa vía entrou despois nas negociacións para a formación do Frente Popular en Galicia. O seu funcionamento interno radicalmente democrático esixía que todo isto fose aprobado directamente polas bases e con tal fin convocouse unha Asemblea Extraordinaria para o 25 de xaneiro de 1936 en Santiago.

A traxectoria ascendente de Carballo Calero plasmouse na súa elección como presidente da Mesa. Aprobadas por aclamación as xestións do Comité Executivo, o que implicaba o referendo á entrada no Frente Popular, pasouse a decidir por votación os militantes que debían figurar nos postos reservados ao PG nas candidaturas da coalición. Aínda que estes serían só catro ou cinco (aínda non remataran as tirapuxas dentro do Frente Popular para o reparto definitivo), entraron en liza 27 nomes. O máis votado foi Castelao, con 1.785 votos, seguido de Suárez Picallo (1.775), Antón Villar Ponte (1.771) e Alexandre Bóveda (1.735). Carballo Calero aparece en oitava posición con 1.416 votos, un pouco por diante de Otero Pedrayo e de Paz Andrade, o que non estaba nada mal, se temos en conta que persoeiros moi importantes do partido ficaron moi por baixo deses votos. Por exemplo, Víctor Casas (680), Ánxel Casal (287) ou Ramón Villar Ponte (212).

Por último, na súa condición de presidente da Mesa, pronunciou na clausura da Asemblea un discurso que mereceu este comentario do cronista:

“As súas verbas son tan fermosas i-emocionadas, que nos parece escoitar a un Otero Pedrayo mozo e pausado”⁹.

Unha das consecuencias do triunfo do Frente Popular foi a dimisión do presidente da República, o conservador Niceto Alcalá Zamora. Segundo a Constitución de 1931, a presidencia cubríase por comicios específicos pero indirectos. Primeiro procedíase á elección directa duns compromisarios e logo estes decidían por maioría entre os candidatos. As eleccións de compromisarios foron convocadas para o 26 de abril de 1936. E o PG, tendo en conta os resultados das “primarias” da súa Asemblea de xaneiro, propuxo a inclusión, entre outros, de Carballo Calero nas candidaturas do Frente Popular. A nova vitoria da coalición permitiulle contribuír ao acceso do seu admirado Manuel Azaña á presidencia da República.

Outra consecuencia da vitoria electoral de febreiro foi, como é ben sabido, o recomezo do proceso estatutario, hibernado polos gobernos do bienio negro. Só restaba a convocatoria do referendo para que a cidadanía galega ratificase ou non o Estatuto de Autonomía que aprobara a Asemblea de Municipios nada menos que o 17 de decembro de 1932. Para preparar a convocatoria tivo lugar en Madrid unha reunión de deputados e compromisarios galegos presidida por Bibiano Fernández-Osorio Tafall e na que Carballo actuou de secretario. Nesta xuntanza acordouse celebrar en Galicia unha asemblea o 17 de maio para fixar a data (Cores, 1998: 567-570). Esta asemblea preparatoria do plebiscito do 28 de xuño tivo lugar no día previsto na Facultade de Medicina de Santiago. Carballo participou nela, como tamén na campaña a prol do voto afirmativo e nos poucos días de ledicia que mediaron entre o referendo popular ao Estatuto e a rebelión militar que o asolagaría todo nun mar de sangue e barbarie.

Por fortuna para el, Carballo, que acabara por libre pouco antes a licenciatura en Filosofía e Letras, estaba en Madrid o 18 de xullo, preparando os exames para o ingreso no corpo de profesores de ensino medio. O azar salvoulle a vida. Combatente no exército republicano, preso en 1939, xulgado e condenado a prisión, inhabilitado despois durante anos para o exercicio da docencia e da función pública, tivo moi difícil, como tantos vencidos,

⁹ *A Nosa Terra*, nº 401, 31-I-1936, p. 3.

refacer a súa vida e a da súa familia. El sobreviviu. O seu galeguismo tamén. A súa actividade política, non.

Bibliografía

- Beramendi, Justo (2002): “Carballo Calero, un xove nacionalista. 1926-1936” en Teresa López e Francisco Salinas (eds.), *Actas do Simposio Ricardo Carvalho Calero. Memoria do século*. A Coruña: Universidade da Coruña-A.S.P.G., pp. 281-294.
- (2007): *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*. Vigo: Xerais.
- Carballo Calero, Ricardo (1930a): “Unamuno, os estudantes e a Galiza”, *Suplemento de Nós*, 20, Ourense, pp. 13-16.
- (1930b): *Discurso leído por el señor Don Ricardo Carballo Calero, alumno de la Facultad de Derecho de la Universidad de Santiago de Compostela en la apertura del curso de 1930 a 1931*. Santiago: Imprenta Paredes.
- (1931): *La fuerza pública en la Universidad de Santiago*. Santiago: Imprenta El Eco de Santiago.
- (1933): *Aos escolares. Aos universitarios. Aos galegos* [Santiago], s. i.
- (1934a): “Xa somos esquerda”, *A Nosa Terra*, 323, 1, (10-II-1934).
- (1934b): “A xeneración de Risco”, *Nós*, 131-132, 182-184.
- (1935a): “Cousas de Cataluña”, *A Nosa Terra*, 353, 1, (16-II-1935).
- (1935b): “Perante a Asamblea”, *A Nosa Terra*, 361, 1, (13-IV-1935).
- Cores Trasmonte, Baldomero (1998): *O Estatuto de Autonomía de Galicia (1932-1936). Os documentos oficiais*. Santiago: FOESGA.
- Fernán-Vello, Miguel Anxo e Francisco Pillado Mayor (1986): *Conversas en Compostela con Carballo Calero*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Seminario de Estudos Galegos (1931a): *Anteproyeito de Estatuto da Galiza / elaborado pol-a Seizón de Ciencias Sociaes, Jurídicas i-Económicas do Seminario de Estudos Galego, pra presentar na Asamblea galeguista da Cruña*. Santiago: Imprenta Paredes.
- (1931b): *Exposición presentada pol-a poñenza encargada de redactar o Anteproyeito de Estatuto da Galiza [Seminario de Estudos Galegos, Seizón de Ciencias Sociaes, Políticas i-Económicas]*. Pontevedra: Casa Antúnez.

Correspondencia inédita con Ricardo Carballo Calero sobre *Scórpio* e a Guerra Civil española

CLAUDIO RODRÍGUEZ FER
(USC)

Aínda que coñecín persoalmente a Ricardo Carballo Calero en 1974, cando eu estaba comezando a estudar a carreira de Filoloxía Hispánica no Colexio Universitario de Lugo, a onde veu ofrecer unha interesante conferencia comparatista sobre as fontes literarias de Rosalía de Castro¹, non trabamos amizade ata 1983, cando a miña compañeira Carmen Blanco comezou a gravarlle as trinta horas de entrevistas que deron lugar ao seu libro *Conversas con Carballo Calero*². Tal frecuentación motivou unha intensa e extensa relación de ambos con quen fora profesor da entrevistadora no Colexio Fingoi de Lugo e na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, así como coa esposa deste, María Ignacia Ramos, quen fora profesora miña no Instituto Masculino de Lugo.

Agora ben, a nosa amizade coa citada parella afianzouse a partir do momento en que, xubilados ambos, estableceron vivenda en Lugo, precisamente preto da nosa morada. A maior parte das nosas longas conversas tivo lugar en persoa, tanto nos seus dous domicilios como en cafeterías luguesas e compostelás, ou por teléfono, cando os nosos admirados ex-profesores se atopaban en Santiago de Compostela e nós en Lugo. Mais tamén establecemos unha máis puntual correspondencia epistolar, xénero de contacto que adoita ser o que perdura máis ao longo do tempo, que é a que se exhuma neste traballo.

A primeira carta do noso epistolario, asinada por Carmen Blanco e por min, inicia unha serie de trece que nos cruzamos durante 1988 e 1989 Ricardo Carballo Calero e máis eu, corpus ao que agrego agora a misiva dirixida a María Ignacia Ramos, xa viúva, en 2003. Todas as cartas de Carballo fóronme remitidas dende Santiago de Compostela e todas as miñas foron enviadas dende Lugo, coa excepción dunha dirixida dende A

¹ Tratábase dunha adaptación de Ricardo Carballo Calero, *Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía. Discurso de ingreso na Real Academia Galega lido o día 17 de maio de 1958 seguido da resposta de Ramón Otero Pedrayo*, Lugo, Ediciones Celta, 1959, 132 pp.

² Carmen Blanco, *Conversas con Carballo Calero*, Vigo, Editorial Galaxia, 1989, 285 pp.

Coruña, onde nese momento eu estaba investigando en diversos arquivos. Agradezo á Biblioteca do Parlamento de Galicia, onde se custodia o legado documental da familia Carvalho-Ramos, as facilidades dadas para obter as misivas remitidas por min, pois, naturalmente, as que me enviou Carvalho conserveinas con interese e agarimo no meu propio arquivo.

Practicamente toda a correspondencia establecida entre Carvalho e mais eu tivo como tema central a súa novela *Scórpido*³ e a peripecia do autor e dos seus personaxes durante a Guerra Civil española, e aínda a carta remitida a María Ignacia Ramos en 2003 volveu sobre o tema da contenda ao xirar en torno á miña edición dos textos inéditos bélicos do poeta no libro *Poesía perdida*⁴. O tema da Guerra Civil española, acontecemento que tanto fixo padecer a Carvalho como a meu propio pai, foi sempre de vital importancia para min por esta última razón, mesmo no ámbito académico, pois a miña tese de doutoramento tratou sobre *A literatura galega durante a guerra civil (1936-1939)*, investigación que deu lugar a numerosos artigos e libros, comezando pola obra de título homónimo⁵.

Non obstante, foron moitos os temas tratados asiduamente co incansable conversador Carvalho, dende a literatura á arte, dende a historia á política, dende a filosofía á lingüística, dende a muller ao amor. Por iso, aínda que neste epistolario predominen ás referencias históricas e literarias á Guerra Civil española e á novela *Scórpido*, hai alusións a moitas outras preocupacións que foron motivo de diálogo entre nós, dende Rusia ás Irmandades da Fala, pasando polo cine, polas viaxes, polas xirias e ata polas indumentarias. A case interminable listaxe de nomes citados nestas cartas podería dar idea da cantidade e da diversidade das personalidades sobre as que nos interesamos xuntos, pois inclúe autores non moi asociables entre si fora da apertura intelectual e ideolóxica que caracterizou a nosa relación, como a poeta Rosalía de Castro e a filósofa María Zambrano, o escritor e político Aureliano J. Pereira

³ Ricardo Carvalho Calero, *Scórpido*, Barcelona, Sotelo Blanco Edicións, Colección Medusa, 1987 (Premio da Crítica Española en narrativa galega 1987), 389 pp.

⁴ Ricardo Carballo Calero, *Poesía perdida*, edición, introdución e recompilación de Claudio Rodríguez Fer, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, Documentos para a Historia Contemporánea de Galicia, 1993, 487 pp. (introdución: 5-42).

⁵ CRE, *A literatura galega durante a guerra civil*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, Colección Universitaria, 1994 (Premio de Investigación Losada Diéguez 1996), 300 pp.

e o lingüista e frenólogo Mariano Cubí y Soler, o poeta Antonio Machado e o matemático Enrique Vidal Abascal, o combatente Enrique Líster e o filólogo Emilio Alarcos Llorach, o novelista Ramón J. Sender e o cineasta Carlos Velo...

Por suposto, reproducéase tal cal a lingua de Carvalho e tan só se corríxen erratas ou se fan pequenas actualizacións lingüísticas no material asinado por Carmen Blanco ou por min, utilizando en xeral un formato unificador co fin de facilitar o manexo do conxunto, que se presenta cronoloxicamente. A maiores, sinálanse en nota algunhas referencias aclaratorias, sobre todo ás publicacións expresamente aludidas. As catro siglas identificativas corresponden, obviamente, a Ricardo Carvalho Calero (RCC), María Ignacia Ramos (MIR), Carmen Blanco (CB) e Claudio Rodríguez Fer (CRF).

1

(CB E CRF A RCC)

Lugo, primavera, 1988.

Querido don Ricardo:

Escribimos coa fin de desexarlle, con todo o noso agarimo, a máis rápida recuperación, xa que nun principio non queremos chamar por teléfono, ante o temor de molestar.

Esperamos velo axiña en Santiago ou en Lugo. Mentres, enviámoslle a nosa amistosa aperta. Ata pronto, un bico e un abrazo de

Carmen e Claudio.

2

(CRF A RCC)

Lugo, 1988.

Querido amigo don Ricardo:

Esperando que se encontre tan ben como desexamos, enviámoslle unha vez máis a nosa agarimosa aperta, así como a lembranza dos numerosos lugueses -residentes na cidade ou establecidos fóra- que se dirixen a nós interesándose pola súa saúde. O propio Concello de Lugo ten o propósito de dar o seu nome a unha rúa na próxima reelaboración e galeguización do nomenclátor⁶.

⁶ Tras a proposta de Carmen Blanco, o Concello de Lugo aprobou a denominación da Avenida Carvalho Calero, que atravesa o Campus Universitario de Lugo, conecta coa Avenida de Magoi e está próxima ao Barrio de Fingoi, onde morara e traballara o escritor e profesor durante os seus quince anos lugueses.

Como sabe, iniciamos o curso con moitos e novos proxectos. Eu entreguei xa á editorial o meu libro *Poesía galega. Teoría crítica e metodoloxía analítica*⁷, onde aparecerá o meu estudo sobre a súa produción en verso baixo o título de “A temática cultural na poesía de Carballo Calero”⁸. Polo demais, escuso dicir cantas veces aludo aos seus estudos no conxunto do libro, sobre todo nas partes correspondentes a Rosalía, Cabanillas, Otero, Cunqueiro ou Díaz Castro.

En canto ao meu traballo sobre a presenza cinematográfica na súa obra, que sairá proximamente en *Luzes de Galiza*, podo dicirle que formará parte doutro libro relativo ao cine e á literatura, e do que xa fixen os apartados correspondentes á cultura galega⁹.

Agora estou traballando sobre a lingua e a literatura galegas durante a guerra civil e teño pensado investigar sobre Aureliano J. Pereira. Espero que as inevitábeis interferencias docentes e publicísticas permitan que leve adiante os meus proxectos de creación e de estudo.

Aproveite para mandarlle o meu último poemario, *Cebra*, publicado nun libro colectivo do que só teño un exemplar¹⁰, así como un folleto divulgativo que fixen sobre Pimentel e do que se repartiron gratuitamente miles de exemplares con motivo do trinta aniversario da súa morte¹¹. Adxunto tamén algún artigo, como o dedicado ás servidumes franquistas de Otero, que xa coñeceu inédito¹², ou os referidos ao uso do galego durante a guerra civil¹³.

⁷ CRF, *Poesía galega. Crítica e metodoloxía*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, Colección Universitaria, 1989 (Premio de Investigación Losada Diéguez 1990), 454 pp.

⁸ Tal estudo tivo como antecedente CRF, “Mito e historia na poesía de Carvalho Calero”, *Agália*, 11, A Coruña, outono, 1987, 293-319.

⁹ Trátase da sección titulada “Literatura e cine” en CRF, *Acometida atlántica (Por un comparatismo integral)*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, Ensaio / Filoloxía, 1996, 324 pp.

¹⁰ CRF, “Cebra”, *La emoción de la palabra*, Ferrol, Universidad Internacional Menéndez Pelayo - Sociedad de Cultura Valle-Inclán, Colección Esquíu de Poesía, 1988, 93-97. Publicouse independentemente en CRF, *Cebra*, edición Ángel Caffarena, Málaga, Librería Anticuaria El Guadalhorce, 1991, 21 pp.

¹¹ CRF, *Luís Pimentel*, introdución e selección, Lugo, Excmo. Concello, 1988, 28 pp. (introdución: 2 pp.).

¹² CRF, “Servidumes franquistas de Otero Pedrayo”, *Diario de Galicia*, Vigo, 3-9-1988, 12.

¹³ CRF, “O galego entre as balas”, *Diario de Galicia*, Vigo, 9-9-1988, 2; “O galego en retagarda”, *Diario de Galicia*, Vigo, 12-9-1988, 16, e “O galego na prensa bélica de Lugo”, *El*

En relación coa guerra, resultaralle curioso saber que teño fotocopiados o nomeamento de tribunais provisionais e definitivos, así como as listas de admitidos, para as últimas oposicións da República, sobre as que tanto temos falado a propósito de *Scórpio*. Nos tribunais abundan os nomes galegos: Rodríguez Labajo en Matemáticas, Martínez Risco en Física e Química, Moralejo en Latín, Martínez López en Lingua e Literatura españolas, Montes en Filosofía. Entre os opositores, figuran Vidal Abascal en Matemáticas; Carlos Velo en Historia Natural; Fraguas en Xeografía e Historia; Correa Calderón, Martul, Rubia Barcia e vostede mesmo en Lingua española e Literatura. Pero, por suposto, son moitos máis os nomes coñecidos, tanto entre os membros dos tribunais (Alarcos, Valbuena, Lapesa, Dámaso, Bergamín, Navarro, Asensio, Américo Castro, Montesinos, Gerardo; Antonio Machado, Julio Casares; García de Diego; María Zambrano, etc.) como entre os opositores (Quiroga Pla, Blecua, Gili Gaya, Lloréns, Rosselló Porcel, Balbín, Orozco, Gaya Nuño, Díez-Canedo e un longo etc. nos que se inclúen nomes que figuraban inicialmente nos tribunais provisionais, como os de Lapesa, García de Diego, Zambrano e outros).

Remontándonos aínda máis atrás, podo dicirle que imos conmemorar o sesenta aniversario da Asamblea das Irmandades da Fala celebrada en Lugo o 17 e 18 de novembro de 1918. Eu farei un traballo divulgativo sobre o acontecemento que se repartirá gratuitamente cunha edición facsímile do ‘Manifesto’¹⁴. Virán a falar sobre o tema Beramendi, Barreiro e Villares e convocarase unha mesa redonda coa participación dun representante de cada unha das forzas políticas nacionalistas sen ningunha exclusión ou, polo menos, de todas as que se autodenominan nacionalistas.

Como ve, son moitas as cousas sobre as que me gustaría falar de vagar con vostede. Espero pois que non tardemos en compartir unha desas longas conversas que tanto lle agradezo, así como en intercambiar novidades (a máis recente de entre as miñas é que

Progreso, Táboa Redonda, Lugo, 12-10-1988, III. Posteriormente, apareceron, relacionados co mesmo tema, “A prensa do ensino lucense durante a guerra civil”, *El Progreso, Táboa Redonda*, Lugo, 30-11-1988, I, e “Publicismo feminino na Galiza bélica”, *A Nosa Terra*, 374, Vigo, 9-2-1989, 20.

¹⁴ Apareceu tamén en CRF, “As Irmandades da Fala e a Asamblea de Lugo de 1918”, *El Progreso, Táboa Redonda*, Lugo, 16-11-1988, III.

acabo de recibir unha invitación para ir falar a Checoslovaquia, que seguramente aceptarei).

Mentres, reciba a máis forte aperta do seu sincero amigo e admirador auténtico,

Claudio.

Lembranzas e bicos de Carmen.

3

(CRF A RCC)

A Coruña, 1989.

Querido don Ricardo:

Ante todo, espero que siga mellorando, como confirmou o último contacto telefónico que tivo con Carmen.

O motivo desta carta é enviar a documentación relativa ás oposicións de *Scórpio*, que por fin encontrei no Arquivo Municipal coruñés: o anuncio dos cursos para os profesores encargados de curso e a composición dos tribunais. No apartado de Lingua e Literatura española figuran Alarcos, Valbuena e Montesinos, como en *Scórpio*, pero non Gili Gaya. O “legado do Goberno” aludido por Casado é Joaquín Álvarez Pastor.

Non aparecen, en cambio, listas de aspirantes.

E máis nada polo momento. Lembranzas miñas e de Carmen para vostede e a súa dona.

Claudio.

4

(RCC A CRF)

Santiago 7 Julho 1989

Querido Claudio:

Muitas grazas polos envíos de folhetos, papeis e cartas dos últimos tempos. Agora, em casa, com licença provisional em espera de um novo reingresso no Sanatório, sinto-me canso, e mal atendo a correspondência. Por isso nom acusei antes recibo dos teus envios.

En vista das folhas da *Gaceta de Madrid* relativa aos cursos do 36, levantam-se-me algunhas dúbidas no que di respeito ao que se di em *Scórpio*. A máis importante é esta: estaria realmente Gili Gaya no tribunal? Nom aparece na *Gaceta* e, prescindindo do Vogal Presidente, membros da Junta organizadora do Segundo Ensino, em todos os casos figuran designados três professores.

Entom, eu pergunto-me se nom dupliquei a figura de Montesinos, convertendo-a em Montesinos mais Gili Gaya; pois agora nom podó lembrar a imagem de Gili Gaya, como nom seja

confundindo-a com a de Montesinos, que usava um traje de verao que diziam ser de “pita”. Suponho que se alude a umha fibra vegetal. Lembro perfectamente a imagem de Alarcos e a de Valbuena, como tamém a daquel que na *Gaceta* se chama Álvarez Pastor. Talvez estava eu dominado polo prejulgamento de que tinha que haver cinco juízes, cando ao melhor eram catro, ou mais exactamente três, pois o representante da Junta teria um papel meramente protocolario e administrativo. Se houver uma terceira edición de *Scórpio* talvez riscava Gili Gaya da lista de juízes. Envio-che uma separata¹⁵, e abraços para Carmen e para ti. O vosso amigo

R. Carvalho

5

(CRF A RCC)

Lugo, 1989.

Querido don Ricardo:

Remítolle o acordado xunto ao meu agradecemento polo seu interesantísimo envío e as máis agarimosas lembranzas miñas e de Carmen.

Estou corrixindo as segundas probas do meu libro sobre *Poesía galega*, de modo que non tardará en saír xa.

Ata cando queira, saúdao o seu amigo

Claudio.

6

(RCC A CRF)

Santiago, 21 Julho 1989

Querido amigo:

Hoje recibim o texto de “Traxedia e diáspora nas últimas oposicións republicanas”¹⁶. Parece-me mui interessante. Contodo, hai algun extremo que consideraçons de prudência e respeito ao próximo aconselham eliminar.

A personagem do meu romance ali designada como Artemisa está inspirado na pessoa real cuja identidade confidencialmente te

¹⁵ Tratouse de “Castelao agora e sempre”, *Actas Congreso Castelao (Santiago de Compostela, 24-29 novembro 1986)*, edición de Justo G. Beramendi e Ramón Villares, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela – Xunta de Galicia – Fundación Castelao 1989, 9-19.

¹⁶ Apareceu unha semana despois desta carta en CRF, “Traxedia e diáspora nas últimas oposicións republicanas”, *A Nosa Terra*, 397, Vigo, 27-7-1989, 20.

revelei só no que di respeito ao seu aspecto físico e à sua aparente superioridade intelectual sobre as suas companheiras; e isto a grandes traços. A verdade é que nom lembro se os pormenores descritivos que no livro figuram se correspondem com a realidade. E desde logo, eu, que nom cruzei com ela nunca a palavra, utilicei-na na minha obra como um manequim que vestim arbitrariamente com esses atributos de superfeminidade porque as suas proporçõs físicas semelhavam ajeitadas para sustentar essa roupagem literária ou estética. Nom sei se essa pessoa está actualmente viva, nem se tivo filhos e netos. Em todo caso, ao converté-la, em certo jeito, numha contrafigura feminina de Scórpio, ainda que com um papel limitado, permitim-me umha liberdade incompatível com qualquer identificação real. Nom está unida essa personagem ao seu modelo mais que por contactos pontuais; e nom se pode de modo algum falar da biografia de uma pessoa que só eventualmente inspirou a personagem. Assi que che rogo que sepultes no fundo da tua memória a minha confiança e nom menciones para nada cousa algumha que, como a crónica do matrimónio, poda identificar umha pessoa que se deu pé a umha personagem de ficção, foi tam transformada e mitificada que, esté viva ou nom, resultaria mui irresponsável e irrespeitoso pola minha parte relacioná-la com umha criação literária. Seria umha liberdade que nom me podó tomar e que nom estaria justificada. Assi que tés que esquecer esse assunto como matéria da que se poda falar livremente, pois sendo eu a fonte de conhecimento, resultaria intoleravelmente indiscreto, além de irrelevante, que eu pugera em pública circulação essa notícia. Portanto, tés que eliminar do artigo os párrafos que começam “Entre os capítulos I e XI” e “Por certo, o 14 de decembro”. Retiro a informação que sobre o particular che fornecim, no sentido de que nom se pode fazer uso da mesma, pois na minha intenção era estritamente confidencial.

A supressom do primeiro destes párrafos leva consigo a desapareçom da referência a Emílio Mosteiro, que era, de resto, infundada, pois ainda que eu conhecim a esse escritor, isso ocorreu anos davondo depois da guerra.

Com abraços cordiais para Carmen e para ti, fica como sempre ao vosso dispor,

R. Carvalho

7

(CRF A RCC)

Lugo, 1989.

Querido amigo don Ricardo:

Pouco antes de partir de viaxe recibín a súa carta sobre a supresión dos dous parágrafos artemisianos do meu artigo, que xa foron eliminados.

Adxunto agora fotocopia do que conta Lister da voda de Gonzalo Menéndez Pidal, como curiosidade¹⁷, e do meu recente artigo sobre as xirias a propósito de Ferreiro¹⁸, para o que utilicei o seu valioso e interesantísimo traballo sobre Cubí y Soler¹⁹.

Esperando que se encontre ben e que nos vexamos axiña, saúdao
Claudio.

8

(RCC A CRF)

Universidad de Santiago

Facultad de Filología

[Membrete oficial impreso]

8 Agosto 1989

Querido Claudio:

Muitas grazas polas tuas duas últimas cartas e os interesantes papeis que as acompañam.

Parece confirmar-se a imposibilidade de que Gili Gaya formase parte do Tribunal dos cursos do 36, já que figura na lista de opositores a cátedras. Se se figer umha nova edición de *Scórpio* e tivesse oportunidade de fazê-lo, eliminaria-o da relación de juízes, no único lugar do romance onde -se nom me trabuco- é mencionado. Numha obra literária pode, claro está, alterar-se a verdade histórica, mas tal alteraçom deverá estar motivada por algunha razom estética ou estilística. Aquí nom hai razom algunha dessa clase. A mençom de Gili pertence ao material

¹⁷ Enrique Lister, *Memorias de un luchador*, Madrid, Del Toro Editor, 1977, 135-136.

¹⁸ CRF, "A dignificación literaria da xiria na poesía de Celso", *A Nosa Terra*, especial *Celso Emilio Ferreiro. Común temos a patria*, Vigo, xuño, 1989, 77-80.

¹⁹ RCC, "Un manuscrito de D. Mariano Cubí y Soler (Observaciones sobre el gallego y otras curiosidades lingüísticas)", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 72-73-74, vol. XXIV, Santiago de Compostela, 1969, recollido en galego en RCC, *Da fala e da escrita*, Ourense, 1983, 84-94.

neutro dos feitos históricos que se incorpora à obra literária como parte da armaçom referencial da mesma, mas neste caso carece de toda relevância, e nom ajustando-se à realidade nem cumprindo funçom poética nengumha, nom tem por que subsistir. Creio, ainda que nom poda dizer por que, que Gili no meu romance resultou de um desdobraemento de Montesinos, por qualquer associaçom de ideias intempestiva.

Vim um novo número de *Luzes*, no qual nom aparece o teu artigo sobre algunhas referências ao cinema que recolheras na minha obra, e que hai tempo que esperavas que se publicasse. Suponho que o terám extraviado ou perdido²⁰.

Terei muito gosto em ver-vos se vindes por aqui. Eu tornarei ao Sanatório a principios de Setembro. Mentres chega essa data, fago vida bastante normal, e mesmo podu realizar algunha pequena viagem. Telefoneade cando estedes para vir, a fim de que eu poda, se é fazedeiro, organizar a minha agenda para essa ocasiom.

Com fortes abraços, até sempre.

R. Carvalho

9

(CRF A RCC)

Lugo, 1989.

Querido don Ricardo:

Escríbolle para enviarlle algunhas curiosidades relacionadas con *Scórpio* que puiden averiguar. A primeira refírese ao “legado do Governo” Joaquín Álvarez Pastor, de quen adxunto unha síntese biográfica. A segunda respeita á morte de Félix Bárzana: mentres que Lister a sitúa na Serra, Modesto refire que tivo lugar nun control anarquista, tal como poderá comprobar nas fotocopias procedentes das súas senllas memorias²¹.

Oreste Macrí non publicou a fotografía machadiana na súa edición das obras completas do poeta, pero penso que omitiu moitas máis²².

²⁰ Finalmente apareceu en CRF, “O cine na obra de Carballo Calero”, *A Trabe de Ouro*, 2, Santiago de Compostela, abril, maio, xuño, 1990, 279-285.

²¹ Cfrs. Juan Modesto, *Soy del Quinto Regimiento*, París, Éditions de la Librairie du Globe, 1969, e Enrique Lister, *Memorias de un luchador*, Madrid, Del Toro Editor, 1977.

²² Antonio Machado, *Obras completas*, 2 vols., edición crítica de Oreste Macrí, Madrid, Espasa Calpe - Fundación Antonio Machado, Colección Clásicos Castellanos, 1989.

Espero que non tardemos en reencontrarnos xa en Lugo, antes ou despois da nosa viaxe a Rusia, que será a mediados de mes.
Apertas miñas e de Carmen,

Claudio.

10

(RCC A CRF)

Ricardo Carvalho Calero
Carreira do Conde 4-1º
15706 Santiago de Compostela
25 Agosto 1989

[Membrete impreso]

Querido Claudio: grazas mais unha vez polas noticias que me envias sobre puntos históricos relacionados com *Scórpio*, como os datos biográficos relativos a Félix Bárzana e a Joaquim Álvarez Pastor. É de supor que em 1936 soubem eu algo destas persoas, mas cando escrivem o romance de Álvarez Pastor nom lembrava nem o nome, e de Bárzana só lembrava que fora um mestre que morrera na Serra fronte ao enemigo, o que nom parece inteiramente exacto segundo Modesto. Vás reunindo elementos que quase che permitiriam escrever um artigo sobre o elemento histórico em *Scórpio*²³.

De *Escritos sobre Castelao*²⁴ nom volvim a ter noticias. Sodes Carmen a ti os únicos possuidores de um exemplar dessa obra, fora do autor. Espero que em Setembro se desvele o misterio.
Boa viagem. Abraços,

R. Carvalho

11

(CRF A RCC)

Querido don Ricardo:

Por se non os viu aínda, enviolle o meu artigo sobre as oposicións do 36, publicado en *A Nosa Terra*, e unha referencia aos meus

²³ Isto aconteceu sucesivamente en CRF, “O tenente Carballo”, *A Nosa Terra*, especial *Ricardo Carvalho Calero. A razón da esperanza*, Vigo, marzo, 1991, 15-17; “Carballo Calero no estalido da guerra civil”, *Actas do III Congreso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza*, 1990. *Em Homenagem ao Professor Carvalho Calero*, A Coruña, Associação Galega da Língua, 1992, 619-625, e “A peripecia bélica de Ricardo Carballo Calero”, *FerrolAnálisis*, 14, Ferrol, setembro, 1999, 76-81, así como en “A peripecia de Ricardo Carballo Calero”, *A literatura galega durante a guerra civil*, op. cit., 253-272.

²⁴ RCC, *Escritos sobre Castelao*, Sotelo Blanco Edicións, Santiago de Compostela, 1989, 305 pp.

últimos libros, saída en *Praza Maior*, que inclúe algunhas palabras súas²⁵ sobre *Lugo blues*²⁶.

Esperamos que se encontre tan ben como desexamos, así como poder visitalo en Compostela antes de que remate o mes de agosto.

Varios días desta semana estaremos en Mondoñedo, asistindo a unhas xornadas literarias nas que eu falarei da poesía de posguerra e, polo tanto, de vostede.

Moitas apertas miñas e de Carmen,

Claudio.

12
(CRF A RCC)

Lugo, 18-2-1990

Querido don Ricardo:

Tal como conviñemos en Santiago, envíolle fotocopia da páxina de *Milicia Popular* na que se informa da morte do comandante Ariza, así como da súa pertenza ao 6º Batallón da 32 Brigada Mixta e ao 5º Rexemento²⁷.

En canto ás súas colaboracións na revista *Galiza*, polas que me preguntaba, podo precisarlle que no número 1, datado en xullo de 1930, aparece a “Cançon das lavandeiras”, mentres que no 3, de xullo de 1932, publícase o poema “Aperta”²⁸. No 4 non aparece nada seu. Ignoro se aparece colaboración súa no 2 porque aínda non puider dar con el²⁹.

Quizais lle resulte curioso saber que a miña última confluencia sobre a literatura durante a guerra civil tivo lugar con Julia Uceda, moi pouco despois da nosa última conversa compostelá. Dáse o

²⁵ As súas palabras procedían de RCC, “Motivos lugueses cantados con moderno ritmo”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 18-6-1987.

²⁶ CRF, *Lugo blues*, con fotografías de Eduardo Rodríguez Ochoa, Lugo, Excmo. Concello de Lugo, 1987, 89 pp.

²⁷ “Nuestros Héroes. Ha muerto el comandante Francisco Ariza”, *Milicia Popular. Diario del 5º Regimiento de Milicias Populares*, 164, Madrid, 20-1-1937.

²⁸ Pode verse a edición facsimilar da revista *Galiza (Mondoñedo 1930-1933)*, edición e introdución de Luís Alonso Girgado, Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 1999.

²⁹ Con posterioridade e tras a morte de Carvalho, Armando Requeixo deu noticia deste e doutro número descoñecido, “Aparecen dous números descoñecidos de *Galiza*, revista dirixida por Cunheiro”, *El Correo Gallego*, Santiago de Compostela, 17-3-1991.

caso de que está traballando sobre Sender no período bélico e chamoume para que lle localizara as testemuñas de Líster sobre o comportamento militar do escritor en cuestión³⁰. (Efectivamente, Líster acusa a Sender en *Memorias de un luchador* de toda clase de defectos e mesmo de deserción³¹).

Esperando que me siga tendo á súa disposición e que non tardemos en reanudar as nosas conversas, reciba a máis forte aperta de Carmen e de

Claudio

13

(CRF A RCC)

Lugo, 1990.

Querido don Ricardo:

Envíolle o meu recén publicado libro sobre *Antonio Machado e Galicia*³², no que, por suposto e como xa sabe, vostede está tan presente a propósito das cuestións rosalianas.

Investigando sobre o período da guerra civil obtiven moi interesantes datos sobre Félix Bárzana e o Batallón do seu nome, tanto a través de persoas que coñeceron ao primeiro como de alistadas no segundo: entre os galegos, Enrique Líster, Santiago Álvarez e Borobó, cos que me entrevistei en Madrid. Borobó contoume as súas lembranzas no Batallón de vostede, de Alejandro Casona, de José Gaos, de Sanchis Guarner, de Prados Arrarte e de moitos outros compoñentes, algúns relacionados con Galicia, como Seijo, que casou con Concha Castroviejo, ou Bonet, que casou cunha filla de Cotarelo.

Espero, pois, que poidamos falar axiña destas e doutras moitas cousas que lle interesarán de seguro.

Lembranzas agarimosas de Carmen e do seu vello amigo

Claudio.

³⁰ Julia Uceda, “Ramón J. Sender: el lugar de un hombre”, *El Independiente*, Madrid, 12-4-1990, 4.

³¹ Enrique Líster, op. cit., 166. Sobre o tema pode lerse a Donatella Pini, “La participación de Sender en la guerra de España: evidencias y dudas”, *El lugar de Sender. Actas del I Congreso sobre Ramón J. Sender (Huesca, 3-7 de abril de 1995)*, edición de Fermín Gil Encabo e Juan Carlos Ara Torralba, Huesca, Instituto de Estudios Altoaragoneses - Instituto Fernando El Católico, 1997, 235-252.

³² CRF, *Antonio Machado e Galicia*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, Documentos para a Historia Contemporánea de Galicia, 1989, 95 pp.

14

(CRF A RCC)

Querido don Ricardo:

Esperando que se encuentre mellorado, escribolle só unhas liñas para acompañar o folleto e os artigos adxuntos, por se non os vira.

Sei que saíu a revista *Mealibra* dedicada á poesía galega, pero aínda non puíden conseguila³³.

Moitas apertas miñas e de Carmen mentres non teñamos ocasión de conversar con calma.

Claudio.

15

(CRF A MIR)

Lugo, 25-1-1994.

Querida dona María:

Tal como lle adiantou Carmen, envíolle fotocopia do artigo de Pociña sobre os poemas granadinos de *Poesía perdida*³⁴, así como a primeira entrega da serie de reportaxes que está publicando ultimamente³⁵.

Con todo o noso agarimo,

Claudio.



³³ *Mealibra. Revista de Cultura*, “Poesía galega contemporánea”, Viana do Castelo, primavera, 1989. Nela apareceron os meus poemas “A xirafa múltiple”, “Crótalo” e “Okapi”, 40-41.

³⁴ Andrés Pociña, “Ricardo Carballo Calero canta ós pobos de Granada”, *O Correo Galego*, Santiago de Compostela, 23-1-1994. Tal texto apareceu posteriormente en Andrés Pociña, *Galicia e Granada: dous cabos dun eixo espiritual*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1998, 141-149.

³⁵ Andrés Pociña, “Claudio Rodríguez Fer e Luís Pimentel en Granada”, *O Correo Galego*, Santiago de Compostela, 12-12-1993 (tamén incluído no libro anteriormente citado).

Anexo

(Carta de Ricardo Carvalho Calero a Claudio Rodríguez Fer)



RICARDO CARVALHO CALERO

CARRERA DO CONDE. 4-1.º

15706 - SANTIAGO DE COMPOSTELA

20 de Agosto 1988

Querido Claudio: Graças a mim acho que as partes
antigas que me ensinam sobre o período histórico Peláico -
dois são Scipio, como os dados históricos relatados
na a História de Bazarra e a viagem de Bazarra.
É de supor que em 1930 houve em algum dia
pessoas, talvez com o nome de Bazarra, de Bazarra
Doutor como lembrava meu o nome, e de Bazarra

do lembrava que fora um aventureiro que encontrou as
letras fronteiras de Bazarra, o que acho que foi inteiramente
exato segundo o relato. Mas também elementos
que a meu ver permitiriam escrever um artigo sobre
o elemento histórico em Scipio.

De fronteiras sobre Bazarra - uma volume de
depoimentos. Três Camões e três iniciais (possivelmente)
de um exemplar dessa obra, fora do autor. Depois
que em Setembro se deu o material
de Bazarra. Abraço
Ricardo

Ricardo Carballo Calero: en primeira liña do movemento galaxiano. Ensaísta, editor e escritor da Editorial Galaxia entre 1950 e 1963

MARÍA DOLORES VILLANUEVA GESTEIRA
(Padroeira da Fundación Penzol)

A partir da sublevación fascista de 1936 en Galicia desapareceu calquera manifestación galeguista, así como as súas institucións ou organizacións políticas: o Seminario de Estudos Galegos, o Partido Galeguista, a prensa democrática... E aínda que nos primeiros anos houbo intentos de reorganización política e de loita clandestina, o certo é que a ditadura foise asentando e cada vez parecía máis difícil derrocar o réxime, como a historia teimou en demostrar. Coa recuperación da República como unha meta cada vez máis complexa, comezaron a xurdir iniciativas culturais como Bibliófilos Gallegos, a colección Benito Soto ou a Editorial Monterrey. Se ben Carballo Calero non quixera participar da reorganización do Partido Galeguista, despois de estar no cárcere (Piñeiro, 2002: 65), si tomara parte das iniciativas culturais dando ao prelo o seu poemario *Anxo de terra* (1950), como sexto volume da colección Benito Soto, e a novela *A xente da Barreira*, en Bibliófilos Gallegos. Sabino Torres, Emilio Álvarez Negreira e Manuel Cuña Novás impulsaran en Pontevedra a colección Benito Soto que, a partir do terceiro volume, tivera á fronte, como director literario, a Celso Emilio Ferreiro. Por outra banda, a súa primeira novela saíra á rúa despois de ser elixida entre vinte orixinais, como consta en acta (04/01/1950), para recibir o Premio Bibliófilos á mellor novela “galega”.

La cualidad de *gallega* podrá provenir, indistintamente, de la lengua empleada, del carácter del asunto o de la naturaleza del autor. Quedará fuera de concurso, la obra que por su asunto o contenido pueda preverse haya de ser rechazada por los organismos encargados de autorizar la impresión (Convocatoria do primeiro concurso. Editorial de los Bibliófilos Gallegos. Santiago, xaneiro de 1949. Arquivo Sánchez Cantón).

Naquel xurado estaba de presidente Ramón Cabanillas, pola Real Academia Española; como vogais: José Guerra Campos, profesor do Seminario Conciliar, Ramón Otero Pedrayo, catedrático do Instituto de Ourense, Francisco Serrano Castilla, catedrático do Instituto da Coruña, Francisco Fernández del Riego, escritor, e Raimundo García Domínguez,

xornalista, que actuaba como secretario. Carballo Calero presentara a única obra escrita en galego e iso, sen dúbida, foi decisivo para facerse co certame:

Eu temía que a iste primeiro concurso non acadise ningunha novela escrita en lingua galega, pro xa me dixo Carballo Calero que il tiña enviado unha. Menos mal, porque a ausencia total de orixinaes galegos sería un fracaso para as nosas letras. Iste concurso de “Bibliófilos” tanto pol-a importancia dos premios como pol-a seriedade que aspiran a ter, pode xogar un papel de gran eficacia no noso rexurdimento cultural (Carta de Ramón Piñeiro a Filgueira Valverde. Lugo, 17/01/1950).

Entre as novelas descartadas parece que se atopaba *Viento del norte*, de Elena Quiroga, coa que gañaría o Premio Nadal en 1950 e que presentara o ano antes ao concurso de Bibliófilos baixo o título de *Tumba Loureiro*. Á vista da correspondencia, había complicidade en boa parte do xurado en que a “cualidad de gallega” viñese dada por un criterio lingüístico, antepoñéndoo ao literario:

Estivo aquí Álvaro [Gil] (...) díxome o mesmo que ti me contas respecto do aprazamento, soio que il pensa que prosperará o criterio de Cabanillas (...) están decididos a valorar a galeguidade das obras e pol-o tanto dispostos a darlle o premio a Carballo. Sería o millor que poidese ocorrer, non por as consideracións persoales que nos merece o autor, sinon pol-o valor estimulante que tería pra o cultivo das novas letras (Carta de Piñeiro a Del Riego. Lugo, 18/03/1950).

Filgueira mostrábase cómplice, e non só de maneira epistolar, senón na propia elección do xurado que se amosou proclive á elección da novela galega, como sinalou tamén Alonso Montero (2015: 236).

A propósito de la *Xentiña da Barreira*, le han dado un respetable meneo en el Faro; lo peor es que sacan a colación la leyenda negra y los Nietos de los Celtas. Creo que en una y otra cosa se han pasado; en lo demás... Bueno, por otra parte, con, de, en y por el revuelo, se vende! (Filgueira a Sánchez Cantón. Pontevedra, 28/02/1951).

A novela de Carballo Calero recibiu moitas críticas na época, aínda que contou coa defensa pública do galeguismo (Lorenzana, 1950). Neste

momento entenderon que o criterio filolóxico debía imperar sobre calquera outro, posto que se estaba a delimitar o sistema literario galego e era a primeira novela que saía publicada despois da guerra, polo que tiña moito de simbólico.

A creación da Editorial Galaxia: o ensaísta, crítico e editor

O pulo definitivo para a edición en galego veu da man da Editorial Galaxia, que comezaba a súa andaina en 1950. Carballo Calero foi un dos asistentes ao acto fundacional que a editora celebrou nos baixos do Hotel Compostela o 25 de xullo dese ano. Non era accionista nese momento, pero estaba comprometido co proxecto que encetaban amigos tan queridos como Francisco Fernández del Riego, con quen coincidira no Seminario de Estudos Galegos ou no Partido Galeguista; e grazas a quen puido rematar por libre a carreira de Filosofía e Letras, pois era este quen lle conseguía os materiais para estudar en Ferrol. Esta estreita relación con Del Riego e con outros membros da dirección de Galaxia fixo que estivese presente dende o inicio e fose subscritor, aínda que non puidese mercar unha acción ata tempo despois, concretamente a número 487-488, a mediados dos anos cincuenta.

A editorial nacía co obxectivo primeiro de crear unha publicación periódica, aínda que por circunstancias a primeira obra que saíu do prelo foi *Antifona da cantiga*, de Ramón Cabanillas. Con todo, só uns días despois conseguiron que estivese na rúa o primeiro volume dos *Cadernos Grial*, que saían disfrazados de monográficos coa intención de evitar a censura, unha estratexia que se fanou no cuarto número¹ cando se prohibiu a súa continuidade. Emilio Álvarez Blázquez, Rufo Pérez González, Luís Viñas Cortegoso, Antón Beiras, Xosé Meixide González, Ricardo García Suárez, Xaime Isla e Fernández del Riego foron o primeiro corazón de Galaxia, así o deixou dito este último, e fixeron músculo para que ese primeiro número fose digno. Eles corrixiron as probas, repartiron as tarefas, enviaron os orixinais á imprenta, fixeron paquetes, contactaron con colaboradores e subscritores:

¹ Dos *Cadernos Grial* publicáronse catro números: “Presencia de Galicia”, “Pintura actual en Galicia”, “Presencia de Curros y doña Emilia” e “Aspectos jurídicos y económicos de Galicia”.

Piñeiro tróuxome noticias da actividade cultural do sul de Galicia, e doume algunhas noticias dos propósitos que vos animan respeito á editorial *Galaxia*. Teño mentes de facer para ises cadernos que ides sacar un estudo encol da poesía de Amado Carballo (Carta de Carballo Calero a Fernández del Riego. Lugo, 19/12/1950).

No primeiro caderno non aparece de maneira activa Carballo Calero, pero si estaba coa súa obra, pois na sección “Galicia, cabo do mundo” dedicaron un comentario a todos os libros da colección Benito Soto, entre eles *Anxo de terra*. Na recensión, que aparece sen asinar, hai unha achega aos poemas e, en xeral, á poesía de Carballo Calero que se define como intelixente e moi marcada pola estética e a beleza. Ao mesmo tempo, repárase en que foi un poeta considerado escuro, pouco menos que esotérico, mais na realidade iso só se pode desprender dunha lectura superficial e dun lector pouco versado.

Non tardaría moito en colaborar, faríao no terceiro caderno cun artigo, non sobre Amado Carballo, senón arredor da figura de Curros Enríquez a quen ía dedicado ese número, como consta no libro de actas (Acta 3). Certo é que, posteriormente, decidiron engadir a figura de Emilia Pardo Bazán para evitar a censura. Con todo, o tratamento foi desigual, pois fronte aos artigos de Carballo Calero, Varela Jácome e Alonso Montero sobre diversos aspectos da obra de Curros, só había un que trataba a figura de Pardo Bazán. O caderno ábreo o artigo “Algo sobor da poesía de Curros”, polo que Carballo Calero recibiu 300 pesetas, xa que era habitual que Galaxia remunerase o traballo intelectual.

O proxecto no que depositaran máis expectativas quedara suspendido e non se albiscaba a posibilidade dunha saída a curto prazo, polo que deseguida resolveron que apostarían polo ensaio en libros colectivos sen que pertencesen a unha serie: serían libros soltos, pero coa mesma idea que inspirara a revista. O primeiro saíu o 16 de xullo de 1952, moi pouco tempo despois da suspensión da colección, o cal foi posible porque xa estaban coa preparación do quinto caderno da *Colección Grial*, dedicado a Rosalía de Castro, que foi reconvertido en monográfico. O volume *7 ensayos sobre Rosalía* inauguraba esta serie, despois saírían *La Saudade* (1953), *Paisaxe e cultura* (1955) ou *O segredo do humor* (1963), só da autoría de Celestino Fernández de la Vega.

O volume *7 ensayos sobre Rosalía* (1952) abríase con dous poemas dedicados á autora, un de Luís Pimentel e o outro de Teixeira de Pascoaes. A continuación viñan os traballos “Arredor de Rosalía” de Carballo Calero, “Rosalía y su sombra” de García Sabell, “O clásico e o prazenteiro em Rosalía” de Jacinto de Prado Coelho, “Campanas de Bastabales” de Celestino Fernández de la Vega, “A saudade en Rosalía” de Piñeiro, “Rosalía, ánima Galaica” de Rof Carballo e “Xuicios críticos sobre Rosalía” de Salvador Lorenzana. No deseño traballaran Maside e Xohán Ledo, o primeiro cun debuxo da poeta e o segundo con oito viñetas. Centrándonos no ensaio de Carballo Calero, este divídese en dezaioito seccións breves: “Rosalía e o Celtismo”, “Un mito galego”, “Arte e vida”, “La flor”, “A mi madre”, “Cantares gallegos”, “Poesía da saudade”, “Correspondencias”, “Rosalía e Galicia”, “Métrica”, “Temática”, “Rosalía e Valle Inclán”, “Prosa”, “La hija del mar”, “Flavio”, “El caballero de las botas azules”, “El primer loco” e “O paxaro nas tebras”. Polos títulos é doado apreciar que neste artigo se achegou a moitos aspectos da autora, á que considera un mito en formación que o pobo vía como “Unha fada sinxela, garimosa tenra i esventurada que vai orela dos regatos parolando cos paxaros e as froriñas, carregada de todas as mágoas da terra, de todas as mágoas do mundo, de todas as mágoas da vida” (Carballo Calero, 1952: 20). Se ben neste artigo manifesta que lle interesa máis a escritora que a “santa” e, polo mesmo, somete a produción literaria da autora, incluso as súas novelas en castelán, a análise. O certo é que a produción novelística non sae moi ben parada e así cualifica *La hija del mar* como un “folletín fracasado”, ou *Flavio* como unha “novela psicolóxica e paixonal de tono romántico, descoidada de técnica, pero que revela grande forza creadora” (Carballo Calero, 1952: 38). Outras obras narrativas merecéronlle máis consideración, non obstante é a poesía a que recibe máis eloxios pola súa altísima calidade literaria. Destaca *Cantares gallegos* e *Follas novas*, pero tamén *En las orillas del Sar*, estas dúas últimas catalógaas de “evanxeos de desolación e saudade” (Carballo Calero, 1952: 22) e coloca a Rosalía como a poeta existencialista por excelencia. En realidade este sería un dos moitos estudos que Carballo Calero dedicou á figura de Rosalía, autora escollida tamén para facer o discurso de ingreso na Real Academia Galega en 1958.

Outro autor admirado por Carballo Calero foi Ramón Otero Pedrayo, menos accesible ao gran público, pero de indubidables méritos literarios. Carballo mostrouse sempre convencido da necesidade do elitismo

cultural, pois ao seu entender “a riqueza só ofende aos pobres. A cultura só irrita aos ignorantes” (Carballo Calero, 1982: 119). Na Editorial Galaxia eran moi conscientes de que o seu presidente era un home moi admirado, aínda que moitas persoas nunca leran a súa obra, pero a comunión co país baseábase non só nos méritos literarios, senón na súa faceta de orador, de profesor, de guieiro espiritual da mocidade, unha referencia para os que vivían alén mar e un petrucio para os contemporáneos ou amigos. Despois dun silencio moi prolongado publicou en 1957 un libro de contos, *Entre a vendima e a castiñeira*, na liña do que dera a lume en 1932 e que levaba por título *Contos do camiño e da rúa*. Estes relatos constrúense con personaxes representativos de diferentes clases sociais, que a miúdo son arquetipos, e desenvólvense a partir de pares opostos. A paisaxe convértese en protagonista fundamental, con descricións minuciosas, con atención a detalles mínimos da natureza e coa idea de establecer unha unión simbólica da paisaxe coa historia:

Alédame que teñades rematado a lectura dos contos de Otero. Eu detívina pol-a metade, porque me coincidiu cunha chea de angueiras que pesan riba de min. Ademáis, ó saber que érades xa tres os escolmadores pensei que había dabondo, e xa non me preocupeí. Pol-o que vín, coincido enteiramente contigo na anarquía de sintaxis e de estilo. Moitas veces espríméntase a sensación de que foron escritos de calquer xeito, e sin que ó autor lle inquadara o propósito de publicalos. En canto a erros, hainos mecanográficos, pero moitos proceden do mesmo orixinal, onde figuran tamén espazos en branco. Istes espazos estaban reservados, seguramente, pra palabras esquecidas no momento da escritura; mais, como o texto non foi relido pol-o autor, quedaron os brancos. Son partidario decidido de que corrixades os defeitos que existan. Otero nin se enterará, porque non ten idea do aspecto formal do que escribú. Penso que se pode salvar, perfectamente, o seu estilo, dándolle unidade ó léxico e á forma. Comprendo os teus escrupos cando se trata dun autor conscientemente coidadoso, e que adoita un estilo xustificado por íl. Pero isto non é o caso de Otero. Hai, pois, que ordear os contos, porque íl non se preocupou de ordeación algunha; e hai que unificar a ortografía, pulir a forma, e axeitar a puntuación. Todo isto, si se pensa ben, é cousa adxetiva, e o libro será un libro oterían o mesmo, inda que fallo da anarquía que hoxe o caracteriza (Carta de Fernández del Riego a Piñeiro. Vigo, 30/11/1956).

De seguro os contos dos que fala Del Riego son os que logo integrarían o libro *Entre a vendima e a castiñeira*, pois publicouse un ano despois destas cartas. Os catro escolmadores foron Carballo Calero, García Sabell, Fernández del Riego e Piñeiro. Cada un apuntou os que máis lle gustaron, ata que nun momento determinado puxeron as listaxes en común para escoller os contos que finalmente integrarían o volume, como solicitaba Piñeiro (Compostela, 29/11/1955).

Durante estes anos Carballo Calero axudou en diferentes publicacións, unha das máis significativas foi a *Obra completa* de Cabanillas. Para a mesma, asinou o limiar e o estudo introdutorio, despois de que Fernández del Riego compilase toda a produción poética do poeta de Cambados:

Eu vou pedir 1.500 ptas. para Carballo Calero e outras tantas pra Iglesia Alvariño², polo seu traballo no libro de Cabanillas, e 1.000 pra ti. Teño o tema de que nadie traballe gratis (Carta de Blanco Amor a Fernández del Riego. Buenos Aires, 08/04/1960).

Despois de todo o traballo a censura prohibiu “25 poemas de *No desterro*, *Vento mareiro* e *Da terra asoballada* e a totalidade da obra *O Mariscal*” (Rei, 2009: 552). Así as cousas, a *Obra completa*³ de Ramón Cabanillas tivo que publicarse en Buenos Aires, coa axuda do Centro Galego da cidade que, unha vez máis, prestárase a colaborar economicamente nun proxecto da Editorial Galaxia. Deste xeito evitouse que a publicación saíse amputada, aínda que o fixo tres días despois de falecer Cabanillas, para pesar de todos os que traballaran para que o autor vise esa homenaxe á súa obra en vida.

Outra das achegas de Carballo Calero foi a edición dos *Versos iñorados ou esquecidos de Pondal* (1961), que reuniu, prologou e anotou. Se a edición de Cabanillas se sufragou con cartos do Centro Galego de Buenos Aires, desta volta foi grazas ao mecenas galeguista Antonio Fernández López,

² Nun principio o encargado do estudo da lingua de Cabanillas era Isidoro Millán González-Pardo, como así o asegura Francisco Fernández del Riego en carta ao presidente do Centro Galego. Vigo, 22/11/1954.

³ A solicitude para tramitar a súa publicación foi presentada por Xosé Ramón Fernández-Oxea, en nome do Centro Gallego de Buenos Aires, o 7 de xuño de 1958 na Sección de Inspección de Libros. A resposta foi a supresión de moitos fragmentos e de composicións enteiras, polo que finalmente publicouse en Buenos Aires (Dasilva, 2009: 144).

un empresario vencellado á Editorial Galaxia e tamén a Carballo Calero a través do Colexio Fingoi.

Carballo Calero tamén prologou a obra *Do sulco*, de Xohana Torres, publicada na colección Illa Nova. Non debe estrañar, posto que fora a súa alumna e el animáara a enviar os primeiros poemas. E aínda poderíamos poñer de relevo a súa participación para revistas da diáspora da man da editorial, como exemplo a súa colaboración na cabeceira *Vieiros*, que puxera a andar o Padroado da Cultura Galega en México. Luís Soto, Carlos Velo e Florencio Gurriarán foron os encargados de dar vida a esta revista de estética vangardista e que viña a anovar o que se estaba a facer nese momento. O director artístico era Arturo Souto, que deseñaba as portadas e as ilustracións do interior, e aínda que o proxecto estaba formulado dende 1955 non cristalizaría ata 1959:

Galaxia foi a rotonda pola cal entrou *Vieiros* para logo distribuírse pola terra. Os directores da revista solicitan unha relación de enderezos a Del Riego quen gustosamente deu. Pero cómpre dicir que todo o equipo de Galaxia estaba ao tanto da revista e todos colaboraban (Martínez, 2011: 180).

E naquel primeiro número atopamos entre os autores dos artigos máis dun home de Galaxia: Pedrayo, Cuevillas, García-Sabell, Albino Núñez, Celso Emilio Ferreiro, Salvador Lorenzana (pseudónimo de Fernández del Riego), Bouza Brey, Carballo Calero e Ramón Piñeiro. E este último foi o delegado en Santiago da distribución da revista (Martínez, 2011: 181).

O escritor Carballo Calero en Galaxia

Se como ensaísta, crítico literario e editor, Carballo Calero era un dos referentes do grupo, como autor custoulle publicar en Galaxia, pois non consideraban a súa obra:

ó meu regreso, atopeime cunha carta díste [Carballo], na que me dí, antre outras cousas: “Estóu revisando as miñas obras de teatro, pra ver cales podó mandarvos, a fin de que estudiedes as posibilidades de publicación. As obras que teño escritas ate o de agora son cinco: “O fillo”, “Isabel”, “Farsa das zocas”, “El árbol”, e “La sombra de Orfeo” (Carta de Fernández del Riego a Piñeiro, 08/10/1956).

O certo é que Carballo entregara varias pezas á editorial, algunhas en galego, como *A farsa das zocas*, e outras en castelán como *El árbol* ou *La sombra de Orfeo*. A través da correspondencia sabemos que chegan ao poder de Del Riego no ano 1956, pero ao de Piñeiro anos antes e, aínda así, deciden non publicalas:

O do teatro de Carballo é, dende logo, enoxoso. Eu fixen de barreira durante anos: todo o mal ven do desaxuste entre as súas aspiracións e as súas verdadeiras dotes. Ten a teima de ser un *gran* creador literario (poesía, novela, conto, teatro) i-en realidade é un gran crítico. Eu teño moi presente o enorme fiasco que resultou pra o prestixio literario de Carballo a publicación de *Xente da Barreira* –que por outra banda compre reconocer que ti o tiñas profetizado– e do que o fomos erguendo gracias ós ensaios publicados en Galaxia, que culminarion no trunfo da súa tesis doutoral (Carta de Piñeiro a Fernández del Riego. Compostela, 25/01/1957).

Con todo, en 1963 optaron por publicar *A farsa das zocas*, pero non como un libro independente, senón dentro do primeiro número da revista *Grial*, que comezara nese momento unha segunda etapa. Pensamos que pode deberse a que non tivesen outro texto a man para a sección de creación, pois sabemos das présas dese primeiro exemplar, pero tamén é posible que quixesen darlle saída dalgunha maneira que non fose individualizada pola estreita relación que tiñan nese momento co seu autor. Así, dentro da sección “Escolma” inseriron esa peza teatral que tanto desexaba publicar Carballo Calero e non será ata 1971, baixo o título *Catro pezas*, que a editorial recolla finalmente: *A sombra de Orfeo*, *Farsa das zocas*, *A arbre* e *Auto do prisioneiro*, desta volta xa todas en galego.

O certo é que á morte de Cabanillas quedara vacante a función de secretario do Consello Técnico Asesor e decidiuse nomear para o cargo a Ramón Piñeiro, xa entón director literario⁴. Tamén se considerou nesa reunión propoñer a persoas significativas para formar o Consello que, finalmente, quedou composto por Álvaro Gil, Ramón Fernández-Oxea,

⁴ Aparece recollido na Acta 32 (Santiago, 6/11/1960). Asistiron Ramón Otero Pedrayo, Manuel Gómez Román, Xaime Isla Couto, Antonio Fernández López, Xesús Ferro Couso e Emilio Álvarez Blázquez.

Ramón Piñeiro e mais Ricardo Carballo Calero, Celestino Fernández de la Vega, Francisco Fernández del Riego e Ricardo García Suárez.

Con todo, a pesar de haber un Consello Técnico Asesor quen debía tomar as decisións era Ramón Piñeiro ou, cando menos, en última instancia. Cómpre recordar a historia da Colección Salnés, onde Carballo Calero publicou o libro de poemas *Salterio de Fingoi*, porque foi unha iniciativa “independente” de Galaxia. Certo é que se servía dos recursos da editorial, pero levaba unha subscrición individualizada e non aparecía o selo da editora por ningures, pois non contaba co respaldo de Ramón Piñeiro, o director literario de Galaxia:

Suxerínlle á dirección literaria de Galaxia que asumise a iniciativa da creación. Non a estimou oportuna, entre outros motivos, porque carecía de mercado rendible. Non me convenceron as razóns aducidas e teimeei levar avante a idea por outros camiños. Conseguín un modesto financiamento para iniciar a tarefa. Contaba xa con orixinais para dous libros. Un de Iglesia Alvariño titulado *Nenias*. Outro de Carballo Calero, co título de *Salterio de Fingoi*.

Madurecido o proxecto con posibilidades de prosperar, pareceume axeitado dalo a coñecer nunha folla publicitaria. Asinárona Celso Emilio Ferreiro, Emilio Álvarez Blázquez e Salvador Lorenzana. Explicábase nela o obxectivo perseguido pola que denominamos Colección Salnés. Con tal nome facíámoslle un a xeito de homenaxe evocativo a Ramón Cabanillas. Remesamos a folla a tódolos subscritores das publicacións de Galaxia, e a moitos outros interesados nas lecturas poéticas. Houbo abondosa resposta, superior á que supoñíamos (...) A tirada era de setecentos exemplares, seiscentos deles en edición ordinaria, e cen de maior formato impresos en papel rexistro. Foron acollidos polo público lector con salientable aceptación (Fernández del Riego, 2003: 170).

O relato que nos ofrece a documentación da época achégase moito ao do protagonista, pero convén matizar estes recordos en dous puntos. Non poñemos en dúbida que Del Riego fixese esta proposta de editar poesía a Ramón Piñeiro, director literario de Galaxia, pero cando menos formalmente foi Álvarez Blázquez quen asinou esa petición e quen a levou á xunta xeral. Segundo a documentación, fíxoo en 1958 cando aínda non contaban cos poemarios, pois esas peticións aparecen recollidas na correspondencia entre

Del Riego e os autores á volta de 1961. En todo caso, o interese dos asinantes (Emilio Álvarez Blázquez, Francisco Fernández del Riego e Celso Emilio Ferreiro) era que houbera unha colección poética de referencia que dese saída aos moitos orixinais que chegaban a Galaxia e aos de autores que entendían podían ser interesantes. Este pensamento chocaba co do director literario, que entendía que a estratexia da editora non pasaba por publicar poesía, exceptuando aquela que achegase algo significativo ao proxecto. Así as cousas, nun acto de rebeldía de Emilio Álvarez Blázquez e Fernández del Riego, membros de Galaxia, botaron a andar a colección de poesía coa que querían demostrar que se podía manter unha colección destas características sen graves prexuízos para a editora. Neste selo Carballo Calero, gran colaborador do grupo, vai dar ao prelo *Salterio de Fingoy*, que lle foi requirido, como se pode comprobar na correspondencia con Fernández del Riego (Carballo Calero, 2006: 287).

O ano 1963 como punto de inflexión

En 1963 o Ministerio de Xustiza tramitou a cancelación dos antecedentes penais de Carballo Calero e dous anos despois cambiaba Lugo por Compostela. Da mesma maneira que ese ano foi crucial para o profesor, tamén o sería para a editora que conseguiu a ansiada reaparición de *Grial*, debido a unha tímida liberalización do réxime franquista. Unha vez máis Carballo Calero aparece vinculado, pois nesta segunda andaina formou parte do consello de redacción da revista. Con esta publicación cristalizaba o gran proxecto de Galaxia, que se converteu en mascarón de proa da editorial ata a actualidade. Pero ese ano tamén foi decisivo polas publicacións de *Ensaíos I*, de García Sabell, e *O segredo do humor*, de Celestino Fernández de la Vega, coas que o galego conquistaba o ensaio de primeiro nivel e sobre temas antes non tratados. Este xénero, que sempre fora a obsesión do grupo, coñecía en 1963 un crecemento notorio que a partir de entón seguiu unha liña ascendente. Tamén sería o ano en que por primeira vez se celebrou o Día das Letras Galegas ou en que se inaugurou a Fundación Penzol, da que Carballo Calero formaba parte do padroado.

E tamén foi en 1963 cando se publicou o primeiro volume da *Historia da literatura galega contemporánea* de Carballo Calero, aínda que no depósito legal se sinala 1962. Con esta obra simbolizábase o triunfo do

criterio filolóxico para delimitar o que era literatura galega e o que non pertencía a este campo literario, un triunfo que se referendaría coa entrada do investigador como profesor na Universidade de Santiago de Compostela dous anos despois. Este primeiro volume foi sufragado por Sixto Seco, cando entrou a formar parte do Consello de Administración de Galaxia, en xuño de 1962. Sixto Seco mostrou a súa satisfacción de que a cantidade que doou, 10.000 pesetas, fose para subvencionar a obra do seu mestre no Bacharelato Universitario:

This crucial difference encouraged a struggle for cultural hegemony that was eventually resolved when the proponents of the linguistic criterion secured key positions of power. In 1965, after almost a century of campaigning, a chair of Galician language and literature was created at the USC. The person chosen to take up the position was Ricardo Carvalho Calero (1910–1990), a Galician nationalist literary critic and school teacher, and the best-known proponent of the linguistic criterion. The creation of the chair constituted a milestone in the consolidation of this criterion. Moreover, it also meant a turning point in the institutionalization of Galician Literature and in the professionalisation of the associated field of Galician literary studies (García Liñeira, 2015: 65).

García Liñeira propón a data de 1965, que coincide coa entrada de Carballo Calero na Universidade de Santiago de Compostela, como o momento crucial para que esta liña de pensamento se impuxese sobre as outras, porque supón a canonización do criterio lingüístico. Sen dúbida a idea do canon é fundamental para o asentamento dunha literatura nacional e o feito de que Carballo Calero, crítico literario do grupo, entre como profesor na USC lexítima ese discurso e difúndeo dende a cátedra universitaria, polo que queda institucionalizado. A Editorial Galaxia en 1963 anunciaba tamén a saída próxima da *Gramática* que lle encargara a Carballo Calero:

Presenta, como podes comprender, mil dificultades, e os problemas boligan arredor de cada cuestión. Os seus representantes coidan que istas enerxías debínan consagrar ao segundo tomo da *Literatura*, porque a *Gramática* non pode saír tan ben que xustifique o tempo empregado en compoñela. En fin, eu estou xa embarcado na empresa, que me resulta penosa, e que posiblemente non satisfaga a ninguén: pero se a considerades necesaria ¿quén a ía facer?

(Carta de Carballo a Del Riego. Fingoi, 31/05/1965 [citamos por Carballo, 2006: 395]).

Por todo o exposto, entendemos que 1963 é un punto de inflexión para a editorial, pero tamén para Carballo Calero, aínda que no seu caso se podería adiar a 1965. O seu posto de profesor de Lingua e Literatura Galega na Universidade de Santiago de Compostela vai ser un triunfo do galeguismo e de todos eses anos de semente e de traballo que continuarán en diante xa dende outros espazos e posicionamentos. Sen renunciar á colaboración con Galaxia, remataba unha primeira etapa de pugna pola hexemonía cultural, por liderar o discurso e por institucionalizalo e, en diante, abríase un novo veyro con novos desafíos:

Mais eu interviñen, naturalmente, no rexurdimento das letras galegas despois da guerra civil, que foi obra exclusiva nun momento determinado, case exclusiva despois dun tempo, de Galaxia e estiven mui ligado a Galaxia. Foron os homes de Galaxia os que me impulsaron a escribir algúns dos libros que escribín; *Sete poetas galegos* foime solicitado por Galaxia e *Historia da literatura galega contemporánea* e coido que tamén a *Gramática*. E continúei publicando en Galaxia moitas cousas [...] de xeito que aparezo mui en primeira [sic] línea no movemento galaxiano... (Blanco, 1989: 133-134).

Bibliografía

- Alonso Montero, Xesús (2015): *Xosé Filgueira Valverde. Biografía intelectual*. Vigo: Xerais.
- Blanco, Carmen (1989): *Conversas con Carballo Calero*. Vigo: Galaxia.
- Carballo Calero, Ricardo (1952): “Arredor de Rosalía” en VV. AA., *7 ensayos sobre Rosalía*. Vigo: Galaxia, pp. 17-40.
- _____ (1982): *Libros e autores galegos s. XX*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- _____ (2006): *Epistolario a Fernández del Riego*, edición de Dolores Vilavedra e Montserrat Pena. Vigo: Galaxia.
- Dasilva, Xosé Manuel (2009): “O que a censura cortou da obra de Ramón Cabanillas”, *Grial. Revista galega de cultura*, 183, pp. 142-147.
- Fernández del Riego, Francisco (2003): *Camiño andado*. Vigo: Galaxia.

- _____ (2006): “Xohán Ledo na memoria”, *Grial. Revista galega de cultura*, 172, pp. 5-7.
- García Liñeira, María (2015): *Literary Citizenship and the Politics of Language: The Galician Literary Field between 1939 and 1965*. Oxford: University of Oxford [tese de doutoramento inédita].
- Lorenzana, Salvador (1950): “Concurso de novelas”, *La Noche*, 04/05/1950.
- Martínez González, Xurxo (2011): *Luis Soto. A xeira pola unidade galega*. Vigo: Xerais.
- Piñeiro, Ramón (2002): *Da miña acordanza. Memorias*. Vigo: Galaxia-Fundación Caixa Galicia.
- Rei, Luís (2009): *Ramón Cabanillas. Crónica de destellos e saudades*. Vigo: Galaxia.

Arquivos

- Arquivo Editorial Galaxia
- Arquivo Francisco Fernández del Riego
- Arquivo Fundación Penzol
- Arquivo Sánchez Cantón

A escola de Ricardo Carvalho, referente do Modelo Burela

BERNARDO PENABADE

(Professor de Língua e Literatura Galegas no Ensino Medio)

Foi um feliz acaso o que nos abriu a porta para ver por primeira vez no seu ambiente o professor Ricardo Carvalho Calero quando no mês de outubro de 1982 chegamos a Santiago de Compostela para iniciarmos os estudos universitários. Desconhecedores do sistema de residências públicas, que já existia, entre um grupo de quatro estudantes de diferentes localidades alugamos vivenda numa área que na altura era periferia urbana, com preços substancialmente inferiores aos do centro da cidade. Mesmo assim, por razões económicas, decidimos transformar o salão em novo quarto com a intenção de podermos acolher outro parceiro que contribuísse a aligeirar as despesas comuns.

Após um interessante debate de temática linguístico-económica, elaboramos um anúncio para colocar em lugar visível na faculdade. Conforme o previsto por defensores e detractores da formulação final do tal anúncio, entre centenaes de ofertas o nosso destacava (para bem ou para mal); chamava poderosamente a atenção porque era o único que estava feito na língua da nossa terra. Felizmente, o resultado foi imediato e mesmo melhor do aguardado: o novo companheiro de vivenda era um recém licenciado, que obtivera a licenciatura nesse mesmo ano e que se incorporava à docência no Instituto Gelmírez. Chamava-se Manuel Portas Fernández, o mesmo que anos depois seria autor do *Língua e sociedade na Galiza* (1991), director do centro de ensino antes aludido, vereador que teve a honra de dirigir a elaboração e de conseguir aprovar por unanimidade o primeiro Plan de Normalización Lingüística de uma entidade de âmbito local (neste caso o Concelho de Santiago de Compostela), o mesmo que hoje é escritor destacado com títulos tão conhecidos como *Un dedo manchado de tinta* ou *Lourenço, xograr*.

Nesse mesmo curso, estimulados pelo nosso companheiro de piso e professor-orientador particular, assistimos às primeiras Xornadas de poesía galega, portuguesa e brasileira celebradas na Faculdade de Filologia, por cuja sala nº 1, de usos múltiplos, foram passando sucesivamente os galegos Xosé Luís Méndez Ferrín e Bernardino Graña; Eugénio de Andrade e Sophia de Mello Breyner, por parte portuguesa; e Cláudio Murilo, polo Brasil.

Naquele ambiente literário e docente, vimos –e ouvimos– o professor Ricardo Carvalho Calero, cumprimentado por muitas das pessoas que vinham ao recital.

Desde esse momento, logicamente, sempre o víamos atravessar a praça de Maçarelos para entrar ou sair da faculdade e aquela proximidade silenciosa serviu também de estímulo para que seguíssemos a coluna jornalística que publicava cada semana num dos diários da Corunha. Foi aquele o momento em que nos convertemos em assíduos assistentes às conferências que pronunciou na cidade de Santiago e assim fomos conhecendo as pessoas que o tratavam mais estreitamente, por terem sido alunos ou alunas ou por terem responsabilidades editoriais ou associativas.

No seguinte curso, o 1983-84, começou a funcionar o grupo local da AGAL, estreitamente vinculado ao professorado e alunado da Universidade. Com o apoio pessoas próximas a Carvalho –principalmente Elvira Souto, Ramon López-Suevos, José Luís Rodríguez, Aurora Marco, Manuel Portas e Luís G. Blasco–, organizaram-se numerosos cursos de alfabetização, alguns com quase um centenar de assistentes, como foi o caso do organizado no salão de actos da Residência Universitária do Burgo para alunado de todas as carreiras. Nesse momento, D. Ricardo reuniu em livro um conjunto de ensaios que lhe serviram e base para pronunciar conferências. A obra, *Letras Galegas* (Carvalho, 1984), editada pela AGAL, era uma necessidade pedagógica: com o *Estudo Crítico* (AA.VV., 1983), tínhamos noções de gramática e de história da língua; e com o *Letras...* aprofundávamos mais na história da língua, conhecíamos a interpretação sociolinguística e dispúnhamos de uma visão sintética da história da literatura, muito especialmente útil para a leitura dos clássicos do século XIX e dos referentes do primeiro terço do século XX. O lançamento celebrou-se no Paço de Bendanha e a convocatória teve de fazer-se com meios próprios, porque a cobertura informativa dos jornais e emissoras foi baixa ou nula. Contudo, a sua distribuição mão a mão foi fácil, porque era o público quem levava a iniciativa e no-lo pedia a diário. Através de Elvira Souto, que foi a colaboradora técnica no processo de edição, e através doutros actos de apresentação que se organizaram em Santiago, entramos em contacto directo com o professor Carvalho e os sucessivos encontros pela rua deixaram de ser silenciosos para passarem a ser de saúdo cordial.

Em setembro daquele ano, várias centenas de pessoas reuniram-se na cidade de Ourense, onde foi realizado o Iº Congresso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza. A atmosfera não era das melhores para entrar em contacto com D. Ricardo. Sendo –como ele era– uma pessoa tímida, as grandes concentrações e a presença de muitas pessoas desconhecidas provocavam que tomasse uma distância prudente que poderia ser interpretada como presunção. Mesmo assim, ele foi muito cordial com os assistentes –muitos ex-alunos– com quem se encontrou, pronunciou uma palestra magnífica e esteve presente em alguns dos vários eventos sociais organizados como complemento das sessões académicas.

Em abril de 1985, na Escola de Formação do Professorado –na Universidade de Santiago– celebraram-se as Jornadas de Didáctica da Cultura Galega, destinadas ao estudentado que desejava orientar o seu futuro profissional no ensino. O programa, coordenado pela professora Aurora Marco, discípula favorita e uma das herdeiras do sistema pedagógico da Escola Carvalho, foi realizado com espírito interdisciplinar e reuniu sessões dedicadas ao ensino de Matemática, Ciências Naturais, Língua, Literatura e Cultura Popular. Em resposta a essa oferta única, a recepção foi excelente e o Auditório da Faculdade recebeu um público entusiasmado, que teve o privilégio de conhecer desde a primeira linha as orientações da própria Aurora Marco (da área Didáctica), do antropólogo Marcial Gondar Portasany e do professor Ricardo Carvalho. Essa foi uma das vezes em que o vimos absolutamente relaxado e sem pressa. No final da sua palestra, a conversa continuou nas mesas da cafetaria da escola e ele até escreveu dedicatórias de livros e participou de uma sessão de fotos com alguns dos jovens que naquele momento estavam dinamizando a normalização da cultura galega no campus como foi o caso de Luís Pouparinha Mourelhe (infelizmente falecido cinco anos depois, no mesmo dia em que ia assumir o cargo de professor da Faculdade de Filosofia), Adolfo Muinhos (agora primeiro edil de Rianxo) ou José Henrique Rodríguez Borges (professor de Bioquímica nas Universidades de Santiago e no Porto).

Particularmente, aquela reunião liderada por Aurora Marco deu-me a oportunidade de apresentar ao professor uma consulta sobre um achado literário e ele gentilmente convidou-me para o visitar no seu escritório da Faculdade de Filologia, onde me poderia “com tempo”. Quando me

apresentei com um exemplar do *Nô de saloucos e bágoas*, obra poética de Nicolás García Pereira, escrita num galego histórico, muito próximo do defendido pela AGAL, D. Ricardo ficou emocionado e pronunciou estas palavras: “Nicolás, o meu professor”. Nesse contexto, eu tinha uma “antecipação” das circunstâncias em que Carvalho completara os seus estudos do ensino secundário pouco antes de serem publicadas no livro de entrevistas editado por Miguel Anxo Fernán Vello e Francisco Pillado (1986). Através da evocação de seu professor, ele mostrou as linhas mestras de seu modelo de escola, falou sobre a importância de animar a leitura na escola e, surpreendentemente, anunciou que estava preparando um trabalho narrativo que poderia ter leituras diferentes e que também poderia ser usado como ferramenta pedagógica para o público adolescente. “Quero fazer um romance com as experiências da minha geração, uma espécie de *Os camiños da vida*, com prosa mais ágil”.

A partir de então, em encontros posteriores, “o romance” sempre aparecia na conversa, e o autor transmitia entusiasmo juvenil contando o número de “quartilhas” que conseguira compor. Mas a felicidade da escrita passou ao navegar-contra-a-corrente tão habitual na sua vida: um dia, na rua, comentou-nos que fora diagnosticado de doença grave e que poderia ter dificuldades para terminar o trabalho, porque os medicamentos iriam neutralizar a sua criatividade. Mesmo nessas circunstâncias, um dia avançava dez “quartilhas” e no seguinte algumas mais ou menos; e assim chegou ao fim, que ele anunciou com alegria, apesar da doença. Após essa fase, a nova preocupação foi a recepção da obra: o homem que lutou em mil batalhas estava plenamente consciente de ser um proscrito e temia que o silenciamento de que era vítima influísse negativamente no negócio da editora que se atrevia a desafiar a censura (Sotelo Blanco, a mesma que já tinha publicado as *Conversas em Compostela* com Fernán Vello e Pillado). Tão preocupado ficou que, lembrando a experiência publicitária das *Letras galegas*, pediu a ajuda desse grupo de estudantes para elaborar e distribuir anúncios do evento, realizado na Livraria Couceiro, com discursos memoráveis dos professores José Luís Rodríguez e Darío Villanueva.

Precisamente, por ocasião do lançamento de *Scórpio* (Carvalho, 1987) –nas palavras do autor, “o meu romance”– e pensando em quebrar a censura informativa, planejamos uma entrevista com D. Ricardo, que

aceitou o convite. A reunião foi realizada no “quarto escuro” em que tinha o seu escritório na Faculdade de Filologia em janeiro de 1988 e parte da conversa foi publicada no suplemento “Volvoreta” do jornal *El Correo Gallego*, em condições privilegiadas: uma das duas páginas centrais com texto e fotografia do entrevistado em quatro colunas. A peça, assinada por Marcos Seixal Carvalleira e Esmeraldina A. Fernández, pseudónimos de Bernardo Penabade e Beatriz Árias López, só recolhia a parte da conversa relacionada com a obra narrativa; se tivéssemos espaço para mais, acabaríamos no cárcere. No início da manhã do dia seguinte, o jornal recebeu algumas “chamadas à ordem” e o nosso período de colaboração chegou ao fim. Com o tempo, assumimos que aquele final estava ligado ao conteúdo do livro e à situação que o autor tinha vivido. Era como uma espécie de homenagem não procurada.

Aquela entrevista foi uma das fontes de aprendizagem mais importante das nossas vidas. Depois de finalizar a conversa sobre o romance, D. Ricardo dirigiu-se a nós como futuros educadores e encorajou-nos a não vacilar diante das adversidades. Falou-nos da experiência de Fingoi, do período de ensino na Faculdade de Filologia e do silêncio de que ele foi vítima entre 1980 e 1988. Foi assim que soubemos quem vetou sua presença na cerimónia de recepção das cinzas de Castelao, no Panteão de Galegos Ilustres. E foi assim que descobrimos que D. Ricardo Carvalho, com espírito de poeta, fora –e era ainda– uma pessoa totalmente entregada ao ensino na fundação e funcionamento de Fingoi, onde tinha sido professor do ensino primário e secundário; na cadeira da Universidade e também quando escreveu e reformulou a *Gramática* e a *História da literatura*, quando escreveu artigos para o jornal e também quando escreveu teatro e narrativa.

O modelo educativo do professor Carvalho

Embora os seus primeiros estudos universitários fossem os de Direito; embora participasse em política mesmo desde antes da fundação do Partido Galeguista e fosse membro do seu Comité Executivo com Bóveda e Castelao; e tendo participado na redacção do Estatuto de Autonomia, com Lois Tobío, ou que fosse escritor em todos os géneros literários e jornalísticos, a coluna vertebral da obra de Ricardo Carvalho Calero foi o ensino, nas dimensões de planificação, gestão e prática docente.

Começou a exercer no mesmo colégio em que estudou, com 15 anos, no trânsito entre o bacharelato e a Universidade. Finalizada a carreira, ingressou no serviço público da administração municipal, mas o seu alvo central era preparar as oposições de Catedrático de Instituto para ensinar Língua e Literatura. Cinco anos depois (1936-1941), retornou da guerra e do cárcere e sobreviveu combinando o trabalho nos colégios privados com as aulas particulares. A partir de 1950 –o mesmo da morte de Castelao e da fundação de Galaxia e da reestruturação do galeguismo– começa o período dos 15 anos em Lugo.

A respeito deste período dos anos lugueses –e, em geral, a respeito da sua dedicação integral ao ensino–, tratava a conferência que pronunciou no Centro Lucense de Buenos Aires o 25 de julho de 1974. Por meio das suas palavras, observamos as linhas gerais do seu planejamento educacional, visível mesmo nos planos da edificação e no ordenamento do terreno adjacente, e do seu grande objectivo como director: “procurar a viabilidade dentro do marco real em que funcionava, sem renunciar aos princípios que constituíram a razão de ser” (Carvalho, 1984: 117). Nesse mesmo discurso, fala-nos de recursos humanos: de como era a preparação nas Escolas de Magistério e nas Faculdades; e do grau de mestria com que chegavam os futuros docentes às provas de selecção. Fala-nos de organização escolar e de coordenação pedagógica, de coeducação –como centro experimental–, da presença da cultura galega nas viagens de estudos e nas encenações artísticas de dança, música e teatro.

O modelo pedagógico de Ricardo Carvalho é o da “escola para a vida”, um ensino eminentemente prático, em convivência com a natureza, que começa no imediato e que envereda para o conhecimento do universal. Mas com esse horizonte teórico claro (“máximo”), o verdadeiramente épico era colocá-lo em prática e mantê-lo (“o mínimo”): não se tratava apenas de superar os enormes obstáculos políticos, mas também havia que lidar com a preparação do corpo docente e com a receptividade das famílias. Nada melhor que suas próprias palavras para entender o contexto:

O primitivo propósito de manter a máxima independência de métodos didácticos e organização escolar respeito do Estado tivo que ser rectificado perante a impossibilidade de ajustar tam absoluta autonomia à filosofia da legislação, que propugnava um

intervencionismo incompatível com o experimentalismo imaginativo que presidiu a criação do Centro (Carvalho, 1984: 117).

Segundo tem descrito com pormenor um dos seus discípulos (Reimunde, 2010), que também foi docente na cidade de Lugo, no modelo educativo de Carvalho não se usavam livros de texto para estudar memoristicamente, faziam-se investigações de campo –nomeadamente no campo da Biologia–, aprendiam-se técnicas de cultivo hortícola e florestal, atendia-se à qualidade da alimentação e ao cuidado da higiene, faziam-se intercâmbios com centros doutros países, dispunha-se de boa biblioteca e de equipa de cinema. Isto todo e salas com luz natural, num ambiente de coeducação –com máximo de vinte pessoas por turma– e de respeito aos direitos humanos com proibição dos castigos físicos. Ainda mais: embora não estivesse permitido o uso veicular do idioma galego na docência, a nossa cultura estava presente na leitura de obras literárias, no recitais, nas encenações teatrais, na música e na dança assim como nas viagens de estudo.

Obviamente, fazemos nossas as palavras do professor Reimunde:

[A pedagogia de Fingoi foi] algo que semella ter acontecido noutro país máis adiantado capaz de producir un pequeno paraíso pedagóxico, un oásis de formación integral e liberdade didáctica. (...) Un exemplo que pode ser considerado sen temor á esaxerazón, como un feliz caso aparte, adianto en muitos anos aos proxectos educativos avanzados actuais (Reimunde, 2010: 53).

Esse mesmo espírito de realismo construtivista é uma constante na obra de Carvalho, a maior parte dela realizada por motivação pedagógica: o escritor ao serviço do professor. Assim o vemos quando abordou em palestras e artigos de jornal a situação do conflito linguístico no momento da mudança do marco político com a aprovação de Estatutos e Leis de Normalização. Trás desmontar o confucionismo interessado entre bilinguismo social e bilinguismo individual, defendeu as medidas de recuperação aprovadas no Parlamento Galego e manifestou oposição à sentença 84/1986 do Tribunal Constitucional:

Para calquer individuo, coñecer e poder usar duas línguas supón un enriquecemento sobre o coñecimento e o uso de só unha língua. E, por suposto, poder coñecer e usar tres linguas é mais satisfactorio que poder coñecer e usar duas. Mais unha cousa é polilingüismo individual e outra o plurilingüismo nacional. (...).

En España esta é a solución natural, e se hai dificultades legais para chegar a esta situación lóxica, procede unha promoción política e social das falas nativas que, utilizando ao máximo as posibilidades que ofrece o ordenamento jurídico, gere unha interpretación favorábel do mesmo en espera de unha mellor formulación dos seus postulados (Carvalho, 1992: 159).

Assim o vemos também no momento da entrada do idioma na administración geral, nos centros de ensino e nos meios de comunicación, um estímulo para que determinados sectores urbanos que entendiam a necessidade de normalización lingüística avançassem no caminho do uso nos âmbitos público e privado. Diante dos ataques generalizados a esse colectivo social que assumia o compromiso de viver em galego em todos os âmbitos, Carvalho acode novamente ao discurso pedagógico para defender a comunidade neofalante:

Parece como se o que non tivo o galego como língua natal non pudese aceitá-lo como língua propia normal cando se cre chamado a facé-lo. Hai, pois, que apresentar provas de limpeza lingüística de sangue para ser admitido na comunidade de galego-falantes? (Carvalho, 1992: 159).

Modelo Burela

Com inspiração nos modelos de planificación lingüística e planificación escolar de Carvalho Calero, na teoría social da recuperación das línguas (Sánchez Carrión, 1987) e na concretización feita no Plan de Normalización Lingüística do Concello de Santiago de Compostela (2002), no ano 2004 começou a aplicación de uma iniciativa pedagógica mais tarde denominada Modelo Burela. O motivo principal era este: uma escola para a vida, assentada sobre a firmeza do local, aberta ao conhecimento do universal e com o diálogo intercultural como principio básico.

Trás quinze anos de actividade de promoción da língua galega e do plurilinguismo, partindo de condições adversas tanto no referente à escassez de meios económicos e humanos como na existência de predisposições negativas entre uma boa parte da comunidade, temos a certeza de que os resultados obtidos justificam plenamente os esforços. Precisamente por isso, e em homenagem a quem tivemos como fonte fundamental de inspiração,

compartimo-los desde esta publicação com desejo de que seja útil noutras comunidades; naquelas que temos uma situação de minorização e em todas aquelas em que existam taxas elevadas de adolescentes de comunidades migrantes.

Para afrontar a situação de adversidade, começou a aplicação de uma pedagogia de intervenção, encaminhada a transformar as condições ambientais para favorecer a aprendizagem escolar. Tratava-se de procurar alianças externas para desenvolver actividades de reforço (com as associações culturais; com as juvenis; com as vizinhais; e com os colégios de ensino primário); e programar estas atendendo a três critérios: 1) sem recursos económicos; 2) com mínimo pessoal específico; e, muito especialmente, 3) com conteúdos especialmente orientados a trabalhar em ambientes adversos, com quase total desgaleguização inicial da população infantil e com sectores contrários á normalização do idioma galego.

O Modelo Burela nasceu para ser aplicado no âmbito urbano, com marcada presença de população chegada doutros lugares (as grandes cidades galegas, diversas comunidades do Estado espanhol e diversos países afro-americanos), num contexto de minorização.

Nestas circunstâncias iniciou-se uma intervenção educativa sequenciada em 5 fases: 1) compilação–exposição de documentos, 2) divulgação audiovisual de documentos com explicações dos agentes neles implicados, 3) diálogo com as forças políticas municipais para consensuar medidas normalizadoras, 4) socialização dos novos modelos de uso das línguas, e 5) aproveitamento económico desta riqueza patrimonial.

Em só uns meses conseguimos localizar, reunir e catalogar o património documental criado no âmbito do termo municipal; fazer identificação dos agentes culturais; e elaborar um directório com informação curricular e de contacto com estes. Em qualquer caso, o logro mais importante foi o reforço da aprendizagem do alunado. Começou assim a transformação linguística ambiental com incidência em dez áreas de actuação: 1. Comunicação comercial; 2. Cerimónias; 3. Necrológicas; 4. Documentação notarial; 5. Documentação laboral; 6. Comunicação corporativa; 7. Comunicação religiosa (nas liturgias e na administração paroquial); 8. Atenção sanitária; 9. Correspondência privada; e 10. Incorporação de neofalantes.

Após ter conseguido vários prémios em matéria de inovação educativa, os documentos gerados pela intervenção educativa foram tomados como base para planificação linguística municipal, aprovada por unanimidade das forças políticas locais em abril de 2008. Dado que para alcançar esse logro a equipa pedagógica tinha entrado em contacto com numerosos agentes sociais exemplos de boas práticas comunicativas, pensamos na sua incorporação como referentes do processo educativo transformador e para isso seleccionamos os casos mais representativos e programamos a gravação de entrevistas em formato audiovisual, que depois recolhemos na longametragem Modelo Burela (Nicieza, 2009), a iniciativa mais contundente para a divulgação pública da intervenção educativa.

Proxecto Neo

Entre as diversas áreas de trabalho do Modelo Burela (educação, cultura, saúde, religião, comércio, justiça...) está o Proxecto Neo, a intervenção que visa incorporar na cultura galega as pessoas que não possuíam a nossa como sua primeira língua (neofalantes). Desde janeiro de 2012, realizamos uma transmissão de rádio semanal, na qual apresentamos experiências de neofalantes que podem servir de modelo para outras pessoas que precisam de incentivo para iniciar esse processo.

O primeiro dos objectivos do programa radiofónico é puramente pedagógico. Antes de mais, é uma actividade significativa de aprendizado, prática de linguagem oral e escrita, incentivando a responsabilidade individual no trabalho colaborativo. Além disso, é também um meio de disseminar um modelo educacional inclusivo e um ponto de referência para a interculturalidade. Noutras palavras: com o Proxecto Neo, ensinamos Língua, Literatura e Cultura de uma maneira prática; conhecemos experiências de aprendizado de segundos e terceiros idiomas; oferecemos modelos de incorporação de neofalantes; e facilitamos a participação de jovens em risco de exclusão social.

O corpo docente participa em tarefas de coordenação da programação e organização de actividades; na produção e na supervisão do desenho e da realização dos programas semanais; e no monitoramento do trabalho de comunicação realizado através das redes sociais.

Pela sua parte, os estudantes participam em tarefas de comunicação corporativa nas plataformas sociais e toda semana na produção e transmissão de programas de rádio. Outros acodem ocasionalmente para entrevistas.

Grandes vozes: a ponte musical entre os países de raiz galega

Desde 1016, o Modelo Burela mantém também um programa de rádio com conteúdos musicais. Durante uma hora semanal, com idêntico critério ao dos “Cantos na Maré”, criamos uma ponte musical bidireccional entre as duas beiras do Atlântico, ligando a Europa à África e à América. É um diálogo musical feito com os pés no chão, partindo da música galega e fortalecendo os laços com o nosso mundo linguístico.

A intervenção educativa materializa-se em emitirmos música comentada –com critério informativo– considerando que: 1) deve ser música cantada –não apenas instrumental; e 2) deve ser cantada em qualquer das variantes do nosso idioma.

Como é um programa galego, a nossa música é o elemento nuclear; e as outras são diferentes complementos. Divulgamos a música de Sés, Guadi, Xavier Díaz, Pucho Boedo, Uxia Senlle ou Miro Casabella; a do Zeca Afonso, Mafalda Veiga, Dulce Pontes ou Capicua; a de Roberto Carlos ou Gilberto Gil ou Adriana Calcanhoto; sem esquecermos a de Cesária Évora e Karina Gomes e Maira de Andrade... e Aline Frazão e Yara da Silva.

Os programas, feitos “ao vivo”, são lançados no sistema analógico para Burela, Ferrol, Corunha, Vigo, Braga e São Paulo; e no formato digital para todo o mundo, via “rádio à carta”. Isso implica que podem ser sintonizados no momento da transmissão ou a posteriori, a partir da rede de computadores e do sistema telefónico.

De acordo com a pedagogia do Modelo Burela, com este programa pretendemos: 1) oferecer uma visão universalista de nossa cultura; 2) divulgar a música galega e lançá-la para o exterior; e captar o eco de outras músicas do mundo ligadas à nossa; 3) estabelecer diálogo com as pessoas que as compõem, produzem ou interpretam; e 4) oferecer um modelo alternativo de estabilidade linguística.

Atenção à diversidade

Desde 2014, em atenção à demanda social dos novos tempos, desenvolvemos uma linha de trabalho pedagógico encaminhado à atenção à diversidade com o propósito de favorecer a inclusão socioeducativa de adolescentes com insucesso escolar continuado. Para isso, procuramos reduzir o absentismo escolar, inculcamos o sentido da responsabilidade individual no processo de realização de actividades grupais e fomentamos o convívio intercultural e inter-racial da mocidade.

Em matéria de acolhida de população migrante, elaboramos protocolos de recepção com explicações da oferta em matéria de educação, cultura, sanidade e serviços sociais; e programamos sessões de convívio destinadas às famílias.

Para o alunado de recente incorporação defendemos: 1) a realização da avaliação inicial, se for possível na língua de escolarização inicial; 2) a oferta de adaptação curricular ao nível educativo da pessoa que se incorpora; e 3) a combinação de inclusão na turma ordinária (em matérias não instrumentais) com a atenção específica nas áreas básicas (Matemática, Comunicação e Conhecimento do Meio) durante um período transitório.

Conclusões

Mais de meio século separam o Lugo de 1950 da Burela de 2004, mas o intervencionismo –com diferentes “formas”– continua presente e aplicação prática dum modelo de escola universalista levantada desde a nossa terra é puro sonho. Daquela e agora, nos momentos de programar e de aplicar o programado, o ponto de partida é “procurar a viabilidade dentro do marco real”, de tal jeito que os logros conseguidos só permitem albisar o que poderia ser conseguido, são só indicadores do que poderia ser.

Mesmo assim, meio século mais tarde, aquele modelo de escola para a vida nascido num centro de titularidade privada serviu de inspiração para um instituto de titularidade pública e para toda a sua área de influência: o Modelo Carvalho foi e é semente do Modelo Burela. Este, com independência de que seja aplicado nas aulas de Língua e Literatura, no âmbito da concelharia de Educação e Cultura, entre os fregueses da paróquia ou entre os integrantes de entidades sectoriais (comércio, sanidade, juventude...), centra-se na

metodologia activa. Parte do prático para chegar à reflexão teórica, procura o concreto antes que o abstracto e oferece oportunidade de participação a toda a comunidade.

Inspirando-se no discurso e na praxe do Modelo Carvalho, esta estratégia aglutinante Modelo Burela sempre incide no positivo, fomenta a construção do modelo alternativo e, antes que enfatizar nas críticas, reconhece os méritos das boas práticas.

No momento que preparamos nas aulas um trabalho de campo a realizar fora dos limites do pátio do instituto, estamos aplicando a “escola para a vida”. Quando o nosso alunado observa os anúncios publicitários e estuda a comunicação do pequeno comércio ou quando visita os cemitérios e observa os epitáfios ou quando prepara um vídeo ou participa num programa de rádio, está aplicando o que aprendeu nos livros, o que aprendeu na casa e o aprendeu no convívio diário com todo o ambiente humano e mediático que o envolve. O espírito da Escola de Carvalho está nas visitas de estudo que fazemos pelas diferentes geografias, nos intercâmbios com outros centros educativos, nas actualizações dos blogues e das plataformas sociais, nas celebrações estacionais, nas campanhas em favor da igualdade, no Dia de Rosalia, nas músicas a ritmo de regueifa e em muitas outras iniciativas que impulsionamos no dia a dia e que pomos ao dispor de quem tenha vontade de a tomar nas mãos para uso próprio ou para fazer sementeira.

Bibliografía

- AA.VV (1983): *Estudo crítico das Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Santiago de Compostela: Associação Galega da Língua (AGAL).
- Carvalho Calero, R. (1984): “Quinze anos em Lugo”, *Letras Galegas*, vol. 1. A Corunha: Associação Galega da Língua (AGAL), pp. 113-121.
- (1987): *Scórpio*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- (1992): *Umha voz na Galiza*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Fernán Vello, M. A. e F. Pillado Mayor (1986): *Conversas en Compostela con Carballo Calero*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Nicieza García, M. (2009): *Modelo Burela*.
- Penabade, B. (2018): “The *Neo* Project: An educational radio program to promote social cohesion” en Renée DePalma e Antía Pérez-Caramés,

Galician Migrations: A Case Study of Emerging Super-diversity.
Switzerland: Springer, pp. 223-234.

Portas Fernández, M. (1991): *Língua e sociedade na Galiza*. A Coruña: Baía.

Reimunde Noreña, R. (2010): *Cautiverio de Fingoi. Os anos lugueses (1950-1965) de R. Carvalho Calero*. Lugo: Deputación de Lugo.

Sánchez Carrión, J. M. (1987): *Un futuro para nuestro pasado, claves de la recuperación del euskara y teoría social de las lenguas* [Autoedición].

Outras referências

<https://adiante.gal/na-vanguardia-da-dinamizacion-linguistica/>

<https://irimia.gal/editorial-a-inclusion-e-a-igualdade-non-son-baratas-pero-si-possibles/>

<https://irimia.gal/entrevista-marco-pereira-director-do-programa-grandes-voces-noso-mundo/>

<https://irimia.gal/entrevista-bernardo-penabade-profesor/>

<http://grandesvozes.com/gl/>

<http://modeloburela.blogspot.com/>

<http://proyectoneo.blogspot.com/>

<https://www.facebook.com/modeloburela/>

Panorámicas

Ricardo Carvalho Calero, construtor da lingua e da literatura galegas

MARÍA PILAR GARCÍA NEGRO
(UDC)

Un aviso lúcido e vixente

En 1980, Ricardo Carvalho Calero publica un artigo¹ que titula: “Á marxe de Teofrasto”. É un dos moitos que puntuarán a súa bibliografía na derradeira década da súa existencia, proba elocuente do seu interese sociopedagóxico, do seu afán por exercer unha *didáctica* extra-docente, aberta ao público en xeral e como contributo directo á presenza da lingua galega en medios de comunicación masivos. No que escollemos, o profesor válese da figura do sabio grego, discípulo de Platón e de Aristóteles, e el propio, por súa volta, filósofo peripatético, para se referir a dúas mentalidades e condutas ben diferentes: a dos mozos novos daquel presente, en confronto cos do seu tempo. Relido hoxe, cuarenta anos despois, coidamos que non só mantén a súa vixencia senón que ela medrou exponencialmente. Sempre coa ponderada obxectividade que caracteriza os seus escritos, reconece que os mozos novos á aquela altura (na penúltima década do século XX, por tanto), dispuñan dun arsenal de datos e dun repertorio de métodos considerabelmente superior verbo dos que tiñan a man os seus devanceiros. Porén, un libro primeir(iz)o destes, xulga, adoitaba ser máis maduro, máis sólido, do que un primeiro froito dos novos do tempo en que o artigo se escribe. Desbotada calquer hipótese de lles conceder a aqueles máis intelixencia que a estes, acha a explicación “na perversión intelectual da sociedade contemporánea”:

O mozo de onte recibía durante a súa educación un esquema teórico correctamente xerarquizado do mundo en que ía desenvolver a súa actividade. Ía ingresar nunha comunidade de traballadores á que sómente podía acceder pola base. Banzo a banzo iría ascendendo na posesión da técnica, na acumulación de

¹ Publicado orixinalmente en *La Voz de Galicia*, 13 de marzo de 1980. Incluído no seu libro póstumo *Umha voz na Galiza* (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 1992, pp. 58-62). Ao ser esta a versión definitiva por el disposta, reproducimos as citacións por ela, sensibelmemente igual, porén, á publicada no xornal.

información e no desenrolo da súa orixinalidade. Era, de entrada, un aprendiz, que logo desempeñaría funcións de oficial, e que valoraba con modéstia a superioridade dos mestres. Como aspiraba a ser un deles, situá-los no alto na escala de valores non só non lle proporcionaba sentimento algun de rancorosa inferioridade, senón que potenciaba a súa propia ascensión gradual ao cimo da súa carreira (...).

Democracia e igualdade son termos técnicos da teoría do Estado que teñen o seu sentido no campo do sistema de goberno e da situación xurídica. Mais os demagogos e os privilexiados apoderaron-se destas ideas e aplicaron-nas a esferas da realidade alleias á súa virtualidade para embotá-las e inutilizá-las no seu campo natural de acción [...]. A consecuencia foi que a adolescencia dos novos mozos resultou falagada pola mintireira doutrina que nivela cientificamente o aprendiz co mestre, e confere o mesmo valor ao voto do catecúmeno que ao do ordenado, como se todo na rede cultural tivese a sinxela estruturación do pragmatismo político. Así, moitos dos novos mozos foron inducidos a crer que do mesmo xeito que, unha vez cumpridos os dezaioito anos, o seu voto para designar os concellais do seu municipio tiña o mesmo valor que o das persoas das que foran discípulas, o propio ocorria no campo científico –o contrario non sería democrático–, porque a hipertrófia da mitoloxía política invadía campos extraños.

Neste cuadro mental e actitudinal, a tentación está servida: cairán moitos mozos na trapela de creren “que o mundo naceu para que eles o interpretasen, e que os seus antecesores son, ao sumo, precursores do seu definitivo maxistério. De aquí o seu inocente dogmatismo e a súa facareña autosuficiencia”. Conclúe o artigo coa seguinte advertencia:

moitos investigadores das novas xerazóns están constantemente ameazados de erro por exceso de benevolencia con que os tratou o xuízo dos seus xuíces. Se estes, por comodidade ou temor, trataron como olímpicas realizacións os exercicios de quentamento ximnástico daqueles, ¿qué moito que os mesmos ximnastas se considerasen atletas?

Xustificamos a extensión das citas porque pensamos que elas ofrecen un retrato cabal dunha tendencia que, como dixemos, non só non perdeu actualidade senón que é aplicábel a máis segmentos e campos de pensamento

e de actuación. Observemos, en primeiro lugar, como o escritor utiliza un vocabulario laboral aplicado ou aplicábel a calquer traballo, sexa o de modista, carpinteiro, zapateiro, tecnóloga ou médico. Non se trata, pois, de nengún clasismo intelectual. Trátase do respecto ao que é (a comezar pola propia lingua) un traballo experto, o que precisa do factor tempo e do factor sedimento e ampliación de saberes. Ampliamos pola nosa parte o retrato, para que non quede nengunha dúbida, ao xénero feminino, susceptíbel, ao igual que o masculino, desta pueril soberba adánica (ou évica), en nome da cal se lamina a historia, se desprezan antecedentes, se *piratean* achados, se ignora o lento labor de palimpsesto que todo estudo, crítica (xa non digamos ciencia) supón e, en fin, se reinventa todo cal permanente tea de Penélope. Tal comportamento ten hoxe abundantes servidores en todos os campos, sexa o feminismo, a crítica literaria, o pensamento político ou a gastronomía. A inflación do individualismo, a obsesión por se facer cun nome público (visto que as televisións e as redes permiten a exhibición impúdica e anónima de calquer individuo, teña algo valioso que comunicar ou non, sexa competente ou ignaro), obsesión que lembra o costume infantil de escribir o nome nas paredes unha vez que esta destreza se adquiriu, contaminan os nosos días de tal xeito que cabería falar dun post-adolescentismo que avanza galopante atravesando décadas de idade vital. Falta, en fin, pudor, e falta pundonor. Para maior sarcasmo, nunha sociedade como a galega, esta “mozolatría” alongada contrasta cunha pirámide de poboación invertida, onde a faixa de vellos-as supera con moito a dos novos, en lamentábel evidencia da perda acelerada de habitantes, da necesaria taxa de renovación vexetativa, do cesamento da emigración.

Por enésima vez –e descúlpenos a insistencia– reiteramos que o actual non é sinónimo de moderno ou de avanzado; é, simplemente, o presente, que pode supor involución, non sendo para os que continúen a acreditar, cal ardorosos progresistas do XIX, na evolución lineal e ascendente da historia. Todo isto ten a ver coa persoa e coa obra de Carvalho Calero de que a seguir nos ocuparemos esquematicamente. Fiel a unha modestia nel proverbial, non se autointroduce no retrato dos mozos de outrora, mais o que deles realiza coidamos que ten moito de autorretrato, ou así o podemos afirmar nós á vista dunha obra continuada de seis décadas de dedicación á construción da lingua e da literatura galegas.

Construír a lingua e a literatura

Úrxenos xa xustificarmos a aparente hipérbole do título deste artigo e da inmediata epígrafe. En que esaxeración glorificadora caímos –poderásemos obxectar– atribuíndo ao noso escritor semellante proeza? Aclaremos, pois, a que nos referimos. Escollamos calquer autor-a da literatura española contemporánea. Consideracións metalingüísticas á parte, nengún deles-as precisa xustificar o uso do seu idioma natural: a continuidade entre os usos primarios e os secundarios (o seu mesmo oficio literario) está garantida e corroborada por todo o resto dos usos institucionais. A normalidade sociolingüística determina a redundancia. Viaxemos no tempo e voltemos onda nós. Na espléndida literatura medieval, tamén non existen xustificacións do uso do que se consideraba natural e mesmo codificado como lingua literaria. O galego reina en todo o territorio e en toda a sociedade, horizontal e verticalmente, a salvo do uso do latín que, con todo, axiña cederá o paso ao romance en usos que hoxe denominamos oficiais ou formais. Tal situación de normalidade, de unanimidade social, de institucionalización, ficou primeiro lañada, logo rompida. Mantense a estrutura (lingua) mentres a superestrutura é ocupada pola lingua da monarquía castellana, do Estado español, despois, unha vez constituído como tal. A conversión da lingua en fala está servida. A erosión e degradación da lingua nacional son o espello dunha despersonalización sociopolítica que avanza ao ritmo dunha dependencia a cada paso máis acentuada. Millenta exemplos lingüísticos ilustrarían este longo proceso. Gosto de citar un, fortemente significativo: a forma galega “Deus” coincide exactamente coa matriz latina e, a despeito desta igualdade, impúxose por toda a parte o castelanismo “Dios”. Por moito que a Igrexa Católica, en todas as súas axencias e ramificacións de poder, practicase ritualmente o latín até antonte, historicamente falando, a prevalencia da forma española di moito do seu papel crucial na españolización da poboación galega. A ironía da ecuación latín-galego non fai máis que revelar con cruza o paradoxo.

Todo o que antecede non son máis que vulgaridades ben coñecidas da nosa historia moderna e contemporánea. Necesaria a súa evocación, secomasí, para situar a novidade a que se viron abocados os practicantes do galego desde a súa restauración literaria no século XIX. Non hai, con feito, un só escritor relevante desta centuria –a comezar, naturalmente, por

Rosalía de Castro— que non se vexa impelido a ter que xustificar e defender o uso da lingua galega. Ela non é unha redundancia, non vai de seu. Ha de atravesar o muro da falsa normalidade imposta: a do uso xeral do castellano como idioma da escrita en todas as modalidades deste código cultural. Advirtamos que normal significa, bisemicamente, habitual e derivado dunha norma (a normalidade é unha estatística, di coloquialmente o noso amigo Manuel Fernández Blanco). Ambos semantemas concorren naquela falsa normalidade. Falsa, porque admite o alleo como propio e expulsa este ao rocho da anomalía. O mundo ao revés, en definitiva.

Tamén é sabido de sobra que a literatura do oitocentos rompe rotundamente, revolucionariamente, esta deriva. En palabras de Carvalho, deixa de ser forma de contraste, para ser forma de oposición, en uso de analoxía gramatical. Ora ben, esta literatura renacente, e a súa continuación no XX, sendo como son moito máis do que unha arte literaria, actuando metonímica e simbolicamente como alavanca de prestixio e rehabilitación, non dan conxurado —esfuerzo humanamente, social e politicamente imposíbel— a acelerada deriva dunha desnacionalización inclemente. Esta tivo un freo decisivo na vintena 1916-1936, mais de novo a fatalidade da supeditación á marcha xeral da política española impediu a continuación dun esperanzador inicio de recuperación da conciencia sobre nós en todos os campos.

A persoa e a obra de Carvalho Calero son exemplo paradigmático deste momento histórico. Existe, como personalidade galega, porque existe o seu tempo xuvenil-universitario, porque existe o nacionalismo galego, tanto na súa versión cultural como na estritamente política. É membro activo do Seminario de Estudos Galegos, cofundador do Partido Galeguista, discípulo avantaxado dos que sempre considerou mestres como Castelao ou Otero Pedraio. Estes “anos xuvenis” (Marco, 1992) son, pois, radicalmente decisivos na súa formación e son os directamente causantes da súa reincorporación á causa galega na posguerra, após o brutal hiato da Guerra Civil española e do seu desenlace. Na década 1926-1936, el é un deses mozos respetosos do maxisterio dos máis vellos que describe no artigo que encabeza esta colaboración. Coa particularidade, engadimos nós, da súa precocidade literaria e oratoria e dunha notábel madurez nos primordios dunha crítica literaria que acadará, anos despois, categoría científica definitiva (cfr., por exemplo, o seu artigo “Balance e inventario da nosa literatura” ou “A

xeneración de Risco”, publicados na revista *Nós*, no nº 108 (15 de decembro de 1932) e no nº 131-132 (novembro-decembro de 1933), respectivamente).

Este tempo biográfico-histórico marcouno de por vida. Foi, asemade, a súa táboa de salvación no difícil e vixiado retorno á vida fóra do cárcere, en liberdade condicional e sen dereitos civís nen posibilidade de acceso a ningún posto funcional. Un segundo cárcere atenuado, como a de tantos outros vencidos pola ignominia ditatorial. Mais quen tivo, retivo, e o noso personaxe vaino demostrar sobradamente, non só coa recuperación da escrita literaria de creación (a súa novela *A xente da Barreira*, premio de Bibliófilos Gallegos en 1950 e publicada en 1951 vai ser a primeira obra deste xénero na posguerra) senón no referido á lenta mais incesante recuperación da lingua e da literatura galegas.

Esa lingua e esa literatura existían, claro está, como estrutura da sociedade galega, do povo galego, e como produción cultural senlleira entre as súas artes. Mais a primeira, reducida de novo a dialecto prohibido en todo uso público; a segunda, interrompida na súa brillante e alentadora renacencia do primeiro terzo do século XX. O que se puidera crear e manter nos anos da primeira ditadura, mesmo con todas as pexas censoriais (Seminario de Estudos Galegos, boletín *A Nosa Terra*, revista *Nós*) estaba absolutamente vedado na segunda. Existía a lingua como fala masiva, marcada a ferro a súa exclusión de calquer espazo social visíbel e audíbel, de calquer ámbito público. Existía a literatura a duras penas, con moi poucos froitos, sen posibilidade de comunicación normal coa outra beira do Atlántico, mais, ao menos, con memoria do que fora e cumpría seguir incrementando. É aquí, neste contexto desolado, onde o noso escritor aplica e aplícase a súa sentenza futura: cómpre esperar contra toda esperanza; a historia debe ser rectificadada para a Galiza volver existir (o *revival* daquel “Galicia existe” dos seus discursos universitarios dos anos trinta², cal lema gravado a fogo no seu espírito).

O camiño posíbel, a pesar de toda a represión ambiental, da soidade política, era o de procurar a elevación da fala a lingua e o de erguer o monumento merecido á literatura galega. Era vital recuperar a imaxe escrita, como o era abordar o estudo científico e moderno (non o comentario

² Vid. Ricardo Carballo Calero, *La fuerza pública en la Universidad de Santiago y otros escritos escolares (1930-1933)*, cit. no apartado de Bibliografía.

impresionista ou a divagación sentimental) da literatura. É neste sentido en que falamos de “construír” para aqueles tempos e, sobre todo, para o futuro. Unha gramática esixe unha lingua previa, como esta precisa aquela para ser reproducida e asegurar o efecto multiplicador e a incitación ao seu uso. O estudo formal e rigoroso da literatura, para revelar que ela, a literatura contemporánea, era un edificio cabal, con múltiples estancias e habitantes, facía imprescindible a elaboración dunha súa historia, realizada con toda a obxectividade e con toda a ecuanimidade, e sentando bases epistemolóxicas claras aínda non formuladas. Neste labor, nesta construción, Carvalho Calero foi absolutamente pioneiro e –cómpre proclamalo máis unha vez– todo o que o sucedeu bebeu destas fontes de documentación e información. Só unha esperanza tan fortificada como a súa en revirar a historia do país, e un agudo sentido do futuro, puideron alimentar a vontade que alumou empresas tan necesarias como laboriosas no medio e medio de tanta inclemencia. Son estas virtudes as que permiten pasar da potencia ao acto e dar a luz un ronsel de obras fundamentais: *Sete poetas galegos* (1955); *Aportaciones fundamentales a la literatura gallega contemporánea*³ (que recolle a súa tese de doutoramento, defendida na Universidade de Madrid, en 1954); *Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía* (1959), que fora o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega, en 1958; *Historia da Literatura Galega Contemporánea* (1963: 1º volume); *Gramática elemental del gallego común* (1966, con máis seis edicións, até 1979). Todo isto, por citarmos só contributos en formato libro, e prescindíndomos da citación de múltiples artigos, edicións, estudos e críticas literarias, participación en volumes de homenaxe ou colaboracións xornalísticas, nos anos 50 e 60.

Principios conceptuais e metodolóxicos fundacionais

De novo aquí usamos o adxectivo último da epígrafe con toda a intención e sen a menor grandilocuencia. Trataremos de os resumir nestes enunciados:

1. A lingua galega precisa dunha gramática que permita o uso xeral a que debe subordinarse o seu estudo. Este principio adquire a maior importancia nun momento académico-universitario en que o

³ Repomos o título orixinal, suprimido o primeiro adxectivo pola editora española, Gredos.

obxecto material, a lingua, servía a un obxecto formal: a dialectoloxía, a etnolingüística, a recolección de falares, con conexión ou sen ela a aquela reposición do uso. “Mais o idioma é una cousa demasiado seria como para ser confiada exclusivamente aos especialistas” (Carballo Calero, 1975), escribirá anos despois, nun deslinde necesario entre estudo académico dialectolóxico e necesidade dunha gramática de uso dunha lingua restaurada.

2. Esta, a lingua rehabilitada, non pode ser o calco da lingua corrompida por unha historia continuada de agrafía e de proscrición oficial. Ha de devolver ao povo utente a xenuidade, a autenticidade perdida pola invasión da lingua oficial do Estado, a través da recuperación das súas formas enxebres, en todos os subsistemas: fonolóxico, morfosintáctico, semántico-lexical.

3. Este labor de reposición ha de ir acompañado da utilización de todas aquelas formas que o galego meridional, isto é, o portugués, puido conservar e arriquecer, ao poder gozar dun estatuto de oficialidade e de institucionalización.

4. Tal necesario diálogo entre os dous codialectos do mesmo sistema non ten nada de artificial nen de artificioso, como consanguíneos que son. O portugués é o galego desenvolvido en liberdade; xenética e tipoloxicamente pertencen ao mesmo sistema lingüístico, como o español europeo e o español americano.

5. Para o galego acadar o rango de lingua normal ha de servir necesidades comunicativas, expresivas e estéticas de forma integral:

Unha língua non pode perpetuar-se se non se exercita, unha língua non pode realizar-se se non se proxecta sobre un mundo real. Hoxe todos, ao parecer, concordamos nisto, mesmo aqueles que, non hai moito aínda, semellaban transixir co galego só como língua literária, cando non só como língua lírica. Teríamos así –nese suposto restritivo– unha língua ritual, reservada, confinada, refreada, conxelada, e, polo tanto, esmorecida, reprimida, asfixiada, acadarmada. E, consecuentemente, unha língua ferida de morte. Unha língua morta, un latin para especialistas, pronto inintelixíbel para o comun dos galegos. Se queremos de verdade que o galego viva, temos que facé-lo viver todas as vivéncias da sociedade actual. Non só as vivéncias estéticas [...], senón

tamén as vivencias do uso coloquial, do uso comercial, do uso notarial, do uso administrativo, do uso relixioso e do uso político. A lingua galega ten que ser a lingua normal dos galegos (Carballo Calero, 1981; Carvalho Calero, 1992: 78-81; García Negro, 2019: 187-190).

6. Un principio absolutamente cardinal para a definición da literatura galega: é tal a escrita en galego. É o idioma –a materia prima desta arte– o que a constitúe. Tal afirmación, presente xa na 1ª edición (1963) da súa *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, acada unha importancia extraordinaria, nun tempo histórico onde, en continuidade coa tradición, esta distintividade non operaba en absoluto como marco diferenciador. Supón, de certo, unha nacionalización da literatura galega e establece unha base epistemolóxica clave de identificación e de auto-afirmación. Ser galego-a escritor-a non se pode ecuacionar a ser escritor-a galego-a. A orde de factores altera o resultado. O criterio filolóxico, pois, revélase da maior importancia para todos os estudos futuros, por riba de caisquer definicións baseadas na nacencia, temática, utilización da Galiza como fondo do cuadro ou como decorado, uso estilístico de galeguismos ou calquer outro criterio até a data usado. A literatura galega serve á lingua galega; válese dela e incrementa a produción cultural nela vehiculada. Esta correspondencia unívoca elimina de vez equívocos como os descritos que non só xebraban a literatura como tal senón a propia identidade do conxunto, da sociedade creadora e receptora desta arte.

Cabo

En 1955, como xa se indicou, publica Carvalho o seu *Sete poetas galegos*, asinado en Lugo en 1953. No mesmo ano de 1955, ve a luz *Aportaciones a la literatura gallega contemporánea*. En 1956, un descarado plaxiario, Francisco Carvajal Capella, publica un libro titulado *Sentimiento y paisaje en la poesía gallega* (A.G.E.S.A., Madrid). É copia íntegra do orixinal de Carvalho (chea de grallas e erros), polo vieiro cómodo, iso si: suprime todas as notas, co cal se garante a mutilación do sentido, e, para maior sarcasmo, permítese incorporar ao final páxina e cuarto absolutamente vouga, balofa, dedicada a “Ricardo Carballo Calero”. A dedicatoria do libro non ten desperdicio: “A los que conocen Galicia y aprendieron a amarla y a los que

un día la conocerán”. El, vese que a coñeceu e tirou proveito aplicadamente. A aquela altura, supomos que as posibilidades de denuncia do furto por parte do damnificado non terían moitas posibilidades de prosperar, tendo en conta a súa situación de privación de dereitos e de liberdade vixiada. Non sen humor, entreverado de estoicismo, o autor referirase a esta usurpación nun artigo de 1980⁴ en que se facía eco dunha outra “captación” de froito da súa colleita, sen cita algunha de autoría, cousa que lembra ironicamente, non para reivindicar dereito nengún, curtido xa ou cicatrizado por apropiacións indebidas maiores.

Citamos a anécdota para ilustrar o comezo dun longo itinerario de débedas a respecto da súa obra non explicitadas, nen recoñecidas nen citadas. Todo individuo que se aproximou ao estudo da lingua e da literatura galega a partir dos anos cincuenta tivo de acudir, *a fortiori*, aos textos carvalhianos. En primeiro lugar, porque eran os que existían, razón de peso onde as haxa. Mais –e isto é o máis relevante– porque eran valiosos, quer dicir, estaban baseados nun traballo de campo, dotados dunha erudición e dun rigor analítico, arrequecidos por unha imponente cultura literaria e histórica xeral que os facía sinxelamente incluíbeis, imprescindíbeis. De por parte, abriron a porta a novas investigacións, a novas achegas e perspectivas, avanzo que el sempre saudou con todo o interese e o afecto.

Neste 2020, que nos dá a oportunidade de volver frecuentar a lectura da súa obra, sería ben que esta fose coñecida, ponderada e valorada nos seus termos e no seu tempo e contexto histórico, non utilizada para desfigurala ou para degradala sen argumentos. Dedicou a Rosalía de Castro, por exemplo, centos e centos de páxinas, co maior entusiasmo e a maior solvencia científica, arredondando o seu rol de primeira escritora galega e de grande galega universal. Facelo reo de anti-feminismo, por tanto, só pode obedecer a burda ignorancia ou a insidia manifesta. Tal especie revela o gosto que algúns galegos e galegas amosan pola práctica do deporte colonizado, o que se comprace na auto-mortificación colectiva e esquece –porque non se toca ou porque se ignora olímpicamente– mostras de misoxinia militante,

⁴ Vid. “De Ítaca a Rianxo”, publicado orixinalmente en *La Voz de Galicia*, 26 de xaneiro de 1980. Incluído igualmente en Carvalho Calero (1992: 52-55) e en García Negro (2019: 180-182).

estas si, de anti-feminismo declarado, de aquí ao lado, ou sexa, da cultura española, tamén asistida por galegos.

Os entregados-as a tal deporte deberían ter algo máis de cultura xeral. Coñeceren, por exemplo, as *doutas* valoracións verbo de sexo feminino dun Gregorio Marañón, un Pérez de Ayala, un Ramón Gómez de la Serna ou do gran pope Ortega y Gasset. E se ollaren para os nados na Galiza, as de Roberto Nóvoa Santos, no cume do prestixio médico e intelectual, por citar só personalidades finadas e non presentes entre nós. Acusar, de por parte, a Carvalho de “canonizar” a literatura galega resulta xa cómico de toda comicidade barata. Que preferiríamos: unha literatura a monte, sen tradición establecida, sen calidades contrastadas, sen documentación? Como, entón, existirían os arrichados mozos (e mozas, agregamos nós) cultivadores hoxe de variadas leiras literarias? Sobre que obras anteriores? Como edificarían a súa rotunda e compacta crítica, se ninguén lles dese pistas antes? Con que materiais construírían o seu elevado perfil egótico se non contasen con antecedentes dos que se afastar ou menosprezar?

En suma, para estar de volta cómpre realizar antes a viaxe de ida. Non só neste campo que nos ocupa, senón en calquer ámbito laboral, profesional ou discursivo que respecte o traballo alleo e a noción de sermos parte dunha diacronía común. Estas páxinas nosas recoñécense debedoras dun maxisterio e dun exemplo que non nos leva a erguer pedestais, senón a intentar emular o labor de servizo a unha causa colectiva, alleo a toda vaidade e honor efémero, como o que caracterizou o escritor a quen se dedica este ano o Día das Letras Galegas.

Bibliografía

- Carballo Calero, Ricardo (1955a): *Sete poetas galegos*. Vigo: Galaxia.
- _____ (1955b): *Aportaciones a la literatura gallega contemporánea*. Madrid: Gredos.
- _____ (1959): *Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía*. Lugo: Celta [existente en aberto na rede da Real Academia Galega].
- _____ (1963 [1ª ed.]): *Historia da Literatura Galega Contemporánea*. Vigo: Galaxia.
- _____ (1966): *Gramática elemental del gallego común*. Vigo: Galaxia.

- _____ (1975): “Castelao e a súa lingua”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, vol. XXXII, fasc. 357, pp. 151-157.
- _____ (1980a): “De Ítaca a Rianxo”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 26 de xaneiro, pp. 52-55.
- _____ (1980b): “Á marxe de Teofrasto”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 13 de marzo, pp. 58-62.
- _____ (1981): “O uso do galego para todo”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 22 de marzo, pp. 78-81.
- _____ (1987): *La fuerza pública en la Universidad de Santiago y otros escritos escolares (1930-1933)*. Sada-A Coruña: Edición do Castro.
- Carvalho Calero, Ricardo (1992): *Umha voz na Galiza*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- García Negro, María Pilar (2019): *Ricardo Carvalho Calero: a ciencia ao servizo da nación*. Santiago de Compostela: Laivento.
- Marco, Aurora (1992): *Foula e ronsel. Os anos xuvenis de Carvalho Calero*. A Coruña: Fundación Caixa Galicia.

Ricardo Carballo Calero na Academia

VÍCTOR F. FREIXANES
(Presidente da Real Academia Galega)

O profesor Carballo Calero ingresou na Real Academia Galega o 17 de maio de 1958. Daquela aínda a institución non ideara a celebración do Día das Letras Galegas, mais o 17 de maio xa era a referencia do noso Rexurdimento, aniversario da primeira edición de *Cantares gallegos*. Esa foi a data escollida polo académico electo para ler o seu discurso de ingreso, que versou precisamente sobre a figura da autora de *Follas novas*: “Contribución ao estudo das fontes de Rosalía”, discurso lido no salón de actos do Pazo Municipal da Coruña. Tampouco a RAG dispoñía entón das instalacións da rúa Tabernas. Ramón Otero Pedrayo, que xunto con Florentino López Cuevillas e Xesús Ferro Couselo asinara a proposta de incorporación do novo académico, encárgase da resposta. Os orixinais de ambos os dous discursos consérvanse nos arquivos da institución.

Hai unha anécdota simpática que o propio Carballo confía a Francisco Pillado Mayor e a Miguel Anxo Fernán-Vello cando o entrevistan no libro *Conversas en Compostela con Carballo Calero*. Respectamos a ortografía da edición: “Eu era correspondente da Academia, cando fun designado numerário”, reconece o entrevistado.

Levara varios anos de correspondente, pero non o sabía. Isto é curioso tamén, pero así ocorria. Eu via que se nomeaban correspondentes ou numerários a diversos escritores galegos, pero eu non figurava entre eles. Mas cando se me designou como numerário, puxo-se de manifesto que xa fazia varios anos que se me nomeara correspondente, pero o secretario ou o presidente da Academia entregara a comunicazon dirixida a min, na que se me participava a designazon, a don Ramón Otero Pedrayo, que seguramente fora o proponente, e don Ramón Otero Pedrayo metera a comunicazon no bolso e non a tirou até que anos depois fun nomeado numerário. De maneira que a min sorprendia-me un pouco que non se acordasen de min, porque se acordaran doutras persoas tan modestas coma min [...] A Academia que eu coñecin era ao principio unha Academia acéfala, porque o seu Presidente era don Manuel Casás, que estaba xa enfermo e retirado da vida pública; como mais vello entre os académicos numerários,

soia exercer as funzóns de Presidente accidental don Manuel Banet Fontenla. E constituían con el a Xunta de Goberno don Francisco Vales Villamarín, que era o secretario, e don Leandro Carré Alvarellos (Fernán-Vello e Pillado Mayor, 1986: 144).

Efectivamente, Carballo Calero fora proposto académico correspondente da RAG sete anos antes: o 17 de xaneiro de 1951, nun escrito asinado polos numerarios José Luis Bugallal, Ramón Otero Pedrayo, Leandro Carré e Francisco Vales Villamarín, e elixido o 19 de abril dese mesmo ano. Mais seica Otero se esqueceu de lle comunicar o acordo.

Con data do 2 de agosto de 1956, Otero Pedrayo envía dende Ourense á RAG a proposta de académico numerario, en nome propio e en representación doutros dous asinantes (Florentino López Cuevillas e Xesús Ferro Couselo), salientando algúns dos méritos do candidato, ao que presentan como poeta, ensaísta e novelista, “ferrolán residente en Lugo, espírito grave e puro, dono e mestre de un fondo senso de galeguidade”. Fai referencia o propoñente á grande impresión que en decembro de 1954 Carballo Calero deixara na Facultade de Filosofía e Letras de Madrid cun “traballo de doutoramento sobre a moderna Literatura Galega”, traballo que formalmente asina como director Santiago Montero Díaz¹. E engade Otero na súa proposición:

Abondaría a lembrada tesis feita con todo o método e finura da mellor crítica para consagrar o nome de Ricardo Carballo Calero si non tivese a pesares da súa xuventude unha fermosa laboura de creación e crítica. Pensemos nos seus volumes de poemas casteláns de mocidade “La soledad confusa” e “Trinitarias”, nos outros e nobres versos galegos dos libros “O silencio axionllado” (1934) e “Anxo de terra” (1950), na rexa laboura xornalística e de ensaio; na “Ollada encol da poesía galega contemporánea” publicada en 1931 está a vixente raíz do fermoso libro “Sete poetas galegos”, de fai un ano ou pouco mais; na novela “A xente da Barreira” onde latexa con arte maxistral e conteñida emoción do tempo e

¹ Santiago Montero Díaz, catedrático na Universidade de Madrid, era ferrolán, como Carballo Calero. Disque foi el quen o animou a facer a tese de doutoramento desenvolvendo algúns traballos arredor de poetas galegos contemporáneos. A tese mereceu a máxima cualificación e obtivo Premio Extraordinario. Publicouna en 1955 a Editorial Gredos, que dirixía Dámaso Alonso, quen formara parte do tribunal.

do decorrer das vidas, a historia de unha xinea de anergo pazo e seus intres... (Arquivo RAG).

Daquela Carballo Calero residía na localidade de Fingoi, hoxe un barrio da cidade de Lugo. Alí xerenciaba a dirección dun colexio privado propiedade de Antonio Fernández López, industrial que pertencera ao Partido Galeguista, cofundador en 1950 da Editorial Galaxia, quen lle proporciona o primeiro traballo estable ao saír do cárcere, entre 1950 e 1965. En carta asinada en Fingoi, con data 20 de maio de 1956, Carballo agradece a Otero Pedrayo a proposta para ingresar na RAG e fai referencia á súa condición de académico correspondente, do que non tiña noticia oficial:

Meu grande e querido Otero: Recibo coa ledicia que sempre me causan as súas novas, a súa carta do 15. Por elas iniciéi o comunicado da Academia sobre o meu nomeamento de membro correspondente da mesma. Vexo que teño unha débeda máis con vostede, cuio nome figura á cabeza dos firmantes da proposta. Reciba a expresión do meu meirande agradecimento. Con esta data escribo ao Segretario da Academia rogándolle que transmita análogos sentimentos aos demáis propoñentes².

Na carta expresa a súa admiración pola obra de Otero Pedrayo, na súa condición de crítico literario anuncia o seu interese por estudala devagar e pide desculpas por non terse ocupado antes dela, obrigado por outras anxeiras, entendemos que relacionadas coa administración do colexio lugués. Despídese cunha “cordial aperta do seu vello amigo”.

Non son menores as gabanzas que o de Trasalba dedica ao ferrolán. Na resposta ao discurso de ingreso na RAG cualifícao de “xoven mestre da nosa cultura”. Carballo veu ocupar a vacante que deixara unha persoa especialmente querida por Otero Pedrayo, o doutor Marcelo Macías García (1843-1941), sacerdote, arqueólogo, que fora profesor profesor seu no instituto de Ourense e a quen Otero dedica unha documentada e sentida biografía: *Vida del doctor don Marcelo Macías y García* (Moret, 1943), dous anos despois do seu falecemento. Pasaran quince anos dende a vacante. A

² Patricia Arias Chachero e Adrián Estévez preparan para a RAG a rica correspondencia cruzada entre Otero Pedrayo e Carballo Calero: máis de 180 cartas, cun estudo complementario de Xesús Alonso Montero. As cartas proceden dos fondos depositados no Parlamento de Galicia, na Fundación Penzol e Fundación Otero Pedrayo.

idea inicial era que ocupase a cadeira o crego compostelán José Couselo Bouzas (1869-1962), pero este nunca quixo tomar posesión e pouco antes da proposta dos valedores de Carballo xa vovera expresar por escrito a súa renuncia. Na varia correspondencia publicada de Francisco Fernández del Riego e Ramón Piñeiro fanse numerosas referencias ás xestións que sobre todo o segundo realizou para conseguir os votos necesarios para Carballo, quen agradece por escrito as atencións nunha carta enviada a Del Riego con data 2 de abril de 1957, poucos días despois da elección. Daquela responde ao seu vello amigo e dille:

Moitas gracias pola túa fraternal felicitación con motivo da miña designación como numerario da Academia. Foi eleito un dos nosos. Iso é a única significación do feito. Colleume a noticia en Santiago. Regresei onte e trouxen comigo unha forte gripe (Vilavedra e Pena, 2006: 198).

A afirmación “foi eleito un dos nosos. Iso é a única significación do feito” dá fe da estratexia que dende había algún tempo viña desenvolvendo o grupo Galaxia, orientado por Ramón Piñeiro, para recuperar a RAG a prol do galeguismo, logo do período difícil da inmediata posguerra. Ramón Otero Pedrayo, presidente da editora, era unha peza moi importante nesta operación, e Carballo Calero asumía disciplinadamente a estratexia do grupo. Antes fixemos referencia á significación do colexio Fingoi e a figura de Antonio Fernández López, o propietario. Daquela o noso autor xa traballaba na *Historia da Literatura Galega Contemporánea* (1963), encomenda que lle fan os compañeiros da editora, igual que posteriormente a elaboración da *Gramática elemental del gallego común* (1966). Ricardo Carballo Calero participa neses anos do núcleo máis activo de ensaístas e estudosos que lideran o proxecto Galaxia, a Fundación Penzol (1963) e o consello de redacción da revista *Grial*³.

O discurso de ingreso na RAG en 1958 foi publicado por Ediciones Celta de Lugo un ano despois da lectura. Está a disposición do público en edición dixital na web da institución e mais en edición impresa (reeditado en 2020). Na introdución, Carballo amosa a súa emoción

³ Vid. Henrique Monteagudo (2008): “Ramón Piñeiro, a Editorial Galaxia e a Real Academia Galega (1950-1962)”, *Grial. Revista galega de cultura*, 177, pp. 98-111.

por entrar a formar parte dunha corporación ilustre, que fai medio século encetaba, baixo a presidencia de Murguía, a súa patriótica tarefa. ¿Qué galego consciente poderá afrontar sen relixioso fervor o trance do seu ingreso nista casa, habitada por tantas inesquecibles lembranzas, santificada por tantas sombras ilustres?

E lembra cando, sendo un raparigo, o seu pai o levaba á Coruña e alí viu a figura histórica de Manuel Murguía:

O meu pai fíxome reparar na figura do patriarca nunha rúa coruñesa. Ben lonxe estaba o cativo de dez anos que eu era, de maxinar que no transcurso do tempo, tiña o home que agora son, de vir a ocupar un posto nas fías que aquel grande home presidiu, incorporando así as miñas minguadas forzas ao pulo daquela poderosa vontade⁴.

Rosalía de Castro foi o motivo central do discurso de ingreso e a Rosalía dedicou o profesor Carballo Calero atención, investigación, horas e moi documentadas páxinas ao longo da súa vida, tanto para ordenar a biografía da escritora, ás veces coa precisión dun arqueólogo, como para analizar a obra e a significación da mesma no discurso da literatura galega e da literatura en xeral. Non foi casual que cando en 1963 a RAG celebra a primeira edición do Día das Letras Galegas, o discurso de referencia, no salón artesoadado de Fonseca, na Universidade de Santiago de Compostela, fose encargado a Ricardo Carballo Calero: unha conferencia sobre os *Cantares* de Rosalía de Castro. Presidiu o acto o reitor da USC, Ángel Jorge Echeverri, e participaron no mesmo catro poetas mozos, que andando o tempo habían ser tamén académicos: Xohana Torres (antiga alumna de Carballo), Carlos Casares, Salvador García-Bodaño e Arcadio López-Casanova (este último actualmente académico de honra). A presentación do conferenciante estivo a cargo de Enrique Moreno Báez, catedrático de Literatura Española, e a continuación organizouse unha procesión cívica dende Fonseca ata a Ferradura que concluíu con novas intervencións e recitados diante do monumento á poeta.

⁴ Ricardo Carballo Calero (1959): *Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía*. Discurso de ingreso na RAG. Resposta de Ramón Otero Pedrayo, p. 9.

A participación de Carballo Calero na vida académica da RAG foi moi intensa dende o seu ingreso ata os primeiros anos 80. Nos arquivos da institución hai documentación gráfica, impresa e manuscrita ao respecto: cartas e tarxetas de cortesía, noticias de actos culturais, publicacións, orixinais de conferencias e discursos, representacións delegadas en actos oficiais, etc. No ano 1959, Carballo publica o seu primeiro traballo no *Boletín da Real Academia Galega* (BRAG): “Un rasgo peculiar da versificación de Carré Aldao” (BRAG, 333-338, pp. 17-23). A derradeira colaboración é do ano 1977: un obituario, “Fermín Bouza Brey” (BRAG, 359, pp. 344-346). En 1961 publica no mesmo *Boletín* o texto do discurso pronunciado na homenaxe a Ramón Cabanillas en Cambados (BRAG, 339-344, pp. 319-327), en 1973 un traballo sobre os sonetos de Noriega Varela (BRAG, 355, pp. 21-30); en 1975 un ensaio titulado “Esquema argumental de ‘Os vellos non deben de namorarse’” (BRAG, 357, pp. 15-20), coincidindo co 25 aniversario do pasamento de Castelao en Buenos Aires; do mesmo ano é “Castelao e a súa lingua” (BRAG, 357, pp. 151-157), e en 1976 outro obituario, en memoria de Victoriano Taibo García (BRAG, 358, pp. 121-128). Todos estes artigos están accesibles na web de publicacións da RAG.

No mesmo *Boletín* os interesados poden acceder a noticias e referencias diversas relacionadas coa persoa de Ricardo Carballo Calero e a súa actividade na institución. A primeira noticia é do ano 1961, coincidindo coa recepción do numerario electo Francisco Fernández del Riego o 26 de novembro do ano anterior. Carballo contestou o discurso de ingreso do seu vello amigo. O acto celebrouse no Círculo de Artesáns da Coruña. No ano 2000 Fernández del Riego, daquela presidente da institución, sería o encargado de escribir a necrolóxica de Carballo (BRAG, 361, páx. 302).⁵

Ademais das colaboracións no *Boletín* da RAG e das noticias referidas á súa persoa ou actividades nas que participou, que recolle o mesmo *Boletín*, Carballo Calero colaborou en numerosos folletos e publicacións promovidas pola Academia. Alén da xa citada “Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía” no ano 1958, preparou en 1966 un *Breviario antolóxico de la literatura gallega contemporánea*, unha escolma da edición luguesa de *D'o ermo*

⁵ A necrolóxica publicouse no número 361 do BRAG, dez anos despois do falecemento de Carballo, porque durante vinte anos o *Boletín* estivo sen editarse. O número anterior, 360, é do ano 1980.

de Antonio Noriega Varela, xunto con Ramón Otero Pedrayo, no ano que se dedicou o Día das Letras Galegas a este poeta (1969); en 1970 a RAG dedicou o DLG a Marcial Valladares Núñez e Ricardo Carballo Calero preparou a edición dunha escolma do seu *Cantigueiro popular*, xunto con Fermín Bouza-Brey, igual que no ano 1972, dedicado a Valentín Lamas Carvajal: escolma poética do homenaxeado realizada en colaboración con Otero Pedrayo.

Como xa sinalamos, en 1960 responde ao discurso de ingreso do seu amigo Francisco Fernández del Riego, “Un país e unha cultura: a idea de Galicia nos nosos escritores”. Nesa resposta Carballo expresa a significación que lle merece a institución á que el tamén pertence como numerario dende 1958. “Se en todo momento constitúe un honor representar á Academia e acoller a don Francisco Fernández del Riego”, escribe

elo me non impide desempeñar coa maior naturalidade as función que se me asinalaron. Somos os homes que con máxima, mediocre ou mínima fortuna vimos dende fai un século nos consagrando á tarefa de auscultar os latexos do corazón de Galicia, membros dunha comunidade espritoal que se estende no tempo como unha grande familia, ao traveso das xeracións e as promocións incesantes⁶.

En 1976 edita unha escolma de poemas de Ramón Cabanillas, tamén con motivo do Día das Letras Galegas, igual que no ano 1978, dedicado a Antonio López Ferreiro. Durante estes anos o académico amósase especialmente activo sobre todo nas celebracións do 17 de maio e na preparación do material que a RAG presenta nestes eventos, en parte pola súa condición de catedrático de Lingüística e Literatura Galega da Universidade de Santiago, cátedra que obtivera por oposición en 1972.

Carballo Calero responde a dous discursos de ingreso na RAG, editados están como tales: o citado discurso de Francisco Fernández del Riego en 1960, e o de Constantino García González o 12 de marzo de 1982, ao que máis adiante faremos referencia (daquela xa asina como Carvalho Calero). Durante o tempo en que participou na institución sumou o seu nome ás candidaturas de varios compañeiros, numerarios e correspondentes:

⁶ RCC. Discurso resposta a Fernández del Riego. Todos estes materiais están en condicións de acceso dixital grauíto na web da RAG en <https://academia.gal/publicacions>.

Álvaro Cunqueiro, que ingresou o 21 de abril de 1963, proposto por García-Sabell, Aquilino Iglesia Alvariño, Otero Pedrayo e Carballo Calero; Xosé María Álvarez Blázquez, asinando a proposta xunto con Fernández del Riego e Fermín Bouza-Brey (ingreso do académico o 28 de novembro de 1964); Ramón Piñeiro, asinando xunto con García-Sabell e Xulio Rodríguez Yordi (ingreso o 25 de novembro de 1967); Basilio Losada, académico correspondente, candidatura promovida tamén por García-Sabell e Ramón Piñeiro (26 de xaneiro de 1969); Xosé María Díaz Castro, académico correspondente (4 de novembro de 1973), asinando a proposta á par de García-Sabell e Ramón Piñeiro, e o xa citado Constantino García González, acompañando as sinaturas de Filgueira Valverde e Casimiro Torres Rodríguez (ingreso o 12 de abril de 1982). En 1972, Carballo, xunto con Francisco Vales Villamarín e Domingo García-Sabell propoñen a Fermín Penzol como académico numerario, mais a proposta foi logo retirada polo delicado estado de saúde do candidato, a quen, nunha xunta ordinaria, o 4 de novembro de 1973, acordouse nomear académico de honra⁷.

A partir do ano 1972 sobre todo, logo que Carballo accede á cátedra de Lingüística e Literatura Galega na Universidade de Santiago, primeiro catedrático na historia da nosa lingua e da nosa literatura nunha universidade galega, a súa actividade oriéntase non só cara á literatura, a crítica literaria e os estudos de carácter histórico, senón cara á lingua. Non tanto dende a perspectiva científica do lingüista, que tamén, mais como sociolingüista, estratego preocupado por establecer unha nova política cara ao futuro do idioma.

Aquí é onde debemos datar as diferenzas ou desacordos cos seus antigos camaradas, compañeiros nas tarefas de resistencia no que os historiadores da nosa cultura denominan “exilio interior”⁸. O grupo Galaxia

⁷ Obsérvase que na estratexia de progresiva incorporación de persoas vencelladas ao galeguismo despois da Guerra Civil, relacionadas co grupo Galaxia, Carballo Calero figura entre os primeiros. Domingo García-Sabell ingresa un ano despois, en 1959. Francisco Fernández del Riego en 1960. Álvaro Cunqueiro en 1963. Xosé María Álvarez Blázquez en 1964. Ramón Piñeiro, que traballou intensamente xunto con Otero Pedrayo para acadar votos de apoio á candidatura de Carballo, ingresa en 1967.

⁸ *Vid.* Ramón Villares (2010): “Heroes calados. As relacións de Luís Seoane con galeguistas do interior. 1946-1960”, *Grial. Revista galega de cultura*, 186, pp. 19-33. A través da

desempeña un papel moi importante neste período. Carballo Calero, como xa salientamos, participa activamente nas estratexias do grupo, o mesmo grupo que contra mediados dos anos 60, unha vez que pon o ramo da súa monumental *Historia da Literatura Galega Contemporánea* (1963), lle encomenda a elaboración dunha gramática útil, un manual práctico para o ensino do idioma (1966). As carencias eran obxectivas e no horizonte empezaba a albiscarse algunha posibilidade de poder actuar a prol do ensino do galego tanto no asociacionismo civil como nalgúns centros escolares con carácter voluntario. Así o contemplaba a chamada Lei Villar Palasí, que introduce esta posibilidade (o ensino das chamadas “linguas vernáculos”) fóra dos programas oficiais⁹.

En varios lugares e en distintas ocasións Carballo salientou este traballo de encarga, encomenda ao servizo da causa do idioma, que asumiu con disciplina, igual que no seu día a elaboración da *Historia da Literatura Galega Contemporánea*¹⁰. Carballo non é un lingüista de formación, aínda menos un gramático. A súa vocación é a literatura e, se acaso, a crítica literaria. Mais a súa vida vén marcada por un inquebrantable compromiso coa causa que asumiu dende os primeiros anos do Seminario de Estudos Galegos, en contacto coa Xeración Nós e integrado no Partido Galeguista. En certa maneira considérase a si mesmo un soldado disciplinado desa razón principal, e a iso se entrega.

Os desacordos prodúcense cando nalgún momento sente que os seus antigos compañeiros, condicionados en gran medida pola aparición de novos traballos filolóxicos, novas demandas e novas xeracións de estudosos da lingua, novas metodoloxías de campo, novas propostas (o Instituto da Lingua Galega créase no ano 1971), deixan de contar con el ou el sente que non lle amosan a consideración que antes lle tiñan. Este capítulo ten datas concretas, mais tamén unha alta dose de subxectividade, crónica

personalidade de Seoane e o seu liderado no exilio americano o autor do artigo salienta a significación neses anos da resistencia galeguista no interior do país.

⁹ Ley General de Educación y Financiamiento de la Reforma Educativa, 14/1970 de 4 de agosto.

¹⁰ Recomendando especialmente dous libros nos que aparecen estas reflexións: o xa citado libro de conversas de Fernán-Vello e Pillado Mayor, e o de Carmen Blanco, *Conversas con Ricardo Carballo Calero*. Vigo: Galaxia [primeira edición 1989; segunda edición 2020].

persoal (mesmo emocional) que non é doado explicitar, nin sequera ás veces documentar. Carballo aparece formando parte nos primeiros anos do Instituto da Lingua Galega. Cando se constitúe o Padroado do ILG (26 de xullo de 1971) o seu nome figura entre os integrantes en representación do Colexio Fingoi e nesa mesma sesión é nomeado secretario. Na mesma xornada fundacional, celebrada no salón reitoral da Universidade de Santiago, elixiuse director a Constantino García González e subdirector a Manuel Díaz y Díaz. Posteriormente, cando Carballo Calero gaña a cátedra de Lingüística e Literatura Galega, é elixido subdirector (26 de xuño de 1972) e Manuel Díaz y Díaz pasa a ocupar o posto de secretario, posto que Carballo asume ocasionalmente en ausencia de Díaz y Díaz. Carballo cesa como subdirector do ILG a pedimento propio o 12 de abril de 1978, sesión na que é nomeado novo secretario Antón Santamarina Fernández, daquela Profesor Agregado de Filoloxía Románica¹¹.

Para aquelas datas xa empezaban a manifestarse diferencias coa nova institución. Alén dalgúns desacordos de carácter persoal ou mesmo xeracional, pois a historia tamén se escribe desta maneira, Carballo considera que a *auctoritas* da RAG en materia lingüística non está a ser abondo valorada, desprazada polos posicionamentos do ILG. De feito, nos anos 1970-1971 a RAG elaborara unhas *Normas Ortográficas e Morfolóxicas do idioma galego*, no novo horizonte de actuación escolar ao que antes faciamos referencia (Lei Villar Palasí). Nesa elaboración participara activamente Ricardo Carballo Calero, formando parte dunha comisión na que figuraban tamén Ramón Piñeiro, Filgueira Valverde e Isidoro Millán. Son as primeiras Normas da Academia. Mais en 1971 o Instituto da Lingua Galega presenta o volume *Gallego 1*, primeiro dunha serie de tres manuais dirixidos ao ámbito educativo (*Gallego 2* e *Gallego 3*). Estamos a falar dos primeiros métodos de carácter didáctico pensados para o ensino da lingua, mais que incorporan solucións ortográficas distintas ás que propoñía a RAG: a contracción /ó/ preferida a /ao/, por exemplo, a segunda forma do artigo /-lo, -la, -los, -las/, fórmulas contractas /prá, pról/, etc. Aínda que Carballo formaba parte do equipo

¹¹ Vid. Francisco Fernández Rei (1991): “O Instituto da Lingua Galega (1971-1990). Contribución á investigación e á normalización do galego”, en Mercedes Brea e F. Fernández Rei (coords.): *Homenaxe ó Profesor Constantino García*, vol. I. Santiago de Compostela: Departamento de Filoloxía Galega. Servicio de Publicacións da Universidade, pp. 15-46.

directivo do Instituto, como vimos mais arriba, as diferencias de criterio son cada vez maiores, o que dalgunha maneira amosa tamén un desacordo entre o ILG e a Cátedra que Carballo representaba. Entre 1974 e 1977 realízanse os primeiros traballos do ambicioso *Atlas Lingüístico de Galicia*, elaborado fundamentalmente por investigadores mozos do ILG, primeiro estudo de campo a prol da realidade viva do idioma con carácter xeneralizado, alén de tesíñas e teses de doutoramento de falas específicas que o mesmo instituto viña desenvolvendo dende anos antes¹².

Paralelamente, a industria editorial (a editorial Anaya, máis concretamente) empeza a salientar a necesidade dunha norma única estable para o sistema educativo, con vistas á elaboración de libros de texto e material didáctico. As demandas eran cada vez maiores, na procura de superar diferenzas. Así naceu a iniciativa das *Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego*¹³, na que participan non só filólogos senón profesores, escritores, xornalistas, activistas culturais, etc. Entre os participantes figuran nas primeira sesións os académicos Ramón Piñeiro, Francisco Fernández del Riego e o propio Carballo Calero. Mais en parte como reacción a esta iniciativa, que aglutina un importante movemento de base, e seguramente desconforme coas opcións finais acordadas, Carballo solicita da RAG que volva editar as Normas do ano 70/71. O conflito establécese sobre estas dúas propostas. Aínda non se formulaban abertamente posicións que hoxe denominamos reintegracionistas ou lusistas. Na terminoloxía de Carballo Calero: ortografía histórica fronte a ortografía demótica.

Instalados na Pre-Autonomía e ante o Decreto de Bilingüismo (1979) que incorporaba o ensino da lingua galega ao sistema educativo non universitario por primeira vez na historia, a necesidade dun acordo

¹² Sobre os traballos éditos e inéditos do ILG *vid.* Constantino García (1978): “Os estudos dialectais do galego”, *Grial. Revista galega de cultura*, 62, pp 458-464.

¹³ *Bases prá unificación das Normas Lingüísticas do Galego. Resume dos seminarios celebrados na Universidade de Santiago de Compostela desde decembro de 1976 a xuño de 1977*. Santiago de Compostela: Ediciones Anaya, edición non venal [xentileza de Ediciones Anaya]. A publicación leva un limiar asinado por Domingo García-Sabell, daquela o presidente da RAG. “Como no seu día fixeran a Academia e mailo Instituto”, escribe, “tamén neste caso se procede con plena conciencia do valor fundamentalmente experimental das normas propostas. De aí a súa atinada flexibilidade como cómpre tratándose dunhas normas que son propostas e non impostas”.

ortográfico presentábase cunha urxencia imposible de adiar. En 1980 a Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia publica unhas *Normas ortográficas do idioma galego* elaboradas por unha comisión presidida por Ricardo Carballo Calero e na que figuraban tamén José Luís Rodríguez (secretario), Xosé Filgueira Valverde, Isidoro Millán e Antón Santamarina, entre outros colaboradores. Era responsable da Consellería de Educación e Cultura, Alejandro Fernández Barreiro. Dos traballos da comisión sae unha norma dupla que, ao non resolver as dúbidas, deixando unha chea de solucións abertas, provoca reaccións no ensino e mesmo posicións duras de desacordo por parte dalgúns participantes cando se fan públicas¹⁴. Para dar cunha solución de consenso a Real Academia Galega e o Instituto da Lingua Galega, as dúas institucións de referencia na materia, inician unha serie de encontros que conclúen nunha proposta aprobada por ambas as partes en sesión conxunta o 3 de xullo de 1982, normas que o goberno galego asume posteriormente con carácter oficial. Carballo Calero non participa nestes traballos, amosa abertamente a súa desconformidade cos acordos e deixa de asistir ás reunións da Academia, aínda que nunca presentou a dimisión.

Nese mesmo ano 1982 ingresa na RAG como numerario o profesor Constantino García, alma e principal animador do Instituto da Lingua Galega. Como xa indicamos, Carballo non só asina a proposta da candidatura (1 de maio de 1979), xunto con Xosé Filgueira Valverde e Casimiro Torres Rodríguez, senón que acepta dar resposta á recepción do novo académico (12 de marzo de 1982), proba da relación existente entre eles, convivencia nas aulas universitarias e mutuo respecto, malia as diferenzas. Certamente eran dúas concepcións da lingua distintas, que se traducen nas propostas de fixación ortográfica e mesmo na postura estratéxica cara ao futuro do idioma. Carballo acolle o novo académico, celebra a súa incorporación, mais non disimula a súa posición diferenciada. Tres meses despois da recepción prodúcese o acordo das normas entre a RAG e o ILG. Revisar os dous discursos, o de ingreso e a resposta, resulta especialmente ilustrativo. Dun xeito tal vez excesivamente simple, a postura de Constantino susténtase na

¹⁴ Vid. Francisco Fernández Rei (2008): “A creación do Instituto da Lingua Galega en 1971 e o desencontro normativo coa Academia”, en X. L. Axeitos, Emilio Grandío e Ramón Villares (eds.): *A patria enteira. Estudos en homenaxe a Xosé Ramón Barreiro*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Real Academia Galega / Universidade de Santiago de Compostela, pp. 985-1009.

identidade da fala, a partir do estudo do coñecemento do idioma vivo na xente. Sen lingua viva non hai futuro. A lingua son, fundamentalmente, os falantes que a manteñen e a realizan. Carballo Calero desenvolve unha posición máis sociopolítica, afirmase na necesidade de non esgazar o idioma das súas orixes, recuperando a idea do galego-portugués, e cualifica a anterior postura de “aerolito isolado” condenado ao fracaso, dadas as características dos tempos que xa entón se adiviñaban (a globalización). Constantino (a súa escola) atende a lingua viva nos falantes, mesmo dende unha perspectiva sincrónica, aquí e agora, para actuar dende esa constatación. Carballo Calero afronta a realidade dende as súas raíces históricas, considerando de xeito moi relevante a tradición literaria, valorando as posibilidades de supervivencia e a proxección internacional que, na súa opinión, presenta a gran familia románica luso-brasileira. Para o primeiro a identidade do idioma afirmase en si mesmo, na soberanía dos falantes (mesmo asumindo os riscos que tal posición comporta). O segundo acaba admitindo que o galego, que nestes momentos xa prefire denominar galego-portugués, non é mais ca unha variante dialectal do gran sistema (a lusofonía), mesmo aceptando que na Galicia están as orixes. Na súa visión o futuro só ten posibilidade se se traballa na integración (reintegracionismo). Visitar de novo estes textos resulta moi ilustrativo.¹⁵

Bibliografía

Arquivo RAG

Blanco, Carmen (1989): *Conversas con Ricardo Carballo Calero*. Vigo: Galaxia.

Carballo Calero, Ricardo (1959): *Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía. Discurso de ingreso na RAG. Resposta de Ramón Otero Pedrayo*. Lugo: Ediciones Celta.

_____ (2006): *Epistolario a Fernández del Riego*, transcripción e edición de Dolores Vilavedra e Montserrat Pena. Vigo: Galaxia.

¹⁵ Outro documento interesante da mesma época é a derradeira carta que Ricardo Carballo Calero escribe a Ramón Piñeiro en setembro de 1982, publicada polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades: *Cadernos Ramón Piñeiro XXXIII. Epistolario Ricardo Carballo Calero-Ramón Piñeiro*, edición de Luís Alonso Girgado, Luís Cochón, Nuria Rouco Aneiros e Xurxo Martínez González. Santiago de Compostela: CRPIH, 2015. Nesa carta Carballo expón ao seu vello amigo non só a súa postura verbo da ortografía, senón as razóns de non participar na comisión que promovía a RAG e o ILG.

- Fernández Rei, Francisco (1991): “O Instituto da Lingua Galega (1971-1990). Contribución á investigación e á normalización do galego”, en Mercedes Brea e F. Fernández Rei (coords.): *Homenaxe ó Profesor Constantino García*, vol. I. Santiago de Compostela: Departamento de Filoloxía Galega. Servicio de Publicacións da Universidade, pp. 15-46.
- (2008): “A creación do Instituto da Lingua Galega en 1971 e o desencontro normativo coa Academia”, en X. L. Axeitos, Emilio Grandío e Ramón Villares (eds.): *A patria enteira. Estudos en homenaxe a Xosé Ramón Barreiro*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Real Academia Galega / Universidade de Santiago de Compostela, pp. 985-1009.
- Fernán-Vello, Miguel Anxo e Francisco Pillado Mayor (1986): *Conversas en Compostela con Carballo Calero*. Barcelona: Sotelo Blanco.
- García, Constantino (1978): “Os estudos dialectais do galego”, *Grial. Revista galega de cultura*, 62, pp 458-464.
- Monteagudo, Henrique (2008): “Ramón Piñeiro, a Editorial Galaxia e a Real Academia Galega (1950-1962)”, *Grial. Revista galega de cultura*, 177, pp. 98-111.
- Villares, Ramón (2010): “Heroes calados. As relacións de Luís Seoane con galeguistas do interior. 1946-1960”, *Grial. Revista galega de cultura*, 186, pp. 19-33.
- VV.AA., (1977): *Bases prá unificación das Normas Lingüísticas do Galego. Resume dos seminarios celebrados na Universidade de Santiago de Compostela desde decembro de 1976 a xuño de 1977*. Santiago de Compostela: Ediciones Anaya [edición non venal].

A Gramática elemental del gallego común e a creación da cátedra de galego na USC, dúas referencias na historia do galego do século XX

MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ
(CRPIH/USC/RAG)

1. A política cultural deseñada por Ramón Piñeiro

O Carballo Calero que chega a Santiago no ano 1965 e que vai publicar a súa *Gramática Galega* no 1966 hai que encadralo, polo que respecta á súa visión do galego, dentro do paradigma que podemos chamar “piñeirista” sobre o que debe ser o galego moderno: unha lingua culta baseada na lingua popular, depurada e dignificada. E isto deféndeo tanto desde unha concepción teórica como desde un posicionamento de fidelidade aos que loitaron polo mantemento da nosa personalidade diferencial, manifestada fundamentalmente por unha expresión lingüística propia. Nesta concepción o galego debe inserirse na modernidade a través de dous procesos: a conversión de lingua oral en lingua escrita e a conversión de lingua rural en lingua urbana. Nesta concepción o portugués non pode ser a variante culta do galego, xa que o galego ten a súa personalidade propia e pode desempeñar todas as funcións dunha lingua: os galegos non están dispostos a renunciaren á lingua propia, e teñen vontade da súa recuperación social.

Dentro do proceso de recuperación e normalización lingüística e cultural galega presente na cabeza e na actuación de Ramón Piñeiro, á parte da actuación política na praxe dos partidos presentes en Galicia no período da transición, e da loita polo recoñecemento dos dereitos do galego no plano legal, figuraban unha serie de accións que consideraba fundamentais, como:

- O esforzo por atraer ós escritores á utilización do galego na súa produción. Sirvan de exemplo neste sentido, a influencia exercida, entre outros, sobre Ánxel Fole, Pimentel, Fernández de la Vega, Cunqueiro ou Pura Vázquez.
- As actividades destinadas a dar a coñecer a existencia do galego no campo internacional (assemblea da Unesco en novembro de 1954, cursos en USA, programa na BBC, relacións con filólogos de Alemaña, Italia e, particularmente, do ámbito lusófono).

- Fomento da tradución de obras estranxeiras ao galego, para mostrar que era unha lingua capacitada para expresar calquera tipo de idea (tradución de Pokorny, Rilke, Heidegger ou da Biblia).
- Necesidade de estudar e dar a coñecer os nosos escritores e a nosa produción literaria, para o que era imprescindible a realización dunha historia da literatura galega.
- Necesidade de estudar o galego de maneira científica, de elaborar unhas normas ortográficas e realizar unha gramática.

Esta última tarefa, a de realizar unha gramática que, vista a priori, podería resultar relativamente doada, vai ser unha empresa ardua e complexa.

2. A situación dos estudos de lingüística galega ata 1965

É xa clásica unha cita de Dámaso Alonso, referida á situación dos estudos de lingüística galega, que di:

... debido al increíble atraso de los estudios de lingüística gallega, esta lengua, en su estado moderno, es casi una incógnita; lo es desde luego, su vocalismo. Falta casi completamente una recogida sistemática de materiales; labor de años (Alonso, 1962: 19).

E, en gran medida, así era. Deixando á parte os estudos etnolingüísticos da escola de Hamburgo (F. Krüger, W. Schroeder, H-K. Schneider e W. Ebeling), continuados aquí esporadicamente por Xaquín Lorenzo, R. Lorenzo, X. Alonso Montero e algún máis, os traballos de lingüística galega realizados con certo rigor redúcense neste momento ás achegas de García de Diego, Dámaso Alonso, X. Luís Pensado, Aníbal Otero e, sobre todo, Alonso Zamora Vicente, amais dalgunha pequena achega sobre cuestións etimolóxicas e onomásticas de Harri Meier, Piel e Moralejo Lasso. Neste mesmo ano 1965, Amable Veiga comeza a publicación dos seus traballos sobre fonoloxía galega.

No ámbito gramatical, a única obra cun mínimo de calidade era a *Gramática* de Saco y Arce. Todas as outras gramáticas quedaban moi lonxe de reunir os requisitos mínimos para poderen ser tidas en consideración máis ca como testemuños históricos que confirmaban a pobreza dos traballos deste tipo. Entre elas, merece ser recordada a *Gramática do idioma galego* de M. Lugrís Freire por estar escrita en galego. A Real Academia

Galega, aínda que tiña entre unha das súas encomendas fundacionais a realización dunha Gramática da lingua galega, non fora quen de cumprir este mandado.

3. A idea dunha gramática do galego

A comezos da década dos 60 do século pasado a RAG trata de poñer en marcha a realización da gramática galega que lle esixían os seus compromisos creacionais, pero encóntrase con serias dificultades para realizala: as persoas que teñen bo dominio do galego e que posúen o xenio da lingua carecen de coñecementos lingüísticos para redactar a obra, e os poucos que teñen formación lingüística ou non son gramáticos ou non teñen un dominio suficientemente profundo da lingua galega. Créase unha comisión de redacción da obra, integrada por Moralejo Laso, Manuel Rabanal e Iglesia Alvaríño, pero en realidade non comezan os traballos. Á vista da situación, a comezos do 1962 Ramón Piñeiro tratará de activar dalgunha maneira os comezos dos traballos, pero, consciente das dificultades da vía iniciada pola RAG, intentarao por outros camiños. Ramón Piñeiro pensa, con moi bo criterio, ao meu ver, que Xosé Luís Pensado Tomé é a persoa máis preparada e máis indicada para realizar a Gramática, e esta é a idea que por esas datas lle transmite a Carballo. Ramón Piñeiro non pensaba a estas alturas na posibilidade de que Carballo escribise unha gramática do galego. E cando o 1 de novembro de 1962 Piñeiro lle escribe a Carballo (que daquela estaba totalmente envorcado na realización da *Historia da Literatura Galega*), para darlle noticia da creación, dentro da Facultade de Filosofía e Letras, da sección de Filoloxía Románica, e de que pensaban nel como futuro catedrático de Lingua e Literatura Galegas, afágalle os oídos cos traballos (uns realizados, outros aínda en curso) que lle servirían de base para a súa promoción a este posto, entre os que menciona a *Historia da Literatura Galega* (coa apostila: *que vai saír, ben oportunamente por certo!*), *Sete Poetas Galegos*, *Aportaciones a la Literatura Gallega Contemporánea*, *Versos ñorados ou esquecidos de Eduardo Pondal* e *As Fontes Literarias de Rosalía* (Alonso Girgado, 2008: 63). Pero nin unha palabra da Gramática nin de ningún estudo de tipo propiamente lingüístico. O día 2 de febreiro de 1962 Piñeiro escíbelle unha carta a Xosé Luís Pensado que reflicte nidiamente cal era a situación nese momento e cal era a idea de Piñeiro:

Os da Real Academia Gallega andan agora moi preocupados co problema da Gramática do noso idioma. Nomearon unha Comisión, hai varios meses, integrada por Moralejo, Rabanal e máis Iglesia Alvariño, encargada de redactar unha Gramática que logo sería sometida a consulta a unha comisión máis ampla, formada por Filgueira, Bouza, Taibo e Carballo Calero. Como morreu Iglesia Alvariño, e como os outros dous ponentes -Moralejo e Rabanal- estaban en Santiago, desináronme a mín pra substituír a Aquilino. Ora, tanto Moralejo como Rabanal, que son dous lingüistas moi ben preparados, consideran que iles teñen un fallo importante: non seren galegos nativos. Ocorre, en cambio, que o único romanista galego con plena responsabilidade científica eres tí. Non sei o que pensas sobre a posibilidade de facer hoxe en día unha Gramática Galega “oficial”, ou seña, da Academia. Gustaríame moito falar longamente contigo diste asunto. De tódolos xeitos, agradézoche que me poñas dúas liñas decíndome a tua opinión. Animaríaste a facer tí a Gramática? Si así for, eu comunicarllo á Academia, que levaría gran alegría (Alonso Girgado *et al.*, 2009: 41-42).

Ramón Piñeiro presenta na RAG un informe sobre a realización da gramática, que é pasado para o seu ditame aos membros da comisión de consulta da gramática, da que formaba parte Carballo. Este dirixe un escrito o 13 de maio de 1962 ao Presidente da RAG no que se mostra contrario á redacción inmediata da Gramática, por considerar que aínda non se teñen os coñecementos necesarios da realidade lingüística para realizala:

Sr. Presidente da Academia Galega: Teño visto o informe sobre a composición dunha gramática galega académica, redactado polo Correspondente don Ramón Piñeiro López, que me foi remitido con data 31 do pasado marzo. Opino que unha gramática galega pode describir a realidade do idioma galego, ou pode configurar o ideal dese idioma. A realidade é algo ouxetivo; o ideal é algo suxeitivo. Estudiar aquéla é unha tarefa científica. Estabelecer íste é unha empresa de política cultural. A primeira función é evidentemente propia da Academia. Verbo da segunda, que pretende a unificación do idioma, ouservo que o normal non é que as Academias unifiquen os idiomas, senón que as Academias rexistren a unificación realizada na lingua literaria por un proceso histórico. Como no caso do galego se non chegou aínda á unificación, sería arbitraria e destinada ao fracaso unha decisión.

Un “decreto de unificación” non sería obedecido, pois as Academias non impoñen os idiomas ao pobo e aos escritores. O pobo e os escritores son os que fan os idiomas, e as Academias son notarios deste feito. A libre competencia impón as formas comúns, a unificación prodúcese empíricamente, e as Academias, cando o feito se realiza, certifican do feito. Como en Galicia o feito se non realizóu, é imposible unha gramática galega normativa. Ísta, hoxe, sería somente a gramática dun novo dialecto galego artificial: o dialecto académico. En troques, se o estado actual do galego impede unha gramática normativa, permite unha gramática descritiva. Esta gramática, altamente desexabre, sería un “manual de dialectoloxía galega”. Como non existe un galego unificado, se non pode compor unha gramática do galego unificado. Pero como existen diversos dialectos galegos, pódese estudar ista realidade. Ao meu ver, pois, o que actualmente debe perseguir a Academia, é a composición dunha gramática descritiva da realidade empírica do galego, ou sexa o manual de dialectoloxía. Pero, naturalmente, pra describir os dialectos hai que estudalos previamente. A materia empírica, témola. O coñecimento científico disa materia, non o temos. Hai que percuralo. Íse é labor dos lingüistas. Ístes han estudar un a un os diversos tipos de galego existentes –e mesmo, se se quer, os arcaicos, rexistados nos textos–; só entón poderá se facer a síntese prevista. Nistas condicións ¿qué papel práctico cabe hoxe por hoxe á Academia? O de fomentar aqueles estudos polos procedimentos máis axeitados. En resume, ísta é a conclusión do señor Piñeiro. No que se pode facer inmediatamente, coincido, pois, con il. Verbo das tarefas posteriores, non poderán ser planeadas con viabilidade mentras non contemos cos supostos asinalados. Daquela será o momento de fixar as posicións definitivas. Isto penso, salvo o superior criterio disa Corporación. Fingoy, 13 de maio de 1962 (Alonso Girgado *et al.*, 2015: 286-287).

4. Da Gramática da Academia á Gramática de Galaxia

Por unhas razóns ou por outras, o caso é que a RAG desiste de poñer en marcha polo momento a realización da Gramática, e é cando, á vista de que Piñeiro non daba atopado o lingüista que se comprometese coa realización da obra, Carballo empeza a darlle voltas á idea de ser el o artífice desta obra, que xa non sería unha empresa da RAG senón un produto da Editorial Galaxia. A comezos do 1964 Carballo comunícalle a Piñeiro que

xa lle está dando voltas na cabeza á Gramática, e que vai pouco a pouco perfilando o seu esquema (carta CC a RP de 27-01-1964).

Carballo afronta a realización da Gramática cunha bagaxe realmente escasa, practicamente reducida aos estudos precedentes sobre o galego, pero moi deficitaria en canto á fundamentación teórica e ao coñecemento da realidade obxecto de estudo. E en abril do 64 anúncialle a Piñeiro que vai empezar a redacción, aínda consciente da súa limitada preparación (mostra especiais reticencias sobre o seu coñecemento da fonética, particularmente do vocalismo átono), porque, se agarda a estar preparado, non podería empezala nunca. Anuncia que se tratará dun traballo modesto e prudente, e que, se supera as gramáticas galegas existentes, xa se deben dar por satisfeitos.

Naquela altura o acceso á bibliografía non era doado, e en repetidas ocasións diríxese a Piñeiro e a Del Riego para que lle consigan algún libro ou algún traballo. É un proceso moi semellante ao que seguiu para a redacción da Historia da Literatura, pero estes interlocutores tiñan menor información lingüística ca literaria, e a súa axuda foi máis limitada. Por exemplo, en carta do 31 de agosto de 1964, Carballo diríxese a Piñeiro nos seguintes termos:

Querido Ramón: En carta que me chegou de Paco, íste me di que por qué non te encárrego a ti de me percurar en Santiago a “Gramática” de García de Diego, pois il non dispón dela e presume dificultades pra outela. Como me dixeches que ti a tiñas, coído que, efectivamente, visto isto, será mellor que ma mandes (Alonso Girgado *et al.*, 2015: 329).

Como facía case sempre, Piñeiro cumpriu puntualmente coa solicitude de Carballo.

É sobre todo Del Riego quen máis o preme para que finalice rapidamente a redacción da Gramática, e disto quéixase a Piñeiro o 2 de maio de 1965 cando este lle solicita o texto dunha conferencia sobre Pimentel para publicar en *Grial*, manifestándolle que non dispón do tempo necesario para escribir o texto da conferencia que impartira oralmente e que necesita todo o tempo para a *Gramática*:

Efectivamente, o voso criterio é que urxe a redacción da Gramática. Éme imposible facer as dúas cousas a un tempo. Xa teño detido o segundo tomo da literatura. ¿Non é o axeitado adicar á gramática

todo o vagar disponible? ¿Ímola demorar máis? Innda dándolle prioridade non sei cándo a podería rematar. Coido que non me debo poñer a outra cousa nistas circunstancias, como non sexan pequenos traballos de urxente actualidade. Se remato a Gramática e a Literatura poderemos nos dar por contentos. Pero á miña idade e co traballado que ando, só concentrándome nisto podo ter algunha esperanza de levalo a cabo. A Del Riego seméllalle que a Gramática debía estar xa feita. I eu non sei cómo apurala, nin cómo mantela nun nivel decoroso en medio de tanta premura (Alonso Girgado *et al.*, 2015: 339).

Cun encomiable esforzo Carballo vaille dando forma ao seu libro, pedindo información e axuda aquí e acolá verbo de temas sobre os que evidentemente non recibira formación e sobre os que tiña unha información relativamente escasa. A finais do ano 1965 diríxese a Rodrigues Lapa para solicitarlle referencias para incorporar á Gramática das principais publicacións sobre gramática histórica portuguesa, pedimento que é atendido por R. Lapa en carta do día 13 de xaneiro de 1966, na que lle recomenda sobre todo a *Gramática histórica portuguesa* de José J. Nunes (Lisboa: Liv. Clássica Editora), dicíndolle que é o libro de uso nas Facultades de Letras, e a *Crestomatia arcaica*, do mesmo autor e editor. E como outras obras de interese: o *Altportugiesisches Elementarbuch* de Joseph Huber (Heidelberg: Carl Winter, 1933), que ten un capítulo sobre sintaxe, e o *From Latin to Portuguese* de Edwin B. Williams (Philadelphia: University of Pennsylvania Press, 1938). Para a sintaxe, ademais da obra de Huber, recoméndalle a *Gramática histórica da língua portuguesa* do brasileiro M. Said Ali (São Paulo: Companhia Melhoramentos) e, sobre todo, o libro basilar de Augusto Epifânio da Silva Dias, *Sintaxe histórica portuguesa* (Lisboa: Liv. Clássica Editora).

5. Entre nós estas cousas sempre son útiles

O ano 1965 Carballo deixa o Colexio Fingoi de Lugo e trasládase a Santiago para dar clases como profesor agregado no Instituto feminino Rosalía de Castro, e ocuparse tamén das clases de lingua e literatura galegas na Facultade de Filosofía e Letras da USC, e será aquí onde lle poñerá cabo á súa *Gramática* que verá a luz na editorial Galaxia en Vigo o 1966.

Non coñecemos cal era o plan inicial da Gramática, pero probablemente a necesidade práctica de contar cun manual para o ensino

nas súas clases universitarias de lingua galega contribuíu a que a obra, ao longo das súas distintas edicións, a pesar do seu título de *Gramática elemental del gallego común*, sexa en realidade un manual polifacético de lingüística galega, no que se ofrece un amplo abano de informacións que dificilmente encaixan co que se entende por unha gramática: diversos vocabularios, textos literarios, listas de referencias bibliográficas sobre historiografía da lingua galega, capítulos de dialectoloxía e historia da lingua etc.

Carballo consúltalle a Piñeiro a conveniencia de incorporar á Gramática un pequeno vocabulario¹, ao que Piñeiro lle responde o 1 de febreiro de 1964: “Non me parece mala idea a de lle poñer un vocabulario como apéndice. Entre nós esas cousas sempre son útiles” (Alonso Girgado, 2008: 76). A obra de Carballo tratou de dar conta daqueles coñecementos que consideraba que deberían posuír os estudantes universitarios sobre a lingua galega.

6. O castelán ao fondo

Tense dito moitas veces que Carballo continuou, non só no momento inicial da súa primeira edición, senón ao longo de toda a vida editorial da obra, co lastre arrastrado desde o século XIX da consideración da gramática galega como subsidiaria da castelá. Subsidiariedade que se manifesta fundamentalmente en dous aspectos: na utilización do castelán como lingua vehicular, e en obviar o estudo de parcelas da gramática galega que coinciden co castelán. A utilización do castelán como lingua vehicular pode deberse a diversas razóns: a que unha boa parte dos usuarios non coñecen a lingua galega e acceden a esta a través do coñecemento que teñen do castelán, ou a que as circunstancias sociopolíticas do momento aconsellaban a presentación en castelán. A primeira non parece xustificarse,

¹ En carta de 27-1-1964: “Ando dándolle voltas na cachola á Gramática, e vou pouco a pouco perfilando o seu esquema. ¿Paréceche que debería ou non levar ao final un vocabulario de galego básico? De momento teño que botar fora o traballo de antoloxía que me encomendóu a Academia. Dáme dabondo que facer coas traducións, que non sempre son doadas. Verdadeiramente, non sei cando poderéi facer de todo o que me comprometo a facer. A miúdo caio na desesperación, cando os asuntos do Colexio complícanse en forma que non podo pensar noutra cousa que neles, e inda así apenas me é posíbre lles facer frente: canto máis a todas istas empresas científico-literarias ás que me deito [*sic*]” (Alonso Girgado *et al.*, 2015: 323).

se se considera que é un manual pensado de maneira especial, aínda que non unicamente, para o ensino universitario, e polo tanto para persoas que na súa gran maioría non deberían ter grandes dificultades para comprender o galego. A segunda podería ter xustificación nas primeiras edicións, pero xa non posteriormente cando empezaron a proliferar e circular con normalidade todo tipo de estudos lingüísticos e non lingüísticos escritos en galego.

Menos comprensible pode resultar a dependencia e subsidiariedade con respecto ao castelán con que se afronta o estudo dos diversos temas gramaticais: o galego non é descrito como unha lingua autónoma, senón unicamente naqueles aspectos en que supostamente difire do castelán. O modelo lingüístico é o do castelán, e o galego estúdase por contraste con esta lingua, como se dunha variedade dialectal se tratase. Isto explícatoo con toda claridade na introdución da 1ª ed. da obra de 1966:

A tales efectos, habrá de ser tenido en cuenta que la obra se dirige a quienes tienen por lengua natal o escolar el español oficial. Se supone, pues, que el lector conoce la gramática castellana, y la lengua española es el término de referencia de nuestro estudio (p.16 da Introducción da 1ª ed. de 1966).

E reincide no tema no “Prólogo a la cuarta edición” de 1974, onde di:

Unos y otros [alumnado de Lingua Galega na Facultade de Filosofía e Letras e nas Escolas Universitarias, e os futuros profesores de EXB], así como las demás personas cultas que manejen este libro, conocen el español oficial, que es su lengua escolar, y por lo tanto poseen nociones gramaticales más o menos profundas de dicha lengua. Partimos de ese supuesto, y, a causa de ello, en general, omitimos la reiteración de lo que es común a la estructura de las dos lenguas, y la española es el término de referencia de nuestro estudio (Carballo Calero, 1974b: 8).

7. Unha gramática fóra do seu tempo?

Tense dito tamén algunhas veces que a *Gramática elemental del gallego común* era unha obra que non estaba en consonancia co desenvolvemento dos estudos lingüísticos do tempo en que foi publicada.

En 1966, cando sae a primeira edición da Gramática, a doutrina de Saussure era xa coñecida en todo o mundo; os principios das descrições fonolóxicas da Escola de Praga estaban xa moi difundidos (a obra magna de Trubetzkoi, os *Grundzüge der Phonologie* fora xa publicada a título póstumo no ano 1939, e desde 1949 existía unha edición en francés); Hjemlev e Uldall elaboraran en 1935 a doutrina da glosemática, e en España a estas alturas Alarcos Llorach xa aplicara ao castelán os principios do Círculo lingüístico de Copenhague. Tamén é verdade que cando se publica a Gramática xa levaban moitos anos circulando para o castelán obras como a *Gramática de la lengua castellana* (1847) de Andrés Bello, o *Manual de gramática española* (1930) de Rafael Seco, o *Curso superior de sintaxis española* (1943) de Samuel Gili Gaya, a *Gramática Española* (1951) de Salvador Fernández Ramírez, a *Fonología española* (1950) e a *Gramática estructural* (1951) de Alarcos Llorach, todas elas obras dunha consistencia científica moi superior. Neste contexto enténdese que haxa quen pensara que a Gramática de Carballo no momento da súa aparición no ano 1966 era unha contribución anacrónica. Pero non podemos esquecer que Carballo partía dunha situación de inferioridade tanto en canto á formación en lingüística xeral, como en canto ao coñecemento da realidade do galego do momento. Tiña unha certa formación lingüística tradicional, certamente moi superior á de todos os autores das gramáticas galegas anteriores, tiña un certo coñecemento das variedades dialectais da lingua, e tiña un coñecemento relativamente profundo da lingua literaria. E estes foron os vimbios cos que construíu a súa obra, que en todo caso supuxo un avance considerable con respecto a todo o anterior, realizada cun enorme esforzo que todos debemos saber apreciar na súa xusta medida. En certo sentido, Carballo significou a culminación dun ciclo, dunha tradición; e os futuros estudos gramaticais do galego realizaríanse xa sobre outras bases e outros métodos aos que Carballo é alleo.

8. A cátedra de galego

Non é aquí o lugar de describir o proceso que levou á creación da cátedra de Lingüística e Literatura galega. En carta de 18 de xaneiro de 1963 Piñeiro comunicalle a Carballo que a Xunta de Facultade de Filosofía e Letras da USC acordara solicitar a cátedra de galego, e que el era o candidato escollido:

Hai poucos días celebrouse xunta de Facultade pra cumprimentar unha petición do Ministerio: sinalar, por orde de preferencia, as cátedras que se deberán dotar na nova Sección de Románicas, indicando, ademáis, nomes das persoas que están en condicións de aspirar a ocupalas. Propuxéronse precisamente dúas cátedras: Filoloxía Románica e Língua e Literatura Galega. Con relación á primeira, deuse o nome de Lourenzo; prá segunda, deuse o teu nome. Nise intre o profesor Lucas informou ós seus compañeiros de que o Filgueira xestiona o desglose en dúas cátedras, unha de Língua i outra de Literatura, con miras a optar il á de Literatura, pois no caso de ser unha soia cátedra renunciará a pretendela (nós xa o sabíamos por vía Dámaso Alonso). A reación do Decano foi rotunda no senso de refugar a pretensión desglosada do Filgueira, parecer que compartiron todos, así que decidiron pedir a dotación dunha soia cátedra de Língua e Literatura Galega (Alonso Girgado, 2008: 64).

O caso é que no ano 1965 ponse en marcha esta cátedra na Facultade de Filosofía e Letras da USC e faise cargo dela de maneira interina Ricardo Carballo Calero. Diversas materias de lingua e de literatura galegas comezan a impartirse con regularidade para os estudantes de diversas titulacións, tanto de Filoloxía como de Historia. No curso 1965-66 encargouse por primeira vez da materia de Língua e Literatura Galega, que se impartía en 5º curso da sección de Filoloxía Románica, e das aulas de Língua e Literatura Galaico-Portuguesa Medieval, optativa para os de 4º curso da sección de Historia. En anos posteriores, o número de materias incrementábase a tres, que podían cursar tanto os alumnos da sección de Románicas (subsección de español e francés) coma os de Historia: unha de Língua Galega en terceiro curso, outra de Língua e Literatura medievais en cuarto, e outra de Literatura moderna en quinto.

Carballo non só se encargou persoalmente da impartición da docencia, tivo que realizar tamén o esforzo de preparar os programas desas materias, programas que era das poucas persoas en Galicia que estaba capacitado para elaborar. Independentemente do maior ou menor acerto neste labor, ese é un esforzo de gran mérito, que lle debe agradecer a filoloxía galega. Carballo foi quen, persoalmente, deseñou os contidos e impartiu as ensinanzas das primeiras promocións universitarias que tiveron

a oportunidade de entrar en contacto coa lingua e literatura galegas na Universidade de Santiago. E este é un feito histórico. A situación cambiou cando en 1977 se crea, por orde de 30 de xuño de 1977, dentro da sección de Filoloxía Hispánica, a subsección de Galego-portugués, coas seguintes materias de tres horas lectivas semanais:

Cuarto curso: Historia e dialectoloxía do español, Lingüística Románica 1, Literatura Galega 1, Historia e dialectoloxía do galego e portugués 1, Lingua portuguesa 1.

Quinto curso: Lingüística Románica 2, Literatura Galega 2, Historia e Dialectoloxía do galego e portugués 2, Lingua portuguesa 2, Literatura portuguesa (BOE núm. 223, de 17 de setembro de 1977).

No ano 1972, co apoio de todo o galeguismo cultural, Carballo realiza as oposicións para ocupar con carácter de numerario a cátedra que viña desempeñando desde o 1965. Como mostra do ambiente sirva a carta que lle envía Ramón Piñeiro a Pilar Vázquez Cuesta o día 31 de xaneiro dese ano:

Hoxe estará ahí o Carballo iniciando o seu concurso. Confío en que non haberá grandes dificultades para el, porque ten obra, ten preparación, ten dotes expositivas e vai ser xuzgado por un tribunal solvente. Nesas condicións, a cadeira debe de ser para el. Eu irei ahí cando sexan os exercicios, que supoño serán dentro de dez días, así que xa nos veremos (Alonso Girgado e T. Monteagudo, 2003: 117).

A creación da cátedra de galego na Universidade espertou un enorme interese porque debía supoñer un cambio cualitativo na situación dos estudos de lingua galega e unha punta de lanza no aprecio social da lingua e na mellora do seu estatus social. Á parte da impartición da docencia das materias regradas, esperábase da cátedra de galego:

a) Que fose quen de crear unha escola de lingüística galega: aglutinar un grupo de novos investigadores que lograra que a situación do estudo do galego da que se lamentaba Dámaso Alonso fose cousa do pasado. Era totalmente imprescindible unha planificación urxente dos estudos de descrición da lingua galega en todos os planos lingüísticos (no fonético e fonolóxico, no morfosintáctico, no léxico semántico) ao longo de todo o territorio, que permitise ter

un coñecemento global da realidade do galego actual. Era necesario facer unha planificación dos estudos de gramática histórica do galego, de historia da lingua, de onomástica, de sociolingüística.

b) Que tivese capacidade para atraer as mentes máis lúcidas do alumnado da Facultade de Filoloxía para a causa do galego. Para iso necesitábase capacidade de traballo en equipo e dotes de dirección para formar esa mocidade e ilusionala cun proxecto de futuro.

c) Que removese as ascuas e fose un facho que alumase os estudos de lingua galega na Real Academia Galega, sumida nun ostracismo que naquela altura a distanciaba moito de ser a Institución que orientase con principios sólidos sobre a norma do galego.

d) A cátedra de galego debería ser a institución que dese a coñecer no ámbito da romanística a existencia e a realidade da lingua galega, cos seus problemas, pero tamén coas súas potencialidades. Para iso facía falla ter capacidade de irradiación e contactos, especialmente cos romanistas europeos. Para elevar o nivel de recoñecemento internacional da lingua galega cumpría lograr que os romanistas de recoñecido prestixio se achegasen ao galego, o estudasen e o recoñecesen.

e) Nun momento en que o réxime franquista estaba no seu ocaso, e no que se enxergaba unha nova situación máis favorable ao recoñecemento da realidade plurilingüe do Estado español, da cátedra de galego esperábase un forte activismo cultural e iniciativas e actuacións en demandas que estaban a flor de pel nos sectores sensibilizados da cultura galega:

— de cara a lograr a presenza do galego nos distintos niveis do sistema escolar, e promover, mentres que isto non se conseguise, cursos de galego con carácter voluntario destinados ao alumnado;

— de cara a proporcionarlle ao profesorado interesado a capacitación mínima para poder exercer este ensino;

— de cara a elaborar ou, polo menos, promover a preparación de materiais didácticos axeitados que servisen de base para o ensino do galego;

— de cara a incidir na creación e dotación doutras cátedras de galego en niveis docentes fundamentais (como as escolas de maxisterio);

- de cara a facilitar a utilización do galego na actuación de estamentos cunha forte incidencia social naquel momento, como a igrexa;
- de cara a lograr un progresivo recoñecemento dos dereitos da lingua galega na lexislación.

Por razóns de diversa índole a cátedra de galego moi pouco puido facer ante estes desafíos urxentes e perentorios. Pero Carballo Calero non foi alleo á cobertura dalgunha destas necesidades. Carballo é o principal responsable da redacción das *Normas ortográficas do idioma galego* do ano 1970 da RAG e do complemento morfolóxico que esta institución aprobaría o ano seguinte. A este complemento morfolóxico refírese Piñeiro en carta a Rafael Dieste do 30 de xuño de 1971:

Coido que terás no teu poder copia da proposta que o Filgueira, o Carballo e mais eu enviamos á Academia con miras á unificación morfolóxica da lingua, proposta que se discutirá na sesión do día 4. Unha copia desta proposta démoslla a Isidoro Millán –académico electo e competente lingüista–, quen, despois de téremos enviado a nosa proposta á Academia, suxeriu unhas modificacións moi interesantes ao texto da Norma 2. Pedinlle que as formulase por escrito e prometinlle cursalas oficialmente, pois con toda sinceridade penso que acaran, precisan e melloran o texto da nosa proposta nese punto concreto. Como conoces o texto da proposta e non o da enmenda de Millán, coidei interesante enviarche unha copia, por si consideras oportuno pronunciarte sobor do seu contido (Alonso Girgado e T. Monteagudo, 2003: 85).

Ao meu parecer, estas normas, a todas luces esquemáticas, están feitas con bastante sentido común, aínda que con escaso coñecemento técnico², son fundamentalmente unha plasmación das que viña utilizando a editorial Galaxia nas súas publicacións. As Normas do 1970 limítanse practicamente a tratar o abecedario, o acento e as contraccións, cun punto IV, que leva por título *A norma supletoria*, que incide unha vez máis no carácter de dependencia con respecto ao castelán: “Nos casos non previstos

² Unha mostra evidente disto é a mestura de fenómenos morfolóxicos e fonéticos que se ofrece nas normas morfolóxicas: problemas como o resultado dos grupos latinos CL-, PL-, FL-, ou a variación dialectal dos ditongos *oi-ui*, *ou-oi*, ou o resultado do grupo latino -CT-, ou os resultados do grupo -PL- nada teñen que ver coa morfoloxía.

nestas normas, serven de supletorias as usuás na ortografía castelá” (p. 18). E *Algunhas normas para a unificación morfolóxica da lingua galega* do 1971 só se ocupan de 15 puntos. As propostas, aínda que básicas, son en xeral atinadas e, na súa maioría, seguen vixentes no modelo normativo actual: utilización do grafema *x* para a representación do fonema fricativo, prepalatal, xordo; non utilización do apóstrofo; emprego na escrita exclusivamente dos morfos *o, a, os, as* (prescindindo da serie *-lo, -la, -los, -las*, que quedan como potestativas na fala); representación mediante *ao* do encontro da preposición *a* co artigo *o*; formación do plural en *-ns* dos nomes acabados en *-n* (*leóns, curmáns*); formación do plural dos nomes agudos acabados en *-l* tipo *curraís, papeis*; solución *-án* para os continuadores do sufixo latino *-ANU* (*irmán*); solución *-á* dos continuadores do sufixo latino *-ANA* (*irmá*); resultado *-bel* para os continuadores do sufixo latino *-BILE*, aínda que se admite *-ble* para as palabras de incorporación moderna; aglutinación do pronome *lles* cando vai seguido de pronome *o, a, os, as* en *llelo, llela, llelos, llelas*; resultado *-ou, -eu, -iu* respectivamente para a terceira persoa do singular do pretérito dos verbos en *-ar, -er, -ir*.

Carballo non quixo ou non puído constituír un círculo consistente de investigadores no seo da cátedra de galego, pero hai que valorar achegas de indagación persoal sobre diversos aspectos da linguística galega, entre as que podemos salientar *Particularidades morfológicas del lenguaje de Rosalía de Castro* (Santiago: USC, 1972), “La constitución del gallego como lengua escrita” (*Verba*, 1, 1974a: 31-40) ou “Testemunhos gráficos do galego *decer* ‘dizer’” (*Verba*, 5, 1978: 101-112). Algúns destes traballos, nalgúns casos reelaborados, volveunos a publicar xunto con outros artigos xornalísticos e doutro tipo nos volumes misceláneos *Problemas da Língua Galega* (Lisboa: Sá da Costa, 1981), *Da Fala e da Escrita* (Ourense: Galiza editora, 1983) e *Do galego e da Galiza* (Santiago: Sotelo Blanco, 1990).

No ano 1971 créase oficialmente o Instituto da Lingua Galega, pero xa no ano anterior se empezara a preparar dentro do Departamento de Filoloxía Románica da USC o primeiro volume dun método de galego, redactado en castelán, que levará como título *Gallego 1*, que vai ser a obra de presentación en sociedade do ILG (no 1972 e 1974 editaranse, xa en galego, os volumes 2 e 3). Este método vai presentar certas diverxencias con respecto ás Normas da RAG, sobre todo na selección de determinadas variantes

morfolóxicas e léxicas e na acomodación de cultismos (aspecto que non se trataba nas *Normas* da RAG). Carballo non participa na redacción destes manuais, pero forma parte do Comité consultivo da obra ao que se lle pediu parecer sobre as opcións lingüísticas tomadas, comité no que participaban tamén, entre outros, Zamora Vicente, Otero Pedrayo, J. L. Pensado, Filgueira Valverde, M. Díaz y Díaz, Isidoro Millán, Fernández del Riego, Ramón Piñeiro, Xaquín Lorenzo, Álvarez Blázquez, Valentín Arias, Basilio Losada, X. M. Beiras, Franco Grande, X. Ferro Couselo, Manuel María, Antonio Fraguas, Manuel Rabanal... Carballo é un dos participantes na reunión que ten lugar o 20 de marzo de 1971 na que se discuten os problemas sobre os que se lle pedira parecer respecto ás opcións ortográficas e morfolóxicas. Polo tanto, Carballo participou como experto na toma de decisións das opcións ortográficas e morfolóxicas que adoptou o ILG no momento de elaborar os seus manuais; e mesmo chegou a ocupar postos de relevancia dentro da institución, tal como moi ben relata Francisco Fernández Rei (1991: 16):

Na sesión fundacional de [26 de] xullo de 1971 o Patronato propuxo como director do ILG a Constantino García González, que o foi ata outubro de 1990, como subdirector a Manuel C. Díaz y Díaz, Catedrático de Filoloxía Latina e como secretario a Ricardo Carballo Calero, representante do lucense Centro de Estudos Fingoi. Despois de que este profesor fora nomeado por oposición Catedrático de Lingüística e Literatura Galega, na sesión de 26 de xuño de 1972 o Patronato propúxo como vicedirector, pasando Díaz y Díaz a desempeñar as funcións de secretario do ILG, aínda que R. Carballo Calero tamén se ocupou ocasionalmente de facer de secretario en ausencia de Díaz.

As solucións adoptadas finalmente diferían nalgúns aspectos das normas da RAG, diferenzas que foron magnificadas e que crearon a percepción social da existencia de dúas normas enfrontadas.

No ano 1976, cando inda non pasara un ano da morte de Franco e se vía vir un cambio democrático que abría nalgunha medida as portas para que o galego, o catalán e o éuscaro tivesen algún tipo de recoñecemento oficial, cumpría ter o problema normativo resolto. A conciencia deste problema levou á convocatoria duns seminarios de debate normativo, coa pretensión de lograr a unificación na ortografía e nas solucións morfolóxicas para o modelo estándar da lingua galega. Estes seminarios tiveron lugar entre decembro

de 1976 e xuño de 1977 na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, como resultado dunha convocatoria aberta feita a lingüistas que se ocupaban do estudo do galego, institucións como a Real Academia Galega, o Instituto da Lingua Galega ou a Fundación Penzol, profesores, escritores, políticos galeguistas, sociolingüistas e militantes do galeguismo cultural. Estes seminarios culminarían coa publicación das *Bases prá unificación das Normas lingüísticas do galego* (Madrid: Anaya, 1977). Carballo participou nestas xuntanzas, se ben é certo que cun papel bastante secundario: non me acordo, e non faltei a ningunha das reunións, de que presentase algún estudo ou informe sobre os problemas que se ían tratando cada semana, segundo o programa de traballo que se deron os propios participantes.

Moitas das tarefas ás que me referín esperables da actuación da cátedra de galego que acababa de ser creada na USC foron asumidas polo Instituto da Lingua Galega, e Carballo na primeira etapa tivo, como vicedirector e como secretario do Padroado, certa participación nas actividades desta institución. Pero, por razóns diversas, pouco a pouco foise arredando do ILG –aínda que seguira mantendo unha relación cordial co seu director Constantino García–, e a súa concepción da lingua na etapa final da súa vida seguiu outras derrotas suficientemente coñecidas, e que non son obxecto da miña análise.

9. Conclusións

Carballo Calero foi unha das grandes personalidades da Galicia do século XX, que incidiu en diversos aspectos da vida política, social e cultural de Galicia. Probablemente a faceta de lingüista non sexa a máis transcendental da súa actividade, pero así e todo ocupou unha posición nuclear na lingüística galega do terceiro cuarto do século XX, como primeiro catedrático de Lingüística e Literatura Galega da daquela única Universidade de Galicia, como autor dunha *Gramática*, que foi o método de referencia para moitos estudantes universitarios desde o momento da súa publicación no ano 1966 ata a década dos 80, e como principal responsable das primeiras Normas da RAG no ano 1970. Non podemos esquecer as condicións nas que traballou e o enorme esforzo que despregou en todas as súas actividades: tanto a *Historia da Literatura Galega* como a *Gramática* foron obras realizadas cunha insuficiencia evidente de medios, que soubo suplir con esforzo e con

vontade de ferro. Este esforzo ao servizo da cultura galega, xunto co seu compromiso con Galicia manifestado ao longo de toda a vida, é o que temos que agradecer a esta personalidade que ocupa un lugar principalísimo na Galicia do século XX.

Bibliografía

- Alarcos Llorach, E. (1950): *Fonología española*. Madrid: Gredos.
- _____ (1951): *Gramática estructural*. Madrid: Gredos.
- Alonso, D. (1962): *La fragmentación fonética peninsular, Enciclopedia Lingüística Hispánica (ELH)*, suplemento ao vol. 1. Madrid: CSIC.
- Alonso Girgado, L. e T. Monteagudo (2003): *Cadernos Ramón Piñeiro II. Ramón Piñeiro: cronobiografía e cartas*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- Alonso Girgado, L., M. Cuquejo Enríquez e C. Fariña Miranda (eds.) (2008): *Cadernos Ramón Piñeiro V. Cartas de Ramón Piñeiro a Ricardo Carballo Calero*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- Alonso Girgado, L., E. Abal Santorum e A. Cillero Prieto (eds.) (2009): *Cadernos Ramón Piñeiro XII. Cartas de Ramón Piñeiro a José Luis Pensado*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- Alonso Girgado, L. et al. (eds.) (2015): *Cadernos Ramón Piñeiro XXXIII. Epistolario Ricardo Carballo Calero-Ramón Piñeiro (Historial dun libro)*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- Bello, A. (1847): *Gramática de la lengua castellana destinada al uso de los americanos*. Santiago de Chile: Imprenta del Progreso.
- Carballo Calero, R. (1966): *Gramática elemental del gallego común*. Vigo: Galaxia.
- _____ (1972): *Particularidades morfológicas del lenguaje de Rosalía de Castro*. Santiago: Universidad de Santiago de Compostela.
- _____ (1974a): “La constitución del gallego como lengua escrita”, *Verba*, 1, pp. 31-40.
- _____ (1974b): *Gramática elemental del gallego común*. Vigo: Galaxia, 4ª ed.
- _____ (1978): “Testemunhos gráficos do gallego *decer* 'dizer'”, *Verba*, 5, pp. 101-112.

- _____ (1981): *Problemas da Língua Galega*. Lisboa: Sá da Costa.
- _____ (1983): *Da Fala e da Escrita*. Ourense: Galiza editora.
- _____ (1990): *Do galego e da Galiza*. Santiago: Sotelo Blanco.
- Editorial Anaya (1977): *Bases prá unificación das Normas lingüísticas do galego*. Madrid.
- Fernández Ramírez, S. (1951): *Gramática española. Los sonidos, el nombre y el pronombre*. Madrid: Revista de Occidente.
- Fernández Rei, F. (1991): “O Instituto da Lingua Galega (1971-1990). Contribución á investigación e á normalización do galego” en M. Brea e F. Fernández Rei (eds.), *Homenaxe ó profesor Constantino García*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago, t. 1, pp. 15-46.
- García de Diego, V. (1909): *Gramática histórica gallega*. Burgos: Hijos de Santiago Rodríguez.
- Gili Gaya, S. (1943): *Curso superior de sintaxis española*. México: Minerva.
- Lugrís Freire, M. (1922): *Gramática do idioma galego*. A Cruña: Imp. de Zincke Hermanos.
- Real Academia Gallega (1970): *Normas ortográficas do idioma galego*. A Cruña: Moret.
- _____ (1971): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. A Cruña: Moret.
- Seco, R. (1930): *Manual de gramática española*. Madrid: C.I.A.P.
- Troubetzkoy, N. S. (1939): *Grundzüge der Phonologie. Travaux du Cercle Linguistique de Prague, 7*. Prague: Cercle Linguistique de Prague.
- _____ (1949): *Principes de Phonologie*, traduit par J. Cantineau. Paris: Klincksieck.

O gume dos ciclos. Unha visión da narrativa de Carvalho Calero

MARIO REGUEIRA
(Escritor/Investigador)

Ricardo Carvalho Calero (Ferrol, 1910-Compostela, 1990) forma parte dunha xeración cultural tronzada, a mesma que participa do activismo político universitario en organizacións como a Federación Universitaria Escolar (F.U.E.), ao tempo que artella unha proposta galeguista en varias fronte: a cultural, coa fundación do Seminario de Estudos Galegos, e a política que, no contexto da II República, sentará as bases do Partido Galeguista. O propio Carvalho Calero gustaba de considerarse parte desta Xeración do Seminario, un grupo que, alén da súa inesperada mala fortuna posterior, simbolizaba naquel momento o madurecemento dunha alternativa galeguista sólida e moderna, unha xeración, como vemos, moi vinculada aos estudos superiores e que apostaba por considerar a Galiza como o centro dos seus proxectos futuros. O ferrolán realiza en Santiago de Compostela dúas licenciaturas, unha práctica relativamente frecuente na época: a de Dereito e a de Filosofía e Letras. O azar quere que a Guerra Civil o sorprenda en Madrid, a onde se desprazara para realizar as oposicións para docente relacionadas con esta última titulación a que, máis aló do traballo que xa realizara como auxiliar administrativo para o Concello de Ferrol, parecía centrar a súa vocación principal. É este feito o que lle depara unha experiencia bélica singular dentro do galeguismo, dentro dun batallón de milicias vinculado á U.G.T., con experiencia de combate directa (en contraposición ao que acontecía na Galiza, onde o levantamento dá paso case sen transición a unha dura represión), e un posterior paso pola cadea franquista que dalgunha forma couta tamén o recurso inicial dun exilio polo que apostaron moitos dos nosos intelectuais.

Resulta tentador, neste contexto, tratar de vincular o desenvolvemento literario posterior dos membros desta xeración en clave biográfica. Por unha banda, é innegábel que os acontecementos de carácter histórico-sociolóxico son fundamentais en todo desenvolvemento xeral dun campo literario, especialmente no caso de culturas minoritarias que, como a galega, viron alterado violentamente o seu status político e tiveron que superar a destrución dos procesos que ían encamiñados a conseguir a constitución dun campo literario propio e a súa autonomización colectiva. Se atendemos ao traballo

de Antón Figueroa (2010: 73-105; 2015: 119-122) os debates sobre a delimitación dun eventual campo literario galego e as súas características definitórias foron especialmente abundantes nos anos previos á guerra, e neles participa de forma activa Ricardo Carvalho Calero. O ferrolán destaca por estratexias de autonomía artística que, aínda que seguían vinculadas á estrutura política proposta polo galeguismo organizado, superaban os seus horizontes folclóricos e esenciais, apelando a como o “esprito racial” (Carvalho Calero, 1931: 54) era capaz de validar até aquelas iniciativas que formalmente se afastaban da tradición propia. Podemos afirmar que, con matices, esta posición dupla entre a loita por unha autonomía artística que redundaría tamén na autonomía do campo e a fidelidade a un ideario nacional determinado (fundamental para conseguir esta última), seguiu funcionando no desenvolvemento futuro do Carvalho Calero crítico. Desta forma, vemos no autor unha actividade que, se por unha banda consagra o criterio filolóxico fronte á proposta étnica dos primeiros anos de Galaxia (Regueira, 2020: 160), tamén funciona como un duro represor daquelas iniciativas estéticas máis determinadas pola influencia estranxeira e que, como no caso das Novas Narrativas, xeraban conflitos coa liña marcada pola principal editora da posguerra.

Trátase dunha estratexia que non pode ser completamente desvinculada doutras tomas de posición do autor, como trataremos de analizar no que respecta ao caso concreto da súa narrativa e a forma na que as súas distintas pezas xogan coa idea de campo literario en constitución sempre no horizonte. Ao mesmo tempo, podemos recoller o significado en moitas delas dun imaxinario concreto que non pode deixar de interpretarse en dous sentidos: dunha parte como diálogo posíbel coas estruturas e categorías simbólicas do galeguismo, do outro, a perspectiva do pouso que as vivencias biográficas desas mudanzas socio-históricas deixan na obra do autor. Podemos argumentar que, como estipula a perspectiva de Fredric Jameson (2007: 79) sobre o inconsciente social, existe un reflexo cifrado nas obras de arte que apela directamente á resolución dos conflitos da realidade. Terían, por tanto, estas obras, a calidade de actos ou xestos tendentes a resolver unha contradición que acontece no eido do real empregando os medios da imaxinación. Trátase dun punto de vista que xa ten sido abordado por autores como Manuel Forcadela (2005) no estudo da narrativa de posguerra, en concreto para explicar o universo imaxinario de Álvaro Cunqueiro. Consideramos que

estes parámetros teñen unha aplicación posíbel, e probabelmente menos especulativa, na análise dunha obra de base realista que se caracteriza ademais polo seu escaso número de obras e a longa secuenciación que se dá entre elas. Tamén pola forma na que o imaxinario simbólico destas obras pode ser relacionado con eventos históricos e grandes procesos constatábeis, pasando por alto aqueles elementos de tipo subxectivo que sempre formulan as súas propias dificultades para ser limitados, testemuñados e rastreados efectivamente nunha representación simbólica.

A xente da Barreira. O derradeiro pazo

Gañadora, non sen polémica¹, do primeiro e único Premio Bibliófilos Gallegos de Novela, *A xente da Barreira* ten a calidade de ser, a través da súa primeira edición de 1951, a primeira novela da posguerra galega. Unha obra que recolle, en máis dun sentido, o testemuño da narrativa que fora coutada pola contenda, en particular o legado dun dos seus referentes máis concretos, Ramón Otero Pedrayo. Unha continuidade que, por acaso, queda tamén representada polo feito de ser unha obra do ourensán, *O mesón dos ermos* (1936), a considerada como última novela en lingua galega editada antes da sublevación franquista. A aposta narrativa de Carvalho Calero apunta así a retomar o legado máis valioso do período anterior, aquel que contaba cunha canonización menos cuestionábel, porén tamén implica romper a continuidade coas propostas que, barallando a influencia vangardista, comezaran a propoñer un modelo literario diferente. Trátase tamén dunha obra que establece unha vinculación directa cunha das figuras rescatábeis tras o conflito: un dos narradores que, a pesar de xerar unha obra asentada na nostalxia e que apelaba ás vellas xerarquías sociais, non acabou realizando unha viraxe cara ao franquismo e destacou pola súa fidelidade ao ideario galeguista. Estaríamos, por tanto, ante unha das formas comúns de reiniciar unha literatura despois dunha interrupción violenta (Vilavedra, 1999: 239), mediante a referencia a un grande autor do pasado, unha estratexia que

¹ O feito de gañar a única das obras presentadas en lingua galega nun concurso onde os requisitos de concorrencia indicaban “La cualidad de 'gallega' podrá provenir, indistintamente, de la lengua empleada, del carácter del asunto o de la naturaleza del autor” será obxecto de cuestionamentos, especialmente pouco despois de que unha versión retocada dunha das finalistas, *Viento del norte*, de Elena Quiroga, gañe a edición do Nadal de 1950.

moitas veces pasa por alto a distancia temporal con el e o peso das alternativas a este.

Otero Pedrayo, en parte por ese valor de conexión coa cultura galega previa, forma parte do xurado que acaba por premiar a obra. A correspondencia entre ambos os autores dáanos a entender que o ourensán xa coñecía a novela antes do fallo e que mesmo estaría entre os que animaron ao seu autor a presentala a este, tamén acabaría por ser un dos seus grandes valedores no debate final². “Del Riego escribume que vostede foi un gran defensor da miña obra no concurso de novela galega”, escribe Carvalho nunha nota de agradecemento na que tamén recolle o sentimento xeral que debía haber naquel momento no ambiente galeguista: “o meu non foi un trunfo persoal, senón un trunfo das nosas letras” (Carvalho Calero e Otero Pedrayo, 2020).

A novela aparece na súa primeira edición cunha cita de Otero Pedrayo na súa banda de presentación “es la novela de una estirpe rural y tiene cierta sobriedad solemne de tragedia antigua” (Carvalho Calero, 1951), unha forma de recoñecer e validar unha obra que o de Trasalba tamén defendera coas mesmas palabras nas polémicas xornalísticas que se deron (S. s., 1951: 5). Porén, *A xente da Barreira*, a pesar de ser aplaudida unanimemente polos galeguistas do interior pola ampliación dos usos literarios do galego baixo a ditadura³, non contaba coas súas mesmas simpatías no discurso privado no relativo á súa calidade estética. Así, en 1952, Cunqueiro maniféstalle o seu descontento a Ramón Piñeiro nunha carta: “Lín 'A xente da Barreira' e non me non gostóu ren. Por ise camiño, esteticamente falando, nada se fai nin se vai a ningures. É outra cousa o que fai falla i-é urxente pôr man na tarefa” (Alonso Girgado *et al.*, 2010: 69). Non é nada sorprendente que sexa un dos autores máis vinculados á creación de formas de expresión novas xa

² A peculiar concepción do concurso, no que os autores debían xustificar as razóns polas que se presentaban, xunto coas crónicas da época (S. s., 1950: 1-2), fainos pensar que o concurso se celebrou a plica descuberta, ou polo menos que a autoría dos finalistas fose coñecida polo xurado.

³ A ausencia de novelas galegas neste período responde, por unha banda, á destrución editorial provocada polos franquistas durante o conflito, pero tamén á política de “confinamento lírico” (Regueira, 2020: 29), que reducía o galego a simples usos poéticos ou folclóricos.

no período previo á guerra o que manifeste o seu descontento ao, xa naquel momento, director da nova Editorial Galaxia.

A xente da Barreira recolle a historia da casa da Barreira, un pazo señorial, e os seus habitantes durante o século XIX, unha temporalidade estendida respecto da que aparece nas obras oterianas *Os camiños da vida* e *O mesón dos ermos*, ambas ambientadas na primeira metade do século. Trátase dun momento histórico con eventos que cifran un cambio de era para a sociedade galega que non pasou desapercibido para a Xeración Nós e o seu proxecto cultural. A desamortización de Mendizábal (1836), as Guerras Carlistas que se sucederon ao longo do século, ou eventos como a Revolución de 1868, marcan os ritmos dunha perda de importancia da fidalguía, como clase intermedia entre os labregos e as casas señoriais, que acabará diluíndose no final do século. O papel desta caste fidalga, que desde os pazos aparece como posíbel guía para o rexurdimento cultural galego é, frecuentemente apelado por autores como o propio Otero Pedrayo, descendente desa mesma clase social. A súa desaparición como unidade, ás veces representada como unha decadencia que implica a aceptación de elementos foráneos, vai parella á reivindicación dun tempo onde o seu papel non era disputado e representaban unha sorte de cumio social, o último resto dunha especie de pequena nobreza autóctona.

Trátase dunha postura que podemos relacionar facilmente coa nostalgia como proposta política, servindo de base para construír unha perspectiva rexeneracionista. Tamén pode rastrearse unha teima anti-moderna que sería explotada moi particularmente por Vicente Risco e que se centraría de forma particular na chegada da “carretera”, elemento que fomenta tanto a comunicación e o comercio como a contaminación das esencias propias e a súa mestura coas alleas. Trátase de elementos que servirán para configurar unha tendencia ruralista aínda moi viva dentro da concepción cultural galega e que, na altura dos anos 50 vive tamén a súa propia re-interpretación por parte de Ramón Piñeiro e Álvaro Cunqueiro, establecendo as posibilidades de supervivencia dunha identidade galega no refuxio fóra da Historia que simbolizaban os mitos e o folclore como pasarelas á esencia do pobo (Regueira, 2020: 162-192). Dáse, por tanto, unha transición dos protagonistas dese rexurdir cultural que pasa dunha clase privilexiada á valoración dunha base popular que non era completamente allea a certas ramas do galeguismo

republicano. Configurado como un depósito pasivo de esencias polo grupo de Galaxia ou, uns anos despois, como protagonista proletario da Historia polas primeiras expresións da esquerda nacionalista, a idea colectiva de pobo substitúe paulatinamente a estas nocións de base aristocrática.

Trátase de reformulacións inminentes que porén aínda están lonxe de ser populares nesa primeira posguerra na que Carvalho Calero escribe *A xente da Barreira*. A súa “novela de pazo” é case o exemplo final⁴ dun sub-xénero que perde pouco a pouco os parámetros que o fixeron posíbel e útil dentro do gran macro-relato galeguista⁵. Porén, para o Carvalho Calero que escribe a súa proposta nos anos 40, pouco despois de saír da cadea franquista, a novela cumpre aínda unha función que entronca co período anterior. En primeiro lugar, é aínda unha reivindicación ruralista dun autor procedente dunha cidade industrial como Ferrol. Inspirada parcialmente nas historias familiares da súa esposa, María Ignacia Ramos, natural do Cádavo, na comarca da Fonsagrada (Dacosta, 2020), na mesma provincia lucense na que se sitúa a acción da novela, resulta difícil non desvincular este feito da oposición entre o ruralismo tan querido ao pasado galeguista e a perspectiva urbana. O propio autor diría a Carmen Blanco en 1989:

Rematada a guerra e de regreso á miña vila natal, tiven ocasión de ouvir relatos de acontecementos acontecidos no seo dunha familia establecida no campo que me chamaron a atención por desenvolverse nun mundo realmente moi distinto daquel no que se desenvolvera a miña vida até entón. Pola miña biografía, a vida rural coñecía exclusivamente a través de pequenas etapas que pasaba no campo no verán: de maneira que a vida real e cotiá do campo, nunha paisaxe espiritual na que se movían xentes de diversa condición social, persoas pertencentes á castes esmorecente dos fidalgos e xentes labradoras estreitamente ligadas á vida dos fidalgos mesmos, interesoume moito (Blanco, 2019: 249).

⁴ A súa persistencia na produción do propio Otero Pedrayo será a través de narrativas curtas, moitas veces rescatadas do período interior ou, xa nunha clave paródica, en *O señorito da Reboraina* (1960).

⁵ Ironicamente a “novela de pazo” aínda terá uns anos de fortuna na narrativa escrita en castelán e fóra deses parámetros. Ao subxénero pertence *Viento del norte* de Elena Quiroga e, en certo sentido, tamén *Los gozos y las sombras* de Gonzalo Torrente Ballester, cunha perspectiva que analiza o papel da vella aristocracia galega nun mundo novo.

Ao mesmo tempo, o drama das mudanzas sociais introducidas pola caída da fidalguía continúan indemnes na perspectiva que ofrece o autor. Serve como exemplo o comezo do antepenúltimo capítulo, titulado “Tempos Novos”:

Moito cambearan os tempos e moito cambearan as xentes e moito reveran as distancias. Os que naceran na casa petrucial da Barreira a baixar, e os outros a medrar. Namentres os muros da casa de don Ramón Frade moureaban, erguíanse casas caleadas, e xuntaban as terriñas os que sempre traballaran as alleas. A carreteira deixara bos cartos a todos os que nila traballaran. De Cuba e de Bos Ares tamén cheghan os froitos do traballo e da fame, ou homes que viñan co desexo de montar un tratiño e non volver cavar a terra. A Barreira, pechada nos invernos, enchíase no vran cos moitos fillos de don Álvaro e os convidados que traguían con iles; mais as goteiras poderían os faiados, e as terras lonxanas que outrora foran da casa ían pasando a outros donos (Carvalho Calero, 2019: 103).

Tamén o final da obra, na que a mudanza social se percibe aínda como unha traxedia, e dentro dela ten un papel especial que os antigos servos pasen a optar á propiedade dos que foran os seus patróns: “A casa está baleira, e vai ser alugada, ou mercada, ou esborrallada. Cicais o antigo arrieiro erga outra casa branca sobre os vellos cimentos. A filla de Virtudes sente unha dor punxente no fondo do corazón. E pasa. E hai bágoas nos seus ollos. E non ve” (Carvalho Calero, 2019: 113).

O sentido de *A xente da Barreira* non pode desvincularse do seu papel nun relato colectivo, o macro-relato do galeguismo, do que aínda se toman algúns dos seus referentes totémicos. O seu autor busca así sumar unha perspectiva que sexa continuísta cunha tradición coutada e de moi incerto futuro no momento da composición do libro, aínda que tampouco podemos pasar por alto a función persoal que ese relato ten, especialmente na decantación entre a vella e boa literatura de base ruralista e algunhas das innovacións que suman escenarios urbanos a perspectivas innovadoras e que non dubidará en condenar poucos anos despois como crítico (Carvalho Calero, 1956: 5). Ao mesmo tempo, na perspectiva do seu argumento, tamén podemos apuntar a unha hipotética sublimación da Historia, evitando o discurso sobre o presente ameazante e os seus cambios bruscos e tráxicos a través da recreación doutros procesos moito

máis lentos, secuenciados⁶ e ancorados nunha perspectiva recoñecida e máis soportábel, desde a experiencia directa de produtor e destinatarios.

Ironicamente, *A xente da Barreira* abre un ciclo e pecha outro. Como aposta polo colectivo, non exenta de riscos políticos naquela altura, permite inaugurar a dificultosa traxectoria da narrativa en galego no interior do país, sendo a antesala das obras que moi axiña publicará Galaxia ou a editorial Monterrey. Ao mesmo tempo, porén, acaba por ser un reflexo descolorido dun artefacto literario que, nas claves do galeguismo, xa non cumpre as funcións para as que foi ideado e que condensa a súa función na simple continuidade dunha tradición literaria en perigo.

Scórpio. O regreso do non dito

Á primeira novela do autor, e tamén primeira da posguerra galega, segue un longo silencio trufado ocasionalmente pola aparición dos relatos curtos aos que nos referiremos na seguinte epígrafe. Desta forma, a aparición de *Scórpio* (1987) conxuga unha serie de elementos inaugurais. Trátase da primeira obra do autor aparecida desde o final do franquismo, e que ten como destinatario un campo literario que desenvolve un proxecto de normalización social e económica, destinado a superar o resistencialismo que marcara a súa existencia baixo o franquismo e coa presenza da lingua galega no ensino. Ao mesmo tempo, trátase da primeira obra narrativa composta nunha norma ortográfica que, naquela altura, podía ser considerada xa como disidente. A proposta de base reintegracionista defendida polo autor desde o seu cargo universitario é deslexitimada politicamente desde 1982, algo que ademais ten como consecuencia a súa ruptura con parte do ambiente galeguista e unha certa marxinación á que estes axentes o someten (Carvalho Calero, 1986: 231). A súa participación como narrador outra vez no campo literario vai porén máis alá do peso simbólico que ten como proposta alternativa, orientada a validar e lexitimizar unha práctica ortográfica contraria á oficial. Tamén pode ser lida nos marcos da normalización cultural do período da Transición para a que, no aspecto editorial, se entendía como unha eiva

⁶ O propio autor recoñece nos anos 80 que se trata dunha serie de cadros fiados e que existe unha dificultade inherente á literatura galega, polas súas condicións sociais, de producir unha novela no sentido do modelo decimonónico francés, limitándose moitas veces a acumular narrativas breves en formatos máis amplos (Blanco, 2019: 247).

a ausencia de novelas longas propiamente ditas e a fixación da narrativa galega a modelos curtos ou secuenciais, producidos en parte pola súa falta de profesionalización e pola precariedade da súa situación política. Nese sentido, é interesante que o autor recoñeza nas conversas con Carmen Blanco que “non teño escrito, polo menos até agora, unha verdadeira novela no sentido de novela longa” (Blanco, 2019: 247)⁷, ao tempo que atribúe este predominio do relato curto aos citados aspectos socioculturais. *Scórpico* (1987), mesmo desde a súa calidade coral, que podería ser interpretada como unha forma de secuencialidade alternativa, aproxímase a este tipo de produtos demandados estruturalmente pola nova situación do campo literario galego. Ao mesmo tempo, non podemos evitar relacionar a súa configuración respecto da outra gran novela coral galega, *Xente ao lonxe* (1972) de Eduardo Blanco Amor. É coñecido o papel que Carvalho Calero ten na polémica relativa ao Premio Galicia de 1970 (Blanco-Amor e Ruiz de Ojeda, 1994: 118) que acabaría sendo outorgado a *Adiós, María*, de Xohana Torres, unha das súas antigas discípulas. Con todo, ideada conscientemente ou non, percibimos unha sorte de proposta á contra no que representa *Scórpico*: narradores colectivos centrados nunha figura altamente idealizada e consagrada como un heroe, unha sorte de reverso do que a novela de Blanco-Amor consagra, coa participación de personaxes e ambientes marxinais, e unha perspectiva de representación social e política colectiva no fondo. Unha hipótese que, dada a rivalidade persoal e literaria entre ambos os autores, e tendo en conta a perspectiva crítica que, como vemos, guiou as puntuais intervencións do Carvalho Calero narrador, ben podemos considerar dentro da aposta literaria do ferrolán.

Scórpico sería, por tanto, outra desas intervencións puntuais na que a perspectiva do Carvalho Calero crítico é fundamental para producir a obra do narrador, unha obra que, na súa dimensión de produto para a colectividade, intenta actuar resolvendo as necesidades globais dun campo literario que continúa en emerxencia, aínda que nunha etapa e cunhas necesidades ben diferentes ás que tiveron lugar na posguerra. As súas tomas de posición responden, por tanto, á escolla dun imaxinario concreto no que, como veremos, xoga un papel importante a recuperación da memoria persoal do

⁷ A pesar de que estas conversas son publicadas por primeira vez en 1989, producíranse entre 1983 e 1984 (Blanco, 2019: 9), antes da aparición de *Scórpico*.

autor na Guerra Civil, así como á necesidade estrutural de obras longas que cumpran un papel determinado. Un campo literario cuxa reconstitución posíbel recoñece dalgunha maneira a intervención, outorgándolle o Premio da Crítica de narrativa galega correspondente ao ano da súa edición.

Scórpio é tamén a primeira obra narrativa na que o autor aborda a etapa da Guerra Civil. Unha perspectiva biográfica incuestionábel nunha obra, á que só o seu formato diverxente como artefacto narrativo mantén illada da súa clasificación con outras pezas memorialísticas que, a medio camiño entre a crónica e a narración, contan os avatares dos seus autores nos tempos do conflito⁸. Estamos ante unha hibridación do mesmo tipo, que ademais sublimaría unha forma de contar unha historia persoal, a da participación directa na confrontación bélica, da que o autor sempre tivo reparos en falar publicamente. Ao mesmo tempo, *Scórpio* participa do proceso no que o campo literario vai recibir as primeiras obras completamente ficcionais sobre a Guerra Civil, ampliando este espazo, particularmente fecundo na perspectiva comercial dos seguintes anos, dentro das posibilidades da narrativa⁹. Desta forma, a propia hibridación xenérica de *Scórpio* serve tamén para narrar, case en forma de reconstrución irónica do pasado persoal, un dos eventos que máis impacto tivo na vida do seu autor. Até tal punto isto sería así que, como afirma Arturo Casas (2017: 276) a obra acabaría sendo empregada para reconstruír as lagoas que existían na biografía do seu autor durante eses anos. Carvalho Calero oculta baixo o personaxe de Scórpio o relato da guerra, engadindo aínda outro afastamento máis, o feito de que Scórpio, na novela, non ten voz propia e só existe como unha figura fantasmal nas voces e nos recordos dos demais. Un tratamento no que discreparía o seu final trágico, o que permite levar o desdoubramento do autor tamén a outro dos personaxes, Salgueiro que se pregunta, no final do libro: “Se sobrevivo, tenho sossego para isso, talvez retome aquele projecto que outrora alimentei de escrever a tua história. De inventa-la, pois foste sempre um mistério para mim. Mas, quem pensa em escrever a história de um home agora que agoniza todo um mundo?” (Carvalho Calero, 2017: 268), algo que tamén ten sinalado Arturo Casas (2017: 292).

⁸ Obras como *Non agardei por ningún* (1957), de Ramón de Valenzuela, *O señor Afranio* (1979) de Antonio Alonso Ríos ou *O silencio redimido* (1976) de Silvio Santiago.

⁹ *Vid.* Thompson, 2009: 213-214.

Temos, por tanto, unha obra de enorme complexidade narrativa, unha intención que só podemos atopar no relato “Aos amores serodios” (1979) e que se fai aínda máis patente se a comparamos con eses cadros levemente fiados que fora a súa primeira novela. Tamén o tema dá un salto de xigante: se en *A xente da Barreira* Carvalho Calero volve aos vellos asuntos da narrativa galeguista, apelando a un modelo tan clásico como en clara decadencia para este, *Scórpio* propónse contar aquilo que foi reprimido durante anos. Faino a través dun xogo literario que nos permite argumentar que o personaxe de Scórpio só comparte certos trazos co autor, e que o desdoblamento da súa voz precisa de Salgueiro, ese outro que vai contar a súa historia. Nese sentido poderíamos hipotetizar que Scórpio representa o Carvalho Calero que quedou para sempre na guerra, a parte de si que “morreu” e nunca regresou e que se configura como un ser irrealmente excelso, con todas as potencias e posibilidades que ten o futuro frustrado. É unha lectura que permite entender que ese que segue nunha vida moito máis mediocre, e disposto a “escrever a historia” co outro ou “inventala”, representa o autor e o seu percurso de sobrevivente na posguerra. Hai elementos biográficos que apoiarían esta perspectiva, para unha persoa co peso intelectual e o futuro potencial do Carvalho Calero de pre-guerra resultaría sorprendente e até decepcionante ter que aceptar o seu papel na posguerra, situado forzosamente nas marxes que o franquismo lle reserva e cunha posibilidade de influencia intelectual moi limitada¹⁰ por máis ampliada a través do seu traballo e o seu compromiso constante coa causa galeguista. Ao mesmo tempo, trátase dunha interpretación cun vector colectivo, unha posibilidade de entender que ese Scórpio cuxo futuro dourado foi coutado pola guerra representa tamén toda unha xeración e as súas preocupacións pola Galiza, esa “xeración do Seminario” da que o propio Carvalho Calero gustaba de encadrarse e que afronta, coa chegada da guerra e da represión, a conversión do seu universo nun ermo que reconstituír penosamente. Así, a resolución jamesoniana do conflito real a través da fantasía ten lugar nunha novela na que, tanto a dimensión individual co autor, como a súa perspectiva

¹⁰ Non podemos esquecer que a represalia franquista impedía ao autor traballar na educación pública, o que forza tamén a súa dedicación ao Colexio Fingoi que, a pesar de darlle recursos para sobrevivir, tamén lle impón un traballo excesivo do que el se queixa frecuentemente na súa correspondencia privada. Da mesma forma, outros horizontes como a docencia universitaria tardarán moito en abrírselle.

xeracional, son reducidas a unha especie de sombra idealizada, un fantasma que segue a percorrer as súas ansias e que non deixa de preguntarse polas historias posíbeis que poderían ter se a Historia fose outra. Estratexia que, ao contrario de propostas como a de Cunqueiro, ten lugar en termos de narración realista que sinala porén o elemento discordante, esa cuestión que non acaba de encaixar na realidade porque foi expulsada á forza dela:

Scórpio, querido amigo, amigo querido e alongado, tan amado das donas, tam estranhamente distante de todo na tua afável, na tua singela, na tua modesta forma de conducir-te e ser cortês com todos; Scórpio, querido amigo, jazes agora esquecido de todo, esquecido de quase todos, dormindo sem sonhos, sem sofrer o assédio das mulheres, sem participar já nesta tolémia bélica que a todos nos arrastra (Carvalho Calero, 2017: 257).

Novamente, Carvalho Calero apela ao ciclo que se fecha, probablemente o ciclo máis importante e traumático da súa vida e no que tivo que participar de forma activa. Ao contrario do esmorecemento da fidalguía, este é un final abrupto, que porén tamén entronca cos proxectos e coas esperanzas do galeguismo e dos seus relatos, nun momento no que comezan a construírse literariamente.

Outras narrativas. O plano dos camiños non andados

É ben probábel que a xa mencionada concepción do xénero novelístico de Carvalho Calero (Blanco, 2019: 247), ao que o autor se refire como especialmente dificultoso e falto de perspectiva profesional para unha literatura como a galega, determine o achegamento parcial a outras formas narrativas. Un monllo de relatos curtos aparecidos en distintas publicacións e aqueles inéditos que foron rescatados para a *Narrativa Completa* (1984) completan a obra narrativa do autor. Unha *Narrativa Completa* á que habería que sumar aínda o relato *Provérbios otomanos. De Selim a Solimám*, aparecido baixo o pseudónimo de Namiq Ziyá nun dos primeiros números da revista *Agália* en 1985. Temos así unha perspectiva que confirma algúns dos temas desenvolvidos na obra novelística, pero tamén percibimos unha serie camiños diferentes que podemos cualificar como proxectos non desenvolvidos nesta pero que si concitaron o interese do escritor. Desta forma, podemos percibir unha serie de eixos narrativos na súa obra: as pezas que narran a crise da fidalguía nos termos que xa mencionamos para *A xente da Barreira*, obra á

que habería que sumar a peza curta *Os señores da Pena*, incluída na *Narrativa Completa*. En segundo lugar, os relatos curtos de corte biográfico, como *O lar de Clara*, outra das obras rescatadas para ese volume, *Os tumbos*¹¹ ou *As pitas baixo a choiva*¹². Trátase de historias ou anécdotas narradas desde unha perspectiva persoal, aínda que nelas apareza tamén a contraposición entre o rural e o urbano, son produto das experiencias do Carvalho Calero criado en Ferrol e cun contacto ocasional con outras realidades¹³ que parcialmente foxe da perspectiva e dos valores que a estes espazos concede a tradición galeguista. É unha categoría á que podería engadirse *Scórpio*, polo peso innegábel do aspecto biográfico, porén estes relatos curtos responden sempre á perspectiva previa á guerra, nun punto de vista que elude aínda ocuparse deste período. Por outra parte, a diferenza da última novela do autor, son pezas que non están mediadas por outros narradores, senón que están dominadas pola primeira persoa que contribúe a redondear o seu efecto biográfico. Tamén son obras que abanean entre a narración de curiosidades (*Os tumbos* ou *As pitas baixo a choiva*) e o relato dunha experiencia persoal mediada por elementos ficcionais (*O lar de Clara*). Sen dúbida, a pesar do ton que as emparenta con *Scórpio*, representan tamén unha perspectiva memorialística clásica, con moitos elementos da infancia e da mocidade, períodos que poden ser vistos con independencia das traumáticas experiencias bélicas, un espazo narrativo previo a elas que o autor nunca chegou a desenvolver nunha obra máis longa. Finalmente, nunha terceira categoría, podemos rastrear unha categoría histórico-exotizante, desenvolvida en obras tan diferentes como *A cegoña*¹⁴, *Aos amores serodios*¹⁵ e *Provérbios otomanos. De Selim a Solimám*. Nela, a presenza da Historia é puramente lúdica e emprégase moitas veces de forma exemplificadora, ou como referencia futura. *A cegoña* toma elementos das fábulas e estaría baseado nunha anécdota contada ao autor pola súa profesora de alemán. Situado nun espazo alleo e inédito na narrativa de Carvalho Calero, trátase da historia dun engano producido por unha crenza mítica e constitúe unha excepcionalidade na obra do autor.

¹¹ Publicado por primeira vez no número 5 da revista *Alba* en 1950.

¹² Aparecido por primeira vez en 1952 na revista *LAR*.

¹³ Sería o caso de *Os tumbos*, anécdota que acontece nunha casa de verán.

¹⁴ Aparecido por primeira vez na revista *Vida Galega* no número 729, en 1957.

¹⁵ Publicada por primeira vez no número 63 da revista *Grial*, no ano 1979.

Aos amores serodios, pola súa parte, é unha “novella” fiada en cadros de gran distancia temporal, algúns reflexivos, outros conformados por un poema. Trátase dun experimento narrativo ben diferente a moitas das outras pezas coñecidas de Carvalho Calero e que, en certo sentido, anticipa unha narrativa diferente, máis próxima á que atoparemos uns anos despois en *Scórpio* do que ao resto da produción do autor. A referencia a *Os vellos non deben de namorarse* de Castelao continúa coa historia dun achado arqueolóxico dunha deusa co gravado “Aos amores serodios” e finaliza nun hotel no que coinciden o narrador estudante, un poeta, un vello mestre e dous arqueólogos coas súas donas. Estas últimas brindan co de maior idade, creando o efecto da persistencia deses amores interxeracionais a través da historia, e confundindo as súas identidades cos arquetipos de Cleopatra ou Berenice. Aínda que vemos que o paso do tempo e a noción dos ciclos históricos é unha constante na maior parte da narrativa curta do autor, é posíbel que poucos exemplos mellores existan como en *Provérbios otomanos. De Selim a Solimám*¹⁶, unha peza que explica un proverbio turco mediante a anécdota histórica que o xera: a rápida adaptación dunha concubina do sultán ao seu sucesor, incluída a viraxe política precisa para ser aceptada. Un xogo histórico situado nunha cultura distante que lembra vagamente as perspectivas de Cunqueiro, aínda que sen apelar á fantasía, e que formula unha interpretación en clave do inconsciente social jamesoniano, particularmente se temos en conta o seu momento de aparición. O Carvalho Calero de mediados dos anos oitenta viviu baixo distintos réximes políticos, ás veces con mudanzas drásticas e tráxicas, outras mediante unha adaptación tranquila, como a acontecida na Transición española, procesos nos que a mudanza de casaca foi frecuente e permitiu a determinadas persoas sobrevivir e mesmo seguilo facendo nos mesmos postos de prestixio e recoñecemento social. A súa propia experiencia persoal, marxinalizado e repudiado na súa aposta reintegracionista tras a aprobación da normativa oficial do galego de 1982, debeu de ser un espello tamén de como este tipo de ciclos deixaban os seus gañadores e perdedores,

¹⁶ Único relato non presente na *Narrativa Completa* de 1984, é tamén o primeiro da súa produción en galego reintegrado e aparece por primeira vez no número 4 de *Agália* (1985), a revista referencial desta proposta normativa. Trátase dunha colaboración baixo pseudónimo que, da mesma forma que *Scórpio*, non pode desvincularse dun papel estratéxico na xestión dunha proposta colectiva, algo que lembra a primeira novela do autor, aínda que nun contexto histórico e socioloxicamente moi diferente.

unha dinámica na que a capacidade de adaptación resultaba ser moito máis valiosa que a coherencia cos propios ideais.

Esta perspectiva lúdica e exotizante do autor emprega a Historia como elemento dun xogo narrativo, rico en símbolos e arquetipos, tamén en correntes e sucesión de ciclos. Representa un percurso que non acabou de ser camiñado completamente en ningunha obra longa. Aínda que a forma de presentar a trama de *Scórpio* non deixe de ser tamén unha forma de xogar coa Historia e coa propia biografía, algo que sería coherente con esta categoría, que dá os seus froitos máis representativos nos últimos anos de vida do autor. Aínda así, falta nesa novela esa inclinación exotizante e que se refire a ciclos históricos antigos, sen dúbida unha perspectiva que representa unha forma nova de encarar as narracións, menos solemne e menos atada á literalidade concreta e estratéxica da cultura galega, e que ficou simplemente como un apuntamento, aínda que ben significativo, na narrativa de Carvalho Calero.

Conclusión

Algo máis que o azar, por máis que este teña unha innegábel presenza, determina as incursións de Ricardo Carvalho Calero na narrativa en lingua galega. Así, aínda que existe un factor en certa medida aleatorio nas tomas de posición que adopta, especialmente no relativo á representación dun imaxinario concreto e a súa relación co momento histórico, non cabe dúbida de que as súas incursións son, por outra parte, produto dunha consciencia de campo ausente en moitos outros axentes. Sendo a narrativa un elemento secundario nunha traxectoria na que destaca principalmente o seu traballo como crítico e, en menor medida, o seu papel na poesía e o teatro, e cunha traxectoria como novelista que pode resumirse en dous traballos, con máis de trinta e cinco anos de distancia entre eles, resulta interesante comprobar como algunhas das súas posturas anticipan movementos moito máis complexos. Ao mesmo tempo, existe nesta narrativa unha presenza importante dos ciclos históricos como tema, algo que, dado que toda a súa produción se dá na posguerra, non deixa de abrir posibilidades interpretativas a medio camiño entre a biografía e a experiencia histórica. A forma na que os tempos mudan, sexa pouco a pouco, como reflicte *A xente da Barreira*, sexa por procesos violentos como aparece no trasfondo de *Scórpio*, e aínda a capacidade de adaptación e supervivencia baixo distintos réximes, tal e como recolle o breve

pero significativo *Provérbios otomanos. De Selim a Solimám*, pode presentarse como o gran tema de fondo da narrativa do ferrolán. Unha figura capaz de andar vital e literariamente polo gume dos ciclos históricos relevantes na Galiza do século XX.

Bibliografía

- Alonso Girgado, Luís *et al.* (eds.) (2010): *Ramón Piñeiro: epistolario lugués*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Secretaría Xeral de Política Lingüística-Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- Blanco, Carmen (1989): *Conversas con Ricardo Carballo Calero*. Conversas 2. Vigo: Galaxia.
- Blanco-Amor, Eduardo e Victoria Á. Ruiz de Ojeda (eds.) (1994): *Entrevistas con Blanco-Amor*. Vigo: Editorial Nigra, col. Conversas.
- Carvalho Calero, Ricardo (1931): “Ollada encol da poesía lírica galega contemporánea”, *Nós*, 87.
- (1951): *A xente da Barreira*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos.
- (1956): “Kafka, Faulkner y otras kaes”, *La Noche*, 5/07/1956 [asinado co pseudónimo Fernando Cadaval].
- (1984): *Narrativa Completa*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro.
- (1985): “Provérbios otomanos: De Selim a Solimám”, *Agália*, 4, inverno, A Coruña-Ourense, pp. 475-476 [asinado co pseudónimo Namiq Ziyá].
- (1986): *Conversas en Compostela con Carballo Calero* (Realidade). Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- (2017): *Scórpico*. Santiago de Compostela: Através Editora.
- (2019): *A xente da Barreira*. Vigo: Galaxia.
- Carvalho Calero, Ricardo e Ramón Otero Pedrayo (2020): “Fondos Documentais: Ricardo Carballo Calero con Otero Pedrayo”, Consello da Cultura Galega, en http://consellodacultura.gal/fondos_documentais/epistolarios/epistolario.php?epistolario=9631.
- Casas, Arturo (2017): “Agora que agoniza todo um mundo. Epílogo a *Scórpico*” en Ricardo Carvalho Calero, *Scórpico*. Santiago de Compostela: Através Editora, pp. 271-292.

- Dacosta, Henrique (2020): *Carvalhero Calero: vida e obra dun ser polifacético*, vol. 26, Libro X. Vigo: Xerais.
- Figueroa, Antón (2010): *Ideoloxía e autonomía no campo literario galego*. Brión: Laivento.
- (2015): *Marxes e centros. Para unha socioloxía do campo cultural*. Brión: Laivento.
- Forcadela, Manuel (2005): *Diálogos na néboa: Álvaro Cunqueiro e Ramón Piñeiro na xénese da literatura galega de posguerra*. Cadernos Ramón Piñeiro (Cadernos galegos de pensamento e cultura), VIII. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia-Centro Ramón Piñeiro para Investigación en Humanidades.
- Jameson, Fredric (2007): *The Political Unconscious: Narrative as a Socially Symbolic Act*. [Repr]. London: Routledge.
- Regueira, Mario (2020): *Narrativa e imaxinario nacional na reconstrución do campo literario de posguerra (1936-1966)*. Vigo: Xerais [1ª ed.].
- S. s. (1950): “A xente da Barreira' original de Ricardo Carballo Calero gana el Premio de Novela instituído por la Sociedad de Bibliófilos Gallegos”, *El Correo Gallego*, 23/04/1950.
- (1951): “Una opinión de peso sobre el tema literario de actualidad”, *El Correo Gallego*, 10/01/1951.
- Thompson, John (2009): *As novelas da memoria: trauma e representación da historia na Galiza contemporánea*. Vigo: Galaxia, col. Ensaio, 53.
- Vilavedra Fernández, Dolores (1999): *Historia da literatura galega*. Vigo: Galaxia, col. Manuais, 2.

Un achegamento á poesía galega de Ricardo Carvalho Calero

MIRO VILLAR

(Profesor de Lingua e Literatura Galegas no Ensino Medio)

Para min, toda poesía é catarse.
Limiar a *Pretérito imperfecto* (1927-1961)
Ricardo Carvalho Calero

0. Introducción

A obra lírica do polígrafo Ricardo Carvalho Calero (Ferrol, 1910-Santiago, 1990), ademais de dúcias de poemas espaxados en diversas publicacións periódicas, abrangue un total de once libros editados. A maioría foron escritos en galego, agás o primeiro intitulado *Trinitarias* (1928) e o terceiro *La soledad confusa* (1931), que non serán obxecto de estudo neste artigo¹.

Para a profundización na obra castelá recomendamos o completo e rigoroso prefacio que Rodríguez Fer inclúe en *Poesía perdida* (1993), unha colección dos versos en castelán nunca recollidos en volume polo autor. Trátase dunha considerable produción, escrita nos anos trinta e corenta, que deixou reagrupada, organizada e datada en cinco cartapacios: *Versos para olvidar*, coa súa obra xuvenil (1925-1930), reordenada e corrixida, onde é preponderante a poesía amatoria (erótica), xunto á poesía trascendente (filosófica) e á cultural (mítica), en opinión de Rodríguez Fer, que salienta tamén as pegadas do romantismo e formalmente do modernista Rubén Darío. *Versos para romper* (1929-1944), onde expurga o segundo libro publicado e engade novos textos escritos na posguerra na prisión de Jaén, que o editor literario sitúa no ronsel do neopopularismo da xeración española do 27, nomeadamente de Lorca e de Alberti, e tamén do simbolismo francés. *Romancero de apócrifos y canónicos* (1930-1943) xunta romances de tema bíblico. *Teoría de Eva* (1939-1941) que é un singular sonetario, tamén escrito na cadea, con cen retratos femininos en sonetos modernistas, con ecos da poesía renacentista e barroca. E, por último, *Avena loca* (1945-1947), con pegadas do *Libro de Buen Amor* do Arcipreste de Hita, de Machado, de Unamuno ou do modernismo.

¹ Este texto actualiza e acrecenta o artigo “A poesía galega de Carvalho Calero”, *FerrolAnálisis*, 16, “Separata Especial. Carvalho Calero”, 2001, pp. 118-125.

A poesía en galego é temperá en Carvalho Calero, que no “Limiar” de *Pretérito imperfecto* (1927-1961) lembra a aparición de versos adolescentes na revista *Maruxa* de Ferrol:

Perdida a memoria dos afastados tempos en que tracei os meus primeiros versos na lingua da nosa terra, só podo lembrar que daquela tiña que ser moi neno, pois os primeiros que vin impresos foron-no nunha revista da miña cidade natal, que dirixía un parente meu, cando eu era aínda estudante de bacharelato, ou, talvez, estudaba matemáticas co propósito de ingresar na Academia Militar (Carvalho Calero, 1980: 9).

Mais a súa dimensión pública principia coa lectura duns poemas da súa autoría, intitulados “A door cantareira”, como discurso de ingreso no Seminario de Estudos Galegos, en abril de 1927 en Compostela. Pouco despois, en 1928 publica os sonetos “Deus” e “Mañá de outono” na revista *Nós*, e logo outras composicións noutras cabeceiras da época, antes da aparición en 1931 da súa *opera prima* en galego. Desde ese ano ata a súa morte en 1990 aínda viron a luz sete libros máis, aos que moi pouco tempo despois viría engadirse un novo volume. De cada un deles ocupáremonos polo miúdo nos seguintes parágrafos.

1. *Vieiros* (A Coruña, 1931)

O libro aural da produción galega de Carvalho Calero saíu do prelo da Editorial Nós, logo de que o autor lle enviase unha carta ao seu director literario Ánxel Casal, ocupando o nº XLIV no catálogo. Trátase dun breve volume que xunta trinta poemas escritos entre 1927 e 1930. A escasa e entusiasta recepción crítica do momento non é compartida por Pallarés (1992) ou Montero Santalha (1992), que observan o sincretismo epigonal da estética romántica e modernista, malia non coincidiren na súa adscrición a un emerxente “vanguardismo”, pois a primeira advirte trazos creacionistas, como a abstracción e o antisentimentalismo, mais tamén unha construción lóxica do poema e un narrativismo que o afastan da renovación estética. Pallarés (2019: 18) engade que “á par de poemas topicamente modernistas” habería outros nos que salienta a “*descriptio puellae*, o interese polos mitos e pola relación Vello-Moza” escritos dende unha tendencia “descritivista, discursiva e especulativa”.

Por parte, Montero Santalha sinala tamén ecos do neotrobadorismo de Bouza-Brey e do hilozoísmo de Amado Carballo, porén o poeta en 1931 en carta a Filgueira Valverde, que estaba a preparar unha antoloxía consultada da poesía galega, sinala: “Os meus afíns son Bouza Brey, Blanco Amor i Eugenio Montes. Non teño ningún contacto con Amado Carballo” (Filgueira Valverde, 2008: 277). Tanto é así que as neotrobadorescas “Cantigas do amor lonxano”, escritas por consello do propio Filgueira, están dedicadas a Bouza Brey e, como analizou López (1997), semellan máis un exercicio estilístico do que axiña renega, pois nunca quixo reeditar estes versos. Moito máis interesante, na nosa opinión, é sinalar o epicureísmo do poema “Filosofía”, con mención explícita do poeta Anacreonte, onde se unen dúas direccións que han ser constantes na súa obra: a reflexión existencial e o culturalismo de xinea clásica. Este acada o seu cume en “Abisag”, unha paráfrase deste episodio bíblico que tamén recreou nalgúns romances casteláns. E no libro tamén concorren a dialéctica hegeliana ou a contemporaneidade de Mussolini ou da música de jazz como mostra da riqueza e da permeabilidade desta poesía iniciática de Carballo Calero. Porén, o autor foi sobexo autocrítico e en *Pretérito imperfecto (1927-1961)* (1980) tan só reedita nove textos. Pola contra, Pallarés (1992) recupera na súa antoloxía tres poemas excluídos: “Filosofía”, que se abre cunha significativa cita de Rubén Darío, o neopopularista “Romance de mar e amor” e “A estéril”, con alusións a divindades gregas.

2. O silencio axionllado (1931-1934) (Santiago de Compostela, 1934)

O seu segundo libro, tamén escrito na preguerra, vai ser publicado novamente por Ánxel Casal na súa Editorial Nós, só que desta volta a empresa xa tiña o seu enderezo en Santiago de Compostela. O título procede do derradeiro verso dun breve e intenso “Madrigal a Rosalía”, que se inclúe na parte final. Non é de estrañar esta homenaxe, pois a obra literaria e a biografía da poeta ocuparon centos de páxinas nos seus traballos eruditos, entre os que salienta *Estudos rosalianos: aspectos da vida e da obra de Rosalía de Castro* (1979), ademais de influír de maneira importante no seu propio estro.

Polo demais, trátase dunha miscelánea que reitera e intensifica as direccións poéticas ensaiadas con anterioridade. Pallarés (1992) observa a maiores os ecos do creacionismo de Huidobro e da abstracción do Cunqueiro

de *Poemas do si e non* (1933). En calquera caso, o libro é sobexo plural e así atopamos textos densos, elaborados e cheos de referencias culturais como “O sexo do anxo” ou “Nacemento” (un dos poucos poemas excluídos de *Pretérito imperfecto* (1927-1961) e recuperado por Pallarés (1992), a carón doutros tan sinxelos como “Historia de Amendoíña, segundo Andersen”. A recreación irónica de historias do Antigo Testamento, a homenaxe explícita ás lecturas xuvenís de Andersen, Salgari ou Verne, o diálogo intertextual co *Paraíso perdido* de Milton ou a dedicatoria do magnífico “Ceo do mariñeiro” a Eduardo Blanco-Amor (que desaparece en posteriores edicións) revelan un consciente exercicio poético que alterna con composicións demasiado inxenuas, malia o seu humorismo, como “Automóvil”. Heteroxeneidade tamén no aspecto formal, con versos rimados e medidos nas composicións neopopularistas e querenza polo versículo libre ou, en ocasións, polo alexandrino branco nas demais.

Desde a primeira recensión, escrita polo poeta Aquilino Iglesia Alvariño en *Nós* a pouco de saír, o libro suscita na crítica a impresión dunha notable variedade formal, na que se adoita subliñar a supremacía dun ousado erotismo, inusitado na época. Con todo, a maior novidade é o carácter subxectivo da súa lírica, que o aproxima aos movementos de renovación poética, demostrando máis unha vez a atención lectora de Carvalho Calero. Maior asombro causa a temperá preocupación pola saudade do tempo pasado, pois na altura de escribir estes versos o poeta apenas deixou atrás os vinte anos.

3. *Anxo de terra* (Pontevedra, 1950)

Publicouse dezaseis anos despois do anterior, por motivos evidentes como a súa estadía no cárcere, facendo o sétimo número da colección pontevedresa Benito Soto, fundada dous anos antes por Sabino Torres, Manuel Cuña Novás e Emilio Álvarez, aos que se unirá Celso Emilio Ferreiro. En 1950 terá a súa consolidación pois, alén de tres obras en castelán, sairán do prelo cinco en galego: *Dona do corpo delgado* de Álvaro Cunqueiro, *Anxo de terra* de Carballo Calero, *Triscos* de Luís Pimentel, *Muiñeiro de brétemas* de Manuel María e *Cantigas da noite moza* de Augusto M^a Casas.

A edición consta de dezaseis poemas, divididos en dúas partes, unha distribución que non se conserva en *Pretérito imperfecto* (1927-1961), onde non figura o poema “Caza de anxos”, recollido por Pallarés (1992). Unha

boa parte deles, en confesión do autor, foi escrita entre 1934 e 1939. Con este libro, Carvalho Calero emparéntase coa dirección hexemónica na poesía galega e mesmo española da época, caracterizada polo temática confesional e o clasicismo formal. Con certeza, debido á censura franquista, na altura non había máis alternativa que refuxiarse nunha poesía moito máis persoal, na que o suxeito lírico evidencia a súa desolación existencial, representando a vida como exilio interior e procurando un achegamento á meditación relixiosa, que explicaría a recorrencia ao motivo do anxo, apuntada por Montero Santalha (1992). Porén, trátase dunha poética racionalista e meditativa que, en opinión de Pallarés (1992 e 2019), cuestiona a crenza simbolista.

Por outra parte, hai predominio do hendecasilabo branco sobre outros metros de arte maior e unha escasa presenza dos de arte menor, nunha coadadísima elaboración, que é froito do seu coñecemento do oficio poético.

4. *Poemas pendurados de un cabelo* (Lugo, 1952)

De novo unha pequena editorial emblemática nos anos da posguerra, desta volta a luguesa Xistral, que dirixían Ánxel Johan e Manuel María, levou ao prelo o cuarto libro de poemas en galego de Carvalho Calero, como segundo número da súa colección. Como en *Anxo de terra* a maioría dos versos foron escritos entre 1934-1939. A edición presenta tres partes: a primeira, con cinco textos, denominada “Entre o verde e o azul”, a segunda, con sete composicións, leva a mesma epígrafe que o conxunto e a terceira, con seis poemas, intitulada “A soleira de ouro”. A distribución non se conserva en *Pretérito imperfecto (1927-1961)*, onde cada sección aparece como se fose un libro independente.

Na temática os contidos son reiterativos verbo da entrega precedente e o mesmo ocorre no aspecto formal. Os enigmas do mundo, as preguntas a Deus, o *tempus fugit*, a saudade ou a dimensión amorosa tinguen a confesionalidade da voz poética. Nestes lugares comúns salienta a visión do amor entre “Os vellos amigos” e as mulleres novas, que lembra a coñecida peza teatral de Castelao *Os vellos non deben de namorarse*, daquela aínda inédita mais xa estreada no exilio e de sobras coñecida no ambiente galeguista. Polo demais, mingua de maneira considerable a presenza das alusións de xorne culturalista, apenas representada polo poema “Os soños resustados”, intitulado con posterioridade “Etzelnburg”, que relata unha orxía no castelo de Atila, rei dos hunos.

5. *Salterio de Fingoy* (Vigo, 1961)

Este volume foille enviado a Celso Emilio Ferreiro para un proxecto editorial fanado e rematou facendo o número dous da colección “Salnés”, que viñan de fundar en Galaxia o poeta celanovés, Emilio Álvarez Blázquez e Francisco Fernández del Riego. Trátase dun libro fundamental na súa traxectoria e de “raíz claramente existencialista” (Pallarés, 2019: 20), e non hai dúbida de que é o máis completo ata daquela, tanto no contido como no aspecto formal. Orixinariamente tiña catro partes: a primeira, con vintecinco textos, intitulada como o conxunto, logo aparecía “Aneis de agua”, con dezaseis composicións, a terceira viña sendo “Novelo de fantasmas”, con oito textos, e outros oito compoñían a sección final, chamada “Oratorio”. De novo en *Pretérito imperfecto (1927-1961)* cada parte constitúe un libro autónomo e da última desaparece o poema “Rosalía”, que a crítica atribúe a un descoido. Blanco (2019) e Pallarés (2019) coinciden en salientar a importancia autopoética do texto que principia cos versos “Poeta es, pois dá-che nojo todo / agás a poesía”, aínda que a antoloxía de Fernández Mirás non inclúe o salientado por Blanco.

Consonte coa época na que foi escrito, o libro insírese no existencialismo, corrente estética que xa anticipara *Muiñeiro de brétemas* (1950) de Manuel María e, sobre todo, *Fabulario novo* (1952) de Cuña Novás, marcados polo ambiente opresivo da posguerra e a introspección motivada pola crise existencial do momento. Esta concepción metafísica heideggeriana reflíctese na soidade e na impotencia do suxeito individual fronte á historia, no desacougo, na perda da inocencia ou no derrubamento dos soños. Un escepticismo e unha percepción pesimista que son lugar común nos poetas da chamada Escola da Tebra. Nese senso non se pode esquecer que a palabra salterio do encabezamento fai referencia ao libro bíblico que contén os salmos e moitos dos textos poéticos configúranse como pregos dirixidos a Deus, malia a desolación que se deriva de non acreditar na vida eterna.

De por parte, o libro está inzado de referencias culturalistas, con especial relevo de novo na tradición greco-latina, velaí o poema final “A Bacante e Dionisos”, as míticas “Amazonas”, os protagonistas das traxedias de Esquilo en “Oh néboa, oh néboa” e os personaxes da *Iliada* homérica que aparecen no magnífico “Helena regresa a Esparta”, mais tamén a tradición xudeo-cristiá de “Hai quen a vida leva nos seus fros” ou “Salomé”, o ciclo artúrico en “Graal”, que aquí aparece por vez primeira mais que terá unha

crecente importancia nos versos de Carvalho Calero, sen esquecermos as mencións a Brunilda e Sigfrido, protagonistas da epopea medieval xermánica dos *Nibelungos*, que serven de contraste no poema “Rosalía”, ou a exótica contemporaneidade en “Gandhi”.

Do punto de vista formal a maior novidade desta volta vén dada pola estrutura dialogada do poema “A bailarina” e pola perfección dos sonetos “Alto Lérez”, “Non, non te amei. Agora sinto perto” e “E calquei a soleira bretemosa”, todos tres hendecasilabos, nunha estrofa que aínda nunca usara en galego, malia xa ter escrito os cen sonetos modernistas en castelán de *Teoría de Eva* (1939-1941). Esta maneira de poetizar culta alterna con episódicos paralelismos como os de “Un pouco de dor”.

6. Pretérito imperfecto (1927-1961) (Sada, 1980)

A este volume recompilatorio, que saíu á rúa por iniciativa de Edicións do Castro, non lle dedicaremos especial atención, pois recolle os cinco primeiros libros da poesía galega de Carvalho Calero sen engadir ningún texto e conservando “os que me pareceron capaces de resistir hoje uma leitura indulgente, ao menos por parte do próprio autor” (Carballo Calero, 1980: 10), como se sinala no “Limiar”. Con anterioridade, xa ofrecemos cumprida conta deste labor de expurgación, non compartida por posteriores antólogos, como Pallarés (1992), ou críticos, como Montero Santalha (1992), que avogaron pola recuperación de textos de notable calidade e interese, malia non respectaren a vontade testamentaria do escritor. Blanco (2019: 17) salienta dese “Limiar” do propio Carvalho a súa aseveración “para min toda poesía é catarse” e a estudiosa reafirma esa “muito pessoal via lírica de purificação interior”.

A única novidade salientable é que nesta reedición por vontade do autor foi revisada a lingua e, nesta ocasión, todos os poemas aparecen transcritos na particular normativa reintegracionista que o profesor ferrolán defendeu e mantivo nos últimos anos da súa vida.

7. Futuro condicional (1961-1980) (Sada, 1982)

Neste outro volume recompilatorio, que tamén viu a luz en Edicións do Castro, Carvalho Calero agrupa poemas dispersos, publicados en revistas ou mesmo inéditos, que foron escritos desde a aparición de *Salterio de Fingoy* (1961). Nun breve “Limiar” sinala como “o autor procurou que o número

de poemas deste segundo tomo coincidise co do tomo primeiro, e eliminou o material excedente, que lle pareceu de calidade inferior ao conservado, ou expresión pouco comunicativa de vivencias demasiado persoais” (Carballo Calero, 1982: 9). O propio autor divide o libro en tres partes: “Excalibur”, “Venusberg” e “Avalon”, con 45, 44 e 36 textos respectivamente, sinalando que os títulos “son algo arbitrarios, mais algo apuntan ao contido preponderante” (Carballo Calero, 1982: 9).

Porén, Rodríguez Fer (1989) cre que esta división tripartita é útil para definir toda a súa obra poética, pois a preocupación filosófica, relixiosa e trascendente predominante en “Excalibur”, o erotismo en “Venusberg” e a narratividade de asunto mítico, histórico e cultural en “Avalon”, son evidentes no resto da produción. Sen desbotar esta clasificación, que xa é lugar común na crítica, Lillo Redonet (1996: 83) advirte que non pode tomarse con rixidez, constatando diversos cruzamentos temáticos e “a tendencia a que os poemas de contido mitolóxico teñan asociada algunha función máis, que será preferentemente amorosa”.

En calquera caso, a voz da experiencia persoal aparece agachada e enmarcada nun exhuberante culturalismo, moito máis esaxerado que en obras anteriores, o que contribúe á singularidade da poesía de Carvalho Calero, que aínda se arrequeña cun extraordinario dominio da lingua, nomeadamente na riqueza do seu léxico. Ora ben, esta ferverza de referencias culturais non intelectualiza os textos de maneira excesiva, senón que contribúe a enaltecer as experiencias do cotián, permitindo unha lectura máis doada e nunca exenta de ironía e de recursos paródicos. Toda esta estratexia, sen dúbida consciente, consegue unha renovación da linguaxe poética, da que estaba moi necesitada a poesía do momento.

A primeira parte, “Excalibur”, é a menos feraz nas alusións culturalistas, malia proceder a súa epígrafe do nome da espada máxica que outorgaba un poder sobrenatural ao rei Artur. Así a todo, atopamos outras referencias á materia de Bretaña (Galahad, Graal), xunto a personaxes bíblicos (Deus, Adán, Caín, Salomón, Herodes), mitos clásicos (Zeus ou Ariadna, no magnífico soneto “Guía no laberinto, ti, cabelo”), mesmo literarios (Antígona) e tamén máis modernos (Don Juan), así como a mención do escritor Echegaray. Toda esta recreación das alusións míticas “é en xeral menos transgresora que a de Cunqueiro” en opinión de Pallarés (2019: 21).

Todas elas insírense nos textos para axudar a dar unha explicación ou para ofrecer unha solución aos conflitos da persoa, que non sempre son internos e que poden vir dados por acontecementos externos. De feito, a traumática participación do poeta na Guerra Civil española descríbese no poema “Non sei”, que relata como un soldado –que podería ser trasunto do propio autor– se interesa pola sorte do seu inimigo, malia quedar ferido no intercambio de disparos.

Polo demais, na forma destaca o uso de recorrencias e paralelismos, que teñen o seu cumio no poema “¿Onde está o verso? ¿Onde está a prosa?”, co cruzamento de corenta preguntas existenciais nos seus vinte versos decasílabos.

“Venusberg” toma o seu nome da montaña sagrada da mitoloxía xermánica (Pallarés, 2019), mais tamén gardaría relación co monte de Venus, a deusa romana do amor e da beleza, chamada Afrodita polos gregos. Nesta segunda parte tampouco se incrementan en exceso as referencias cultas que, desta volta, serven para acrecentar o ton erótico. De novo os motivos bíblicos son os máis recorrentes (a Biblia, o Eclesiastés, Deus, Satán, Moisés, o rei David, Betsabé, as raíñas de Saba), xunto ás míticas (Venus, Dafne, Apolo), ata termos poemas como “Os anjos etruscos de Goya” ou “Unha fragancia erótica, mitolóxica e bíblica”, fermoso título que semella toda unha declaración de intencións do propio poeta.

Será na terceira parte, “Avalon”, denominación da illa onde se refuxia o rei Artur, onde a narratividade dos poemas acolle unha desmedida profusión de referencias cultas, coas que o poeta demostra a súa impresionante formación clásica e que lle serven para glosar e actualizar, as máis das veces, toda unha serie de mitos antigos e modernos. Entre os primeiros temos a recorrida presenza bíblica e dos clásicos greco-latinos, (a raíña de Saba –Belkis–, Anquises, Nausícaa, o Cíclope, Circe, Leda, Euríloco, Anaxímenes, Euribio, Onán, Narciso, Batilo, Ciro, Cronos, Venus, Pandora, Saturno), moitas veces da épica homérica ou de Safo, coa insólita mención do deus exipcio Ápis (das poucas desta cultura na obra do poeta), que se completa coas alusións a personaxes históricas que tamén adquiriron unha certa auréola mítica por diferentes razóns. Así temos os autores Homero e Virxilio, o matemático Ptolomeu, as familias venecianas dos Foscarri, dos Dandolo e dos Loredano, o poeta Dante Alighieri, os pintores Bellini e Tiziano, o

personaxe shakespeareano de Otelo ou figuras históricas contemporáneas como o Papa Xoán XXIII ou Adolf Hitler e Eva Braun, dos que se relata o seu suicidio no poema “No búnker”. Esta querenza mitificadora atinxe tamén a importantes acontecementos históricos (como a revolución francesa ou a guerra dos seis días entre palestinos e israelitas), chega a espazos físicos, quer do imaxinario, como a Arcadía, quer do histórico, como Babilonia ou a biblioteca de Alexandría onde “é melancólico ser rei, / lendo a Catulo ou a Voltaire”, quer da biografía persoal, como as paisaxes ferrolás da infancia. Por se isto fose pouco, aínda retrata personaxes suburbanos de Nova York ou alude ao racismo en “Manequin negra” e “Unha negra pequena”, poemas que lembran as imaxes do Castelao debuxante.

Mención á parte merecen dous textos pola xenerosidade nas súas alusións. Trátase da composición “O canto de Tristán”, que actualiza o mito de Tristán e Iseo ou Isolda, onde se fai referencia a Sir Thomas Malory, Gotfried von Strasburg e Ramón Cabanillas, todos tres importantes autores que trataron este episodio da materia de Bretaña. Unha revisitación deste mito terá continuación en textos como “Petit-cru”. O segundo poema referido é “A Álvaro Cunqueiro, 1980”, co que remata o libro, onde son convocados escritores como a española Carolina Coronado, o ruso Tolstoy e os nosos Manuel Murguía, Otero Pedrayo, Cunqueiro e o propio Carvalho Calero, pintores como Federico Madrazo, Sorolla e Picasso, ademais dunha primeira mención do cometa Halley, novamente nomeado no seu derradeiro libro *Reticências*, que se explica por ser avistado en 1910, ano no que veu ao mundo o poeta ferrolán.

8. *Cantigas de amigo e outros poemas (1980-1985) (A Corunha, 1986)*

Con ilustracións de Felipe Criado, a Asociación Galega da Língua publica esta outra recompilación, na que Carvalho Calero ordena 62 textos, divididos en oito partes de desigual extensión, numeradas en romanos. Malia a súa epígrafe, non se trata dun libro neotrobadoresco. Como ben anota Pallarés (1992: 28): “A relación destes poemas coas cantigas de amigo medievais radica máis na alterazón do código que aquelas desenvolvían que no seu seguimento”, ao que López (1997: 195) engade: “Estas cantigas de amigo sono por estaren postas en boca dunha muller e fuxen de calquer intento de adaptar as regras que rexían o xénero trobadoresco” (1997:

195). Daquela, a voz poética feminina desenvolve de xeito monotemático diferentes percepcións sobre o amor e a paixón, desde a dor ata o gozo pleno, sen esquecer o gran protagonismo que xogan no libro as relacións adúlteras censuradas socialmente. Tan só eses “outros poemas” se afastan da monocordia para reflexionar sobre os conflitos do ser humano e, en especial, sobre aqueles que máis incidiron na súa biografía persoal.

Unha vez máis o culturalismo protagoniza moitos dos versos, case sempre coa intencionalidade de arrequeantar as distintas mensaxes amorosas con outros matices. Para iso bota man, como noutras ocasións, da tradición cristiá (Adán e Eva), da cultura exipcia (a faraona Hatseput, os deuses Isis e Osiris), da mesopotámica (Semíramis), da greco-latina (Venus, Aquiles e Pentesileia, Paris, Helena, Príamo, Menelao, as deusas Átropos e Hygeia, o cabalo Pegaso, Phoénix, Ícaro e Phaetom, Lesbia e Clodia, ou personaxes históricos como os emperadores romanos Nerón e Galba), da materia de Bretaña (Tristán e Isolda –en tres poemas–, Brunilda, Galaad, Lanzarote, Elaine, Xenebra, o rei Artur e Avalon, a illa das Mazás) ou doutros mitos posteriores como Xoana de Arco ou Romeu e Xulieta. A este numeroso elenco úneselles a mención do naturalista sueco Linneo, de compositores como Wagner e Mozart (retratado pola súa muller Constanza) e de escritores de sona universal como Cavafis, D’Annunzio, Stendhal, Heine ou Puchkin, a maiores da evocación da escritora norteamericana Emily Dickinson en “Pouco sabemos dela, fora do que nos dim”, coa novidade de incluír un poema no que se citan todos os poetas galegos da antoloxía *De amor e desamor*, por mor da edición do seu volume colectivo. Tamén resulta unha novidade a inclusión de alusións teatrais, con personaxes da “commedia dell’Arte”, como Colombina e Pierrot, e da actriz deste século Eleanora Duse. No universo feminino aparecen políticas contemporáneas como Golda Meir, Indira Ghandi e Margaret Thatcher, mais tamén unhas pouco coñecidas lanzadoras de xavelina. As referencias históricas complétanse coa traxedia do Titanic, o drama da Guerra Civil española en “Fugámos da nosa vila” ou a sonada morte da secretaria de Edward Kennedy nun accidente de automóbil en Chappaquiddick. E finalmente, tamén cobran protagonismo paisaxes como as de Laios de Pafos, Citeres, Venusberg ou Brocelandia.

Do punto de vista formal hai certo continuísmo, acentuándose a forte narratividade. Salienta o seu regreso á rigorosidade estrófica do soneto,

con cinco composicións: “Pois Galaad redime a Lançarote”, “Onde eu escrevo Lésbia lê ti Clódia”, “Água e carbono é o teu corpo, sal”, “Pintura abstracta, música concreta” e “Mas este corazón aprende pouco”, e unhas sorprendentes oitavas en “Calquer lugar é bom para morrer”.

9. *Reticências...* (1986-1989) (Santiago de Compostela, 1990)

A derradeira entrega poética viu a luz na editorial Sotelo Blanco e, malia tratarse dunha obra póstuma, fora preparada polo propio autor. Compila exactamente cen poemas, escritos nos últimos anos, ordenados en seis partes: “Névoa de sol”, “Ponte de ar”, “As pétalas da rosa”, “Cantigas de mulher”, “Arredor de si” e “Ilha de luz”, de 36, 15, 16, 10, 8 e 15 poemas, respectivamente. A dirección temática preponderante é a angustia existencial da voz poética perante a proximidade da morte, con reiteradas preguntas sobre o alén, ás veces desde un posicionamento ascético. Aparecen tamén o amor e saudade e de maneira máis sucinta todos os temas que foron previamente tratados na súa obra. Para Pallarés (2019: 23) “nada hai de epigonal neste poemario de vellice. Desenvolven temas e actitudes que apuntaban en *Futuro condicional* e amplían a presenza da ironía, do cotián e até do convencionalismo poético”.

A erudición é impresionante, aínda que reitera moitos dos trazos culturalistas. Nesta obra, de pouso existencial, a tradición cristiá é a máis socorrida, con numerosas apelacións a Deus, ao que só nunha ocasión se lle chama Padre Eterno e noutra Iavé, que se completan con outros personaxes bíblicos (Moisés, Eva, Adán, Abel e Caín, Xacob, o rei David, Hiram, rei de Tiro, Salomón ou o propio Fillo de Deus, tamén nomeado Cristo Xesús e Xesús Cristo, protagonista dun humorístico poema onde é caracterizado como taxista entre a terra e o ceo), así como referencias ao Paraíso ou Edén. E cunha importante novidade, a inusitada presenza do santoral (San Francisco, Santo Tomás, San Ignacio, San Antonio de Padua, San Bartolomeu, San Pedro, San Xoán, San Martiño), da Virxe do Socorro, dos anxos e dos arcanxos Miguel, Gabriel e Rafael. Este mundo das crenzas e das ideas aínda está presente nas alusións ao filósofo grego Platón, ao asceta da Tebaida ou ao filósofo moderno Friedrich Nietzsche. A considerable distancia, malia seren importantes, están as referencias á cultura clásica greco-latina (Venus, Eros, Ares, Aeneas Pius, Poseidón, Delphos, Apolo, Afrodita, Medusa, Clitemnestra, Hefaiostos,

Anadiomene, Ariadna ou o deus romano Jano), seguida da materia de Bretaña (o rei Artur, Sir Lancelot, Bors de Gánis, Perceval, Amadis, Xenebra, Oriana, Elaine, Briolanja, Galaad, Viviana, Tristán e Isolda, a fada Morgana ou a busca do Graal), onde non se ocultan as influencias dos escritores Sir Thomas Malory e Dante Gabriel Rossetti e do compositor Wagner.

Outros autores, como o trovador ferrolán Esquíu, o poeta inglés John Milton ou o francés Pierre Louÿs e pintores como Giorgione e Tiziano son tamén nomeados, xunto a personaxes poéticos como a Laura (de Petrarca) e a Beatriz (de Dante), teatrais como Pierrot, Arlequín e Colombina ou a cita de *Esperando a Godot* de Samuel Beckett, cinematográficos como Roger Vadim, Jane Fonda e Brigitte Bardot e musicais como a orquestra filarmónica de Osaka. Finalmente, protagonistas da historia política (Dalai Lama e o primeiro ministro chino Li Peng, na loita dos monxes budistas reclamando a independencia do Tibet) e novamente a guerra entre palestinos e israelitas, e moito máis cerca as loitas obreiras de Ferrol.

E presenta, quizais aínda con máis vigor que en anteriores propostas, un preciosismo formal evidente desde o inicial sexteto en hendecasilabos brancos. De feito, alén doutros poemas en serventesios, é de salientar que aparezan vinte e dous sonetos, máis da quinta parte do conxunto, entre os que sobrancea o autobiográfico “Halley: 1910-1987”.

10. Coda. Dúas antoloxías para recuperarmos a palabra poética de Carvalho Calero

Antes de debruzármonos sobre as recentes antoloxías da súa obra poética, cómpre facer unha sucinta mención dunha obra breve exhumada por Carmen Blanco (2000) e que leva por título *O trebo das catro follas*. A estudosa sitúa a escrita deste poemario inédito de xinea neopopularista por volta de 1944, datación que o convertería na súa primeira obra de posguerra.

A día de hoxe para achegármonos a un dos nosos sobranceiros poetas da posguerra podemos acudir á lectura de dúas antoloxías publicadas ao fío da celebración das Letras Galegas. Ata agora o seu estro non recibira a atención merecida, se callar porque a dimensión científica dos estudos lingüísticos e literarios do profesor Carvalho Calero relegaron esta faceta. Os seus versos agardan novas lecturas, malia que as edicións dos seus libros xa

só son asequibles en librarías de vello, pola triste desaparición de Edicións do Castro e Sotelo Blanco. E o mesmo acontece coa primeira antoloxía preparada pola poeta Pilar Pallarés, *Fillo de Eva (88 poemas de Ricardo Carvalho Calero)*. Porén, á hora de poñer o ramo a este texto, a propia Pallarés deu ao prelo a cretomatía *Beleza, verdade. Ricardo Carvalho Calero* e Paulo Fernández Mirás a *Antoloxía da poesía em galego. Ricardo Carvalho Calero*. Esta foi a primeira en aparecer, en setembro de 2019, cunha brevísima “Nota do antologista” para explicar os criterios da súa escolla e un sintético limiar de cinco páxinas que asina Carmen Blanco baixo a epígrafe “Viagem ao centro do céu com um sorriso” e no que resume a súa traxectoria falando da “poética existencial, culta e cristiá do Carvalho Calero criador em língua galega” (2019: 17). Moito máis delongado é o “Limiar” de Pilar Pallarés na escolma citada, en dezaioito páxinas que debullan aspectos fulcrais biográficos e da obra de Carvalho e sintetiza a súa proposta coma “espazo de sombra insondável que cada ser humano garda dentro de si, alí onde conviven os múltiples eu que unhas veces se revelan e outras fican só como posibilidade” (2019: 7).

Fernández Mirás antologa 116 poemas ou fragmentos: 7 de *Vieiros*, 7 de *O silencio ajoellado*, 10 de *Anjo da Terra*, 7 de *Poemas pendurados dun cabelo*, 11 de *Saltério de Fingoi*, 27 de *Futuro condicional*, 23 de *Cantigas de amigo e outros poemas* e, finalmente, 24 de *Reticências*.

Por parte, Pallarés, revisa aquela súa primeira antoloxía de 88 poemas e, en outubro de 2019, opta por facer unha escolma de 76 poemas: 5 de *Vieiros*, 5 de *O silencio ajoellado*, 6 de *Anjo da Terra*, 5 de *Poemas pendurados dun cabelo*, 9 de *Saltério de Fingoi*, 20 de *Futuro condicional*, 11 de *Cantigas de amigo e outros poemas* e, finalmente, 15 de *Reticências*, que completa cunha serie de “Textos complementarios”, unha “Cronoloxía” e unha “Bibliografía” de e sobre Carvalho Calero.

De facermos unha análise comparativa entre as antoloxías de Fernández Mirás e de Pallarés observamos moitas concomitancias. De *Vieiros* coinciden en catro poemas e noutros catro de *O silencio ajoellado*, en tres de *Anjo da Terra* e noutros tres de *Poemas pendurados dun cabelo*, seis son as coincidencias en *Saltério de Fingoi*, once en *Futuro condicional*, sete en *Cantigas de amigo e outros poemas* e, xa, oito en *Reticências*. Isto é, o sesenta por cento da escolla de Pallarés está tamén na máis ampla de Fernández Mirás, o que constata certo consenso lector e crítico.

Porén, desde a nosa opinión debería emprenderse a publicación da *Poesía Completa* de Ricardo Carvalho Calero, como xa se ten feito con outras e outros poetas de nós. Ben haxa!

Bibliografía

- Álvarez Cáccamo, Xosé María (2002): “O discurso metapoético de Ricardo Carvalho Calero” en Francisco Salinas Portugal e Teresa López (eds. lits.), *Actas do Simposio Ricardo Carvalho Calero. Memoria do Século*. A Coruña: Universidade da Coruña-Asociación Sócio-Pedagóxica Galega, pp. 163-170.
- Blanco, Carmen (1988): *Conversas con Carballo Calero*. Vigo: Galaxia.
- _____ (1995): “Carballo Calero de Venus a Eva: A diversidade mítica e histórica das *Cantigas de amigo*”, *Nais, damas, prostitutas e feirantas*. Vigo: Xerais, pp. 119-155.
- _____ (2000): “*O trebo das catro follas*. Um poemario popular inédito de Carballo Calero” en José Luis Rodríguez Fernández (ed. lit.), *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*, vol. 1. Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia-Universidade de Santiago de Compostela, pp. 105-140.
- _____ (2019): “Viagem ao centro do céu com um sorriso” en Paulo Fernández Mirás, *Antologia da poesía em galego. Ricardo Carvalho Calero*. Santiago de Compostela: Através Editora, pp. 17-21.
- Carballo Calero, Ricardo (1931): *Vieiros*. A Coruña: Nós.
- _____ (1934): *O silencio axionllado*. Santiago de Compostela: Nós.
- _____ (1950): *Anxo de terra*. Pontevedra: Gráficas Torres, col. Benito Soto, 7.
- _____ (1952): *Poemas pendurados dun cabelo*. Lugo: Xistral.
- _____ (1961): *Salterio de Fingoy*. Vigo: Galaxia.
- _____ (1980): *Preterito imperfecto (1927-1961)*. Sada-A Coruña: Edicións Do Castro.
- _____ (1982): *Futuro condicional (1961-1980)*. Sada-A Coruña: Edicións Do Castro.
- _____ (1986): *Cantigas de amigo e outros poemas (1980-1985)*. A Corunha: Associação Galega da Língua.
- _____ (1990): *Reticências... (1986-1989)*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

- Fernán-Vello, Miguel Anxo e Francisco Pillado Mayor (1986): *Conversas en Compostela con Carballo Calero*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Filgueira Valverde, Xosé (2008): *Os poetas galegos (1936). Antoloxía consultada*. Pontevedra: Museo de Pontevedra-Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales.
- Herrero Figueroa, Aracéli (1982): “Carballo Calero, poeta” en VV. AA., *Homenaxe a Carballo Calero*. Ferrol: Cadernos do Medulio, pp. 25-29.
- Lillo Redonet, Fernando (1996): “Algúns usos da mitoloxía clásica na poesía galega de Pondal, Cunqueiro e Carballo Calero” en Alexandre Rodríguez Guerra (ed.), *Galicia dende Salamanca*. Santiago de Compostela-Salamanca: Xunta de Galicia-Universidad de Salamanca, Área de Galego-Portugués, pp. 67-87.
- López, Teresa (1997): “Ricardo Carvalho Calero”, *O neotrobadorismo*. Vigo: A Nosa Terra, col. Campus, 4, pp. 193-196.
- Marco, Aurora (1992): *Foula e Ronsel. Os anos xuvenís de Carvalho Calero (1910-1941)*. Lugo: Fundación Caixa Galicia.
- Méndez Ferrín, Xosé Luís (1984): *De Pondal a Novoneyra*. Vigo: Xerais, pp. 102-104.
- Montero Santalha, José-Martinho (1993): *Carvalho Calero e a sua obra*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Pallarés, Pilar (ed. lit.) (1992): “Limiar”, *Fillo de Eva (88 poemas de Ricardo Carvalho Calero)*. Ferrol: Sociedad de Cultura Valle-Inclán, col. Esquíu de Poesía, 48, pp. 9-37.
- _____ (2019): “Limiar”, *Beleza, verdade. Ricardo Carvalho Calero*. Santiago de Compostela: Chan da Pólvora, pp. 7-24.
- Rabunhal Corgo, Henrique (1987): “Uma leitura de *Futuro condicional*”, *O ensino. Revista galaicoportuguesa de Sociopedagogia e Sociolingüística*, 18-22. Pontevedra-Braga, pp. 287-291.
- Rivera Cascudo, Manuela (1992): “Aproximaçom à temática da obra poética de Carvalho Calero” en Maria do Carmo Henriques Salido (ed.), *Actas do III Congresso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza. Em homenagem ao Professor Carvalho Calero*. A Corunha: Associação Galega da Língua, pp. 609-618.

- Rodríguez Fer, Claudio (1989): “A temática cultural na poesía de Carballo Calero”, *Poesía galega. Crítica e metodoloxía*. Vigo: Xerais, pp. 35-73.
- _____ (ed. lit.) (1993): “Introducción. A poesía española de Ricardo Carballo Calero”, *Ricardo Carballo Calero. Poesía perdida*. Sada-A Coruña: Edicións Do Castro, col. Documentos para a Historia Contemporánea de Galicia, pp. 5-42.
- Salinas Portugal, Francisco (1991): *Voz e silencio (entrevista con R. Carvalho Calero)*. Vilaboa: Do Cumio.
- Souto Presedo, Elvira (1991): “Anjo da terra” en VV. AA., *Ricardo Carvalho Calero. A razón da esperanza*. Vigo: Monográficos A Nosa Terra, 13, pp. 66-70.
- Vilavedra, Dolores (coord.) (1995): *Diccionario da literatura galega, I. Autores*. Vigo: Galaxia, pp. 108-110.
- _____ (2000): *Diccionario da literatura galega, III. Obras*. Vigo: Galaxia, pp. 214-216.

Carvalho Calero: autor e cronista do teatro galego

HENRIQUE RABUÑAL

(Profesor de Lingua e Literatura Galegas no Ensino Medio)

Carvalho Calero e o teatro

Don Ricardo, recoñecido como poeta e historiador e crítico literario¹, foi en moitas dimensións un home de teatro: lector, espectador, investigador, *actor* e director en Fingoi, editor dos dramaturgos da xeración Nós, historiador, conferenciante e divulgador, xurado, autor... A creación teatral e o estudo do noso teatro supoñen un segmento considerábel da escrita e da vida do polígrafo ferrolán². Nacido no Ferrol Vello en 1910, cursou os primeiros estudos no Colexio Sagrado Corazón, dirixido por Manuel Comellas, entre outras cousas un home de teatro, e sería alumno de Nicolás García Pereira e amigo de Xaime Quintanilla. En Ferrol asiste no Jofre a diversos espectáculos, desde o cinema até o teatro lírico e familiarízase tamén co teatro clásico español (Tirso, Lope, Calderón, Alarcón).

Segundo refire Aurora Marco (1992: 19-21) e corrobora Dolores, irmá de Don Ricardo, o noso autor dirixía na súa casa a representación de obras escritas antes dos 11 anos: o libreto de zarzuela *El puente de los enamorados* e a comedia en verso *La cruz más santa*. Sobre a primeira manifesta en Fernán Vello e Pillado Mayor (1986: 26): “Unha historia de dous namorados que estaban separados por un río, pero había unha ponte

¹ Para a súa biografía remitimos ás obras de Fernán-Vello e Pillado Mayor (1986), Carmen Blanco (1989; 1991), Francisco Salinas (1991), Aurora Marco (1992) ou Montero Santalha (1993) e aos volumes de homenaxe dos *Cadernos do Medúlio* (1982), da col. “A Nosa Cultura” nº 13 (1991), aos traballos aparecidos nas *Actas do III Congreso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza* (1993), aos *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero* (2000), á obra *Conhecemos Carvalho Calero* da Fundação Artábria (2000), ás *Actas do Simpósio Ricardo Carvalho Calero* (2002), ao volume *Encontros con Don Ricardo. Carvalho Calero, de Ferrol para o mundo* (2011a) e ás Xornadas *Ricardo Carvalho Calero: ciencia, literatura e nación* (2011b). Debe consultarse tamén Herrero (1994) e o *Epistolario a Francisco Fernández del Riego* (2006). Para a bibliografía de Carvalho son fundamentais os traballos de Montero Santalha (1993) e José Luís Rodríguez (2000).

² Poden consultarse os traballos recentes de Dacosta (2020) e Rabuñal (2020) ou os volumes *Hei de entrar no meu povo: reivindicarmos Carvalho Calero* (2019) ou *Ricardo Carvalho Calero... por fim!* (2020).

e esa ponte permitia pola suas resonancias que falaran eles por unha especie de teléfono”. A segunda estaba baseada nun relato de Antonio de Trueba³.

Plenamente integrado na actividade política e cultural da preguerra, primeiro en Compostela e logo en Ferrol, coñece coma poucos a literatura e teatro galegos daqueles anos e escribe as súas dúas primeiras obras: *O fillo* en 1935 que ía ser editada por Nós e *Isabel* en 1936. Abortados eses proxectos e logo da traumática experiencia da guerra e do cárcere, cando se instala en Ferrol retoma os seus proxectos literarios (*A xente da Barreira*, *Anxo de terra*) e entre eles os teatrais. Nos anos 40, sen público nin lectores á vista, volve á escrita teatral, até entón inédita e descoñecida, concluíndo *Isabel* en 1945 e escribindo en 1948 *A sombra de Orfeu*, a *Farsa das zocas* e *A árbore*. Estraña esta actividade literaria naqueles anos. O tempo histórico condiciona o teatro que escribe don Ricardo, concibido como exercicio de autocomunicación, e coa esperanza posta nun futuro máis digno para o teatro e cultura galegas proseguindo o labor truncado pola Guerra Civil e a instauración en España dun réxime ditatorial.

Na etapa Fingoi⁴, cando *O fillo* recibe o Premio Castelao en Buenos Aires (1952), o teatro volve estar moi presente. Debemos á profesora Herrero Figueroa (1990) unha análise de Carvalho como director de teatro sendo responsábel do Colexio Fingoi⁵ de Lugo (1950-1965), e cando se representan, entre outras pezas, *A ofrenda das fadas no portal de Belén* de Cabanillas, o

³ “Este relato –declara a Fernán Vello e Pillado Mayor (1986: 26)– de don Antón de Trueba era un relato pacifista; lembro que representava a vida dos bandos de ‘oñacinos’ e ‘gamboínos’ no País Vasco /... / Un cavaleiro que pertencía a un destes bandos, perseguido polos seus inimigos, cai ferido e é recollido por un fidalgo campesino que vive lonxe das contendas. Chega a namorar-se da filla do seu anfitrión, pero este non quer que case con ela porque é un pacifista, é un tolstoiano, tolstoiano *avant la lettre*, se que quer, pero el, o cavaleiro en cuestión, está disposto a abxurar das súas orixes bélicas e consagrar-se ao traballo do campo. E recordo que el quer xurar, que, efectivamente, se convertirá nun pacífico traballador sobre a cruz da súa espada, pero o seu futuro sogro considera que isto non é axeitado, e quer que xure sobre a cruz que forman as aspas do moíño, porque esta é unha cruz que simboliza o traballo fecundo, e non unha cruz que vai unida á idea de guerra, da violencia, como no caso da espada”.

⁴ Descrita por Reimunde (2010) e en Rabuñal (2020: 61-81) e polo propio Carvalho en “Quinze anos em Lugo” (LEGAL: 113-121).

⁵ Sobre as representacións poden consultarse algúns escritos aparecidos na revista *Grial* ou anónimos (1965; 1966; 1967) ou asinados por D. S. (1964; 1965).

lance Pimpinela de *Os vellos* de Castelao, estreándose⁶ en versión anónima a *Farsa das zocas*⁷ do propio Carvalho Calero. Con vistas a esa actividade teatral en Fingoi realiza en 1951 a adaptación para teatro infantil do drama chinés de Li Hsing-Tao *O círculo de giz* co título de *O redondel*, estreada en Fingoi no tempo da *Farsa das zocas*. Sabemos por Carvalho (LEGAL⁸: 113-121) que representaron⁹ textos de Herondas, Plauto, Courteline, Baring, Lope de Rueda, Lope de Vega ademais de teatro xaponés¹⁰ (*Kantán*) e chinés (*O círculo de giz*).

Logo de declarar a súa admiración pola arte dos actores e antes de recoñecer que mesmo tería gustado ser actor, declara –en Fernán Vello e Pillado Mayor (1986: 27)– que en Fingoi lle fora “necesário personificar muitas personaxes, muitos papeis, simplemente para indicar-lles a eles –refírese aos actores e actrices– a orientación”. Entre eses *papeis* cita o do señor Fuco do lance Pimpinela. Araceli Herrero (1990: 3) lembra como don Ricardo facía de actor/actriz

estabelecendo a dicción, os xestos, atitudes e movemento no espazo escénico, aparte das correccións na fonética e entoación sobre todo cando de galego se trataba, dado que, como dixemos, para a maioría de nós, o galego non era lingua familiar. E Carballo tiña, mesmo, que facer de apontador, unha vez xa estudados os papeis, pois, como se suporá, non sempre estaban ben sabidos.

E nos anos 50 e 60 son frecuentes as súas colaboracións de asunto teatral na prensa. Nos 60 é membro dos xurados do Certame Literario do Miño en Lugo e dos Premios Castelao de Teatro que promove a A. C. O Galo en Compostela apoiados polo Centro de Estudos Fingoi. En 1963 aparece a

⁶ Estrea que hai quen sitúa en 1958 ou en 1960.

⁷ No nº 760 de *Vida Gallega* (1960) pode verse unha referencia á representación da peza.

⁸ Esta e outras abreviaturas aparecen desenvolvidas na relación que figura ao final do corpo deste artigo.

⁹ Dentro dunha filosofía pedagóxica moi progresista para a época, Carvalho incorpora a actividade teatral á formación global do alumnado representando textos de autores en español, galego, latín e francés. Tamén María Ignacia Ramos Díez, profesora, escritora (utilizaba o pseudónimo de María Silgar) e esposa de don Ricardo, é autora da peza teatral *Abuelas en la modista*, representada en Fingoi.

¹⁰ Véxase Xosé Suárez (1963a e 1963b).

primeira edición da súa monumental HISTORIA que tamén é unha historia do noso teatro. Cando a revista *Grial* comezou o seu camiñar, Ricardo era un dos seus máis asiduos colaboradores e en *Grial* publica as pezas *Farsas das zocas* (1963), *A arbre* (1965), *Auto do prisioneiro* (1970) –escrita un ano antes e máis de vinte despois de *A árbore*– e *O redondel* (1970).

Cantigas e Agarimos¹¹ fai unha lectura da *Farsa das zocas* en 1966, presentada polo propio Ricardo, e estrea en 1970 en Compostela *A arbre* que tamén representa o grupo Rosalía de Castro. En 1971 publica as *4 pezas*: “Farsa das zocas”, “A arbre”, “Auto do prisioneiro” –lida en 1972 polo grupo do Facho– e “A sombra de Orfeo”. En 1973 ocúpase de “Rosalía actriz”. O teatro de Ricardo está presente nas Mostras de Ribadavia cando o *Auto do prisioneiro* é representado polo grupo do IES de Vilalba (1974) e polo grupo do Facho (1975). Nos anos 1978 e 1979 ven a luz dúas obras moi relevantes: o ensaio “El teatro gallego actual” en Madrid e o volume *Teatro Nós* na colección Clásicos do Estudante Galego que Ricardo dirixe en Follas Novas. En 1980 escribe a súa última obra teatral, *Os xefes*.

Nos anos 70 e 80 seguiu escribindo sobre teatro e no final da súa vida docente dirixe a Memoria de Licenciatura de Xoán C. Verdini Deus (1981), *O teatro galego até o 1903. As orixes do teatro galego contemporáneo*.

O *Auto do prisioneiro* foi representada polo grupo Breogania (1974) do Colexio Anxo da Guarda e Terceiro Andar (1981) de Barcelona. A *Farsa das zocas*¹² é representada nesta época polo Grupo Breogania (1979), Eusebio da Guarda (1983), Xuntanza (1983) de Tui, Solpor (1984) da Agolada e pola Escola de Agolada (1984).

Nos últimos anos publica o seu *Teatro completo* (1982) que contén as obras de *Catro pezas*, ás que suma “O fillo”, “Isabel” (estreada polo grupo Muxicas do IES Elviña en 1983) e “O redondel” incluíndo “Os xefes”. A *Farsa das zocas* é editada en 1982 nos *Cadernos da EDG* onde tamén se publica en 1985 a súa conferencia *Sobre o seu teatro* pronunciada en 1983. A

¹¹ Baixo a dirección de Rodolfo López Veiga, o seu grupo de teatro (1958-1970) representa obras de Castela, Marinho, Cunqueiro ou Ramón de Valenzuela. López Veiga dirixiu a representación de *Antígona* de Anouilh en versión de Beiras e Franco Grande.

¹² Temos noticia da representación desta obra pola Compañía Entramboriense de Teatro en Zarracós (A Merca) o 11 de agosto de 2017.

EDG fixo unha realización radiofónica de *A árbore*. Esta peza foi representada por Breogania en 1982 e lida na Coruña o 24 de maio de 1982 nos actos da Homenaxe Nacional ao seu autor. En 1984 publica “Teatro de Castelao”, un autor clave na súa biografía intelectual. Un dos seus últimos traballos de asunto teatral apareceu en *Agália* en 1987: “Pedro Madruga no teatro galego”.

Carvalho, estudoso e cronista do teatro galego

Desde 1950 e até os últimos anos da súa vida o asunto teatral é un interese permanente na súa escrita e na súa biografía intelectual. Veláí nos anos 50 e 60 as súas colaboracións en *La Noche*, *Vida Gallega*, *El Progreso*, *Faro de Vigo* ou *Grial*. Foi membro do xurado do Certame Literario do Miño, en Lugo, en 1960 (actuando como presidente) e dos Premios de Teatro Castelao que organizou O Galo¹³ en Compostela (1964-1966). Vaise convertendo nun cronista dos espectáculos teatrais aos que asiste e das obras que se publican. Nos anos 70 e 80 segue escribindo sobre teatro no *Faro de Vigo*, *Grial*, no *Boletín da RAG*, nos *Cadernos da EDG*¹⁴, *La Voz de Galicia*, nos *Cadernos do Espectáculo* de Luís Seoane¹⁵, na *Revista da Cultura* de O Facho¹⁶ ou en *Agália*. Os seus libros recompilatorios SOLI, ESRO, LAGII, LEGAL, EELG e ECAS conteñen diversos escritos sobre teatro, a maioría reunidos por Laura Tato en TEATRO onde podemos ler 32 textos publicados ao longo de corenta anos. Ricardo evidencia un interese moi plural pola cuestión teatral investigando e divulgando a nosa produción teatral, sendo o seu cronista e a súa memoria, fomentando o teatro escolar e interesándose polas máis diversas manifestacións teatrais no mundo¹⁷.

¹³ Na A.C. O Galo (1961) existía a Agrupación Dramática dirixida por Rodolfo López Veiga, unha Escola de Teatro dirixida por Antón Coucheiro e o grupo de guiñol O Paxariño.

¹⁴ A EDG fundada entre outros por Manuel Lourenzo e Pillado Mayor publicou os celebrados *Cadernos* con moitos textos e traballos sobre teatro.

¹⁵ A compañía Luís Seoane (1980) desenvolvía as súas actividades desde 1981 nunha Sala en Alfredo Vicenti e editaba acompañando os espectáculos os correspondentes *Cadernos*.

¹⁶ Ricardo colabora nos seus cursos de galego, foi membro do xurado do seu Certame de contos infantís, conferenciante e prologuista do seu método de galego *O galego hoxe* (1978). O Facho creou en 1965 un Grupo de Teatro. Véxase en VOZ (123-125) “O Facho”, vinte anos de vida”.

¹⁷ Desde Shakespeare ou Chekhov até Ibsen ou Yeats, pasando por Pirandello e a obra de Valle-Inclán, o teatro chinés, nipón ou hindú. En LAGI figuran seis traballos sobre Valle-Inclán.

Carvalho realiza ensaios e análises excelentes sobre pezas e autores, especialmente referidos ao período 1916-1936 e ao teatro de posguerra, desde Manuel Comellas até Xohana Torres, pasando por Cuveiro Piñol, Charlón e Sánchez Hermida, Castelao, Otero, Risco, Cabanillas¹⁸, Cotarelo, Dieste¹⁹, Cunqueiro, Marínhas del Valle, Dieste, Fole, López Abente²⁰ ou Villar Ponte²¹. Mesmo se ocupou da súa propia obra teatral.

Os dous grandes traballos panorámicos sobre o noso teatro son os contidos na HISTORIA e no ensaio “O Teatro Galego Actual” en cuxa bibliografía aparecen as achegas de Galo Salinas, Leandro Carré e Filgueira. Carvalho Calero coñece coma poucos as interioridades da vida teatral galega pódoo en relación con outras dramaturxias. Na HISTORIA ofrece unha espléndida panorámica sendo o teatro de noso obxecto dunha análise completa, erudita e sistemática. Carvalho leu e analizou todo o teatro galego desde Fandiño, Francisco María de la Iglesia, Cuveiro, Salinas, Comellas, Xesús Rodríguez López, LUGRÍS, Porto Rei, San Luís, Lameiro até o teatro das Irmandades da Fala, o do grupo Nós e o dos autores do Seminario de Estudos Galegos.

No traballo “Rosalía, actriz” (1973) Ricardo evoca as representacións teatrais que se facían no Liceo de Santo Agostiño e nas que participa Rosalía²² xa antes da súa primeira viaxe a Madrid. Unha de 1852, outra de 1854 na que fixo o papel protagonista de vella (moi ovacionado) en *Rosmunda* de

Valle integra na súa obra, na opinión de Carvalho, o castelán dialectal falado en Galiza e unha imaxe arcaica, intemporal e utópica do noso país.

¹⁸ Cabanillas está en *Sete poetas galegos* (1955) e no *Breviario antolóxico de la literatura gallega contemporánea* (1966). Ricardo colabora na *Obra completa* de Cabanillas (1959), publica *Ramón Cabanillas. Escolma de poemas* (1976a), *Na noite estrelecida* (1976b), promove a *Homenaxe a Cabanillas no centenario do seu nacemento* (1977b) e colabora no especial de *A Nosa Terra* (1988). Algúns destes traballos poden lerse en GALEGO e LAGII.

¹⁹ De Dieste, xa presente en 1966 no *Breviario antolóxico de la literatura gallega contemporánea*, ocúpase en LEGAL, VOZ e LAGII.

²⁰ Na súa Cátedra da USC publicou a *Lembranza de don Gonzalo López Abente* (1971b).

²¹ Desde a súa Cátedra na USC publica *Antón Villar Ponte. Escolma* (1977a).

²² Hoxe sabemos por María Xesús Lama (2017: 121-124) que Rosalía participa antes da viaxe a Madrid como actriz en seis obras no Liceo facendo papeis principais e en 1860, casada, nai de Alejandra e autora de *La hija del mar*, na velada organizada por universitarios facendo o papel feminino en *Antonio de Leiva*.

Gil y Zárate. Xa casada intervén en 1860 no drama histórico *Antonio de Leiva* de Juan de Ariza e supón Carvalho quizais na comedia *Nuevo sistema conyugal*, dentro dunha velada teatral celebrada a beneficio dos feridos do exército de África.

O Teatro Galego Actual

En “O Teatro Galego Actual” informa das formas teatrais folclóricas ou das panxoliñas representadas no XVII, dos entremeses bilingües ás obras de Feijó de Araújo ou Ricardo Caruncho. Describe a situación do teatro no XIX (Ramón Varela, Fandiño, os diálogos²³ satíricos de carácter político), e a estrea en 1882 de *A fonte do xuramento* e xa no século XX comenta a experiencia da Escola Rexional de Declamación, o teatro galego en Arxentina e Cuba, o teatro ligado aos coros e ás Irmandades (Conservatorio Nacional de Arte Galega, Escola Dramática Galega), a experiencia da Agrupación Dramática Galega de Vigo de Emilio Nogueira ou da compañía de Ricardo Vidal.

Xa na posguerra subliña a estrea de *Os vellos* (1941), diversas experiencias durante a ditadura na Coruña como a do Centro Santa Lucía²⁴ (1948) ligado a Henrique Silva Uzal ou o labor de Antonio Naveira, director do *Hamlet* na súa estrea, e de Rodolfo López Veiga en Compostela quen representa con Cantigas e Agarimos varias obras de Marinhhas e *A noite vai coma un río*. Tamén se ocupa do teatro ligado ás asociacións, da emerxencia do teatro político e independente (Teatro Circo, Keyzán), do teatro infantil de Martín Codax (1973-1975) e das Mostras de Ribadavia. É moi interesante a dialéctica que presenta e avalía entre un teatro e un público popular (artesanal) e outro intelectual e vangardista ligado á moda das fabulae palliatae²⁵.

²³ Escribiu sobre os diálogos de comezos do XIX os traballos publicados en EELG (pp. 77-109) “Diálogos gallegos de tradición renacentista (1810-1837)”, “Conjecturas sobre a autoría dos diálogos compostelanos de principios do século XIX (1812-1836)” e “Un diálogo gallego de 1837”.

²⁴ Representa obras de Cotarelo e Lugrís Freire.

²⁵ A fabula palliata era unha comedia latina de asunto grego na que os actores usaban o pallium ou manto grego.

Neste traballo establece diversos tipos de teatro ligados aos correspondentes autores. O rural está representado entre outros por Cotarelo, Charlón e Sánchez Hermida. Lembrará as pezas dos autores ferroláns (1970) e o teatro ligado aos coros no que se ridiculiza ao galego que se avergoña de selo. En “O teatro rural de Armando Cotarelo” (1981) escribe extensamente sobre *Trebón*, *Sinxebra* e *Lubicán*. Pero Cotarelo está tamén noutras modalidades teatrais (mariñeira e histórico-lendaria) e Carvalho escribe sobre “Beiramar” (1984) e en “Prisciliano e Cotarelo” (1981) sobre *Hostia*, visto como “un drama litúrgico” (2000: 180). Tamén é o autor do prólogo (1981b) ao *Teatro histórico e mariñeiro* de Cotarelo Valledor en edición de Araceli Herrero e da “Escala de textos galegos de Armando Cotarelo Valledor” na obra *A presenza de Armando Cotarelo en Galicia* (1984b).

No teatro de pazo sitúa a Cabanillas de quen lembra en “Teatro lírico e Ramón Cabanillas” (1965) as súas achegas no campo do teatro lírico: a ópera *O Mariscal* con música de Eduardo Rodríguez González estreada en Vigo en 1929; *Macías o namorado*, o proxecto *Galicia 1808* e *A Virxe do Cristal*. No teatro mariñeiro figura Rafael Dieste, un autor querido e abordado por Carvalho en diversas ocasións.

No teatro social aparecen Lugrís Freire e Manuel Comellas sobre quen escribe en 1950 un artigo sobre *Pilara*, estreada no Jofre en 1919. No teatro político figuran Álvaro de las Casas e Euloxio Ruibal. Á comedia burguesa asocia unha parte da obra de Lameiro.

Dentro do teatro histórico e lendario aparecen co Cotarelo de *Hostia*, o Cabanillas de *O Mariscal*, Daniel Cortezón ou Cuveiro Piñol. En “Pedro Madruga no teatro galego” (1984) aborda a obra de Cuveiro, “peça de erudito” (2000: 244) e *O desengano do prioiro* de Otero, vista como unha “fantasia arbitraria” (2000: 244).

Ao proxecto de teatro de arte, ao grupo Nós e aos seus autores dedica diversos escritos como o libro *Teatro Nós* (1979) cunha extensa análise das obras “O Bufón del Rei”, compáraa co *Mariscal*, “A lagarada” e “Os vellos non deben de namorarse”. Volveu con “Sobre *A Lagarada*” (1981) á peza de Otero emparentada con *Os vellos*. Á obra de Castelao dedicou “Teatro de Castelao” (1984), abordando a súa estrutura, estilo, lingua e fontes. Asuntos xa analizados en “Aspectos de *Os vellos nom devem de namorar-se*” (1975), abordando a

unidade temática, a intención didáctica, os aspectos traxicómicos da condición humana, a estrutura, personaxes, situacións e epílogo; en “Esquema argumental de *Os velhos nom devem de namorar-se*” (1975) onde se ocupa de personaxes, forzas temáticas e relación de causalidade entre as forzas temáticas; en “Sobre as fontes literarias de *Os vellos*, de Castelao” (1980) insistindo na configuración do teatro de arte (unha síntese entre o popular e a técnica) na importancia do contacto de Castelao en París (1921) co Teatro do Morcego de Moscova de Nikita Balieff e das achegas dos esbozos de Otero en 1934; e aínda en “Sobre *Os velhos nom devem de namorar-se*”, traballo de 1982 (2000: 197-208) onde escribe sobre a estrutura e as fontes da obra. Finalmente en “Castelao e Yeats” (1980) aborda as relacións e interese de Castelao e o grupo Nós polo relativo a Irlanda e os seus autores²⁶.

Doutra parte establece a fabula palliata²⁷ e o teatro culto no que comparecen Díaz Pardo, Juan María Gallego, López Casanova, Franco Grande, José Rubinos, Manuel Lourenzo e Rodríguez Pampín (palliata) e Cunqueiro, Xohana Torres, Marinhas del Valle, Cortezón ou Bernardino Graña (teatro culto). Gran lector do teatro inédito destes anos, Ricardo inclúe na palliata en “Un especialista na *palliata*” (1979) a *Midas* (1957) de Díaz Pardo, *Os homes poden ser deuses* de Juan María Gallego, *Orestes* de López Casanova, *A volta de Ulises* de Franco Grande, *O velliño (Edipo en Galiza)* de José Rubinos (1961), *Romería ás covas do demo* (1975) de Manuel Lourenzo e as obras de José M. Rodríguez Pampín, “fino e honesto dramaturgo” (2000: 152), *Creón, Creón...* (1975), *Ifixenia non quere morrer* (1977) e *Alcestes* (1978).

Para Carvalho (2000: 148) a fabula palliata é “o drama de personaxes gregas” pero o escritor galego (2000: 148) “ama máis que a Grecia dos gregos a Grecia da Francia, unha Grecia que é símbolo de Occidente e que, en xeral, non pretende ostentar parecido coa Grecia de Esquilo, Sófocles ou Eurípides, aínda que os grandes mitos gregos revivan como capaces de expresar situacións universais”.

²⁶ Tamén é autor en 1983 da *Antoloxía bilingüe de Castelao* reunindo en 1989 os seus *Escritos sobre Castelao* (1989a).

²⁷ Na súa Tese de Doutoramento, Iria Pedreira Sanjurjo (2019) fai una completa análise de *Midas*, *Edipo* de Manuel María, *O velliño* de Rubinos, *Orestes* de L. Casanova e varias obras de Manuel Lourenzo e Rodríguez Pampín, entre outros.

Durante a súa etapa lucense, Carvalho foi membro dos xurados do Certame Literario do Miño (1960) e dos Premios Castelao de Teatro (1964-1966) que promoveu a A. C. O Galo coa “campaña do peso” pedindo pola rúa axuda económica para sufragar a contía do galardón. Sobre esa experiencia escribiu “O teatro galego e o I Certame do Miño” (1960) na que divide as seis pezas escolmadas para os premios en tres categorías. As obras simbolistas son na súa opinión a premiada *A noite vai coma un río* de Cunqueiro e *Nicolás Flamel* (accésit) de Daniel Cortezón considerada un conto de Cunqueiro. As pezas mitolóxicas da fábula palliata son *Os homes poden ser deuses* de Juan María Gallego,²⁸ unha obra na liña de Giraudoux, *Orestes*, a traxedia verdadeira, de López Casanova e *A volta de Ulises*, o diálogo platónico de Franco Grande. Finalmente o teatro rural estaría representado polo *Auto do labrego*, a dramatización da historia de Caín e Abel, de Manuel María²⁹.

En “Teatro galego” (1965) e “‘O Galo’ e os concursos de teatro” (2000: 251-252) Carvalho evoca a súa presenza no xurado dos Premios Castelao que premian *Cando Morren os Faroís* (1963), de Ángel de la Peña, *A outra banda do Íberr* de Xohana Torres, finalista en 1964, *A revolta* de Marínhas (1965, a cuxa estrea asiste en Compostela) e *Un hotel de primeira sobre o río* de Xohana Torres, premio Castelao 1966. Ao se editaren as obras publica os traballos *A outra banda do Íberr* (1965) (fala da nación dominada polo invasor e da terra que chama aos seus fillos) e *A Revolta e outras farsas* (1966). Tamén logo de ser publicada *Vieiro Choído* de Franco Grande comenta en “Os camiños no bosque” (1958) as diversas interpretacións como a do abandono da vida natural para acadar a vida urbana.

Cunqueiro é un autor moi visitado por Carvalho como poeta, narrador e dramaturgo. A el dedica os traballos “Este *Hamlet*” (1959) sobre a que considera unha traxedia barroca e simbolista, “*Hamlet* en Lugo” (1959) logo de asistir á representación dirixida por Antonio Naveiro³⁰ na sala de festas de Lugo o 12 de outubro de 1959 e onde afirma “*Hamlet* non é un

²⁸ Publicada en español por Celta en 1961 e que defendera Ricardo.

²⁹ Sobre o asunto pode consultarse o noso traballo (Rabuñal, 2009).

³⁰ Antonio Naveira dirixira tamén a estrea no Colón da Coruña o 31 de agosto de 1959 co Grupo de Cámara da A. C. Iberoamericana. Naveira dirixiría para Tespis en 1973 *A noite vai coma un río*.

home, senón unha belida pantasma” (2000: 31), “O *Hamlet* de Cunqueiro” (1961) visto fóra da tradición teatral galega e en contacto coa traxedia mítica contemporánea e o teatro existencialista e en *A noite vai coma un río* (1966) logo de presenciar a representación dese amor sobre un fondo de guerra. En 1981 escribe para *Grial* a recensión de “O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca” e volvería ao autor mindoniense en “De Shakespeare a Cunqueiro” (1986).

No apartado de Farsa grotesca e satírica inclúe a Blanco Amor e a Manuel María e no teatro infantil a Filgueira, Casares e o Bernardino Graña de *Sinfarainín contra don Perfeito* (1975). No traballo “Bocaccio en Galicia” (1962) aborda a obra de Graña *Vinte mil pesos crime* (1962) inspirada nun conto do *Decamerón*. No texto “O teatro e os costumes” (1958) fai unha análise do *Pauto do demo* de Fole, editada en Buenos Aires. Comenta a súa técnica teatral e o seu carácter trilingüe ao combinar galego popular, castelán e *xiria* hispanoamericana.

Outro traballo seu xunto coa conferencia “Sobre o seu teatro”, pronunciada o 30 de maio de 1983 na coruñesa Sala Luís Seoane e onde esclarece moitos elementos da súa propia obra teatral, é a recensión do “Auto das regateiras, de Antón Ribeiro Chiado” (1971) ao ser editado en Roma pola profesora Giulia Lanciani (1970). Carvalho destaca a figura de Gil Vicente e a Ribeiro como figura da súa escola relacionando a súa lingua co galego³¹ e facendo fincapé nas “singularidades curiosas na fala popular e arcaizante dos persoaxes” (1971: 498). Na recensión das “Catro pezas de Chekhov”³² (1983) publicadas por Francisco Pillado en Castrodouro fala dunha versión (2000: 210-211) “de fluidez e coerencia lingüística mui satisfactorias”.

³¹ Escribe Carvalho (1971: 499): “Para o pobo lisboeta do cincocentos, o galego era unha variante emburullada do portugués”.

³² Carvalho (2000: 210) considera que no autor ruso existe “unha posta de relevo da parte demasiado humana, por debilmente exposta à contradición, à insinceridade ou à frivolidade, das criaturas que pasan polas táboas, ou das criaturas que poboan o mundo”. Na súa perspectiva (2000: 209-210) “é evidente que neste caso Chekhov procuraba sinxelamente presentar en perspectiva paródica, con métodos caricaturescos —nen sequer estudadamente satíricos— situacións sociais que levasen en si elementos de comicidade que acentuaba nunha versión estilizada mediante a esaxeración”.

A obra teatral

Ligado ao teatro de preguerra (Rabuñal, 2016) co que están conectadas as súas dúas primeiras obras, e coincidindo no tempo coas actividades teatrais do exilio³³, Carvalho é con Cunqueiro e Marinhas del Valle un dos autores máis relevantes daquel *exilio interior*. Como tal acompaña a literatura teatral xunto co resto de autores³⁴ que se suman á tarefa.

Carvalho ten declarado –a Fernán Vello e Francisco Pillado (1986)– que o máis íntimo da súa personalidade está na súa poesía “até o extremo de que na mesma narrativa ou no mesmo teatro, considero que a parte mais orixinal (...) é aquela que contén unha raiz lírica”. Consciente sen embargo de ser o noso teatro “a cincenta da nosa literatura” e de precisar “a mais dura de todas as batallas literarias” e ao fío do seu interese pola dramática legounos un corpus teatral que presenta unha evidente conexión co resto da súa produción textual e da súa reflexión intelectual. Carvalho, sabedor como poucos da práctica do “teatro para ler”, escribiu teatro para ser representado, un teatro que camiña do realismo para o simbolismo e o expresionismo, usuario en parte do substrato mítico e aberto ás súas grandes inquietudes: as relacións problemáticas entre home e muller, a maternidade, o amor, a ambigüidade da política, a actividade artística, etc. Logo das pezas de infancia xa referidas, escribe as súas obras entre 1935 e 1980 cos desaxustes entre escrita, representación e edición xa referidos. Unhas obras que mereceron no seu conxunto unha análise demorada por parte das profesoras Laura Tato (2000) e Araceli Herrero (2002) e das que nós tamén nos ocupamos en Rabuñal³⁵ (2000). Na escrita das obras podemos distinguir catro momentos que percorren todo o século XX: o de preguerra (*O fillo, Isabel*), o período na posguerra previo á etapa Fingoi onde escribe *O redondel (A sombra de Orfeo, Farsa das zocas, A árbore)*, a etapa na que exerce a docencia universitaria (*Auto do Prisioneiro*) e o ano da súa xubilación cando escribe *Os xefes* inaugurando

³³ A estrea de *Os vellos*, Varela Buxán, Tacholas, Ricardo Flores, Luís Seoane, Blanco Amor, Alfonso Gayoso ou Ramón de Valenzuela. Véxase I. López Silva e Euloxio Ruibal (eds.), 2015.

³⁴ Como Otero, Carré, Fole, Díaz Pardo, Tomás Barros, Daniel Cortezón até os máis novos como Manuel María, Franco Grande, Bernardino Graña e os do grupo de Ribadavia como Manuel Lourenzo ou Euloxio Ruibal, cuxo teatro coñece e cita Ricardo.

³⁵ E máis brevemente en Rabuñal (2019).

unha década moi produtiva: *Narrativa completa* (1984), *Cantigas de amigo e outros poemas* (1986), *Scórpio* (1987) ou *Reticências* (1990).

As pezas de preguerra

O fillo, acción dramática en dous actos –o segundo dividido en dous cadros– é un drama de mulleres con unidade de lugar (sala de casa fidalga aldeá nun lugar do interior da Galiza) que aborda o tema da maternidade virxinal. Hai na peza dous caracteres antitéticos: Joana e Estrela. A primeira, a señora da casa, é sinxela, boa, virxinal, e aínda gustando das crianzas optou por non casar. Estrela, a criada, é a outra cara da moeda combinando a dimensión maternal e sexual. O realismo da peza vese quebrado en dúas ocasións. A primeira vaille proporcionar a Joana un bebé, portado por un anxo logo de a virxe terlle tocado no ombro, vendo así cumprido o seu soño, ter unha crianza sen terse entregado a un varón. Mais o bebé ten nai e esta antes de morrer confesa a Joana a verdade. Esta, inicialmente, rexéitao por ter nacido dunha relación pecaminosa. No fin do primeiro cadro do II acto asistimos a un revelador diálogo entre Estrela e o Galán. Mentres aquela canta á crianza para durmila, contesta á declaración de amor deste. A segunda ocasión na cal se quebra o realismo da peza, no fin do segundo cadro, permítelle a Joana ser substituída pola Descoñecida, quen representa a súa mocidade, un pasado ditoso, e que demanda que non sexa soberbia. É agora que Joana –a descoñecida, porque a outra marchou– decide ocuparse outra vez da crianza. “Seremos duas a coidá-lo e a queré-lo”, afirma Joana (1982: 38). Xa nesta obra fican anotados algúns elementos do seu teatro: coidada estrutura, lingua modélica, abundancia de personaxes e conflitos femininos, incorporación de partes líricas, parellas de personaxes (criados-amos, criada vella-criada nova), tensión entre a realidade e a ilusión, suspensión das estratexias realistas e aquí, circunstancialmente, un final feliz –a *curación* de Joana.

Isabel é unha comedia psicolóxica de intriga con unidade de lugar (pazo galego de montaña) e organizada en tres actos. A peza reflexiona tamén sobre o xogo da ilusión e a realidade e mantén estreitas conexións coa obra anterior. Tamén aquí hai unha cura, certamente difícil, porque o problema é a viuvez de Mário, quen vai admitir Isabel, enviada ao pazo por uns amigos para representar o papel da muller morta, como a súa muller. Quiroga, amigo de Mário, tivo a iniciativa de substituír á Isabel morta por

unha Isabel viva. Os criados entraran no pazo logo da morte da señora polo que asumen mellor a súa nova encarnación. Quiroga intervén ademais nun suxestivo diálogo dialéctico con Rafael, outro amigo de Mário, entre a vida urbana e a rural. Isabel cosendo e Mário fumando rematan a obra facendo da ilusión a realidade.

O autor relacionou a peza con *O fillo* coa que comparte algunhas características e co Pirandello de *Come tu mi vuoi*. A obra de Pirandello, ambientada na Europa de entreguerras, preséntanos unha disputa por unha Descoñecida entre un novelista alemán (Carl Salter) e a súa filla dunha parte e un terratenente italiano (Bruno Pieri) que a identifica coa súa esposa desaparecida na guerra.

A colleita de 1948

O propio autor na conversa con Carmen Blanco (1989: 262-263) sinala da obra *A sombra de Orfeo*:

é un drama de mulleres, porque hai drama, non comedia. *A sombra de Orfeo*, onde a única personaxe masculina é o músico e ao redor del xiran unha constelación de mulleres, todas elas, desde logo, dalgunha maneira, eroticamente relacionadas con el: a súa propia muller; a discípula da súa muller, que rivaliza con ela como pintora e como muller; a secretaria, coa cal non ten relación algunha erótica expresa, pero que, ao parecer, supón unha devoción por parte dela que, se non é atracción amorosa, non sei como chamarlle. En fin, hai unha serie de mulleres que xiran ao redor dun home, o cal sen embargo non se entrega en definitiva a nengunha, porque é un artista e considera que a muller é un elemento perturbador na súa creación artística. Por iso a súa secretaria, que é a única que non o inquieta eroticamente, é a que en definitiva permanece ao seu lado. Podemos preguntarnos se é posíbel que un gran criador artístico sexa ao mesmo tempo un gran amante e se cadra a fábula parece indicar que non é posíbel, que un gran criador sacrificará á muller, quizá teña con ela contactos episódicos, pero non pode entregarse cunha fidelidade cotiá a nengunha muller, necesita ser libre para a súa creación artística, e se hai algunha muller que pode estar máis próxima a el, é aquela que renuncia á súa propia personalidade para ser instrumento de creación artística que secunde os planos do artista mesmo.

A sombra de Orfeu, nunca representada, estudada polos profesores Marco (1991), Castelao (2010) e García Negro (2016), é unha comedia psicolóxica con unidade de lugar –unha estancia dunha arredada casa rústica habilitada para estudio de músico e pintoras. É outra peza de mulleres e neste caso de intelectuais con evidente substrato mítico e que sen dúbida *predica* moito do seu propio autor³⁶. Rafael, o único home da obra, accede a posar polas mañás para Mariana, de quen está separado, dedicando as tardes á música. A experiencia é seguida con interese por outras pintoras e en particular por Magdalena, discípula de Mariana, quen vai facer un retrato antitético da súa mestra. O desta ofrece un demo, un monstro. O daquela un deus, un meigo. Mariana, nas antípodas da submisión de Luísa, rachara o seu retrato. Outras figuras de menor protagonismo (Fermina, Elvira, Antonia), tamén alumnas de Mariana, asisten ao reto. Mais Rafael, egoistamente, queima os dous retratos, despreza o elemento feminino e apenas tolera á súa “escrava” Luísa –obviamente neutralizada sexualmente. O amor, tanto o fracasado como o que puidese iniciar a súa singradura, é incompatíbel coa arte. Remitimos ao traballo de Aurora Marco (1991: 85) no que describe a “tensom que vai in crescendo” entre as mulleres, a relación do amor e a arte e as interesantes analoxías co romance de Carvalho *Scórpio*. As dúas obras protagonizadas por dous Rafael, “admirados, frios” (Marco, 1991: 86). Este, acertadamente descrito por García Negro (2016) como narcisista, individualista e egoísta.

Manuel Castelao (2010: 158) salienta “o que a obra non di sobre a sociedade coetánea (a dos anos 40), o que, de modo consciente, pon en sombra, pois o texto non pode deixar de aludir a ese mundo” e engade: “Carvalho Calero deita, voluntariamente, un veo sobre a sociedade galega da época e, so este ángulo, non é casual o feito de as artes presentes na escena seren artes non verbais, a pintura e a música, cando a expresión literaria galega está proscrita” (2010: 158).

A árbore é un auto organizado en tres escenas (1908, 1928, 1948) e un epílogo-prólogo. O decorado é unha árbore. A elegante señorita ten nas tres escenas 18 anos. O elegante cabaleiro de 20 anos (1908), convértese (1928) nun home de 40 canoso e calvo e nun ancián de 60 (1948) desprezado

³⁶ Rafael é para Guisan Seixas (2002) a sombra do propio autor nunha obra que Guisan (2002: 212) entende como “diálogo, ou solilóquio com ele mesmo”.

e golpeado pola rapaza que vive nunha eterna mocidade detida. Finalmente o home afórcase coa súa gravata. No epílogo-prólogo recuperan a idade da primeira escena e a moza morde o froito da árbore da ciencia para llo pasar nun beixo á boca do home. A peza remata nunha sucesión de tronos e gargalladas.

En palabras do autor (1985), “Dando un tratamento moderno á historia bíblica da árbore da ciencia, escenifícase a expulsión do Paraíso e a conversión do amor, que debía dar a felicidade ao home, en causa da súa desdita”. Volvemos aquí ao tema das relacións home-muller. Polo home pasa o tempo en canto a muller ten sempre dezaioito anos. O amor, por diversas circunstancias en cada escena, tórnase imposible. Na perspectiva do profesor Fernández Roca (1982: 36³⁷), o epílogo sería

a prehistoria, no dobre sentido da palabra, mais tal epílogo é, á vez, prólogo; a parella do Paraíso, mordendo o froito prohibido, explícanos a orixe da infelicidade de sucesivas parellas; viceversa, a parella de 1908 (e as demais), coa súa frustración, non son máis do que un soño premonitorio ou unha revelación na mente de Adán (do primeiro e do que cada home leva consigo).

A *Farsa das zocas*, organizada en dous actos, é a peza máis popular de D. Ricardo. Ambientada na vida rural galega da inmediata posguerra está baseada nun relato popular recollido por unha alumna en San Sadorníño. Caricaturesca, humorística, próxima ás grandes farsas do noso teatro, aborda o tema do interese económico. Edelmira, consciente de que o seu home Breixo e a cuñada lle piden xa testamento, morre sen determinar herdeiros. Divina, a cuñada, faise pasar pola morta testamentando en falso. Mais a morta pídelo ao Jocas, nunha aparición, tres favores para poder entrar no ceo: que vaia á súa casa, que lles diga aos donos que en sete anos poñan cunca para ela e a chamen para xantar e que se desculpe co tío Delfino polo roubo da colmea perpetrado coas zocas da Edelmira. A peza remata coas zocas usadas pola Divina para roubar o mel do tío Delfino dando de “pontapés aos irmáns que fogen a gatas, trompicando e se laiando” (1982: 143). A profesora Aurora Marco (1989) estuda a linguaxe teatral da obra subliñando a naturalidade e estilización dos diálogos, os recursos da linguaxe popular (coloquialismos, repeticións,

³⁷ Para o estudo do teatro de don Ricardo é fundamental este traballo do prof. Fernández Roca (1982), o texto do propio Carvalho “Sobre o seu teatro” e os libros clásicos de Lourenzo e Pillado (1979; 1982; 1987).

“muletillas”, refráns) e o que a profesora denomina “humor verbal”. Outra valiosa análise da *Farsa das zocas* pode verse en Herrero (1991).

Carvalho titulou *O redondel* á adaptación para teatro infantil do drama chinés de Li Hsing-Tao *O círculo de giz*. O adaptador recorre á técnica da autopresentación no caso do xuíz que debe dirimir a maternidade de Chu-Lang. Quen logre tirar a crianza do redondel será recoñecida como nai. Aínda sendo Ma quen tal faga, o xuíz dá o fillo e a fortuna a Hai-Tang, a quen a crianza recoñece como nai. O xuíz castiga ás testemuñas que aceptaron galanos para declararen en falso. Nesta disputa asistimos a unha reflexión, na liña doutras que aparecen nos textos do autor, sobre a xustiza, a mentira e os intereses económicos.

Da angustia do ser humano

O *Auto do prisioneiro*, obra extensamente estudada por Manuel Castelao (2010), aborda un problema existencial humano, na liña do teatro filosófico e alegórico. O autor tentou “reflectir nunha forma moderna, poética e incisiva, a angústia do home engaiolado na súa finitude, mas con unha faústica sede de alén”. O punto de partida é a do home que vive na cadea por orde do pai aflorando críticas contra a sociedade de consumo. No día que cumpre 30 anos, o Prisioneiro é incapaz de contactar co Director que é seu pai. Na opinión de Castelao (2010: 251) “o pai chamouno xunta si e o Prisioneiro entrou no ámbito do misterio absoluto, esa incógnita que ninguén pode esclarecer desde este mundo”. Para Castelao (2010: 253):

o pai é un poder total, á marxe do tempo (sen Historia), que precede calquera forma de existencia e o seu desexo constitúe un enigma incomprendible, pois exprésase sen límite no mundo deseñado até o mínimo detalle en que se esgota no tempo (no día do seu aniversario) a vida do suxeito.

Ao morrer no fin da obra o Prisioneiro logo de apurar a bebida que lle serve A Nena, é que se abre a porta do Director. “Tras dela, a máis absoluta obscuridade” (1982: 198). Segundo Castelao³⁸ (2010: 256) “a

³⁸ Daí as preguntas que formula Castelao (2010: 251): “¿Existe o Director ou o seu nome só designa un sistema abafante? ¿Hai algún fundamento transcendente para a existencia humana? ¿Cómpre aprender a vivir sen deus? ¿É posíbel unha existencia auténtica sen apoio no transcendente?”.

peza de Carvalho acaba revelándonos a porta baleira, unha fenda escura, devólvenos o noso propio nada, en mecanismo afín ao retratado no *Don Hamlet*, na análise da presenza final do vento sobre a escena baleira”.

Da política

*Os xefes*³⁹, é un drama político no cal Carvalho pretendeu desenvolver o pensamento “das ambigüidades das posicións políticas, e, como harmónico deste motivo, o da inanidade das loitas civís, o da identidade íntima dos ideários políticos opostos, o da escravitude dos xefes con relación ás masas e o da manipulación das masas polos xefes”. Resulta fácil establecer paralelismos entre o conflito teatral cos acontecementos da Guerra Civil española e en particular co asedio de Madrid⁴⁰. Con efecto, os actos I e II son clara e elocuentemente paralelos. O terceiro é a síntese. Os contendentes, uns a sitiar Gaibor e outros a defendelo, aínda sendo *antagonicamente idénticos* están lanzados a unha inevitábel e inútil confrontación. Son relevantes a este respecto os eloxios do General Brandariz a Dragón e os do General Bravo a Brandariz.

O I acto desenvólvese no despacho do General Brandariz, no Cuartel Xeral das forzas que sitian Gaibor, a capital de Gurlándia, nunha rebelión contra o poder legalmente establecido que presenta os trazos que definiran a Falanxe española nos tempos da Guerra Civil –Gaibor é a metáfora do Madrid daqueles anos– como o patriotismo, a cultura castrense ou o fundamentalismo católico. O Acto II acontece no despacho do General Bravo, Cuartel Xeral das Forzas que defenden Gaibor inspiradas en ideas aparentemente antagónicas e encarnadas polo Partido Revolucionario do Povo.

O acto III ten lugar no despacho da Embaixada de Dilándia en Gaibor, escenario para o encontro entre o *xefe* dos sitiadores e o dos sitiados, os xenerais Braña e Dragón. Sen os uniformes castrenses, os dous militares *puros* e “vellos amigos de sempre” descenden á súa condición humana, trátanse de ti, comentan pormenores domésticos referidos ás súas esposas e fillos e declaran abertamente a repugnancia que senten por algúns dos seus

³⁹ A prof. Aurora Marco (1992: 110) destaca a pegada da Guerra Civil nesta peza e en particular “o asalto a Madrid”.

⁴⁰ Para Claudio Rodríguez Fer (1993: 625) “mesmo Felisa Grandal –quen na peza se dirixe todos os días por rádio á poboación de Gaibor–, ministra como o fora a anarquista Federica Montseny, ten rasgos de estilo e carácter da comunista Dolores Ibarruri, a Pasionaria”.

partidarios. Inútil a vía do diálogo, seguirán discutindo a canonazos, cuxo son, emblematicamente, pon fin á peza. Acordan que non hai acordo e aínda declarándose de centro (centro dereita e centro esquerda) deben contentar á extrema dereita (insociábel) e á extrema esquerda (demagóxica). É a guerra da tolemia contra o sentido común, alimentada polo fanatismo. Braña e Dragón comprométense a, se gañaren calquera dos dous, eliminar ou a anacrónica dereita ou a esquerda irresponsábel. Séntense alleos a unha guerra que a historia fixo necesaria. Remitimos ás reflexións de Araceli Herrero (2002: 244) onde fala dunha “crítica da clase dirixente”.

Relación de abreviaturas empregadas

AGAL: Associação Galega da Língua

AS-PG: Asociación Sócio-Pedagóxica Galega

ECAS: Escritos sobre Castela (1989)

EDG: Escola Dramática Galega

EELG: Estudos e ensaios sobre literatura galega (1989)

ESRO: Estudos Rosalianos. Aspectos da vida e da obra de Rosalía de Castro (1979)

FALA: Da fala e da escrita (1983)

GALEGO: Do galego e da Galiza (1990)

HISTORIA: Historia da literatura galega contemporánea (1981)

LAGI: Libros e autores galegos: dos trovadores a Valle-Inclán (1979)

LAGII: Libros e autores galegos: século XX (1982)

LEGAL: Letras Galegas (1984)

RAG: Real Academia Galega

SOLI: Sobre lingua e literatura galega (1971)

TEATRO: Escritos sobre teatro (2000)

USC: Universidade de Santiago de Compostela

VOZ: Umha voz na Galiza. Artigos de jornal (1992)

Bibliografía

Pezas de teatro

1. “Farsa das zocas”, *Grial*, nº 1, 1963, pp. 67-69 [tamén editada en 4, 6, nos *Cadernos da EDG*, 27, 1982 e en *Teatro nas aulas*. A Coruña: Vía Láctea, 1987, pp. 69-84].
2. “A arbre”, *Grial*, nº 9, 1965, pp. 349-356 [tamén en 4 e 6].

3. “Auto do prisioneiro”, *Grial*, nº 28, 1970, pp. 189-206 [tamén en 4 e 6].
4. *Catro pezas*. Vigo: Galaxia, 1971 [inclúe as tres anteriores e *A sombra de Orfeo*]. As catro obras poden lerse en 6.
5. “O redondel”, *Grial*, nº 64, 1979, pp. 211-216.
6. *Teatro completo*. Sada: Edicións do Castro, 1982 [contén 4, 5 e *O fillo, Isabel e Os xefes*].

Estudos e escritos sobre teatro

- 1950, “Teatro galego. Pilara”, *La Noche*, 3 febreiro, en TEATRO (11-13).
1958⁴¹, “Os camiños no bosque”, LAGII (349-352) e en TEATRO (15-18).
- 1958, “O teatro e os costumes” (sobre *Pauto do demo* de Fole), LAGII (243-245), no nº 95 de *Grial* (1987, 114-116) e en TEATRO (19-22).
- 1959, “Este Hamlet”, LAGII (271-274) e TEATRO (23-26).
- 1959, “Hamlet en Lugo”, LAGII (274-278) e TEATRO (27-31).
- 1960, “El teatro gallego y el I Certamen Literario del Miño”, *Vida Gallega*, pp. 66-67. En galego en LAGII (384-392) e en TEATRO (33-41).
- 1961, “El Hamlet de Cunqueiro”, *El Progreso*, 14 abril. En galego en LEGAL (289-292) e en TEATRO (43-47).
- 1962, “Boccaccio en Galicia”, LAGII (352-354) e TEATRO (49-51).
- 1963, *Historia da literatura galega contemporánea*. Vigo: Galaxia (2ª e 3ª edicións en 1975 e 1981).
- 1965, “Teatro galego”, VOZ (29-31) e TEATRO (53-55).
- 1965, “A outra banda do Íberr”, *Grial*, 9, pp. 370-373. En SOLI (138-143) e TEATRO (61-66).
- 1965, “O teatro e Ramón Cabanillas”, *Faro de Vigo*, 12 setembro. En TEATRO (57-59) como “Teatro lírico e Ramón Cabanillas”.
- 1966, “A noite vai coma un río”, *Faro de Vigo*, 13 febreiro. En LAGII (278-280) e TEATRO (67-69).
- 1966, “A revolta e outras farsas”, *Grial*, 11, pp. 112-114. En SOLI (144-148) e TEATRO (71-75).
- 1970, “Charlón i Hermida”, *Faro de Vigo*, 5 outubro. En TEATRO (77-79).
- 1971, “Auto das regateiras, de Antón Ribeiro Chiado”, *Grial*, 34, pp. 498-499 e en LAGI (51-53).

⁴¹ Ás veces Carvalho indica só a data de escrita ou edición do texto sen informar onde foi publicado. Nós ofrecemos esa data.

- 1973, “Rosalía, actriz”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, t. 28, nº 86, pp. 353-356. En ESRO (53-56).
- 1975, “Aspectos de *Os vellos non deben de namorarse*”, *Grial*, 47, pp. 24-32. En ECAS (287-299) e TEATRO (81-91).
- 1975, “Esquema argumental de *Os vellos non deben de namorarse*”, *Boletín da RAG*, 357, pp. 15-20. En LAGII (84-90), ECAS (277-285) e TEATRO (93-99).
- 1978, “El teatro gallego actual”, *El teatro actual*, I, vol. 27, 3. Madrid: Universidad Complutense. En galego en LEGAL (95-111) e TEATRO (101-126).
- 1979, *Teatro Nós*. Santiago: Follas Novas [contén unha “Introducción” e as pezas de Risco, Otero e Castelao *O bufón del rei*, *A lagarada* e *Os vellos*]. A introdución foi recuperada en LAGII (“A lagarada”, 147-152 e “O Bufón del Rei” 169-174) e en TEATRO (127-146).
- 1979, “Un especialista na *palliata*”. En LAGII (366-371) e en TEATRO (147-152).
- 1980, “Castelao e Yeats”. En VOZ (56-57) e TEATRO (153-154).
- 1980, “Sobre as fontes de *Os vellos non deben de namorarse*”, *Grial*, 67, pp. 1-10 [tamén en *Colóquio/Letras*, 64, 1981, pp. 71-75]. En LEGAL (235-240), ECAS (269-276) e TEATRO (155-162).
- 1981, “O incerto señor Don Hamlet, príncipe de Dinamarca”, *Grial*, 72, pp. 263-265 [traballo incluído en “O Hamlet de Cunqueiro” en LEGAL (289-292) e en TEATRO (43-47)].
- 1981, “Prólogo” ao *Teatro histórico e mariñeiro* de Cotarelo, edición de Araceli Herrero Figueroa. Sada: Edición do Castro, pp. 7-10.
- 1981, “Sobre *A Lagarada*”, *Caderno do Espectáculo*, 5, p. 5. A Coruña: Cía. Luís Seoane. En TEATRO (163-165).
- 1981, “Prisciliano e Cotarelo”, *La Voz de Galicia*, 10 outubro. En LEGAL (189-191) e TEATRO (177-180).
- 1982, “O teatro rural de Armando Cotarelo”, *La Voz de Galicia*, 1 abril. En LEGAL (193-199) e TEATRO (167-176).
- 1983, *Antoloxía bilingüe de Castelao*. Madrid: Taurus.
- 1983, “Sobre o seu teatro”, en LEGAL (321-330), nos *Cadernos da EDG*, 56, 1985 e en TEATRO (181-195).
- 1983, “Sobre *Os vellos non debe de namorar-se*”, *Cadernos da Escola Dramática Galega*, 33, A Coruña. En LEGAL (227-234), ECAS (233-246) e TEATRO (197-208).

- 1983, “Catro pezas de Chekhov”, *Grial*, 79, p. 118. En TEATRO (209-211).
- 1984, “*Beiramar*”, Programa de man do Grupo de Teatro da Agrupación Cultural “Francisco Lanza”. Ribadeo. En TEATRO (213-215).
- 1984, “Homenage a Cotarelo”, *Revista Monográfica da Cultura*, 1 (Armando Cotarelo Valledor). A Coruña: A.C. O Facho, pp. 11-12.
- 1984, “*Teatro de Castelao*”, *Castelao contra a manipulación*. A Coruña: Xistral, pp. 35-57. En LEGAL (241-253), ECAS (247-265) e TEATRO (217-234).
- 1984, “Escolla de textos galegos de Armando Cotarelo Valledor”, *A presenza de Armando Cotarelo en Galicia*. Santiago: Xunta de Galicia, pp. 149-194.
- 1986, “De Shakespeare a Cunqueiro”. En EELG (290-291) e TEATRO (247-249).
- 1987, “Pedro Madruga no teatro galego”, *Agália*, 10, pp. 197-205. En EELG (38-47) e TEATRO (235-245).
- 1988, “O Galo e os concursos de teatro”. En VOZ (284-285) e TEATRO (251-252).

Bibliografía citada

- Biscaíño, Carlos e Xosé M. Sánchez Rei (eds.) (2011b): *Actas das Xornadas “Ricardo Carvalho Calero: ciencia, literatura e nación”*. A Coruña: UDC-AS-PG.
- Blanco, Carmen (1989): *Conversas con Carballo Calero*. Vigo: Galaxia.
- _____ (1991): *Carballo Calero: política e cultura*. Sada: Edicións do Castro.
- Carballa, Xan, Fernando Cuñarro Pintos e Cesáreo Sánchez (coords.) (1991): *Ricardo Carvalho Calero, a razón da esperanza*. Vigo: Promocións Culturais Galegas, A Nosa Terra, col. A Nosa Cultura, 13.
- Carvalho Calero, Ricardo (1955): *Sete poetas galegos*. Vigo: Galaxia.
- _____ (1966): *Breviario antolóxico de la literatura gallega contemporánea*. Barcelona: RAG.
- _____ (1971a): *Sobre lingua e literatura galega*. Vigo: Galaxia.
- _____ (1971b): *Lembranza de don Gonzalo López Abente no Día das Letras Galegas*. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela.
- _____ (1976a): *Ramón Cabanillas. Escolma de poemas*. A Coruña: RAG.
- _____ (1976b): *Na noite estrelecida. Sagas, de Ramón Cabanillas*, prólogo de Ricardo Carballo Calero. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela. En LAGII.

- _____ (1977a): *Antón Villar Ponte. Escolma*. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela. En LEGAL.
- _____ (1977b): *Homenaxe a Cabanillas no centenario do seu nacemento*. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela [contén “Cartas de Cabanillas”, pp. 7-16].
- _____ (1979a): *Estudos Rosalianos. Aspectos da vida e da obra de Rosalía de Castro*. Vigo: Galaxia.
- _____ (1979b): *Libros e autores galegos: dos trovadores a Valle-Inclán*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.
- _____ (1981a): *Historia da literatura galega contemporánea*. Vigo: Galaxia.
- _____ (1981b): “Prólogo” ao *Teatro histórico e mariñeiro* de Cotarelo, edición de Araceli Herrero Figueroa. Sada: Edicións do Castro, pp. 7-10.
- _____ (1982): *Libros e autores galegos: século XX*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.
- _____ (1983): *Antoloxía literaria bilingüe, de Alfonso R. Castelao*, edición, tradución e notas de R. Carvalho Calero. Madrid: Taurus.
- _____ (1984a): LEGAL. A Coruña: AGAL [contén “Quinze anos em Lugo”(113-121) e “Sobre o seu teatro” (321-330)].
- _____ (1984b): “Escolla de textos galegos de Armando Cotarelo Valledor”, *A presenza de Armando Cotarelo en Galicia*. Santiago: Xunta de Galicia, pp. 149-194.
- _____ (1988): “Um breviário de amor”, *Ramón Cabanillas. Camiño adiante*, A Nosa Terra, 10. Vigo: Promocións Culturais Galegas, pp. 42-44.
- _____ (1989a): ECAS. Santiago: Sotelo Blanco.
- _____ (1989b): EELG. Sada: Edicións do Castro [contén “Diálogos gallegos de tradición renacentista (1810-1837)”, “Conjecturas sobre a autoría dos diálogos compostelanos de principios do século XIX (1812-1836)” e “Un diálogo gallego de 1837”, pp.77-109].
- _____ (1992): VOZ. Santiago: Sotelo Blanco [contén “O Facho, vinte anos de vida”, pp. 123-125].
- _____ (2000): TEATRO. Edición de Laura Tato. A Coruña: Biblioteca F. Pillado-UDC.
- _____ (2006): *Epistolario a Francisco Fernández del Riego*, edición de Dolores Vilavedra e Montserrat Pena. Vigo: Galaxia.

- Castelao, Manuel (2010): *Elucidacións na sombra. Análise e interpretación de dúas pezas teatrais de Carvalho Calero*. Santiago: Laiovento.
- Dacosta, Henrique (2020): *Carvalho Calero, vida e obra dun ser polifacético*. Vigo: Xerais.
- D. S. (1964): “Kantán en Fingoy”, *Grial*, 5, pp. 405-406.
- _____ (1965): “Representación de Pimpinela”, *Grial*, 7, p. 131.
- Fernán-Vello, Miguel Anxo e Francisco Pillado Mayor (1986): *Conversas en Compostela con Carballo Calero*. Santiago: Sotelo Blanco.
- Fernández Roca, Xosé Anxo (1982): “Carballo Calero no seu teatro” en VV.AA., *Homenaxe a Carballo Calero*. Ferrol: Cadernos do Medúlio, pp. 33-36 [na edición de 2000 o traballo “Carballo Calero no seu teatro” aparece nas páxinas 23-28].
- Fundaçom Artábria (2000): *Conhecemos Carvalho Calero: umha vida polo galego e a Galiza*. Galiza: Terra de Trasancos.
- García Negro, María Pilar (2016): “A sombra de Orfeu, de Ricardo Carvalho Calero: o mito clásico ao servizo de uma fantasia masculina?” en Maria de Fátima Silva, Maria do Céu Fialho e José Luís Brandao (coords.), *O livro do tempo: escritas e reescritas: teatro greco-latino e sua recepção II*. Coimbra: Imprensa da Universidade de Coimbra, pp. 129-140. Disponível en: https://doi.org/10.14195/978-989-26-1298-0_9.
- Guisan Seixas, João (2002): “Carvalho Calero: o Teatro e a Vida” en Teresa López e Francisco Salinas Portugal (eds.), *Actas do Simposio “Ricardo Carvalho Calero, Memoria do Século”*. A Coruña: Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística da UDC-AS-PG, pp. 205-225.
- Henríquez Salido, María do Carmo (ed. lit.) (1993): *Actas do III Congreso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza*. A Coruña: AGAL, pp. 539-634.
- Herrero Figueroa, Araceli (1990): “O teatro en Fingoi”, *Cadernos da EDG*, 82, A Coruña, p. 3.
- _____ (1991): “Intertextualidade, contra-obra e reatearización”, *Ricardo Carvalho Calero: a razón da esperanza*. Vigo: Procugasa, pp. 77-83.
- _____ (1994): *Sobre Luís Pimentel, Álvaro Cunqueiro e Carballo Calero. Apontamentos de filoloxía, crítica e didáctica da literatura*. Sada: Edicións do Castro.

- _____ (2002): “Carvalho Calero no diagrama da comunicación dramática” en Teresa López e Francisco Salinas Portugal (eds.), *Actas do Simposio “Ricardo Carvalho Calero, Memoria do Século”*. A Coruña: Universidade da Coruña-AS-PG, pp. 227-247.
- Lama, María Xesús (2017): *Rosalía de Castro. Cantos de independencia e liberdade (1837-1863)*. Vigo: Galaxia.
- López Silva, Inma e Euloxio Ruibal (eds.) (2015): *El teatro gallego en el exilio republicano de 1939*. Sevilla: Renacimiento (Biblioteca del Exilio).
- López, Teresa e Francisco Salinas Portugal (eds.) (2002): *Actas do Simposio “Ricardo Carvalho Calero, Memoria do Século”*. A Coruña: Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística da UDC-AS-PG.
- Lourenzo, Manuel e Francisco Pillado (1979): *O teatro galego*. Sada: Edicións do Castro.
- _____ (1982): *Antoloxia do teatro galego*. Sada: Edicións do Castro.
- _____ (1987): *Dicionário do teatro galego*. Barcelona: Sotelo Blanco.
- Marco, Aurora (1989): “A language teatral em *A farsa das çocas*” en VV.AA., *Actas do II Congreso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza*. A Coruña: AGAL, pp. 361-372.
- _____ (1991): “Rafael-Orfeu: a sombra de um mito”, *Ricardo Carvalho Calero: a razón da esperanza*. Vigo: Procugasa, pp. 84-88.
- _____ (1992): *Foula e ronsel: Os anos xuvenis de Carvalho Calero (1910-1941)*. A Coruña: Fundación Caixa Galicia.
- Montero Santalha, J. Martinho (1993): *Carvalho Calero e a súa obra*. Santiago: Laiovento [contén unha excelente “Bibliografía Anotada”, pp. 207-304].
- Pedreira Sanjurjo, Iria (2019): *Recepción, interpretación e adaptación dos clásicos grecolatinos na literatura dramática galega*. Santiago: CIEDUS.
- Rabuñal, Henrique (1990): “Foi-se-nos D. Ricardo Carvalho Calero”, *Agália*, 21, pp. 107-108.
- _____ (2000): “Carvalho Calero e o teatro”, *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*. Santiago: USC-Parlamento de Galicia, vol. I, pp. 281-292.
- _____ (2009): “Os primeiros autos de Manuel María no contexto do teatro galego dos anos 50 e 60”, *Manuel María: literatura e nación*. A Coruña: UDC, pp. 251-267 [reproducido en *Obra teatral* de Manuel

- María (2018), introdución, edición e notas de María Pilar García Negro. A Coruña: Casa-Museo Manuel María, pp. 701-726].
- _____ (2016): “Teatro arredor das Irmandades da Fala” en Uxío Diéguez (coord.), *As Irmandades da Fala (1916-1931). Reivindicación identitaria e activismo socio-político-cultural no primeiro terzo do século XX*. Santiago: Laiovento, pp. 269-292.
- _____ (2018): “Carvalho Calero na historia do noso teatro”, 17 outubro, en <https://adiante.gal/carvalho-calero-na-historia-do-noso-teatro/>.
- _____ (2020): *Ricardo Carvalho Calero. O anxo da terra*. Vigo: Galaxia.
- Reimunde, Ramón (2010): *Cautivério de Fingoi: os anos lugueses (1950-1965) de D. Ricardo Carvalho Calero*. Lugo: Deputación.
- Rodríguez, José Luís (2000): “História do volume, cronobiografía, Carvalho e a Universidade, bibliografía activa e passiva” en José Luís Rodríguez (coord.), *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*, vol. I. Santiago: Parlamento de Galicia-USC, pp. 21-70.
- Rodríguez Fer, Claudio (1993): “Carballo Calero no estalido da guerra civil” en VV.AA., *Actas do III Congreso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza*. A Coruña: AGAL, pp. 619-625.
- S. s. (1965): “Cursos de língoa galega”, *Grial*, 8, pp. 251-253.
- _____ (1966): “Labor do Centro de Estudos Fingoy”, *Grial*, 13, p. 389.
- _____ (1967): “Labor do Centro de Estudos Fingoy”, *Grial*, 17, p. 387.
- Salinas Portugal, Francisco (1991): *Voz e silencio. Entrevista con R. Carvalho Calero*. Pontevedra: Edición do Cúmio.
- Seoane Pérez, Emilia (coord.) (2011a): *Encontros con Don Ricardo. Carvalho Calero, de Ferrol para o mundo*. Ferrol: Concello-Concellería de Educación e Universidade. [Existe unha edición Especial Letras Galegas de 2019].
- Suárez, Xosé (1963): “O ‘Noh’, teatro clásico xaponés”, *Grial*, 2, pp. 120-127.
- _____ (1963): “Kantán” de Seami Motokiyo (versión en galego), *Grial*, 2, pp. 128-134.
- Tato Fontaíña, Laura (2011): “O teatro de Ricardo Carvalho Calero” en Carlos Biscaíño e Xosé M. Sánchez Rei (eds.), *Actas das Xornadas “Ricardo Carvalho Calero: ciencia, literatura e nación”*. A Coruña: UDC-AS-PG, pp. 201-213.
- VV.AA., (1982): *Homenaxe a Carballo Calero*. Ferrol: Cadernos do Medúlio.

- _____ (2019): *Hei de entrar no meu povo: reivindicarmos Carvalho Calero*, limiar de María Victoria Carballo-Calero Ramos. Ferrol: Embora.
- _____ (2020): *Ricardo Carvalho Calero... por fim!*, Cadernos de Estudos Xerais, 17, xaneiro. Sada: A.C. Irmáns Suárez Picallo.
- Verdini Deus, Xoán Carlos (1981): *O teatro galego até o 1903. As orixes do teatro galego contemporáneo*. Santiago: Facultade de Filoloxía da USC [Memoria de Licenciatura dirixida polo profesor Carvalho Calero].

Ricardo Carvalho Calero e a Literatura Infantil e Xuvenil

CARMEN FERREIRA BOO
(UDC)

Introito

Don Ricardo Carvalho Calero achegouse á Literatura Infantil e Xuvenil, un sistema literario que daquela estaba en proceso de formación, dende dúas olladas diferentes e complementarias: como crítico literario e como escritor. Esas dúas facetas son as que se recollen neste traballo que busca reunir as achegas máis importantes deste intelectual no proceso de configuración do sistema literario infanto-xuvenil para darlle valor e prestixio á mesma altura que a literatura para adultos.

O labor crítico sobre Literatura Infantil e Xuvenil

É ben sabido a importancia de Carvalho Calero como historiador e crítico literario para a literatura galega, non só pola súa monumental *Historia da Literatura Galega Contemporánea, 1808-1936* (1963, 1975, 1981), un pioneiro estudo sistemático¹ que xorde da súa tese de doutoramento, senón polas múltiples críticas xornalísticas e académicas, que deixou espalladas en libros colectivos, xornais, revistas, ponencias, conferencias e traballos de investigación, recollidos moitos deles nos dous volumes *Libros e autores galegos* (1979, 1982) e dirixidos a un público variado e cun focamento diverso, segundo as circunstancias sociais e políticas nas que se desenvolvía a literatura. Un labor monumental co que alcanzou o cume da mestría, como adxectivaron Blanco (1989) e Montero (1993).

Deste volume inxente de traballos, destacamos aqueles que se achegaron ás obras do incipiente sistema literario infantil e xuvenil que se estaba a configurar e do que deu boa conta Blanca Ana Roig Rechou (1996a) na súa tese de doutoramento e noutros traballos (Roig, 1996b e

¹ Como indica Montero (1993: 163-164), “ponto de referéncia obrigado de todo o traballo que posteriormente se vem realizando neste campo senom que ademais exerceu un enorme influxo extra-literário: dando a conhecer no seu conxunto o vieiro em boa parte soterrado do desenvolvemento literário galego, contribuiu grandemente à formaçom de umha ideia sobre a nossa história cultural e ideológica, e destarte avivou o ressurgimento da consciéncia colectiva galega nos tempos mais recentes”.

2005), unhas obras que son “alicerces do sistema literario infantil e xuvenil, abriron liñas temáticas repertoriais que serán sometidas a un proceso de reescrita nos períodos seguintes” (Roig, 2015: 51). Estas obras pioneiras non conseguen renunciar ao didactismo pola “necesidade de influír sobre os potenciais lectores empíricos para a reconstrucción da conciencia galeguista, a base de espertar neles a autoestima [...] e o amor ó propio” (Tarrío, 1994: 208-209).

Carvalho Calero na súa *Historia* analiza e recompila a produción literaria de 1808 a 1936, aínda que por un sentimento de modestia ou discreción non fixo alusión á súa obra literaria “o que vem a deixar incompleto o panorama que se nos ofrece: sacrificou a integralidade ao sentimento de modéstia persoal” (Montero, 1993: 17). Para a súa elaboración

mesturou un estilo académico xunto cunha perspectiva didáctica, xa que a dobre finalidade era facer traballo metódico e rigoroso (pero ao mesmo tempo ecléctico e nada dogmático) que puxese de manifesto a calidade da literatura galega contemporánea e erradicase erros e malas interpretacións do pasado; pero sobre todo pretendía ser un manual práctico para o estudiantado da materia de literatura galega (Cajaraville, 2020: 70-71).

Nese exhaustivo repaso pola produción literaria galega, “non aparecen referencias específicas á Literatura Infantil e Xuvenil a non ser que se analicen autores da literatura institucionalizada que se achegaron a ela, obras ambivalentes e traballos relacionados cos materiais de transmisión oral” (Roig, 2015: 121). Algunhas delas só as menciona dentro da produción do autor, como é o caso de *Conto de guerra* (1928) ambientado na invasión napoleónica, de Camilo Díaz Valiño ou o conto de fadas *Margarida a da sorriso da aurora* (1927), de Evaristo Correa Calderón. Porén noutras detense a comentar aspectos temáticos e formais, como é o caso de dúas obras de Xosé Fernando Filgueira Valverde. Da pequena colección de textos *Os nenos* (1925), a primeira obra literaria de Filgueira, indica que están narrados en primeira persoa e que evocan anécdotas infantís tristes, alegres, sentimentais e humorísticas nas que está presente a morte, a modo de estampas. Os contos teñen unha extensión breve e son directos, pois “o autor interpela ao lector. Unha miga máis artificiosos que os de Castelao, cunha técnica un pouco máis posta de manifesto” (Carvalho Calero, 1975: 739).

Da peza dramática *Agromar. Farsa pra rapaces* (1936), asinada como J. Acuña, defende o seu didactismo en canto aos valores identitarios e o sentimento da terra que se transmiten no rural en consonancia coas ideas galeguistas (Roig, 2015: 60), e cualifícaa como “unha peza didáctica, orientada a defender e fomentar os valores da auténtica Galicia rural perante os falsos valores dunha cultura vilega mimética e esóxena” (Carvalho Calero, 1975: 740). Comenta os personaxes, dos que apunta que todos son masculinos, a división en dous lances e un remate, a oposición entre os mozos de aldea e os pitos da vila co contraste lingüístico entre a “fala auténtica dos aldeáns coa xiria automatizada dos señoritos”, a literariedade instrumental e a significación histórica ao ser “a primeira farsa para rapaces escrita en galego de que se ten noticia” (Carvalho Calero, 1975: 740).

Outras achegas foron recollidas en diferentes volumes recompilatorios, que dan conta do seu inxente traballo crítico. Así no volume *Estudos e ensaios sobre literatura galega* (1989) que reúne diversos traballos críticos, recolle o artigo “Orixe certa do faro de Alexandría e outros contos”, onde describe o volume de Xan Guisán no que se publicaba un conto premiado nun concurso de contos para nenos. Primeiramente resume os argumentos dos relatos que se desenvolven nun mundo maravilhoso e non acepta que “sen máis trámites” sexan catro contos para nenos, argumentando as vontades dos contos de fadas para a educación dos nenos, aínda que a súa lectura sexa do agrado tamén da xente adulta que “segue lendo con proveito os contos de fadas” pois “facilita unha evasión de posíbeis efectos terapéuticos ou narcóticos” (Carvalho Calero, 1989: 304). Por iso fai unha defensa encarecida do volume como obra para un público maduro xa que conteñen unha artística complicación, “son puramente lúdicos, son pura literatura, ou pura poesía” (Carvalho Calero, 1989: 304) sen docencia ningunha nin adoutrinamento e con valor moral como incitar á ledicia, a gozar da beleza ideal e á distensión poética. Por último, aínda que repara na estrutura de conto infantil dos dous primeiros: lenda popular e conto de disparates respectivamente, salienta a súa madurez e articulación; mentres que sinala que nos outros dous é máis difícil detectar a arquitectura infantil ao comparalos con textos de Mourullo e X. L. Méndez Ferrín.

En relación co xénero dramático en *Escritos sobre teatro* (2000), editado por Laura Tato Fontaiña, indícase que Carvalho Calero, durante

a ditadura franquista, comentou para xornais e revistas os escasos textos dramáticos que se publicaban, como foi o caso do traballo “O teatro e os costumes” no que comenta e describe a peza dramática infantil *O pauto do demo* (1958), de Ánxel Fole. Cualifícaa como un “ensaio dramático”, unha peza para ser representada, na liña iniciada por Antonio Benito Fandiño con *A Casamenteira* en 1812. Tamén explica o seu argumento, que se configura como un paso, os personaxes episódicos e os posibles problemas de escenificación, sen obviar outra cuestión importante que preocupaba a Calero dende a ollada lingüista: a realidade trilingüe da peza que reflicte o galego popular con castelanismos, empregado polo pobo, o castelán curialesco do escribán e a “xiria hispanoamericana pseudoculta” (Tato, 2000: 22) do indíán, cunha intención realista e caricaturesca.

Nese volume tamén recupera o traballo “O teatro galego actual”, datado en 1977 e publicado en *Letras galegas* (AGAL, 1984), no que presta atención ao problema da lingua galega como vehículo da literatura e á confluencia na escrita de galego e castelán co consecuente desfavorecemento cara ao novo galego literario xurdido a partir do Romanticismo e “constrangindo a constituir-se sobre a deteriorada situación dialectal da lingua falada” (Tato, 2000: 101). Tendo en conta esta cuestión, fai un repaso histórico polo desenvolvemento da literatura dramática en galego. Así no apartado dedicado a explicar cal foi o público ao que se dirixe, amais de falar da clase artesanal inclinada ao teatro de costumes populares, dos profesionais universitarios galeguistas e a burguesía, interesados polas *fabulae palliata* e pezas de tipo histórico ou vangardista, salienta que

o público máis característico, no momento presente, para o que se representa teatro galego, e que é practicamente todo o público específico actual, é un público juvenil, de estudantes moi receptivos à mensaxe ideolóxica das pezas, e disposto a valorá-las com os parámetros que brinda o grau de protesta contra a ordem establecida que o produto ofrecido alcanza (Tato, 2000: 111).

Un momento este de crise histórica e transición a novas formas de vida pública e privada. Logo repasa os distintos subxéneros existentes, sinalando brevemente no apartado “Teatro infantil” que “a literatura galega moderna nom descuidou inteiramente o teatro infantil” (Tato, 2000: 124) no que salienta a primeira peza deste xénero *Agromar*, de Xosé Filgueira

Valverde e os premios convocados dos que saíron as pezas *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* (1973), de Carlos Casares e *Sinfarainín contra Don Perfeito* (1975), de Bernardino Graña.

Finalmente, se se atende á faceta docente de Carvalho Calero, é de salientar o seu labor comediógrafo na escola² que, como describe no ensaio “Sobre o seu teatro”, tivo que “adoutrinar os meus pequenos actores dos centros docentes em que trabalhei” (Tato, 2000: 183), como o Colexio Fingoi, no que era o director das pezas e tiña que representar os papeis nos ensaios previos, mais tamén sendo profesor en diversos centros de distintas cidades galegas, coa montaxe de espectáculos dramáticos en galego, castelán, francés e latín. Este interese por desenvolver a intimidade e creatividade do alumnado e propiciar o traballo colaborativo, fomentando as dúas faces de autor e actor, considerábase dentro do proxecto do Colexio Fingoi “un método mui eficaz de educazón” (Fernán-Vello e Pillado Mayor, 1986: 120) ao promover a representación dramática en galego e noutras linguas, así como potenciar a creación poética do alumnado, que conseguiu premios en distintos concursos literarios.

A produción literaria abeirada á infancia e xuventude

Das oito pezas³ que escribiu como dramaturgo, un labor que iniciara na adolescencia, a que máis se achega ao teatro infantil é *Farsa das zocas*⁴, escrita en 1948 en Ferrol, e que se basea nun relato popular incompleto recollido en San Sadurniño por unha discípula súa (Esperanza Carnero Dopico), configurándose como un caso claro de intertextualidade, pois remite a un texto orixinal cun afán descontextualizador para fuxir dun teatro ruralizante e exclusivamente autóctono (Herrero, 1991). En consecuencia,

² Esta afección que tiña polo teatro xurdiu dende a infancia cando acudía cos seus pais a ver os espectáculos que se representaban no teatro Jofre de Ferrol, como describe no ensaio “Sobre o seu teatro”, conferencia lida na sala Luís Seoane da Coruña o 30 de maio en 1983, texto incluído no volume *Letras galegas* (1984) e nos *Cadernos da Escola Dramática Galega* en 1985.

³ Toda a súa produción dramática está recollida no volume *Teatro Completo* (Edicións do Castro, 1982).

⁴ Foi escrita en 1948 e representada e estreada en Lugo, ademais de publicada na revista *Grial* no seu primeiro número no ano 1963 (Carvalho Calero, 1982) e reeditada no volume *Catro pezas* (1971) e en *Teatro completo* (1982).

tomou as licenzas oportunas para a súa dramatización e resolveu os problemas de ambiente e personaxes, elaborando unha farsa “semiguiñolesca” que rompe cos convencionalismos cunha finalidade humorística e caricaturesca que “admite unha lectura social ou simplemente lúdica, inteiramente inserida no contexto galego rural” (Tato, 2000: 191). Segundo ten declarado o autor, sería unha peza cun certo expresionismo e simbolismo (Blanco, 1989: 258) que conta con elementos da mitoloxía popular como a Santa Compañía e cun final típico de moitos pasos e entremeses clásicos, “un teatro de barraca, propio para ser interpretado ao ar libre, aínda que admita tamén unha versión mui sofisticada” (Blanco, 1989: 267).

Esta peza estreouse no Colexio Fingoi nunha versión anónima, suprimindo o que se consideraba incompatible aos preceptos educativos (Fernán-Vello e Pillado Mayor, 1986: 122-123), feito que indica que o autor a considerase do gusto do público infantil e xuvenil, como afirma Montero (1993) ao sinalar que é a peza máis popular de Carvalho Calero por ter sido representada en círculos escolares cunha ben lograda linguaxe dos personaxes de sabor popular, definíndoa como “un divertimento, que joga con elementos populares, numha atitude que contém ao mesmo tempo unha clara simpatía pola tradición folclórica e um certo distanciamento de benévolo humorismo” (Montero, 1993: 144)⁵.

En canto á produción narrativa, tanto “As pitas baixo a chuvia” (1952)⁶ como “Os tombos” (1950)⁷, escritos na súa época luguesa, “O lar de Clara” e “A cegoña” son contos de protagonista infantil que evocan a infancia do narrador, un xénero o do relato curto no que Carvalho Calero se

⁵ Estas características fan que neste ano 2020 a compañía Fantoche Baj con adaptación de Inacio Vilariño a leve á escena desdobrando os personaxes en marionetas de varíña e actores á maneira expresionista para romper cos convencionalismos do teatro e permitir a esaxeración e comicidade.

⁶ Publicado primeiramente en Bos Aires en *Lar, Revista de la Asociación Gallega de Beneficiencia y Mutualidad 'Hospital Gallego'* e incluído despois no número 3 da edición facsimilar da revista *Galicia* publicada no ano 1952; logo reeditado en *A gente da Barreira e outras historias* (1982), en *Narrativa completa* (1984) e como volume independente por Edicións Embora en 2008 na colección “Fardel dos soños” con ilustracións de Alberto Toval.

⁷ Publicado no número 5 da revista viguesa *Alba*, logo en *A gente da Barreira e outras historias* (1982) e novamente en *Narrativa completa* (1984).

sentía cómodo, que lle resultaron fáciles de escribir (Blanco, 1989: 238) e cos que segue o modelo de Castelao (Reimunde, 2010). Os catro textos, como indica Cajaraville (2020: 13) “teñen como elementos en común cuestións como a evocación da infancia ou o amor á natureza en xeral e aos animais en particular, e varios deles poden considerarse propios da literatura infantil e xuvenil”⁸.

Os dous primeiros contan cun fondo autobiográfico e narran dous sucesos da vida infantil de Carvalho que “para a biografía presentan apenas valor anecdótico” (Montero, 1993: 16), mentres que “O lar de Clara” é unha novela curta que narra a vida familiar dende a infancia até os 16 anos. O relato de “As pitas...” sitúase na casa de veraneo de Serantes e no seu curral, mentres que “Os tombos” na segunda casa de veraneo da familia, situada no lugar de Cabana, na beira do mar, a escasos quilómetros da cidade de Ferrol. Pola súa parte, “A cegoña” acolle unha anécdota dunha profesora de alemán de Calero de cando era nena e esperaba a chegada da cegoña coa súa irmá, que contén resonancias nórdicas na onomástica e un fondo etnográfico da crenza, aínda que o escenario recoñecible é Galicia (Montero, 1993: 151).

As pitas baixo a choiva foi recuperado por Edicións Embora no ano 2008 en formato álbum ilustrado, dirixido a un lectorado autónomo e publicado na colección “Fardel dos soños”. Conta as diferenzas que hai entre os galos ergueitos, lanzás e maxestosos de cando o narrador era pequeno aos que compara con “capitáns de Frandes, príncipes idumeos, arquimandritas siríacos” e os galos de agora, “brancos, grises” e con cristas e colas curtas. Logo gaba o galo máis antigo do que o narrador ten memoria e describe as

⁸ Tanto é así que as unidades didácticas que se teñen publicado para achegar a figura de Carvalho Calero ás distintas etapas do ensino acollen actividades diversas. Así, para traballar en 5º e 6º de Educación Primaria o conto “As pitas baixo a chuvia”, Belén Rodríguez, Charo Baleirón e Marta Domínguez realizaron unha para Santillana. As mesmas autoras en *De Carvalho Calero a Carvalho Calero. Biografía, escolma de textos, guías de lectura, actividades e xogos* (2020) amplían as actividades para este relato e ofrecen guías de lectura e actividades para o relato “Os tombos”, pensadas para 5º e 6º de Primaria; o texto poético “Calquer lugar é bom para morrer”, para 4º da ESO e 1ª de Bacharelato; e o fragmento teatral de *Farsa das zocas*, para 2º e 3º da ESO. Estas actividades complétanse co xogo “Paso a palabra” e o xogo-escapada “A caixa de don Ricardo”, ademais dunha escolma con fragmentos narrativos de “O lar de Clara”, *A gente da Barreira*, *Os Señores da Pena e Scórpio*; textos poéticos tirados de *Avena loca*, *O trebo das catro follas*, *Pretérito Imperfecto*, *Cantigas de amor e outros poemas* e *Reticencias*; así coma fragmentos de *Auto do prisioneiro*.

diferentes actividades que realiza co seu pai os sábados, como cazar grilos, ollar para as galiñas, botarlles millo e recoller os ovos. Mais unha tarde que tentou levar as pitas ao curro para resgardalas dunha tormenta repentina, a súa familia baixa a axudalo e rematan todos mollados e coa avoa no chan.

O relato acompáñase e complementábase coas ilustracións coa técnica de pintura de Alberto Toval nas que representa de forma moi traballada as formas e cores da plumaxe das pitas, que contrasta co estilo máis sinxelo e sen detalles das persoas (Roig, 2009). As imaxes salientan os personaxes animais como se pode observar na ilustración escollida para a cuberta, na que se representan os pescozos e cabezas das pitas en diferentes cores e a choiva, elemento meteorolóxico causante da divertida anécdota, deixando para a contracuberta a imaxe do neno protagonista e dunha pita sentados en ambas as nubes, que se repite na portada. O colorido das imaxes das cuberta e contracuberta contrasta coas ilustracións deses animais en branco e negro das páxinas de garda. No interior resérvanse as páxinas da esquerda para o texto narrativo e as da dereita para as ilustracións con primeiros planos.

Na súa etapa luguesa, como director en réxime interno durante quince anos dende 1950 a 1965 no Colexio Fingoi⁹, tamén se realizaron publicacións como a recompilación pioneira da literatura de transmisión oral¹⁰ *Contos populares da provincia de Lugo* (1963), dirixida polo propio Carvalho Calero, que tanto axudou nos principios da conformación do sistema literario infantil e xuvenil galego, pois foi empregada polos mediadores e os creadores de Literatura Infantil e Xuvenil como “base para realizaren diferentes tipos de reescritura” (Roig, 2015: 85), sobre todo algúns dos encadrados en “contos de animais”, “contos de meigas e encantamentos”, “contos en verso” e “lendas de castros e montes”. A obra foi de consulta imprescindible para, entre

⁹ Fundado por don Antonio Fernández López, era un centro de investigación e estudos de primeiro ensino e bacharelato cun ollar experimental no que, grazas a unha serie de reformas pedagóxicas permitidas dentro da filosofía de traballo da Institución Libre de Enseñanza, contaban excepcionalmente con alumnado masculino e feminino.

¹⁰ O propio Calero no artigo “O conto popular na provincia de Lugo” publicado en 1967 na revista *Grial*, n.º 15 incide na escaseza de investigacións e de libros que recompilen literatura, agás *Contos vianeses* (1958), de Laureano Prieto e explica o proceso de depuración, reunión, ordenación e transcripcións dos máis de trescentos contos da provincia de Lugo, unha “riqueza sorprendente na nosa literatura folclórica” para o coñecemento e estudo do conto popular.

outros, os estudosos Xosé Miranda, Xoán Ramiro Cuba e Antonio Reigosa na elaboración das versións literarias dos distintos contos que escolleron para a colección “Cabalo buligán”¹¹ de Edicións Xerais de Galicia, tomando como referencia as versións recollidas noutras escolmas.

Contos populares da provincia de Lugo foi encargado a Bernardino Graña quen contaba cunha bolsa de formación de docentes no colexio para o curso 1961-1962 e se responsabilizou de transcribir os contos dos cadernos nos que os mestres rurais recolleron as versións que conseguía o alumnado por boca dos seus maiores. O proxecto presentouse nos cursos para mestres de especialización agropecuaria, organizados pola Inspección Provincial do Ensino de Lugo¹², como explica Carvalho Calero nas conversas mantidas entre 1983 e 1984 en Santiago de Compostela e Lugo recollidas por Carmen Blanco (1989).

O volume, que contou cun grande éxito de público e de crítica e cuxa primeira edición¹³ se esgotou rápido, inseríase nunhas das liñas programáticas do centro que baseaba o ensino con vistas ao medio en que a vida do alumnado se desenvolvía, é dicir, buscaba unha educación realista que prescindise do memorístico, da erudición libresca e da coerción (Blanco, 1989: 42-43), sen esquecer o carácter fundamente galeguista.

¹¹ Trátase dunha iniciativa única en Galicia para a recuperación e recreación da literatura de transmisión oral na Literatura Infantil e Xuvenil galega (Ferreira, 2014); aínda que o achegamento da literatura de transmisión oral xa se iniciara nos anos sesenta do século XX con distintos volumes con paratextos dirixidos intencionalmente ao lectorado infantil e xuvenil, como foi o caso da pioneira e emblemática colección “Infantil Galaxia” que se iniciou coa escolma *O lobo e o raposo. Contos populares* (1967) (Roig, 2015).

¹² Segundo as instrucións que se recollen no “Prólogo”, asinado por Carvalho Calero, ánimoase aos docentes a “salvar o patrimonio artístico popular tradicional de Galicia, en trance de desaparecer” (1963: 7) polo que recollerán dos familiares máis maiores do alumnado todo tipo de textos populares (cancións, lendas, ditos, refráns, contos, supersticións, xogos etc.), promovendo a fidelidade ao texto que se empregará para a escenificación nas veladas dominicais da escola. Búscase proporcionar unha colleita de narrativa tradicional e subministrarlle aos etnógrafos unha base para futuros estudos.

¹³ Contou cunha segunda edición algo simplificada publicada en 1972. O proceso de supervisión, elaboración e edición, así como a tiraxe e exemplares, pódese seguir polas epístolas que lle envía a Francisco Fernández del Riego dende Fingoi (Vilavedra e Pena, 2006).

Peché

Carvalho Calero, que se interesou fondamente por dignificar a lingua e literatura galegas, realizou pequenas achegas ao sistema literario infantil e xuvenil que dende un punto de vista diacrónico se configuran fundamentais á hora de considerar a Literatura Infantil e Xuvenil como un sistema máis dentro do polisistema literario galego, que permitise propiciar cohesión sociocultural e prestixio, dentro dunha planificación cultural que conducise á creación da entidade social galega (Even-Zohar, 1998 e 1999).

No seu labor crítico, un dos axentes fundamentais na constitución de calquera sistema literario, interesouse por obras que os escritores da literatura institucionalizada escribiron pensadas para a infancia e xuventude, das que gabou as súas características estilísticas ao mesmo nivel que as dirixidas aos adultos, sobre todo as pezas dramáticas, xénero que incentivou e fomentou no alumnado como docente.

Como creador, as obras narrativas máis acaídas para o lectorado infantil e xuvenil encádranse na corrente realista e reproducen anécdotas cotiás infantís divertidas e graciosas cunha pegada autobiográfica. Tamén dirixiu unha das primeiras recompilacións de materiais da transmisión oral, textos que son a base da Literatura Infantil e Xuvenil polas súas especiais características e que forman parte do patrimonio inmaterial galego que é preciso conservar e transmitir aos máis novos para manter a identidade propia, en consonancia cos presupostos galeguistas que sempre guiaron a Carvalho Calero, quen nos deixou pequenas pílulas críticas, narrativas e dramáticas que resultan dun gran poder simbólico para a consideración da Literatura Infantil e Xuvenil como se merece dende as súas orixes até a actualidade.

Bibliografía

- Baleirón, Charo, Marta Domínguez e Belén Rodríguez (2020): *De Carvalho Calero a Carvalho Calero. Biografía, escolma de textos, guías de lectura, actividades e xogos*. A Coruña: Hércules de Ediciones.
- Blanco, Carmen (1989): *Conversas con Ricardo Carballo Calero*. Vigo: Galaxia.
- Cajaraville, Héctor (2020): *Ricardo Carvalho Calero. A pegada do compromiso*. Vigo: Xerais.

- Carvalho Calero, Ricardo (1963, 1975, 1981): *Historia da literatura galega contemporánea, 1808-1936*. Vigo: Galaxia.
- ____ (1967): “O conto popular na provincia de Lugo”, *Grial*, 15, pp. 8-21.
- ____ (1982): *Teatro completo*. A Coruña: Edicións do Castro.
- ____ (1984): *Narrativa completa*. A Coruña: Edicións do Castro.
- ____ (1989): *Estudos e ensaios sobre literatura galega*. A Coruña: Edicións do Castro.
- Centro de Estudios Fingoy (1963): *Contos populares da provincia de Lugo*. Vigo: Galaxia.
- Even-Zohar, Itamar (1998): “Planificación cultural e resistencia na creación e supervivencia de entidades sociais”, *A Trabe de Ouro*, 36, pp. 481-489.
- ____ (1999): “Planificación de la cultura y mercado” en Montserrat Iglesias Santos (coord.), *Teoría de los polisistemas*. Madrid: Arco Libros, pp. 71-96.
- Fernán-Vello, Miguel Anxo e Francisco Pillado Mayor (1986): *Conversas en Compostela con Carballo Calero*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Ferreira Boo, Ma C. (2014): “El ciclo del lobo y el raposo en *Contos de animais I*”, *Elos. Revista de Literatura Infantil e Xuvenil*, 1, pp. 87-108. Disponible en: <http://dx.doi.org/10.15304/elos.1.1756> [Consultado o 20 de febreiro de 2020].
- Herrero, Araceli (1991): “Intertextualidade, contra-obra e re-teatralización” en X. Carballa, F. Cuñarro e C. Sánchez (coords.), *Ricardo Carvalho Calero: a razón da esperanza*. A Coruña: A Nosa Terra, col. A Nosa Cultura, 13, pp. 77-83.
- Montero Santalha, José-Martinho (1993): *Carvalho Calero e a súa obra*. Noia: Laiovento, col. Ensaio, 21.
- Reimunde, Ramón (2010): *Cautivério de Fingoi. Os anos lucenses (1950-1965) de D. Ricardo Carvalho Calero*. Lugo: Deputación de Lugo.
- Roig Rechou, Blanca Ana (1996a): *A Literatura Galega Infantil: Perspectiva diacrónica, descrición e análise da actualidade*. Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, Tese en microficha da Universidade de Santiago de Compostela, n.º 578.

- _____ (1996b): “A literatura infantil e xuvenil en galego dende 1900 a 1950”, *Boletín Galego de Literatura*, 15-16, pp. 77-105.
- _____ (2005): “Literatura infantil e xuvenil en Galicia: dos inicios á consolidación”, *Boletín Galego de Literatura*, 32, pp. 141-167.
- _____ (2009): *Informe de literatura 2008*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia-Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Disponible en: http://www.cirp.gal/rec2/informes/upload/ver/inf2008/Informe_Literatura_2008.pdf. [Consultado o 20 de febreiro de 2020].
- _____ (2015): *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega*. Vigo: Xerais.
- Tarrío, Anxo (1994): *Literatura galega: Aportacións a unha Historia crítica*. Vigo: Xerais.
- Tato Fontaíña, Laura (2000): *Escritos sobre teatro. Ricardo Carvalho Calero*. A Coruña: Bahía Edicións, col. Biblioteca-Arquivo teatral Francisco Pillado Mayor, 11.
- Vilavedra, Dolores e Montserrat Pena (eds.) (2006): *Ricardo Carvalho Calero. Epistolario a Francisco Fernández del Riego*. Vigo: Galaxia, col. Memoria, 10.

Balance de Ricardo Carballo Calero como tradutor

XOSÉ MANUEL DASILVA
(UVigo)

A tradución constituíu, con absoluta certeza, unha actividade de rango máis ben secundario na traxectoria tan versátil de Carballo Calero¹. Conforme é suficientemente coñecido, outras parcelas despertaron o seu interese con máis ímpeto, como o estudo histórico das letras galegas, a codificación gramatical e ortográfica da lingua e o cultivo da creación literaria. Aínda que sexa con algunha brevidade, é oportuno reparar de xeito especial na entusiasta dedicación coa que se consagrou ao exercicio da escrita, perseverante ao longo do tempo e variada desde o punto de vista xenérico, o que fai que sen discusión deba considerarse unha das súas preocupacións prioritarias.

En efecto, a intensa vocación de Carballo Calero como escritor agromou de cedo e despois endexamais murcharía. En calquera tramo da súa andaina biográfica, do principio ao remate, encóntranse froitos abundantes da mesma, en castelán e predominantemente en galego. É forzoso recordar que o primeiro libro que fixo público, *Trinitarias* (1928), saíu cando non tiña máis ca dezaioito anos, en tanto que a derradeira obra, *Reticências (1986-1989)* (1990), chegou aos lectores o ano que faleceu. Entre estas dúas extremas afastadas, contabilízase a cifra estimable de arredor dunha vintena de volumes, alén dos inéditos que se brindaron postumamente. Por outra banda, a devandita vocación artística abrangueu múltiples modalidades con enorme flexibilidade, desde a poesía –o discurso que sen lugar a dúbidas máis o engadou– ata a narrativa curta e longa, sen esquecer o teatro e inclusive a literatura infantil.

Malia todo, non cabe dicir cabalmente que esta vertente do perfil heteroxéneo de Carballo Calero, de veras agarimada, acadase un xeneroso éxito en ningunha altura, por moito que el mesmo tivese persistido en a alentar. A finais dos anos 50, Ramón Piñeiro referíase ás limitacións significativas que o constrinxían como escritor. Nunha carta a Francisco Fernández del Riego,

¹ Optouse polo apelido “Carballo”, en vez da variante “Carvalho”, debido a que unha esmagadora maioría dos traballos aos que se fai referencia neste estudo están asinados con esta fórmula.

do 25 de xaneiro de 1957, pronunciábase verbo da ferreña inclinación polas musas de Carballo Calero nestes termos elocuentes: “Ten a teima de ser un *gran* creador literario (poesía, novela, conto, teatro) i-en realidade é un gran crítico. [...] Mais il resistese coma un león a que se lle teña por crítico”². E a seguir recalcaba: “A dificultade está en que a persoalidade inteleitoal de Carballo ten unha talla moi relevante como crítico e non hai maneira de que dea a mesma talla co-as obras de creación”. Piñeiro establecía esta diagnose, segundo explicaba, con motivo da tenaz intención de Carballo Calero de exhumar a totalidade do seu teatro, que tiña arrombado: “Dun xeito ou doutro, foi publicando sucesivos libros de versos; publicou tamén a súa novela; agora quédalle na casa o teatro e quéreo botar fora”. A carta contiña esta valoración final sobre a contumacia do autor ferrolán: “Todo o mal ven do desaxuste entre as súas aspiracións e as súas verdadeiras dotes. [...] É unha boa traxedia o querer ser algo distinto do que verdadeiramente se é por natureza”.

Quen tan nuamente se manifestaba era alguén como Piñeiro que contribuíra ao rescate persoal de Carballo Calero na posguerra, intervindo decisivamente para que se integrase no Colexio Fingoi, fundado polo empresario galeguista Antonio Fernández López. Así se confirma nunha carta a Fernández del Riego do 27 de decembro de 1949: “Hoxe tócame comunicarche boas noticias. A entrevista Fernández-Carballo celebrouse onte pol-a noite e resultou moi ben. Os dous quedaron satisfeitos e nós aínda máis, pois Carballo aceptou o posto de director que lle foi ofrecido”. Piñeiro engadía esta esperanzada impresión: “Pódoche asegurar que Carballo, con gran sorpresa miña, e supoño que tamén túa, está n-unha disposición de ánimo como nos seus millores tempos”. A xustificación proporcionada para unha recuperación así era de tipo ben concreto: “Eu penso que se salvou pol-a asistencia moral que atopou en nós, por non atoparse soio. [...] Coincide totalmente con nós e volverá a ocupar o posto relevante que lle corresponde dentro do noso rexurdimento”.

Tamén desempeñara Piñeiro un papel destacado no renacer literario de Carballo Calero logo da Guerra Civil, influíndo na concesión do premio

² O subliñado é do propio Piñeiro. A correspondencia non publicada que se cita neste artigo está na Fundación Penzol a disposición de todas as persoas interesadas.

Bibliófilos Gallegos á novela *A xente da Barreira* nun grao nada desprezable (Dasilva, 2010). É o que se desprende dunha misiva máis a Fernández del Riego, remitida o 29 de decembro de 1949: “Xa che dicía na miña anterior que o asunto de Carballo está definitivamente resolto e da millor maneira que podíamos desexar”. Clarexábase aquí que as manobras despregadas no mencionado certame perseguían o restablecemento anímico de Carballo Calero, un pouco debilitado polos reveses padecidos tras o conflito bélico: “No fondo está encantado e moi satisfeito, tanto que parece moito máis xuvenil e outimista. Foi un gran trunfo pra nós, porque do contrario afundiríase moralmente”.

Noutra carta do 15 de abril de 1950, Piñeiro expuña que a vitoria no concurso de Bibliófilos Gallegos entrañaba unha extraordinaria ocasión, alén diso, para enaltecer o galego, mesmo que a calidade d’*A xente da Barreira* estivese lonxe de ser sobranceira, por cousa de que se conseguira galardoar a única novela que concorrera neste idioma: “Millor sería que ista oportunidade nos servise pra dar un paso importante na política de prestixiamento literario da nosa língoa, mais nin é culpa tua nin dos demais xurados que non se presentase unha obra merecente de lle prestar ise outo servicio á nosa cultura”. Na mesma comunicación, o director de Galaxia volvía amosar as súas reservas con respecto a Carballo Calero como escritor, neste caso no campo da narrativa: “Nunca me pareceu que tivese madeira de novelista, porque lle estorba o riguroso formalismo lóxico da súa mente”.

Exposto todo o anterior, cómpre indicar que a tradución, sen chegar a converterse nun quefacer preferente para Carballo Calero en ningún intre, si absorbeu unha porción do seu tempo, e non precisamente pequena. En primeiro lugar, faise indispensable advertir que se acercou ao fenómeno tradutor, desde a posición de crítico e historiador literario, para comentar academicamente versións alleas. Paga a pena resaltar a análise que levou a cabo, en diversas aproximacións (Carballo Calero, 1952a, 1961, 1975b), das traducións de autores clásicos realizadas por Aquilino Iglesia Alvariño (Dasilva, 2001-2002, 2002), como o tomo *Carmina* (1951), de Horacio, e *A Comedia da oliña / Aulularia* (1962), de Plauto. É acaído traer á memoria aínda a benvinda gabanciosa coa que saudou no seu momento o *Cancioeiro da poesía céltiga* (1952), de Jules Pokorny, transplantado ao galego por Piñeiro e Celestino Fernández de la Vega (Carballo Calero, 1952a).

De calquera maneira, a ocupación de Carballo Calero que verdadeiramente máis salienta neste eido é a de tradutor en si, na función tanto de autotradutor como de tradutor alógrafo. No que atinxe ás autotraducións —é dicir, as versións feitas por el mesmo dos seus textos—, non se pode deixar de ter en conta, con carácter previo, a natureza bilingüe —galego e castelán— que posúe o seu patrimonio literario, sobre todo antes de 1936. É notorio que na segunda das dúas linguas naceron *Trinitarias* (1928) e *La soledad confusa (1929-1930)* (1932), así como en orixe, segundo logo se ha ver, algunhas pezas teatrais.

En realidade, Carballo Calero non deu á imprenta ningunha autotradución dun libro galego para o castelán³, o que está perfectamente de acordo coa cativa proxección que a súa obra logrou neste idioma, mesmo a través de traducións alógrafas. É excepción disto último o conto infantil “As pitas baixo a choiva”, publicado na revista *Lar* (Carballo Calero, 1952b), reproducido en *Galicia. Revista del Centro Gallego* (Carballo Calero, 1952c) e moitas décadas máis tarde editado en volume independente (Carballo Calero, 2008a)⁴, que Fernando Prado traspasou ao castelán (Carballo Calero, 2008b). De idéntico modo, representan casos illados os poemas “Parque (Lugo)” e “Os Ancares desde Fingoi”, trasladados por Darío Xohán Cabana para a recompilación *Poetas en Lugo* (Cabana, 2007).

³ Nun número monográfico da revista *Ínsula*, concentrado na cultura galega, figura unha versión bilingüe da composición poética “Rondel do anxo”, supostamente autotraducida (Carballo Calero, 1959: 11). Poderían levar a confusión, polo título coincidente, os poemas en galego e castelán “Soño” e “Sueño”, difundidos nas revistas *Aturuxo* e *Alba* a comezos dos anos 50, o segundo baixo o pseudónimo Fernando Cadaval, mais non teñen que ver entre si.

⁴ O conto transcribiuse en dous volumes a carón doutros títulos narrativos (Carballo Calero, 1982b; Carballo Calero, 1984), se ben con vestuario ortográfico dispar. No primeiro volume, aseverábase nunha nota: “Os textos foron revisados para ajeitá-los à língua literária actual segundo o critério do autor; mais só na medida indispensable para corrigir os máis chamativos desajustes”. Curiosamente, cando “As pitas baixo a choiva” compareceu nas librarías con autonomía, escolleuse a posibilidade seguinte: “Este relato foi publicado por vez primeira na revista *Lar* en 1952. A presente edición respecta integramente a grafía empregada polo autor naquela ocasión” (Carballo Calero, 2008a). Por certo, nun “Glosario” aparecían definidas algunhas palabras: “arquimandrita”, “azas”, “bágoos”, “chafarís”, “fonxe”, “idumeos”, “lanzás”, “lene” “pandiaban”, “pegureiro”, “podentes”, “raquenas” e “roibéns”.

No que se refire, contrariamente, ao camiño que conduce do castelán ao galego, consta que Carballo Calero autotraduciu dúas obras teatrais que permanecían inéditas –*A sombra de Orfeo* e *A arbre*–, as cales viron a luz no volume *Catro pezas* (Carballo Calero, 1971)⁵. En carta a Fernández del Riego do 29 de setembro de 1956, apuntábase a súa lingua primitiva con inequívoca diafanidade. Con relación á primeira, Carballo Calero esclarecía: “Axiña mandaréiche *La sombra de Orfeo*, que, despois de leela, resolvín someter á censura de Galaxia. O que me tes que decir é se debo ou non traducila” (Carballo Calero, 2006: 180). E no que fai á segunda, nunha liña parella revelaba: “*El árbol* é coñecido de Piñeiro. Dúas veces ensaiouse en Ferrol, sen chegar a se representar. Teño que revisalo denantes de decidir se cho mando ou non” (Carballo Calero, 2006: 180-181)⁶. Noutra carta do 21 de outubro –isto é, pouco menos dun mes despois–, Carballo Calero tornaba á cuestión detallando o nacemento dos dous textos:

Axiña mandaréiche as dúas pezas de teatro que teño escritas en castelán. *La sombra de Orfeo* foi escrita fai seis ou sete anos pensando en enviala a un concurso, o que finalmente non fixen. *El árbol* foi escrita a pedido dun afeizoado ferrolán i ensaiada a punto de representar dúas veces (2006: 182).

⁵ O libro recollía estes títulos dramáticos: *A sombra de Orfeo*, *Farsa das zocas*, *A arbre* e *Auto do prisioneiro*. Anticipadamente, *A arbre* inserírase no número 9 de *Grial*, en 1965. No “Prefacio” de *Catro pezas*, Carballo Calero bosquexaba a xénese da edición: “Pois coido que xa son horas de facer unha escolma antre as tentativas dramáticas ás que, de neno a vello, me arrastou a crara vontade ou o fado escuro; e de dar ao prelo, nun pequeno libro, un pequeno testemuño dun pequeno labor” (Carballo Calero, 1971: 9).

⁶ En carta a Fernández del Riego do 9 de outubro de 1956, Piñeiro facíase eco do que Carballo Calero lle participara: “Tiven carta de Carballo. Dime que enviou 40 poemas a Ferreiro pra a colección Juan Rodríguez. Tamén me fala das obras de teatro nos termos seguintes: *Del Riego dixome que mandara a Vigo as obras de teatro que teño escritas, a fin de estudalas e ver si convén publicar un tomo con algunhas delas. Estounas sometendo a unha revisión previa, denantes de envialas [...].* Logo fálame de duas obras que ten en castelán e que se podían traducir. Di que *La sombra de Orfeo* desempolvouna, leuna e vaicha mandar a ver si acha gracia ós teus ollos”. Velaquí textualmente a carta que Carballo Calero lle fixera chegar a Piñeiro o 29 de setembro de 1956: “Teño logo dúas obras en castelán, que, se foran achadas dignas de se traducir, poderían poñerse en galego. Unha é *El árbol*, que ti liches. A outra non a coñeces, que eu saiba. Chámase *La sombra de Orfeo*. Desempolvéina e lina agora, e voulla mandar a del Riego a ver se acha gracia aos seus ollos” (Alonso Girgado *et al.*, 2015: 122).

Por outra parte, expresaba o compromiso de traducir *La sombra de Orfeo* e *El árbol* para o galego se desde o círculo de Galaxia se xulgaba pertinente emprender tal operación: “Poríaas ao galego se mo indicárades” (Carballo Calero, 2006: 182).

Perante a falta de acceso na actualidade ás versións en castelán d’*A sombra de Orfeo* e *A arbre*, non é factible caracterizar plenamente a Carballo Calero na tarefa de se traducir en persoa⁷. Non obstante, pódese avanzar que se trata dun autotradutor *endóxeno*, xa que se moveu entre dúas linguas instaladas nun mesmo territorio, non en espazos diferentes⁸. Tamén é un autotradutor *unidireccional*, máis que *bidireccional*, visto que se transvasou mormente do castelán ao galego, sen reflectir de ordinario o desexo de o facer do galego ao castelán. Un terceiro trazo ciméntase en que practicou basicamente a *infraautotradución*, dado que as súas versións saíron dunha lingua hexemónica, como o castelán, e arribaron a unha lingua minorizada, como o galego⁹.

Ademais, Carballo Calero encarna un autotradutor *consecutivo*, no canto de *simultáneo*, posto que existía unha separación substancial entre os textos de partida e os textos de chegada traspostos por el mesmo¹⁰. Como se verificaba naquela carta a Fernández del Riego antes sinalada, os orixinais en castelán d’*A sombra de Orfeo* e *A arbre* datarían de moito antes das versións en galego. Na introdución de *Catro pezas*, nunha epígrafe co rótulo “Vinte anos despóis”, Carballo Calero fixaba a cronoloxía con meirande exactitude: “Houbo, pois, un ano, o ano 48, en que, na soedade da miña casa de Esteiro,

⁷ De tal forma, carécese dunha base contrastiva fidedigna a fin de delimitar se Carballo Calero actuaba sinxelamente máis como tradutor, cinguíndose a trocar a lingua dos textos, ou como autor, recreando con liberdade en castelán a aparencia das obras en galego, mesmo na esfera da ficción.

⁸ A autotradución é *endóxena* se ten lugar entre idiomas que conviven dentro dun mesmo ámbito estatal. Inversamente, denomínase *esóxena* cando a mudanza de lingua implica que se atravesase unha fronteira real ou ata simbólica (Grutman, 2007).

⁹ Contraponse a *autotradución horizontal*, con idiomas implicados de xerarquía semellante, á *autotradución vertical*, con idiomas en relación desequilibrada. Neste segundo caso, outra dicotomía distingue entre *infraautotradución* e *supraautotradución*, dependendo de se o acto autotradutor é ascendente ou descendente (Grutman, 2011).

¹⁰ Na autotradución *simultánea* actúase ao mesmo tempo na xestación do texto primixenio e do texto autotraducido. De modo antagónico, na autotradución *consecutiva* empréndese o texto autotraducido xa terminado o texto primixenio (Grutman, 1998).

en Ferrol, aínda que cangado de traballo urxente, como decote, tiven azos para argallar, unha tras outra, as tres primeiras unidades desta serie” (Carballo Calero, 1971: 10).

Un trazo derradeiro de Carballo Calero como autotradutor estriba en que desenvolveu a súa faena de maneira *opaca*, non *transparente*. Ou sexa, no texto autotraducido non se anunciaba en ningures que había un texto forxado noutra lingua con antelación¹¹. No preliminar amentado de *Catro pezas*, testemuñábase o proceso de reforma ao que *A sombra de Orfeo* e *A arbre* se suxeitaran, mais sen puntualizar nin minimamente que se escribiran ao primeiro en castelán:

Por suposto, agora, ao reunir os orixinais, téñoos revisado; pero esta revisión redúcese cáxete exclusivamente ao léxico. A linguaxe, pois, das pezas de 1948 aseméllase ao da escrita en 1969 máis que á dos textos publicados polo autor durante os anos en que aquelas se compuxeron (Carballo Calero, 1971: 10-11)¹².

Xa no que concirne á dimensión de Carballo Calero en calidade de tradutor alógrafo, é imprescindible consignar dúas achegas primordialmente¹³. Por un lado, o manual *Breviario antolóxico de la literatura gallega contemporánea*, estampado ao abeiro dunha iniciativa institucional da Real Academia Galega (Carballo Calero, 1966). Ofrecíase nestas páxinas un inventario de textos,

¹¹ A autotradución *opaca* é aquela onde se oculta paratextualmente a existencia antecedente dun texto noutra lingua, polo que se recibe como un orixinal. En cambio, na autotradución *transparente* si se expón que se está diante da versión nunha lingua dun texto escrito noutra lingua (Dasilva, 2011, 2016).

¹² Carballo Calero foi máis benévolo, incorrendo nunha flagrante contradición, con estas autotraducións súas para o galego, onde escondeu o texto de partida, que cos poemas de Luís Pimentel pasados do castelán ao galego. Infírese isto do que lle escribía a Piñeiro o 30 de outubro de 1950: “Que calquer poeta que eu estime bo, chámese Pimentel ou Barros, escriba un libro en galego, seméllame moi ben. Iso non hai que dicilo. [...] Ao que son enteiramente hostil –aínda que cunha hostilidade puramente platónica– é a que circulen como orixinais poemas traducidos” (Alonso Girgado *et al.*, 2015: 131-132).

¹³ Carballo Calero acometeu con frecuencia esporádica versións soltas, como o poema “Elexía”, do francés Reynold Radiguet, divulgado na revista *Resol* (Carballo Calero, 1932). Nunha carta a Piñeiro do 20 de febreiro de 1958, falaba de que trouxera recentemente ao galego un texto de Emily Dickinson, inserido en *Vida Gallega* (Alonso Girgado *et al.*, 2015: 197). Reimunde Noreña (1993) relatou que Carballo Calero lle entregara unha tradución inédita do poema “Song”, de Christina G. Rossetti.

transferidos ao castelán, dos autores máis senlleiros da literatura galega durante a etapa contemporánea. Por outro lado, hai que lembrar a edición crítica *Antología bilingüe* de Castelao, onde se subministraba, para a audiencia española, unha escolma do escritor rianxeiro conformada por mostras do xénero narrativo –*Cousas*, *Retrincos* e *Os dous de sempre*– e d’*Os vellos non deben de namorarse* (Castelao, 1983). É inescusable pór o acento en que estas dúas traducións estaban concibidas cunha finalidade instrumental preponderante, máis que eminentemente estética, como unha sorte de complemento do oficio de Carballo Calero en condición de historiador literario.

Con deseño editorial bilingüe, *Breviario antolóxico de la literatura gallega contemporánea* comportaba unha sólida vontade de sistematización e, ao mesmo tempo, un nítido espírito canonizador. Carballo Calero desvelaba, nun preámbulo conciso, o dobre designio que guiara a empresa:

Para corresponder de algún modo al interés suscitado entre el público español de habla no gallega por la literatura contemporánea en la lengua de Rosalía de Castro y atendiendo al deseo expresado por numerosos profesionales de la enseñanza, que sienten la necesidad de disponer de una selección de textos con traducción castellana y noticia de los autores, la Real Academia Gallega ha tomado el acuerdo de editar las páginas que siguen (1966: 7).

Canto á escolla dos autores, Carballo Calero (1966: 7) declaraba que se acollera ao criterio de elixir voces con libros publicados antes de 1936 e, segundo matizaba, “presentan una obra suficientemente copiosa y madura para que podamos considerarlos clásicos en el ámbito de las letras gallegas”. De acordo con este padrón, o elenco de nomes era o seguinte: Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Curros Enríquez, Antón Noriega Varela, Ramón Cabanillas, Vicente Risco, Castelao, Ramón Otero Pedrayo, Amado Carballo, Manuel Antonio, Fermín Bouza Brey, Eduardo Blanco Amor, Rafael Dieste, Aquilino Iglesia Alvariño e Álvaro Cunqueiro¹⁴. De cada un deles, Carballo Calero (1966: 8) puxera os ollos en “textos característicos”, aínda que

¹⁴ Carballo Calero desculpábase por non incluír autores de menor idade con méritos recoñecidos: “Con posterioridad a la fecha indicada [1936], fueron muchos los que han comenzado su carrera, y entre ellos pudiéramos señalar figuras que se van dibujando con vigoroso relieve; pero lo relativamente reciente de su orto literario nos priva de la indispensable perspectiva para efectuar una selección de los mismos suficientemente justificada” (1966: 7).

circunscribíndose a uns poucos por mor das peculiaridades intrínsecas do libro. Incorporaba notas de presentación individuais dos autores, as cales atesouran un atractivo incuestionable hoxe en día porque ás veces reiteraban xuízos discutibles acerca dalgunhas obras, como *Os Eoas* e *A esmorga*¹⁵.

No escrito introdutorio de *Breviario antolóxico de la literatura gallega contemporánea*, Carballo Calero (1966: 8) facía fincapé de maneira precisa en que a estratexia empregada para traducir os textos se alicerzara esencialmente na literalidade, en razón do formato da edición: “Las traducciones al castellano aspiran solo a facilitar la comprensión de los textos originales. No son, pues, versiones literarias. Son traducciones literales que pueden ayudar a iniciarse en el gallego a los lectores que ignoren este idioma”¹⁶. Deseguido, agregaba que apostara, xa que logo, por facer prevalecer o plano do contido e non tanto os trazos formais, a non ser que estes se visen favorecidos pola proximidade

¹⁵ Como non se descoñece, Carballo Calero sempre se achou distante de albergar unha opinión favorable d’*Os Eoas* (Pondal, 1960; Carballo Calero, 1960, 1975b, 1978b, 1980). Na nota de presentación de Pondal, obstinábase no seu parecer inveterado a propósito da epopea: “Gran parte de su vida la consagró a la redacción de un poema *Os Eoas*, que cantaría el descubrimiento de América, siguiendo el modelo de *Os Lusíadas*. [...] Este empeño, anacrónico por el espíritu con que está concebido, no cuajó en un texto definitivo” (Carballo Calero, 1966: 33). Incluso na nota destinada a Cabanillas, non se resistía a intercalar unha alusión adversa ao poema pondaliano: “Pero Cabanillas poseyó también aliento épico. No a la manera de Pondal, cuyos modelos, Homero, Virgilio, Tasso, Camoens, le condujeron al callejón sin salida de *Os Eoas*. Cabanillas cultivó una poesía narrativa y didáctica más viable [...]” (Carballo Calero, 1966: 62). Algo análogo ocorre con *A esmorga*, obra pouco debatible á que Carballo Calero lle apuxo incansablemente deficiencias ao longo de tres décadas, entre elas a de ser unha simple emulación de *La Chute*, de Albert Camus (Cadaval, 1961; Carballo Calero, 1974, 1975a, 1975b, 1978a, 1982a, 1989). Na nota correspondente a Blanco Amor, banalizaba o argumento da novela e apelaba obsesivamente ao influxo de Camus, algo que por puras razóns cronolóxicas é a todas luces imposible (Dasilva, 2020): “*A esmorga* es una narración puesta en boca de un picapedrero orensano que relata al juez los sucesos de un día de lluvia, turbias juergas y sangrientas pasiones en los bajos fondos de la ciudad. [...] Recuerda, pues, su técnica a otras obras conocidas, como *La chute*, de Camus, para citar un precedente próximo” (Carballo Calero, 1966: 113). En carta a Fernández del Riego do 25 de xaneiro de 1957, Piñeiro aventuraba esta avaliación sobre o talante como crítico de Carballo Calero: “Como todol-os sistemáticos, tende a darlle ós seus xuízos forza de lei ouxetiva”.

¹⁶ Desde un ángulo estritamente técnico, é apropiado definir a *tradución literal* como aquela en que se garda unha fidelidade escrupulosa ao texto de partida, adecuando as súas particularidades morfolóxicas e sintácticas ás normas gramaticais da lingua de chegada (Barbosa, 2004: 65).

das dúas linguas: “Las asonancias inoportunas y los defectos de ritmo que se puedan producir al verter los versos o las prosas, no han sido evitados. Las rimas y la medida de los versos se mantienen o no según las equivalencias de la lengua oficial” (1966: 8)¹⁷.

Un modelo ilustrativo desa primacía semántica obsérvase nos cuartetos do soneto “Musa montaraz”, de Antón Noriega Varela, onde non se detecta acatamento completo á rima nin á medida dos versos:

Para arredala do seu huraño sino
debalde foi que se xuntase o medo
coa imponente mudez do ermo penedo,
coa queixa vaga do armonioso pino.

A musa queiroguenta que me asiste,
da rixidez dos montes está ao cabo,
i ama a flor mareliña, porque é triste,
i a presenza do toxo, porque é bravo... (Carballo Calero,
1966: 58)

Na proposta de tradución imperou, maioritariamente, a arela de transmitir o sentido:

Para apartarla de su huraño destino
en balde fue que se juntase el miedo
con la imponente mudez de yermo peñasco,
con la queja vaga del armonioso pino.

La musa montaraz que me asiste,
de la rigidez de los montes está al cabo,
y ama la flor amarilla, porque es triste,
y la presencia de la aulaga, porque es brava... (Carballo Calero,
1966: 59)

O exame minucioso das versións de *Breviario antolóxico de la literatura gallega contemporánea* permite comprobar, como non podía suceder

¹⁷ Asegurábase que a finalidade básica do libro, antes xa referida, era outra motivación para non privilexiar unha abordaxe que preservase os ingredientes formais: “Un instrumento de trabajo, para ser eficaz, ha de estar libre de adherencias ornamentales que entorpecen su uso por mucho que lo embellezcan” (Carballo Calero, 1966: 8).

doutro xeito, a competencia lingüística e literaria de Carballo Calero¹⁸. Amais diso, salta á vista unha prominente dose de pericia traditolóxica, consecuencia da esforzada entrega coa que se materializou o reto. En carta a Piñeiro do 27 de xaneiro de 1964, o tradutor exteriorizaba esta confianza que deixa patente a súa aplicación concienciada na angueira que estaba a afrontar:

Ando dándolle voltas na cachola á *Gramática*, e vou pouco a pouco perfilando o seu esquema. [...] De momento teño que botar fóra o traballo de antoloxía que me encomendou a Academia. Dáme dabondo que facer coas traducións, que non sempre son doadas (Alonso Girgado *et al.*, 2015: 322-323).

Unha pedra de toque que acredita a valía das versións é o esmerado tratamento conferido aos diminutivos, moito máis complexos en galego ca en castelán, onde se calibrou a procedencia da eliminación ou da conservación en cada caso. Repárese nestes anacos de “Adiós, ríos; adiós, fontes”:

Téñovos, pois que deixar,
hortiña que tanto améi,
fogueiriña do meu lar,
arboriños que prantéi,
fontiña do cabañar (Carballo Calero, 1966: 16)

Os tengo, pues, que dejar,
huerta que tanto amé,
hoguera de mi hogar,
árboles que planté,
fuelle del cabañal (p.17)

Non me olvides, *queridiña*,
si morro de soidás

¹⁸ Non se localizan en xeral desatinos nas versións de Carballo Calero, as cales se alzan como un arquetipo de excelencia. Isto é meritorio porque non teñen sido insólitas, nin moito menos, as traducións deplorables de textos galegos para o castelán. Nun repaso de urxencia, é ineludible evocar, entre outras desfeitas, os tomos *Antología de la poesía gallega contemporánea* (1959), de Ramón González-Alegre, e *Ocho siglos de poesía gallega. Antología bilingüe* (1972), de Carmen Martín Gaité e Andrés Tarazona, denunciados severamente por persoeiros da nosa cultura (Cunqueiro, 1959; Casares, 1972a, 1972b, 1972c).

tantas légoas mar adentro...
¡Miña *casíña*, meu lar! (p.16)

No me olvides, *queridísima*,
si muero de soledades
tantas leguas mar adentro...
¡Mi *casa*, mi hogar! (p.17)

Ou aténdase a estas pasaxes de *Na noite estrelecida*, de Ramón Cabanillas, e “A virxe do Cristal”, de Curros Enríquez:

mainiño, maino, o vento a rosas recendía (Carballo Calero,
1966: 66)

suavisimo, el viento a rosas olía (p.67)

e a *barquiña* envolveita nun claror de luar (p.66)

y la *barca* envuelta en un claror de luna (p.67)

namentres, ¡*coitadiña!*, a nena namorada (p.44)

entre tanto, ¡*cuitada!*, la niña enamorada (p.45)

i está, ¡*miña cousiña!*, xemendo nun rincón (p.44)

y está, ¡*pobrecita!*, gimiendo en un rincón (p.45)

A comezos dos anos 80, Carballo Calero facíase cargo dunha *Antología bilingüe* de Castelao dentro da sección “Clásicos”, pertencente á colección Temas de España do selo editorial Taurus, dirixida por José María Díez Borque. No extenso prólogo describíanse con miudeza as pautas que determinarán a feitura deste novo desafío translatoivo, similares ás de *Breviario antológico de la literatura gallega contemporánea*: “Hemos hecho una traducción lo más literal posible, pero procurando no caer en un castellano agallegado en demasía” (Castelao, 1983: 33). Este período de “Na vellez”, dentro de *Cousas*, é un expresivo paradigma:

Todos, todos, se riron e ninguén se decata con qué delor a vella namorada chamará pol-a morte n’esta noite de inverno (Castelao, 1983: 70).

Todos, todos se rieron, y nadie se da cuenta con qué dolor la vieja enamorada llamará a la muerte en esta noche de invierno (p.71)¹⁹.

¹⁹ Carballo Calero alegaba o degoxo de preservar a cadencia distintiva do texto galego: “El sentido del ritmo, tan vivo en Castelao, le empuja a terminar métricamente este texto, que

Por outra parte, en apartado bibliográfico específico, dábase noticia doutras traducións de textos de Castelao, polo que habería que cualificar as versións de Carballo Calero en puridade de *retraducións* ou, noutras palabras, de versións de textos xa vertidos ao mesmo idioma. Un aspecto ostensible desta edición é xustamente que se descubren fallas doutros produtos traducidos, en especial no referente ao volume *Cuatro obras*, organizado por Xesús Alonso Montero (Castelao, 1974)²⁰. Evidencia clara é o substantivo “tumbo”, no relato “Peito de lobo”:

Jesús Alonso Montero traduce *tumbo* por *túmulo*. *Túmulo* es “sepulcro elevado del suelo” o “armazón de madera, vestida de paños fúnebres, que se erige para la celebración de las exequias o funerales”. No se comprende cómo tal artefacto podría ponerse sobre la cabeza del cabezudo, por muy cabezudo que fuese. *Tumbo* es, en gallego y en castellano, libro antiguo y grande, que por sus dimensiones está tumbado en la estantería o lugar en que se guarda, y en el que se contienen copias de escrituras o privilegios, o inscripciones relativas a una iglesia, monasterio o ciudad (Castelao, 1983: 166).

Outro testemuño reside no verbo “revíase”, da historia “Sabela”:

Escarolábase... revíase: Se esponjaba... se complacia. Sabela recibía con satisfacción burlona los galanteos de los señoritos forasteros, y con sencillez comprensiva y distensión cordial las muestras de admiración de los mozos de su misma condición social. *Reverse* aquí no está usado en la acepción de *mirarse*, como cree don Jesús Alonso Montero (p.166)²¹.

se descompone en cuatro heptasílabos (o dos alejandrinos) y un endecasílabo” (Castelao, 1983: 164).

²⁰ Con relación ás connotacións do sintagma “ese cuspe”, atribuído en *Os vellos non deben de namorarse* ao namorado de Pimpinela, Carballo Calero ratificaba que revisara outras traducións: “La madre de Pimpinela quiere subrayar el hecho de la pobreza del mozo. Jesús Alonso Montero traduce *poca cosa* y Manuel María Fernández Teijeiro *escupitajo*” (Castelao, 1983: 167).

²¹ Alonso Montero modificaría as versións nunha sucesiva edición de *Cuatro obras*: “En esta ocasión reviso, a veces muy a fondo, la traducción de algunas páginas, revisión que, pese a no estar prohibida entonces, fui demorando hasta hoy” (Castelao, 1990: 13). Recíprocamente, desbotaba algunha solución de Carballo Calero: “En el texto de 1934 [de *Retrincos*] existen, probablemente, algunas erratas de imprenta de cierta considera-

Por dicilo sinteticamente, a exploración das versións recollidas en *Antoloxía bilingüe* pon de manifesto, como característica central de Carballo Calero na faceta de tradutor, unha dilatada bagaxe filolóxica²², á parte da súa capacidade empírica como creador literario. Véxase a certa argumentación esgrimida para manter o alcume “Rifante”, marcado ortotipograficamente, no texto de chegada:

Significa, pues, *reñidor*; pero en el texto de Castelao no aparece justificado por el carácter del personaje al que se aplica. O bien Castelao, que seguramente basa su relato en una realidad local, consideró impertinente explicar el mote de su héroe, o más bien el *Rifante* llevaba un sobrenombre heredado, que no definía su conducta o condición, sino la de un antepasado suyo (p.163).

Constátase outro tanto no relativo ao vocábulo “xeito”, da mesma narración “O Rifante”, para o que se manexa unha receita equiparable:

No tiene equivalente en castellano. Es resultado gallego del latín *iactu*, que habría dado *echo* en español central. Acción de echar, tiro, redada. El *xeito* (*jeito*) es una red que se usaba en la ría de Arosa y que no pudo competir con la *traíña* cuando ésta fue introducida, lo que determinó la ruina de los marineros de menos recursos (p.164)²³.

ción, erratas que crean problemas también al traductor. Leemos en “Peito de lobo”: ‘... escoitando o son esviado da música’, que Carballo Calero (1983) traduce ‘escuchando el sonido alejado de la música’, cual si ‘esviado’ fuese una variante del participio ‘desviado’. Lo cierto es que en la versión de 1927 se usa ‘lonxano’. Yo creo que ‘esviado’ está por ‘esvaído’, que traduzco por ‘desmayado’” (Castelao, 1990: 70-71).

²² É esta unha edición que ilumina todos os atrancos que deparan os textos, a diferenza do que acontecía deliberadamente en *Breviario antolóxico de la literatura gallega contemporánea*, onde se avisaba sen rodeos: “Las traducciones aclaran todos los problemas de significado, y las alusiones culturales implicadas ha de solventarlas el lector, pues no estamos haciendo una edición crítica” (Carballo Calero, 1966: 10).

²³ A palabra “xeiteiros” emerxe en “Peito de lobo”, onde se anota con dilixente erudición: “Los pescadores que emplean el *xeito* para capturar la sardina. [...] Las traínas arruinaron, por su superior eficacia, a los que utilizaban el aparejo tradicional. Hoy los pescadores de Rianjo usan el *xeito* para sus capturas dentro de las aguas próximas a su puerto. Los vapores de Ribeira utilizan la traína para la pesca de altura, fuera de la ría” (Castelao, 1983: 165).

Para non caer na prolixidade, unha última demostración pode ser o razoamento en que se sustenta a elección de “recortes”, como equivalencia de “retrincos”:

Si recortamos una figura dibujada en una hoja de papel, lo que resta del papel exterior a la figura son *retrincos*. No hallo en castellano una voz que traduzca exactamente la gallega. *Recorte* puede ser también lo que recortamos, la figura dibujada en el caso propuesto; pero esto no sería *retrinco*. *Residuo, sobrante, raspa, resto, retal* tampoco coinciden enteramente con la voz gallega (p.165).

Polo demais, nesta *Antoloxía bilingüe* exhíbese rigor tradutor, pois Carballo Calero non se restrinxi a copiar meramente as versións elaboradas anos antes para *Breviario antolóxico de la literatura gallega contemporánea*. Polo contrario, repasou estas con ollada crítica co obxecto de as actualizar sempre que fose necesario. Certifícase, por exemplo, na dobre redacción desta parte de “A Marquesiña”:

Le llaman la Marquesita, y sus *piececitos* jamás se calzaron.
Va a la fuente, monda patatas, y le llaman la *Marquesita*
(Carballo Calero, 1966: 83)

Le llaman la Marquesita, y sus *pies de niña* nunca se calzaron.
Va a la fuente, *pela* patatas, y le llaman la *Marquesita*
(Castelao, 1983: 41)

En definitiva, semella conveniente reivindicar as experiencias de Carballo Calero como tradutor de si mesmo e doutros escritores. A pesar de que contan cun peso relativo no conxunto da súa ampla produción, supoñen un corpus valioso que resulta digno de aprecio polo seu respectable nivel. É innegable que significaron soamente incursións ocasionais nun terreo que el non tiña por propio, mais aínda así non é menos certo que translocen algúns dos atributos principais que singularizaban a personalidade do noso autor.

Bibliografía

- Alonso Girgado, Luís *et al.* (eds.) (2015): *Epistolario Ricardo Carballo Calero-Ramón Piñeiro (Historial dun libro)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Barbosa, Heloísa Gonçalves (2004): *Procedimentos Técnicos da Tradução. Uma Nova Proposta*. São Paulo: Pontes editores.
- Cabana, Darío Xohán (2007): *Poetas en Lugo*. Lugo: Concello de Lugo.
- Cadaval, Fernando (1961): “El testimonio del picapedrero”, *Vida Gallega*, 768, p. 58. Reproducido en galego co título “O testemuño do picapedreiro”, *Libros e autores galegos: século XX*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza, 1982, pp. 191-193.
- Carballo Calero, Ricardo (1932): “Elexía, de Reynold Radiguet”, *Resol*, 3, xullo.
- _____ (1952a): “Celtas e Romans Cantan en Galego”, *Galicia*, 25 xullo, pp. 25-27.
- _____ (1952b): “As pitas baixo a choiva”, *Lar*, 224-225, pp. 35 e 64.
- _____ (1952c): “As pitas baixo a choiva”, *Galicia. Revista del Centro Gallego*, 3, p. 22.
- _____ (1959): “Rondel do anxo”, *Ínsula*, 152-153, p. 11.
- _____ (1960): “Os eoas”, *Miscelânea de Estudos a Joaquim de Carvalho*, 4, pp. 406-415.
- _____ (1961): “Epitafio para Aquilino”, *Libros e autores galegos. Século XX*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1982, pp. 257-260.
- _____ (1966): *Breviario antológico de la literatura gallega contemporánea*. Santiago de Compostela: Real Academia Galega.
- _____ (1971): *Catro pezas*. Vigo: Galaxia.
- _____ (1974): “Figuras representativas da literatura galega actual”, *Grial*, 45, pp. 269-279.
- _____ (1975a): “La novela gallega actual”, *Revista de la Universidad Complutense*, XXIV, 99, pp. 59-79.
- _____ (1975b): *Historia da literatura galega contemporánea*. Vigo: Galaxia.
- _____ (1978a): *Prosa galega 2. Dos novecentistas aos nosos días*. Vigo: Galaxia.
- _____ (1978b): “Versos iñorados ou esquecidos de Pondal”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXIII, 41, pp. 296-312.
- _____ (1980): “Camoens e Pondal”, *La Voz de Galicia*, 8 xullo.

- _____ (1982a): “Rafael Dieste no novecentismo”, *Grial*, 78, pp. 401-409. Reproducido en *Letras Galegas*. A Coruña: Associação Galega da Língua, 1984, pp. 279-287.
- _____ (1982b): *A gente da Barreira e outras histórias*. Santiago de Compostela: Follas Novas.
- _____ (1984): *Narrativa completa*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro.
- _____ (1989): “Ensaio sobre narrativa galega de após-guerra”, *Agália*, 20, pp. 419-433.
- _____ (2006): *Epistolario a Fernández del Riego*. Vigo: Galaxia.
- _____ (2008a): *As pitas baixo a choiva*. Ferrol: Embora.
- _____ (2008b): *Las pitas bajo la lluvia*, tradución de Fernando Prado. Ferrol: Embora.
- Casares, Carlos (1972a): “Carta aberta a Alianza Editorial”, *Grial*, 38, pp. 487-490.
- _____ (1972b): “La antoloxía esa”, *La Región*, 2 setembro.
- _____ (1972c): “Una antoloxía ilegible”, *Triunfo*, 529, 18 novembro.
- Castelao, Alfonso R. (1974): *Cuatro obras*, edición de Xesús Alonso Montero. Madrid: Cátedra.
- _____ (1983): *Antoloxía bilingüe*, estudo preliminar, edición, tradución e notas de Ricardo Carballo Calero. Madrid: Taurus.
- _____ (1990): *Cuatro obras*, edición de Xesús Alonso Montero. Madrid: Cátedra.
- Cunqueiro, Álvaro (1959): “La alegre antoloxía”, *La Voz de Galicia*, 10 maio.
- Dasilva, Xosé Manuel (2001-2002): “*A cuestión é non matar as palabras...* (sobre as traizóns de Aquilino Iglesia Alvariño como *traduttore*)”, *Viceversa*, 7-8, pp. 71-108.
- _____ (2002): “Plauto posto en galego”, *Grial*, 155, pp. 559-562.
- _____ (2010): “Ramón Piñeiro e o *Cancioeiro* de Pokorny. Anatomía dun certame de tradución”, *Grial*, 185, pp. 111-123.
- _____ (2011): “La autotradución transparente e a autotradución opaca” en Xosé Manuel Dasilva e Helena Tanqueiro (eds.), *Aproximacións a la autotradución*. Vigo: Academia del Hispanismo, pp. 45-67.
- _____ (2016): “L’opacité de l’autotraduction entre langues asymétriques” en Rainier Grutman e Alessandra Ferraro (eds.), *L’Autotraduction littéraire*. París: Classiques Garnier, pp. 103-118.
- _____ (2020): “Carballo Calero, xuíz d’*A esmorga*”, *Grial*, 227 [no prelo].

- Grutman, Rainier (1998): "Auto-translation" en Mona Baker (ed.), *Routledge Encyclopedia of Translation Studies*. London-New York: Routledge, pp. 17-20.
- _____ (2007): "L'écrivain bilingue et ses publics: une perspective comparatiste" en Axel Gasquet e Modesta Suárez (eds.), *Écrivains multilingues et écritures métisses. L'hospitalité des langues*. Clermont Ferrand: Presses Universitaires Blaise Pascal, pp. 31-50.
- _____ (2011): "Diglosia y autotraducción "vertical" (en y fuera de España)" en Xosé Manuel Dasilva e Helena Tanqueiro (eds.), *Aproximaciones a la autotraducción*. Vigo: Academia del Hispanismo, pp. 69-91.
- Pondal, Eduardo (1960): *Versos iñorados ou esquecidos. Reunidos, prologados e anotados por Ricardo Carballo Calero*. Vigo: Galaxia-Centro de Estudos Fingoy.
- Reimunde Noreña, Ramon (1993): "Christina G. Rossetti. Ricardo Carvalho Calero. Tradução ou paráfrase?" en Aurora Marco (coord.), *Simpósio internacional Muller e Cultura*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 153-160.

A presenza dos géneros narrativos de tradición oral na literatura galega do “Renacemento” segundo Ricardo Carvalho Calero

JOSÉ LUÍS FORNEIRO
(USC)

No século XIX os românticos galegos consideraram a língua autóctone da Galiza como um elemento fundamental na configuración da identidade do seu país e daí que procedessem ao seu cultivo literário, inicialmente, só em verso. É preciso ter em conta que para os escritores oitocentistas em galego era difícil definir a língua que começavam a cultivar, pois o afastamento e, até, a inimizade entre Espanha (incluída a Galiza) e Portugal durante a Idade Moderna, e a identificação em Época Contemporânea duma dada língua com o Estado (no caso espanhol com o castelhano) faziam com que não se soubesse ao certo qual era a relação genética dos falares galegos com as línguas oficiais de Espanha e Portugal. O desconhecimento da poesia medieval galego-portuguesa, que só principiou a ser realmente conhecida na Galiza depois de 1885, e a inexistência de autoridades no âmbito da nova ciência da filologia nascida no século XIX levaram a Ricardo Carvalho Calero, na sua monumental *Historia da Literatura Galega Contemporânea*, a afirmar:

Inicialmente, pois, a literatura galega contemporânea se non apoia en ningunha tradición literaria vernácula, como non sexa na literatura popular, é dicir, no folclore. Os primeiros precursores, xa que logo, tiveron que facer literatura directamente sobre a vida galega, e como precedente literario só tiñan a súa disposición a literatura popular, que eles mesmos comenzaron a recoller. Por iso, cando non se limitaron a imitar os cantares ou os contos do pobo, tiveron que emprestar as formas literarias dos escritores casteláns ou estranxeiros que coñecían (1981: 13).

Anos mais tarde, o noso filólogo exporia essa caracterización dos inícios da literatura galega contemporânea com estas palabras:

Rota a continuidade coa literatura medieval, as letras galegas restauradas no romantismo seródio non se producían nun contorno sociolóxico ajeitado para conducir-se autonomamente por un camiño original. Se a afirmazón regional que aquela restaurazón implicava, inducía os nosos escritores a inspirarse,

na medida possível na literatura tradicional –quer dizer, a literatura popular e folclórica– o certo é que esa medida contabilizava unha soma mui pobre, non porque a nosa literatura oral non fose rica en si, mas porque, de todos os jeitos, ofrecería as limitazóns propias do género, e non podía ser fonte exclusiva de inspiración de unha literatura culta que aspirava a ser urbana e omnipresente na sua mentalidade e extensión (Carvalho, 1992: 256).

Desta maneira, Carvalho estabeleceu quais foram os fundamentos da literatura galega que ele denominou como “renacentista”, a que decorreu durante o século XIX e nos primeiros anos do século XX. A seguir, realizaremos o levantamento, salvo erro, dos autores citados por D. Ricardo na sua grande obra que empregaram o metro do romance ou recriaram lendas e contos inspirados na cultura popular, isto é, que recorreram aos três géneros narrativos da tradição oral das línguas ibero-românicas. Mas antes disso consideramos oportuno lembrar a caracterização do especialista no romantismo espanhol, Leonardo Romero Tobar, sobre como os escritores românticos podiam incorporar a cultura popular aos seus textos para saber como os literatos galegos do *Rexurdimento* beberam da cultura popular da Galiza:

En cualquiera de los textos del XIX que registran ecos o manifestaciones de la cultura popular cabe preguntarse si el escritor recoge directamente de la tradición folclórica o si lo hace de la previa tradición literaria y de las elaboraciones de su taller particular [...] debe distinguirse entre los textos que incorporan material folclórico directo y los que trabajan sobre esquemas que podrían ser reducidos a esquemas folclóricos estandarizados (1994: 141 e 150).

Ou seja, diferenciava entre obras fundamentadas nos textos literários populares e obras baseadas num *costumbrismo* superficial, em informações recolhidas doutros literatos ou mesmo em invenções.

A Lenda

De acordo com Romero Tobar (1994: 141) *leyenda*, que significava “narración ficticia” para os românticos, converteu-se, para os primeiros folcloristas, “num relato escrito que procede de alguma tradição popular”, e acabou por significar “relato fantástico da tradição oral”. A partir de meados

do século XIX, talvez por influência dos modelos ingleses, a *leyenda* vai ficar associada a “tradições” e nesta altura vão ser publicados vários livros de lendas andaluzas e bascas, nos quais é difícil separar o culto do popular. Devemos indicar que grandes escritores do romantismo espanhol como o Duque de Rivas, Zorrilla, Fernán Caballero ou Bécquer compuseram lendas em prosa ou verso (Caro, 1997).

Na literatura espanhola do século XIX encontramos lendas que recolhem não só de tradições de origem religiosa e popular mas também de repertórios profanos ligados a episódios históricos de afastadas épocas. A literatura galega daquela altura também apresenta estes dois grupos. Como lendas religiosas, podemos citar *A Virxe do Cristal* (1877) de Manuel Curros Enríquez (Carballo, 1981: 372), *Santa Eufemia* (composta em cinco romances) de Juan Antonio Saco y Arce publicada em 1878 (1981: 113), *A Virxe de Aránzazu*, incluída no livro *Mesa revuelta. Ensayos literarios* (1883) de Juan Barcia Caballero (1981: 424), e *O puzo do barco* do lexicógrafo Eladio Rodríguez González, –dentro do livro de poesia *Folerpas* (1894)–, que segue o modelo de *A Virxe do Cristal* (1981: 489).

Mais numerosas foram as lendas de assunto histórico-cavaleiresco como *Afrenta, daga e venera* (1883) de Benito Losada, lenda zorrillesca em metro romance baseada numa falsa base popular (pois foi supostamente transmitida pela avó do autor) (1981: 412); Alberto García Ferreiro publicou o poema *Leenda de groria* sobre a resistência da cidade da Corunha aos ataques do pirata Drake em 1589 (1981: 448); Manuel Díaz Spuch viu premiada a sua lenda *O derradeiro trovador* nos Jogos Frorais de Tui (1891) (1981: 507); Aureliano Pereira n’ *A cova da serpe* (1891) tratava nobre a família dos Gaioso, lenda muito dependente de modelos como Curros, Zorrilla, Campoamor, Espronceda e Victor Hugo (1981: 440); Galo Salinas no seu péssimo poema, segundo Ricardo Carvalho Calero, *¡Lenda de horrorre!* (1894) tratava da vida do conde de Monforte em tempos de Afonso X (1981: 427); Manuel Núñez González compôs *A namorada cautiva* antes de 1895 (1981: 490); Evaristo Martelo y Paumán ocupava-se do seu antepassado, o galego conde de Ourém, servidor do rei português Dom Fernando em *Andeiro* (1898) (1981: 432); o celtómano Francisco Tettamancy também participou neste género com a lenda *Diego de Samboulo* (1903), inspirada numa notícia histórica do século XV relativa ao poderoso nobre de Betanços Pedro Fernández de Andrade

(1981: 438); Florencio Baamonde Lores publicou em 1908 *Fernando de Xinzo*, lenda romântica –baseada no nobiliário do século XVI de Vasco Daponte– sobre as lutas medievais dos Moscosos contra o arcebispo de Santiago (1981: 474).

O Romanceiro

Tal como se passa com a lenda, o romance, isto é, a poesia narrativa expressa normalmente em versos de sete sílabas (segundo a contagem métrica da língua portuguesa, oito conforme a da espanhola), também apresenta na literatura galega contemporânea uma clara dependência dos modelos castelhanos, como veremos a seguir.

A poesia narrativa teve um grande sucesso nas literaturas europeias do século XIX porque integrava a natureza diegética (narrador omnisciente) da épica, a detenção efrástica (descrição escrita de imagens pictóricas) dos poemas descritivos, a mímese do diálogo teatral e expressão nua da lírica, ou seja, permitia um dos objectivos do romantismo: diluir a rígida diferenciação entre géneros que prescrevia a tradição clássica (Romero, 1994: 198); destarte, os romances substituíram as formas poéticas clássicas (eclógas, sonetos, elegias, epístolas) e muitos deles eram de tema mourisco como correspondia ao gosto romântico pelo oriental. Nos princípios do século XIX os mais conceituados filólogos de língua alemã (Grimm, Diez, Depping, Wolf e Hofmann) tinham começado a edição de coleções romancísticas que logo foram traduzidas pelos hispanistas ingleses e franceses, mas foi a grande edição de romances dos *Siglos de Oro* em quatro volumes publicada por Agustín Durán entre 1828 e 1832 a que serviu os escritores espanhóis para conhecer este fecundo território da literatura espanhola. Assim, o romance foi considerado pelos românticos como a forma poética que melhor se adequava na Espanha aos propósitos do poema narrativo, porque segundo manifestava um anónimo escritor em 1833: “ningún género de poesía se adapta como el romancero a la índole de nuestra lengua y al carácter de los habitantes de ese hermoso suelo” (Romero, 1994: 199-200).

Por outro lado, as recolhas do género romancístico em territórios de língua castelhana no século XIX foram escassas ou tiveram pobres resultados, facto que fez com que os ricos romanceiros coligidos naquela altura em terras portuguesas e catalãs servissem para marcar diferenças identitárias

a respeito de Castela, terra onde nascera este género literário na Idade Média. Na Galiza o pobre resultado das primeiras recolhas dos romances tradicionais levou a Manuel Murguía em 1865 a afirmar que este género, de origens medievais castelhanas, era mal conhecido em terras galegas. No entanto, anos mais tarde, Murguía mudaria de opinião, e esta mudança provavelmente se devesse a que segundo ele a Galiza era um país celta e, portanto, não podia carecer dum género literário popular como a poesia narrativa tradicional que tinha jogado um importante papel no romantismo bretão e escocês. Além disso, os descobrimentos de um rico romanceiro em terras portuguesas, nomeadamente do norte, durante todo o século XIX também deviam pressupor a riqueza do género em território galego, pois, conforme D. Manuel, Portugal era filho da Galiza. Desta nova perspectiva, Murguía chegou a assumir a presença do romanceiro castelhano em terras galegas, mas, ao tempo que defendia a existência duma balada mais antiga de origem celta e germânica, para cuja defesa não hesitou em criar textos falsos sem nenhuma base tradicional. De qualquer modo, o primeiro presidente da Real Academia Galega, bem como outros intelectuais galegos da sua época, não coligiu muitos romances da tradição oral da Galiza, e estes poucos textos mal viram a lume durante o século XIX, de maneira que não puderam ser a base dos romances dos escritores oitocentistas em língua galega (Forneiro, 2000: 29-65; 2001: 169-188).

Na literatura galega do século XIX nem poucos dos autores mais significativos tentaram inspirar-se no estilo poético do povo como, por exemplo, Marcial Valladares (1821-1903) em *Vilancosta. Cántigas* (Carballo, 1981: 91), igualmente alguns imitaram os cegos que cantavam e vendiam literatura de cordel pelas cidades, vilas e aldeias do país como Xosé Manuel Pintos na foliada sétima de *A gaita gallega* (1853), onde encontramos o canto de um cego com a sanfona sobre a cadeia de Pontevedra (1981: 76 e 78); também Antonio de la Iglésia compôs *um romance ao estilo dos cegos, A vida da Reina* (1981: 102), e do mesmo estilo era o livro *A musa das aldeas* (1890) de Valentín Lamas Carvajal, pois, segundo Carvalho Calero, as suas composições, “son pouco máis que romances de cego” (1981: 409). Por outro lado, a irmã do poeta Francisco Añón, Nicolasa Añón, poeta em “cobras oitosilábicas, é dicir na forma máis habitual do noso cancionero aldeán”, era para D. Ricardo verdadeira poesia popular simplesmente assinada, “unha realización auténtica perante os ensaios de imitación eruditos” (1981: 86).

Quanto aos três poetas do “renascimento pleno”, Rosalía, Curros e Pondal, a presença ou ausência do metro do romance é bastante significativa da relação destes autores com a literatura popular, pois o verso heptassilábico é o verso por excelência da lírica popular em galego-português e em espanhol. A respeito da métrica dos *Cantares Gallegos* (1862) de Rosalía de Castro, Carvalho apontava: “Romances de octosílabos. É a forma preponderante” e regista 16 poemas dessa obra (Carballo, 1981: 178); além disso, segundo D. Ricardo, o poema “XXVI é a transposición galega do vello romance en que dialogan o reiseñor e a rula” (1981: 168). Manuel Curros Enríquez deu forma ao seu poema descritivo de ambiente popular *Unha boda en Einibó* em três romances (1981: 367), e no que diz respeito à obra de Pondal, o maior poeta aristocrático da literatura galega do século XIX, Carvalho não indica o uso do romance ou outras formas da poesia tradicional.

Na literatura espanhola do século XIX o romance foi empregue nos textos de feitio narrativo (castiços, históricos, lendários), nos textos líricos e nas poesias de propaganda política e nacionalista (Romero, 1994: 202), e estes usos também podemos achá-los nas letras galegas desse século. Já vimos antes como o romance foi empregue em lendas como *Santa Eufemia* de Xoán Antonio Saco e Arce ou *Afrenta, daga e venera* de Benito Losada. E alguns dos primeiros textos de assunto político foram romances, como o romance anónimo (1808) sobre a resistência ao invasor francês (Carballo, 1981: 31) ou o romance (1813) de ideias liberais escrito pelo padre Manuel Pardo de Andrade (1981: 39). No primeiro livro composto maioritariamente em língua galega, *A Gaita Gallega* (1853), de Xoán Manuel Pintos, a segunda parte (“segunda foliada”) é um romance social sobre a dureza da vida do emigrante (1981: 76). Francisco de la Iglesia publicou, no *Álbum de la Caridad* (1862), os romances “à antiga” *O Paso da Porta Santa* e *A armadura do Cid na catedral de Santiago* (1981: 104). Na *Colección de poesías gallegas de diferentes autores* reunida por José Casal Lois (tomo 1º, 1865) estão incluídos oito romances do ferrolano Domingo Díaz Robles (1981: 83). Quadro da vida popular é *A romeira* (1886), dividido por três romances de mais de quinhentos versos escrito por José Bieito Amado (1981: 95). Romance de circunstância é o publicado no *Álbum de la Caridad* por José López Muñiz, dedicado a uma senhora emigrada em Cuba no aniversário dela, de 1850 (1981: 125). Manuel Martínez González escreveu o romance satírico *Señor don Felipe Ruzo* (1889) e igualmente o romance cavaleiresco *Rodrigo*

Gómez (1883) (1981: 451-452), também desta temática o historiador Benito Vicetto (1824-1878) compôs um dedicado à família nobre dos Montenegro (1981: 117). E de velhos assuntos históricos são a *Cantiga dos Borboninhos*, de suposta origem popular sobre uns rapazes jograis da Idade Média, que Vicetto incluiu na *novela* histórica *El lago de la Limia* (1861) (1981: 117)¹, ou o romance de *Boicentril* (1914), de Francisco Tettamancy, onde o druida desse nome profetiza a derrota dos celtas galegos por raças invasoras (1981: 438). Outros autores (alguns deles no *Álbum de la Caridad*) dedicaram composições romancísticas a personagens ou factos notáveis como Manuel Fernández Magariños, que publicou nas décadas de 1850 e 1860 vários romances dedicados a personagens da família real espanhola, francesa e italiana, bem como aos liberais ou aos caminhos de ferro (1981: 124-125), na mesma linha o poeta Romualdo Casal dedicou um romance, *Noraboa*, a personagens da família real que visitaram Ferrol em 1858 (1981: 125); de 1866 é o romance de Santiago Montenegro e Vilamar *Canto gallego à fragata Branca na sua entrada no Ferrol* (1981: 126); e o diálogo em romance dedicado ao bispo de Badajoz em excelente galego popular composto em Lugo em 1854 (1981: 126). Por outro lado, o humor *enxebre* esteve presente em romances de Andrés Muruais (1851-1882), *Unha de paus* ou *O bautizo* (1981: 458), e de Arturo Vázquez Núñez, *Conto gallego* publicado no *Tío Marcos da Portela* (1981: 459). Finalmente, devemos indicar que Carvalho Calero apontou a condição apócrifa de três romances que Antonio de la Iglesia incluiu em *El Idioma Gallego: Canción de Oureana, Poema da Cava, Romance do Figueiral* (1981: 102-103).

O Conto

Em meados do século XIX começam a ser publicados nalgumas revistas espanholas (*Semanario Pintoresco Español, El Museo Universal. Banco y Negro*, etc.) contos tirados da tradição oral. Na Galiza haveria que esperar alguns anos para que os contos tradicionais fossem publicados na imprensa, e assim a partir da década de 1870 as revistas –*El Heraldo Gallego* (1874-1880), *O Tío Marcos da Portela* (1887-1917), *Galicia Humorística* (1888) e

¹ A falsidade deste texto já foi denunciada por Xoán Antonio Saco e Arce antes de 1881, no entanto, o professor de literatura galega na Universidade da Corunha Xulio Pardo de Neyra (2003: 29-38) acreditou nas suas origens populares.

A Monteiro (1889-1890) incluíram essas narrativas nas suas páginas (Noia, 2002). No último terço do século XIX começa na Espanha (inicialmente na Andaluzia, Estremadura e Catalunha) o interesse pelo conto de uma perspectiva folclórica. Nessa altura salientam na recolha de contos tradicionais em terras galegas estudiosos como Marcial Valladares, que publicou 15 contos (oito em galego e sete em castelhano) entre 1884 e 1888 em diversas publicações periódicas (Noia, 2002: 45), e os irmãos De la Iglesia, Francisco e Antonio, também membros da sociedade *El Folk-Lore Gallego*, que deram a lume contos obtidos do acervo oral em revistas e no volume III de *El idioma gallego*, (1886) da autoria de Antonio de la Iglesia (Noia, 2002: 44). Pela sua parte, o padre e gramático Saco y Arce publicou em 1880, um ano antes da sua morte, um interessante artigo sobre os contos populares, e os 22 que obteve na sua recolha da literatura tradicional da Galiza ficaram inéditos mais de um século. A razão principal por que Ricardo Carvalho Calero publicou em 1963 o livro *Contos populares da provincia de Lugo* foi por causa da ausência de colectâneas desse género na cultura galega contemporânea à diferença do cancionero popular (Carballo, 1963: 8); a isto devemos acrescentar que a primeira coleção de lendas tradicionais galegas foi a publicada por Leandro Carré Alvarellos em 1969, lendas, muitas delas, manipuladas pelo autor ou de origem culta (González, 1983: 10).

D. Ricardo não deu constância da edição destes contos folclóricos que acabámos de referir, no entanto, na sua *Historia* podemos encontrar as seguintes referências relativas à recriação de contos da tradição oral pelos escritores galegos do *Rexurdimento*. Assim, a própria Rosalía de Castro reelaborou nos seus *Cantares gallegos* (1862) um par de contos, conforme Carvalho: o poema XXXVII, de grande realismo, pareceria inspirado num conto popular sobre bêbados (Carvalho, 1981: 167) e o XXV, “o poema é un conto popular fluidamente versificado” (1981: 172); por outro lado, foi publicada postumamente (1923) a narrativa em castelhano de Rosalía *Conto gallego* que “debe fundarse nun apólogo folclórico” (1981: 226-227). De inspiração folclórica mas passada por autores da literatura espanhola dos séculos anteriores são as fábulas presentes na *Gramática* (1864) de Francisco Mirás (1981: 97-98). O já citado José Pérez Ballesteros em *Versos en dialecto gallego* (1878) publica uma versão do apólogo do velho, a criança e a burra, difundido internacionalmente e conhecido no âmbito hispânico graças, sobretudo, a *El Conde Lucanor* (1981: 110). Valentín Lamas Carvajal, que

nas publicações que dirigiu (*El Herald Gallego e O Tio Marcos da Portela*), deu à luz contos recolhidos por Valladares ou Antonio de la Iglesia, em *Gallegada, tradicións, costumes e contos da terriña* (1887) recriou um conto indiano presente na literatura de Tirso de Molina (*Los tres maridos burlados*) (1981: 410).

No período final e dos “epígonos” do *Rexurdimento* galego salientam três escritores como autores de narrativas populares. Heraclio Pérez Placer que junto a contos de tipo costumbrista ou naturalista incluía algumas lendas românticas de influência becqueriana nas suas obras publicadas na década de 1890: *Contos, lendas e tradicións* (1891), *Contos da terriña* (1895) e *Veira do lar* (1905) (Carballo, 1981: 492-493). Uxío Carré Aldao tinha especial facilidade para inventar narrativas de base folclórica como se pode comprovar em *Contos da Forxa* (1919) (1981: 446). Por seu lado, as narrativas de Enrique Labarta Posse nos seus *Contos humorísticos* (1929) eram, segundo Carvalho Calero, “eminentemente populares” (1981: 478). No entanto, para a professora Camiño Noia os contos destes três autores, como, por exemplo, também os de Lamas Carvajal, Manuel García Barros, Xan María López, entre outros, eram “contos populares de autor”, ou seja, “relatos costumistas”, quadros de costumes e de tipos populares (Noia, 2002: 48-49).

Após este levantamento das obras referidas por Ricardo Carvalho Calero na sua *Historia da Literatura Galega Contemporánea* podemos concluir que os géneros da narrativa tradicional tiveram uma presença bastante limitada nas obras produzidas em língua galega desde os inícios do século XIX até ao denominado pelo nosso autor “O Postrenascimento”. Na verdade, não podia ser doutro modo, uma vez que as recolhidas da literatura popular galega foram bastante pobres durante o século XIX e nem poucos dos seus materiais ficaram inéditos durante décadas e, nalguns casos, ainda o estão. Além disso, haveria que esperar até às primeiras décadas do século XX para obter ricas coleções de literatura tradicional, nomeadamente de romances.

Apesar disto tudo, a ideia que prevalece a respeito das fontes da literatura galega do século XIX e dos inícios do século XX é que esta alicerçou boa parte da sua produção na literatura das classes populares da Galiza, por terem sido estas as que mantiveram secularmente a língua autóctone. Em nossa opinião, esta tese baseia-se no facto de duas obras muito representativas de dois dos três grandes escritores oitocentistas em

galego terem a sua inspiração em géneros da literatura oral como a cantiga heptassilábica e o conto no caso dos *Cantares Gallegos* de Rosalia de Castro (além do retrato da vida das classes populares) e a lenda em *A Virxe do Cristal* de Manuel Curros Enríquez; de qualquer modo, ambos os autores seguiram os modelos dos escritores românticos espanhóis Antonio de Trueba e de José Zorrilla (Carballo, 1981: 159 e 372): E esta ideia vê-se complementada pela caracterização que, com maior ou menor sucesso, fizeram muitos autores do *Rexurdimento* galego nas suas obras dos camponeses e, em geral, das camadas populares da Galiza.

Mas, como vimos no nosso levantamento, a maioria dos assuntos das lendas careciam de base popular e no que diz respeito ao romanceiro tradicional a presença deste género limitou-se ao uso do verso heptassilábico (o mais frequente na poesia popular em galego-português e espanhol), que igualmente foi empregue na composição das lendas para lhes dar um feitiço mais popular e arcaico. Na realidade, estes dois géneros seguiram antes os modelos dos escritores oitocentistas espanhóis que os textos recolhidos das classes mais baixas da Galiza. Quanto ao conto tradicional, este esteve praticamente fora do campo da inspiração dos literatos galegos, talvez devido a que o *Rexurdimento* galego foi essencialmente poético (de facto, como vimos antes, alguns contos populares foram versificados), de maneira que a prosa em língua galega teve que esperar a ser cultivada de maneira massiva no século XX. No entanto, mais tarde, o conto converteu-se no género narrativo por excelência da literatura galega, assim, nas últimas décadas do século XIX e nas primeiras do seguinte século salientaram os referidos “contos populares de autor” e, na segunda metade do século XX, Álvaro Cunqueiro e Ánxel Fole também recorreram, de maneira magistral, às técnicas próprias do conto popular, ao humor e ao retrato das gentes comuns do país, mas, do mesmo modo que os seus antecedentes, raramente recriaram os contos vivos na cultura oral da Galiza.

Em definitiva, podemos concluir que a presença da literatura popular, e mais concretamente dos géneros narrativos, na literatura galega do *Rexurdimento* foi bem escassa. A literatura espanhola do século XIX não só foi o modelo dos escritores galegos da época quanto às novas correntes literárias mais propriamente urbanas e letradas, mas também no que diz respeito ao emprego da literatura de tradição oral e do retrato dos populares do país.

Bibliografía

- Carballo Calero, Ricardo (1963): *Contos populares da provincia de Lugo*. Vigo: Galaxia.
- _____ (1981): *Historia da literatura galega contemporánea*. Vigo: Galaxia.
- _____ (1992): “Tradición e vulgarización na literatura popular”, *Umha voz na Galiza. Artigos de jornal (1933-1989)*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, pp. 91-97.
- Caro Baroja, Julio (1997): “Leyenda” em Joaquín Álvarez Barrientos e María José Rodríguez Sánchez de León (eds.), *Diccionario de Literatura Popular Española*. Madrid: Ediciones Colegio de España.
- Forneiro, José Luís (2000): *El romancero tradicional de Galicia: una poesía entre dos lenguas*. Gipuzkoa: Sendoa.
- _____ (2001): “Mais textos para a produción de Murguia em língua galega: o seu romancero apócrifo” em VV. AA., *Congreso sobre Manuel Murguia*. Santiago de Compostela: Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia, pp. 169-188.
- González Reboredo, Xosé Manuel (1983): *Lendas Galegas de Tradición Oral*. Vigo: Galaxia.
- Noia Campos, Camiño (2002): *Contos galegos de tradición oral*. Vigo: Nigratrea.
- Pardo de Neyra, Xulio (2003): “Benito Vicetto na lírica do rexurdimento”, *Boletín Galego de Literatura*, 29, 1º semestre, pp. 29-38.
- Romero Tobar, Leonardo (1994): *Panorama crítico del romanticismo español*. Madrid: Castalia.

Escritas

O epistolario

Ricardo Carballo Calero-Francisco Fernández del Riego

LUÍS ALONSO GIRGADO
(CRPIH)

ÁNXELA LEMA PARÍS
(CRPIH)

Presentación

En 2004 o Centro Ramón Piñeiro publicaba un volume con medio cento de cartas que Ramón Piñeiro escribira a Ricardo Carballo Calero entre 1950 e 1977. O epistolario non estaba completo, pois deste último, destinatario das cartas, non tiñamos as respostas a Ramón Piñeiro. No limiar do libro faciamos unha breve análise daquel material epistolar que tiña non pouco de crónica da vida literaria e cultural de Galicia nas décadas dos cincuenta e sesenta da dura e escura posguerra con datos precisos e significativos.

No ano 2015 volviamos, agora cun *corpus* moito máis amplo –máis de duascentas cartas–, ao mesmo asunto, esta vez coas respostas de Carballo Calero ao seu amigo lugués, cabeza visible daquela Galaxia que, fundada en 1950, daba os seus primeiros pasos entre carencias económicas, problemas de censura e necesidade de recuperar os moitos anos perdidos para as nosas letras e o noso desenvolvemento cultural. O fundamental desta segunda recompilación era que estaba centrada na xénese, avatares e desenvolvemento dun libro escrito polo profesor ferrolán: unha panorámica histórica da literatura galega que ía de 1808 a 1936 e que marcou un verdadeiro fito no ámbito crítico e historiográfico da nosa literatura. Libro despois titulado *Historia da literatura galega contemporánea* e que ocupa un lugar de privilexio entre o conxunto da obra escrituraria do seu autor. A primeira edición é de 1963; a segunda, de 1975; a de 1981 –a terceira– foi escrupulosamente “retocada” ou revisada.

Unha vez máis –pura teimosía– retornamos á temática, agora co gallo da designación de Carballo Calero como figura homenaxeada no Día das Letras do presente 2020, neste caso tamén dende a colaboración do Centro Ramón Piñeiro para evocar a importante figura do profesor ferrolán que coñeceu pasados tempos de marxinación pola decisión de alterar a súa praxe na escrita pola canle chamada lusista ou reintegracionista, circunstancia

que provocou enfrontamentos, liortas e problemas diversos nos terreos do ensino, dos estudos filolóxicos, na escrita cotiá etc. A situación dista de estar resolta aínda hoxe.

Presentamos agora, neste feixe de cartas (vinte en total) que escolmamos dun total de máis de duascenas de curta extensión (polo xeral e de tipo informativo-bibliográfico) as misivas que, dende Galaxia, enviou Francisco Fernández del Riego a Carballo Calero ao longo do proceso de elaboración da citada familiarmente como “a Historia”, proceso no que don Paco exerceu como fornecedor da bibliografía que solicitaba, un día si e outro tamén, (exhaustivo como sempre quixo ser, autoesixente radical) don Ricardo, que enviaba as páxinas autógrafas para que don Paco, encargado por Ramón Piñeiro, colmase as apetencias de fontes textuais que os capítulos do libro –Pondal, Rosalía, Otero Pedrayo e tantos outros– do profesor de Fingoy, que ben cedo pasou de Ferrol á capital luguesa como profesor e logo director do citado colexio, significativamente galeguista. Constatará o lector que neste *corpus* seleccionado hai textos autógrafos e mecanoscritos; que os máis abondosos pertencen aos anos cincuenta e sesenta; que comezan en castelán para despois, e a petición do mecanógrafo, pasar a utilizar o galego; que, en fin, desfilan polas cartas informacións de novidades literarias, de primeiras publicacións de Galaxia, de envío de artigos de prensa (a *La noche*, a *El Progreso*, ao *Faro de Vigo*) de ben coñecidos escritores, empezando por Fernández del Riego e Carballo Calero para seguir por Otero Pedrayo, Á. Fole, Xosé M^a Álvarez Blázquez, Cunqueiro e outros. Son frecuentes as solicitudes de cartos, ben polos artigos en xornais e revistas, ben por dereitos de autor no caso dos libros; todo, revelador da precaria economía na que vivía o país, feito que acusaba tamén Galaxia.

Debe constar aquí que en 2006 Galaxia publicaba un groso volume¹ coas cartas de Carballo Calero a Fernández del Riego. Xa que logo, esta breve selección epistolar nosa, representa un complemento, sequera parcial, do *corpus* aparecido nese 2006, pois son as respostas de Fernández del Riego –non todas, claro está– a quen foi o seu interlocutor e colaborador, chegando a pasar a máquina e corrixir erros dos escritos autógrafos de Carballo Calero.

¹ Vid.: Dolores Vilavedra e Montserrat Pena, *Ricardo Carballo Calero. Epistolario a Fernández del Riego*. Vigo: Galaxia, 2006.

Dedúcese destas cartas o respecto e alta consideración intelectual que don Ricardo tiña a ollos do seu axudante e colega de Galaxia que, afogado polo infernal horario de traballo na editorial, fíxose cargo de ter ao día a don Ricardo das novas que día a día xurdían en Galicia arredor da vida cultural, literaria e lingüística que Galaxia impulsaba e promocionaba. Labor escura e aparentemente irrelevante a que, con evidente sacrificio persoal, desenvolveu Fernández del Riego.

A *Gramática elemental del gallego común* (1966), os *Contos populares da provincia de Lugo* (1963), a novela *A xente da barreira* (1951), os estudos de *Sete poetas galegos* (1955), a edición da *Obra poética completa* de Cabanillas, patrocinada polo Centro Gallego de Buenos Aires (1959) e a xa referida *Historia da literatura galega (1808-1936)* (1963, 1ª edición) andan por estas páxinas nas que tamén aparecen a Editorial de los Bibliófilos Gallegos, de Santiago; a aparición dos cadernos *Grial*; a creación da colección “Salnés” en Galaxia; os contactos cos galegos da Arxentina; a estratexia para nomear candidatos galeguistas á RAG ou o importante *Suplemento dos sábados de La Noche*, de duración efémera, elaborado en Vigo baixo a dirección de Fernández del Riego, que deixou nestas súas cartas un persoal e valioso testemuño.

Cartas

I

Vigo
5-dic.
1948

Sr. D. Ricardo Carballo Calero
El Ferrol

Mi querido amigo:

Acuso recibo de tu carta del día 25. El trabajo que me enviaste llegó, debidamente, a su destino. Está en turno para ser leído. Sin embargo, a pesar de lo que dices, su lectura durará cerca de los quince minutos, según me indican. Tal vez sea debido a que el recitado lo hagan allí con más calma de la que tú empleaste al calcularlo. Pero, en fin, esto no tiene mayor importancia. Ya te avisarán, en tiempo, cuando se vaya a radiar.

Mi labor en la Antología, no está todavía terminada. Calculo que hacia primeiros de año la finalizaré. Es cosa muy pesada ir repasando una por una todas las composiciones poéticas. Además, la búsqueda del pensamiento sobre la poesía en los poetas muertos, lleva su tiempo. Por otra parte, aún me faltan algunas informaciones de América. Si añades a esto el trabajo verdaderamente aplastante que pesa sobre mí, te darás cuenta de las causas de mi lentitud en una tarea que he de realizar en ratos perdidos.

Al parecer, en febrero publicará Augusto Casas² en una Editorial Catalana, una Antología de la lírica gallega, sistematizada por paisajes. Estoy deseando verla, para apreciar las posibles coincidencias con la mía³.

No sé si sabrás que la “Editorial de Bibliófilos gallegos ‘S.A.’”, de la que es secretario Filgueira y gerente Cordero Carrete, está imprimiendo las poesías de Cabanillas, y la “Descripción del Reino de Galicia” del Licenciado Molina. Además, convocó un concurso para la novela gallega, por la lengua, el tema o el autor, con un importante premio.

¿Qué es de tu vida? ¿Haces labor literaria? Me agradecería mucho saber cuáles son tus proyectos.

Recibe el cordial abrazo de siempre, de

FdelR

II

FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO
ABOGADO PROGRESO, 29
VIGO 25/set-49
TELÉFONO 1815

Mi querido amigo: Ya me he enterado de quién es Fernando Cadaval⁴. Me alegra extraordinariamente tu incorporación a la labor divulgadora.

² Non temos constancia desta publicación.

³ Trátase da *Escolma de poesía galega IV. Os contemporáneos*, do mesmo Fernández del Riego, publicada por Galaxia en 1955 con notable retraso.

⁴ Por estes anos empregaba Carballo Calero, especialmente en traballos de prensa escritos en castelán, o pseudónimo de Fernando Cadaval, relacionado coa súa dona, María Ignacia Ramos, que nacera no pobo lugués de Cádavo, na Fonsagrada. Pola súa parte, Fernández

Te escribo muy de prisa, con un solo propósito. Días pasados estuvimos Isla Couto y yo en Santiago, reclamados por el Director de “La Noche”. Pretenden publicar un suplemento semanal, de ocho páginas, dedicado a Galicia. En términos generales, abarcará los siguientes aspectos: Letras, artes, espíritu. Vida y economía. Descubrimiento de Galicia (historia, paisaje, las ciudades). Índice de actividades y de publicaciones. Encuesta y polémica, etc. Las colaboraciones, aunque poco, van a pagarlas. Dentro de los aspectos mencionados, ¿podrías mandarme una cosa cuanto antes? Recibe un cordial abrazo, de

FdelR

III

Vigo
6-feb.
1950

Mi querido amigo:

Acabo de llegar de Santiago, a donde fuimos todos en una mañana impresionante de lluvia y vendaval. Aquí me encontré con tu carta, y el artículo titulado “Claridad”.

Tengo que darte la noticia de la desaparición, por lo menos momentánea, del Suplemento⁵. Lo que no me explico, es como pudo durar tanto. Sin embargo, seguiré enviando semanalmente el mismo original y lo irán distribuyendo en los números diarios del periódico, así como en una página de economía y literatura que aparecerá los sábados. Veremos lo que sale.

Por correo aparte te enví el número del Suplemento que te faltaba, y el número de “La Noche” del viernes, en el que se publicó un artículo tuyo.

Un fuerte abrazo, de

FdelR

del Riego empregou o de Salvador Lorenzana en lembranza do seu pobo natal, Vilanova de Lourenzá, tamén en terras de Lugo.

⁵ Véxase a edición facsimilar do mesmo publicada polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Santiago de Compostela, 29 xaneiro de 1950.

IV

Vigo
25-abril
1950

Mi querido amigo:

Supongo que estarás satisfecho con el resultado del concurso de novela⁶. La cosa fué un poco laboriosa, pero lo principal es que haya salido adelante. El idioma y el estilo son magníficos. Quizá no le hayas sacado a los personajes el necesario provecho. ¿Por qué no la hiciste un poco más extensa? El argumento, original e interesante, requería, tal vez, una mayor fuerza en la individualidad de los protagonistas. Otero fué un gran defensor de la obra. Todos estamos muy contentos con el triunfo. Desde luego, quiero significarte mi cariñosa felicitación. Al final, había dos novelas que amenazaban en la votación. Por fin, todo se arregló favorablemente. Varias personas me pidieron tu dirección para darte la enhorabuena. ¿Te ha satisfecho el resultado?

Un fuerte abrazo, de

FdelR

V

Vigo
6-abril
1950

Mi querido amigo:

Recibí tu carta, y me apresuro a contestarla. Mi opinión es que no puedes dejar de trabajar literariamente en prosa. Creo que es necesario, hoy más que nunca, hacer labor, y si no resulta posible inmediatamente su publicación, por lo menos, que haya material dispuesto para el momento oportuno. Pero es que ahora hay posibilidades de editar, en castellano y gallego. Está la Editorial Moret, que inicia ahora la “Colección de Escritores Gallegos”; la Editorial Porto, que proyecta un programa de ediciones nuestras; la

⁶ No citado concurso saú premiada *A xente da Barreira* (1951), que abre a xeira narrativa de Carballo Calero e foi a única novela escrita en galego das presentadas ao premio de narrativa convocado pola Editorial Bibliófilos Gallegos, de Santiago. Otero Pedrayo e Fernández del Riego estaban no xurado. A novela coñeceu varias edicións posteriores, entre elas a que, co título de *A gente da Barreira* e grafía lusista, editou a Librería Follas Novas, de Santiago de Compostela, no ano 1982.

de Bibliófilos; las publicaciones del Instituto P. Sarmiento; y confío en que muy pronto pueda comenzar a trabajar la Editorial “Galaxia”. Además, conviene intervenir, con libros de prosa, en los concursos anuales del Centro Gallego de Buenos Aires. En fin, que mi criterio es que tú, más que nadie, estás obligado a seguir trabajando.

Los libros de Cunqueiro y Barros fueron ya repartidos. Por lo menos, yo los tengo hace algún tiempo. Al enviarlos anunciaron que está impreso “Anxo de terra”, y que las ediciones aparecerán en adelante, con perfecta normalidad.

He leído “La vocación de Adrián Silva”. Me parece la novela más lograda de Otero. A mí, realmente, me ha gustado.

A Fontenla dirígela la carta a la calle de la Oliva. No recuerdo el número, pero no hace falta, pues le llegará lo mismo. Es un buen chico, entusiasta, de la promoción de Isla Couto, y compañero suyo de estudios.

Te adjunto las notas que se publicaron en “El Faro” y “El Pueblo” sobre el fallo del concurso, por si no las tienes. También te acompañó un ligero comentario mío, aparecido en “La Noche”. Recibe el cordial abrazo de siempre, de tu buen amigo.

FdelR

VI

Vigo
24-agosto
1950

Sr. D. Ricardo Carballo Calero
El Ferrol

Mi querido amigo:

Recibí tu carta de fecha 27 del pasado. Muy agradecido a tu cordial felicitación.

Días pasados estuvo Piñeiro aquí, y pasó una semana en mi compañía. Se encuentra totalmente renovado, después de la recuperación de la vista.

Me alegra que, por fin, se haya confirmado tu traslado a Lugo. Creo que la aventura no tiene nada de arriesgado; es más, con ella puedes encontrar un equilibrio y unas compensaciones, que –según tu mismo– hasta ahora te faltaron. Hay momentos en que es indispensable la decisión, y hasta la audacia, para huir de la rutina entorpecedora. Estoy seguro que el cambio de ambiente y de horizonte, hará un gran bien a tu ánimo.

Me parece perfectamente ese propósito de escribir una obra de teatro, y aún hallaría mucho mejor que te propusieses escribir un ensayo. En mi pobre opinión pienso que eres uno de los poquísimos que en Galicia pueden cultivar este género, con éxito y autoridad.

Creo un tremendo desacierto el que sea Portela quien ilustre tu libro. Hay otros dibujantes de categoría y sensibilidad que harían lo que, de ningún modo, puede hacer Portela. Pero, en fin, yo en eso no debo inmiscuirme.

El Día de Galicia quedó constituído “Galaxia”. Se designó el Consejo de Administración, y a la asamblea constitucional asistió un nutrido número de accionistas. Hemos cambiado impresiones sobre las primeras publicaciones a editar. Hablamos de un manual de Economía, de la reimpresión del Diccionario de Valladares, de la obra de teatro de Castelao, “Os vellos non deben namorarse”, y de una traducción que pudiera ser la Antología céltica de Pokorny hecha por Celestino. Quizá este programa inicial fuese certero. Veremos lo que se hace.

Lamento que no te hayas decidido a venir a dar una vuelta por Vigo. Desgraciadamente, hoy por hoy no puedo abandonar esto más de un día ó dos. Estoy convertido en una verdadera máquina de trabajo; mis familiares de fuera de Vigo están molestos conmigo, porque a pesar de las reiteradas invitaciones, hace años que no los veo.

Bueno, en cualquier momento podremos encontrarnos como ambos deseamos.

Un cordial abrazo de

FdelR

VII

Vigo
18 oct.
1950

Sr. D. Ricardo Carballo Calero
Lugo

Mi querido amigo:

Recibí tu carta. No sabes cuanto celebro que te hayas decidido a establecerte en Lugo. Creo, sinceramente, que a la larga no habrás de arrepentirte de la decisión.

También llegó a mi poder tu bello poema, que enviaré uno de estos días a Rodrigues Lapa. ¿Por qué no tecides, además, a mandarme un trabajo en prosa? Desde luego, considero que sería del mayor interés que así lo hicieras. Piñeiro puede mostrarte algún ejemplar de “Seara Nova”, para que te des cuenta de la tónica de la Revista.

“Benito Soto” ha sacado ya a la calle tu libro, y los de Pimentel y Manuel María. El otro día los he hojeado, pero no conseguí que me dejaran los ejemplares. Cada vez me explico menos el proceder de los editores, demorando la entrega de los libros a los suscriptores. Francamente, no lo entiendo.

Al parecer, no tardará mucho en salir otro número de “Alba”. Yo trato de evitar, en lo posible, a los que la dirigen, porque son unos perfectos botarates.

Bueno, nada más por hoy. Estoy atravesando una molesta crisis, y me falta ánimo para todo.

Recibe un cordial abrazo, de

FdelR

¿Por qué no reanudamos nuestra correspondencia en gallego?⁷

VIII

Vigo

16-febreiro

1954

Meu querido amigo: Recibo agora mesmo a túa carta. Non quero demorar a resposta, porque correría o risco de se aprazar máis da conta. Ando metido en mil traballos, compromisos e preocupacións, que me rouban o tempo todo. Déitome moi tarde e ás 7 ½ da mañá estou todo-los días en pe.

Creo que o tema da tua tesis é francamente interesante. Era unha cousa que estaba por faguer, e ti es a persoa indicada para abordala. Non che puíden mandar a data das entrevistas de González Luengo, porque está visto que as estraviei. Por outra banda, o seu autor está expedientado no xornal, e até que se reintegre ó seu posto nada se poderá faguer.

⁷ A proposta de Fernández del Riego de empregar o galego na súa correspondencia con Carballo Calero vese respondida afirmativamente por este xa nunha carta asinada en Lugo o día 26-X-1950 e máis en todas as posteriores.

Mañá mandareiche nun paquete certificado, o “Libro dos amigos” e o de González Alegre. Iste leva na contraportada o precio. Tamén incluirei o exemplar de “Seara Nova” adicado a Daniel, pero pra que mo devolvas cando o utilices, porque non teño máis exemplares que ise.

Adxúntoche unha copia das respostas de Cabanillas e Bouza, ó inquérito que fixen pra a miña Antoloxía.

As “Mesetas” de Primitivo R. Sanjurjo publicáronse en Madrid, o 1910.

Acompáñoche unha indicación do contido do extra da “Nosa Terra” adicado a Daniel, con ocasión da súa morte. Si é que non o viche, pódeme pedir os datos que che interesen.

O tomo VI das obras completas de Curros, non comprende máis que “Eduardo Chao. Estudio biográfico-político”.

Otero, efectivamente, publicóu unha “Guía de Santiago”. Editorial Noguer, Barcelona, 1953. Pertence a unha serie de guías imprentadas por aquila editora, feitas a base de fotografías en hocograbado, con unha introducción literaria, que neste caso é de Otero.

Bueno, coido que están cumpridos todol-os encargos que me fas. Estase imprimindo a “Guía de Galicia” de Otero, despois seguirá o “Onomástico”, e a continuación os “Sete Poetas”.

Unha forte aperta de

FdelR

IX

FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

Abogado Teléfono 3770

Progreso, 12 VIGO

12-1-55

Sr. D. Ricardo Carballo Calero

Lugo

Meu querido amigo:

Recibín a túa do día dous. Das solucións que me apuntas pra a ordeación dos libros de Cabanillas, paréceme moi axeitada a segunda, que é a que seguiréi. A publicación das distintas versións, cada unha no seu libro orixinario, entendo que carece de interés. Iso cabería, quizaves, si se tratase dunha figura clásica da literatura universal, pero neste caso concreto, nin siquiera merece a pena

dende o punto de vista histórico. De maneira que me decido de cheo pol-a outra solución. Cando me enfrente con algunha dúbida, recurrerei a ti. ¿Poderíasme facilitar as primeiras edicións de “No desterro” e “Da terra asoballada”, correxidas da túa man, pra cotexar coas derradeiras, que eu poseo?

Non confirmei ben aínda, si o que se tenciona editar é a Obra Completa, ou somentes a poética. A miña impresión persoal é que se trata do primeiro, e neste senso están actuando. O que sí penso é que se incluírán só os textos en galego. Quixera incluír tamén o “Samos” e “Musas Alleas”, pero non o vexo doado, porque os orixinais respectivos atópanse en poder do Abade e máis do Filgueira, e o poeta non se quedou con copias. Pol-o que se refire ás poesías dispersas, Cabanillas mandoume un mangado dilas, xa correxidas, que remesarei cos libros pra incluír na edición. O pior é que veñen sin data e sin citar o lugar e publicación, cousa que agora non vai ser posible de rectificar.

¿En que lugar da obra me aconsellas que se inserten, si é que non poden identificarse o orde cronolóxico?

Millán desistiu de faguer o traballo sobre da lingua, por razóns moi convincentes, que considere. En vista disto recurrerei ô Aquilino, que xa tiña feito un traballo encol da materia. Quedou en poñelo ô día, i en mo mandar a primeiros do mes que ven.

Agardo, pois, que as cousas saian como matino, e que no presente ano se poda editar a obra.

Recibe a cordial aperta de sempre, de

FdelR

X

Vigo
10-12-57

Sr. D. Ricardo Carballo Calero
Lugo

Meu querido amigo:

Recibín as túas liñas, xunto coa lista de obras sobre Rosalía que che interesa consultar. Existe, dende logo, gran dificultade pra localizar a maioría dos traballos. Escibín a varias persoas de América, pedíndolles axuda. Xa te terei ô tanto.

Supoño que o texto de Mac-Celland cho mandarí Piñeiro, a quen llo facilitou Lugrís. O que eu vaia conseguindo, ireicho remesando.

Enviei a seu destino o saúdo en verso de fin de ano, que che tiña solicitado.

Da obra de Cabanillas, soio sei que está na prensa dende fai un par de meses. Como Seoane abandonou o Centro Gallego, é Blanco Amor o que dirixe a edición. Non sei o que fará. Teño certo temor, porque cando enviei os materiais dinlle a Seoane unha serie de instrucións que desconozo si transmitiría ô seu substituto. Días pasados, escribín solicitando informes sobre a marcha da impresión. Veremos o que me din, e si me dín algo. Sobre o teu “Salterio”, tampouco teño nova algunha. Cando estivo Cela en Vigo, díxome que sería o libro que inaugurase a colección. Pero tamén me dixo que tropezaba con dificultás económicas, porque soio responderan dez persoas ás invitacións que fixo de suscripción á colección.

Unha forte aperta, de

Paco

XI

Vigo

15-nov.

1958

Sr. D. Ricardo Carballo Calero

Fingoy

Meu querido amigo:

Hoxe mandeiche, mecanografiado, o resto do capítulo da Historia, adicado a Rosalía. Saíu como impreso certificado, xunto cos orixinais manuscritos. Teño conciencia de que cometín varios erros de transcripción, por inintelixencia de algunhas verbas. Gostoume moito o contido do capítulo, e polo interés que me espertou, demorei algo a copia, xa que ía lendo a medida que escribía. Coido que trazache unha visión completa e aguda do poeta.

Estimaríache que acusases recibo cando chegue o paquete ás túas mans. Estou un pouco sorprendido, porque non respostache a dúas cartas miñas, nin me dixeches si recibiras o tomo de poesías de Aguirre e o parágrafo de Mirás mecanografiado, que che remesei hai tempo.

Tampouco me mandache as liñas que che pedín, de saúde ós emigrados, pra radicar a noite de fin de ano nunha emisora bonarense. Non te esquezas de mas mandar o máis axiña que poidas.

Otero comprometeuse comigo a che enviar o número do Boletín da Academia Española no que figura o seu traballo sobre Pondal, así coma o libro de poesías de Saco y Arce. ¿Fíxoo?

¿A qué é debido o teu longo silencio? Agardo as túas novas, pois sinto certa inquietude por si se extraviou algún dos envíos que che fixen.

Unha forte aperta, de

Paco

XII

Vigo
16-abril
1960

Sr. D. Ricardo Carballo Calero
Fingoy

Meu querido amigo:

Recibín as túas do 25 de marzo 1 do corrente. Fico enterado de que cobrache o diñeiro de Galaxia, que mandei que che xirasen. Andiven á procura dos libros que sinalas nas túas listas. Xa teño localizado algús. Seguramente poderei facerche un envío nos próximos días.

Sei que Otero e Fernández Pousa teñen a “Obra Completa” de Cabanillas. Eu inda non a vin. Teño escrito ó Centro, pedindo que me remesasen un exemplar, e outros pra ti e pra Aquilino. Respostáronme decindo que fan o envío por man dun ex-presidente da entidade que embarca un distes días pra Galicia. Entregoume Piñeiro varios libros dos que lle devolviche.

O Centro Gallego de Bos Aires vai adicar un número especial da revista, a conmemorar o 150 aniversario da Revolución de mayo arxentina. Pídenme colaboraciós de inteleituás de aquí. ¿Poderíasme mandar tí un antigo? Tería que estar no meu poder antes do 30 diste mes. Tema: exaltación de Buenos Aires en calquer aspecto, a través da nosa emigración.

Escríbeme Blanco Amor, dócese da falta de eco que tivo a súa “Esmorga” na prensa galega. Dame os nomes das persoas ás que

lle remesou o libro. Antre ilas figuras ti. ¿Por qué non fas un comentario pra deixalo contento?

Istes días andivo por aquí Rodrigues Lapa.

Agardo as túas novas.

Unha cordial aperta de

Paco

XIII

Vigo

1-xunio

1960

Sr. D. Ricardo Carballo Calero

Fingoy

Meu querido amigo:

Recibín o exemplar de “Aturuxo”⁸ que me interesaba, e as dúas copias de “A Coutada” –supoño que a terceira lla entregarías ó Celestino– moitísimas gracias por todo.

Agora chégame a túa carta co artigo sobre “A Esmorga”. Resulta curiosísima a semellanza do seu contido co dun comentario que eu publiquei sobre o libro no “Faro”, a raíz de o lér. Hai mesmo párrafos que son dunha coincidencia inverosímil. Xa supoñerás, o que eso me satisfai.

Teño pensado, en principio, ir a visitar a Exposición luguesa. Daquela xa falaremos. Nembargante, quero adiantarche a pregunta de si queres responder ó meu discurso de ingreso na Academia. Pensei en Otero, en García Sabell i en ti. Pero decidín que, por moitos conceptos, deberías ser ti o que apadrináses a miña entrada na corporación. Agora, ti dirás.

Xa estou traballando intensamente no discurso. É cuestión soio de o redaitar, pois teño feitas unha chea de fichas. Penso tidualo: “Un país e unha cultura. A idea de Galicia nos nosos escritores”. Abranguerá dende o movemento provincialista deica as Irmandades

⁸ Nos corenta e cincuenta, por razóns económicas moi especialmente, proliferan as colaboracións en prensa -xornais e revistas-, de Galicia e do alén mar, de escritores como Álvaro Cunqueiro, Ánxel Fole, Fernández del Riego, Carballo Calero, Otero Pedrayo, Ramón Piñeiro, García-Sabell e outros (ás veces con pseudónimo). Por iso, hai aquí referencias a *Alba*, *Mensajes de Poesía* ou *Aturuxo* e, na Arxentina, referencias ao Centro Gallego de Buenos Aires, que patrocinaba a edición de libros galegos e tiña aínda voceiros xornalísticos propios como *Galicia*.

e Nós inclusive, con referencias o Seminario. Denantes de o mandar á Academia, remesareiche unha copia a ti. Hai que ganar tempo; pra faguer uso do voto o máis axina posibre. Teño xa os Estatutos no meu poder, pois quero pisar sobre seguro.
Unha forte aperta de

Paco

XIV

Vigo
3-oct.
1960

Sr. D. Ricardo Carballo Calero
Fingoy

Meu querido amigo:

Fun a Santiago, como tiñamos acordado. Nunha primeira reunión con García Sabell, iste informoume do que falara contigo; despois tratamos da vacante e das posibilidades dos respetivos candidatos. A proposta na que matinan Fraguas e Aquilino era unha cuestión a considerar, pra tela en conta en relación coa nova aitude. Como tiñamos dúbidas sobre a postura a adoitar, pensamos que sería comenente un viaxe previo â Cruña. E alá nos fumos. Visitamos a Sebastián, co que falamos longamente, pra o sondear sobre o seu punto de vista. Da conversa, tiramos a conclusión de que acollerían ben a candidatura de Fole, e de que na próxima vacante tería grandes posibilidades a de Xosé María Álvarez Blázquez. En troques, semella que inda se non puxera aínda en circulación os propósitos de Aquilino e Fraguas. Sobre a base dos cambios de impresiós feitos, estimouse que sería ben que propuxesen o nome de Fole, os seguintes académicos: Sebastián, ti, Yordi e García Sabell. Eu che escribira sobre o particular. Agora tedes que ser vós os que aituedes, pois a miña condición de eleito non me permite a libertade de movementos de que vós disfrutades. Paréceme que tú poderías falarlle xa a Vázquez Saco e a Vázquez Seijas pra recabar os seus votos, a fin de se adiantar âs xestiós que poideran faguer perto deles a prol doutras candidaturas.

Na conversa con Risco, iste informounos de que os da Cruña o convocaran pra lle prantexar o asunto da presidencia. Nós, naturalmente, manifestámoslle que o seu nome era o que propoñíamos unánimamente. Mostrouse moi satisfeito. Hai o

propósito de que, inda que os estatutos establecen o voto segredo, se faga o nomeamento por aclamación.

E nada máis de momento, pois quero que ista carta saia decontado para Fingoy.

Unha forte aperta de

Paco

XV

EDITORIAL GALAXIA, S. A.
Reconquista, 1-Teléfono 18204
VIGO -28-XULIO-1962

Sr. D. Ricardo Carballo Calero
Colexio “Fingoy”
Lugo

Meu querido amigo:

Recibín a túa do día 22. Certamente que entendiche mal cando che falei das copias da “Historia da Literatura”. Ademáis das dúas destinadas á censura, non había necesidade de facer outra que non fose a destinada a ti pra correxir, posto que unha de aquélas devólvena.

Chegóume o traballo sobre Valle-Inclán, que mandei o mesmo día, cunha carta miña, a Cela, anunciándolle que estaba destinado á publicación en “Papeles de Son Armadán”.

O artigo “Boccaccio en Galicia” está composto fai tempo. Íase publicar na páxina literaria do pasado domingo, pero tiveron que o deixar fora a causa da pubricidade. Bernardino xa o coñece, porque lle deron no “Faro” unha proba do mesmo. Cando apareza no xornal, mandaréicho.

Téñoche que comunicar, en nome da Editora, que Agustín Sixto Seco fixo un donativo de dez mil pesetas, pra contribuír á edición da “Historia da Literatura”. Con il non soio quixo axudar ó labor de “Galaxia”, sinón patentizar tamén o seu homenaxe de admiración e amizade á túa persoa.

E nada máis. Supoño que xa estarás de regreso en Fingoy, polo que che dirixo ahí ista carta.

Unha cordial aperta de

Paco

C/c. Banco de La Coruña, Banco Pastor, Banco H. Americano
Banco Exterior de España Caja de Ahorros Municipal de Vigo

XVI

Vigo
31-agosto
1963

Sr. D. Ricardo Carballo Calero
Fingoy

Meu querido amigo:

Recibín a túa do 28. Tomo boa nota de canto me dis respeito ás correccións das probas de “Contos populares”.

Veleiquei agora as fichas bibliográficas que me pides:

“Nos picoutos de Antoím” (novela galega) por Leandro Carré Alvarellos. Colección 4 Ventos-Edición da Livraria Cruz – Braga (sin data, pero apareceu no ano 1955).

“Galicia no espello”, por Francisco Fernández del Riego – Ediciones Galicia del Centro Gallego – Buenos Aires, 1954.

“A fruta y-o garmelo”, por Avilés de Taramancos (seudónimo de Avilés Vinagre) – Editorial Moret – Coruña, 1959.

En orde á Editorial Galaxia, eis os datos que se me ocorren sobre a marcha, e dos que podes aproveitar os que conveñan ós teus fíis: Coa supresión dos Suplementos de “La Noche”, que viña preparando eu cada semá, decidimos Xaime Illa Couto, Ramón Piñeiro e máis eu, percurar o xeito de editar uns Cadernos de cultura galega. Pra poder editalos pensamos na constitución dunha sociedade, e por mor das circunstancias, entendimos que a fórmula máis axeitada sería a dunha sociedade mercantil. Puxémonos á fala con varios amigos, visitamos a xentes afís en varias cidades galegas, e cando vimos que había posibilidade de poñer a cousa en marcha, redaitáronse os Estatutos.

O día 25 de xulio de 1950 celebrouse en Santiago, nun salón do Hotel Compostela, a assemblea constitucional con asistencia de representacións de toda Galicia. Nomeouse alí o primeiro Consello de Administración, que quedou constituído do seguinte xeito: Presidente, Ramón Otero Pedrayo; Vicepresidente, Manuel Gómez Román; Segretario, Francisco Fernández del Riego; Conselleiro-Delegado, Xaime Illa Couto; Vocales, Sebastián Martínez Risco, Antonio Fernández López e Xesús Ferro Couselo. Na mesma asamblea acordouse propoñer a Alvaro Gil Varela pra presidente do Consello Técnico Asesor, e a Ramón Cabanillas Enríquez pra Segretario. Aprobouse, en principio, un plan

inmediato de publicacións, tendo como base a edición trimestral dos Cuadernos “Grial”, e despois a dunha serie de Manuales sobre os diversos campos da cultura galega, a de “Os vellos non deben de namorarse” de Castelao, e a reimpresión, con posta ó día, do Diccionario de Valladares.

Axúntoche prospecto de fundación da Editora e a primeira propaganda que se fixo, relativa ó número 1, da Colección “Grial”. Tamén acompaño prospecto da Fundación Penzol. Dista sabes ti tanto como eu, pois foches protagonista na xunta de constitución. E nada máis. Unha cordial aperta, de

Paco

XVII

Editorial Galaxia

Vigo-18-setembro-1965

Sr. D. Ricardo Carballo Calero
Fingoy

Meu querido amigo:

Recibín a túa do día 9. O asunto do “Grial” arranaxouse ó cabo, despois dunha chea de xestiós e incertidumes que me tiveron moi preocupado. O ensaio de Nogueira é totalmente inocuo no tocantes ós motivos que poderían determinar a súa non publicación. De primeiras prantexouseme o problema de substituílo, dentro do prazo debido. Tiña Piñeiro un traballo do Rubén, e facilitoumo. Pero mentras o compoñían e se mandaba a aprobación, vencía o tempo de saída da revista. En vista diso, conseguín, por una soia vez, que nos ampliasen o prazo por todo o mes en curso. Simultaneamente, fixenlle chegar a Cabanillas, por intermeio de Cunqueiro, unha copia do ensaio de Nogueira pra que o lése. E, como en realidade, non existía razón algunha que xustificase o sucedido, autorizaron a súa impresión. Onte chegoume a nova, e tiveron que despaxinar outra vez todo o número. Ista mañá xa entróu en máquina, e calculo que o martes saírá do prelo.

Vou emprincipiar xa a preparar o número 10. Si non che resulta incómodo, estimaríache que fixeses un comentario sobre “A orella no buraco”, de María Xosé Queizán, do que xa terás recibido un exemplar, prá seición de Libros.

Axúntoche o recorte dun artigo teu aparecido no “Faro” do domingo derradeiro.

Atendendo ás túas indicacións, mandóuselle pola túa conta, por correo certificado, a “Historia da Literatura Galega Contemporánea” a Araceli Herrero Figueroa.

¿Cómo se vai arranxar agora a marcha do Colexio Fingoy, alonxándote ti da súa dirección? Comprendo que coa túa dimisión terás máis tempo libre e menos preocupacións pra te adicar a outras cousas máis gratas. Estráname que nada se seipa aínda da cadeira de Santiago. Confío en que non tardará en se resolver a cousa, pois non se pode adiar moito máis tempo.

¿Sigue adiantando o traballo da Gramática?

De boa gana iría pasar uns días contigo, pero teño arredor de min unha rede de obrigas e de traballos que me impide toda liberdade. Estóu rifado coa familia da miña muller porque todos os anos me convidan a pasar uns días en Valdeorras, e dende fai seis non piso aquelas terras.

E nada máis de momento. Unha cordial aperta de

Paco

XVIII

FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

VELÁZQUEZ MORENO, 31, 1º

Abogado

VIGO 22-III-1966

Sr. D. Ricardo Carballo Calero

Fingoy

Meu querido amigo:

Coido que debiamos coller decontado as rendas do asunto das vacantes de numerarios na Academia, pra ver de lle dar un rumbo. Polo que sei, os da Cruña siguen teimosos coa proposta de Hervada; Bouza seica vai propoñer a Rubén; Xosé M^a Álvarez escribeme suxerindo o nome de Ferreiro; e non se pode esquecer que Dieste e máis Blanco Amor teñen personalidade e obra pra seren candidatos. ¿Qué opinas de todo isto? Compre tomar a iniciativa decontado pra endereitar as cousas, porque sinón córrese o risco de que cada quen vaia polo seu lado.

Outro tema: ¿Cómo vai a Gramática? A xente vólveuse tola insistindo verbalmente e por escrito sobre dela. Agora mesmo nas clases de galego que se están dando no Instituto de Vigo, e ás que asisten case duascenas persoas, notan a faltar a Gramática,

e preguntan reiteradamente cando poderán adquirila. ¿Non poderías darme unha data aproximada de entrega, pra acalmar un algo as impaciencias?

Cando dispoñas dun pouco de vagar non te esquezas de facer un comento do libro “O espello na serán”, pra seición de libros do próximo número de “Grial”.

E nada máis de momento. Unha cordial aperta de

Paco

XIX

EDITORIAL GALAXIA, S. A.

Reconquista, 1-Teléfono 218204

VIGO-27-novembro-1972

Sr. D. Ricardo Carballo Calero

Santiago

Meu querido amigo:

Recibín a túa carta en intres nos que andaba enliado coa gripe e co traballo. Supoñía que Piñeiro che tiña falado da túa condición de accionista, pois encomendáraselle hai tempo que cho comunicara persoalmente. De todos xeitos, xa estarás informado de todo, poisque lle encarregué a Valentín Arias que che escribise no meu nome.

Soupen que estiveras aquí días pasados. Penséi que nos veríamos pra falar un algo. Pero conócese que viñeche co tempo medido e que non puides facer siquera unha chamada telefónica.

No tocantes ao asunto do librío de Luz Pozo debo dicirche o seguinte pra que llo comuniques á interesada:

Que mande a decir as características do libro, ou que remese o orixinal pra lle ofrecer un presuposto. No caso de que o custe fose da súa conformidade, Galaxia non tería incomedente algún en lle distribuir o volume, sobre a base do 45% de desconto, que é o mínimo fixado polas Distribuidoras. Ao cabo de cada ano liquidaríase o importe das vendas realizadas.

I esto é todo.

Xa sei que levas moi adiantado o 2º tomo da Historia da Literatura. Enviéille hai tempo á Editora Nacional contrato, por duplicado, autorizando a edición en castelán do 1º tomo. Pero aínda non chegou firmado.

E nada máis polo momento. Recibe a cordial aperta de sempre
Paco
C/c. Banco de La Coruña, Banco Pastor, Banco H. Americano
Banco Exterior de España Caja de Ahorros Municipal de Vigo

XX

EDITORIAL GALAXIA, S. A.
Reconquista, 1-Teléfono 218204
VIGO-23-outubro-1973

Sr. D. Ricardo Carballo Calero
Santiago

Meu querido amigo:

Recibín a túa tarxeta do día 9 dos correntes, así coma os libros e orixináis que indicas.

O número de “Grial” ten que estar na rúa o día 6 do Nadal, obrigadamente. Polo tanto somentes nos resta pouco máis de un mes pra compoñelo, correxilo, imprimilo i encadernalo. Compría, pois, que non demorases o envío da nota sobre do “Parladoiro”. Estóu pensando que conviña que me mandases tan axiña como poidas o texto da 4ª edición da Gramática. Resulta que, con motivo dos cursos de galego nas Escolas Normáis e nos Institutos, andan a pedirnos exemplares novamente, e si a cousa sigue así non tardarán en se esgotar os que restaron da 2ª edición. Aparte de que a composición da obra levará moito tempo. ¿Sería ben facer a nova edición en galego ou haberá que mantela en castelán? A cousa queda ao teu criterio.

Onte remeseiche un terceiro feixe de probas da Historia. Aínda non me chegou o que che enviéi con anterioridade pra que o correxises.

Unha cordial aperta de

Paco

Unha carta de Carballo Calero a Gonzalo Fernández Puentes sobre o Colexio Fingoi

RAFAEL CHACÓN

(Profesor de Lingua e Literatura no Ensino Medio)

1. O documento

É unha fotocopia dun orixinal que non sabemos se se conserva ou non. Gonzalo Fernández Puentes, daquela residente en Madrid, envíalle á súa irmá Asunción a copia dunha carta que lle escribe Carballo Calero na que se fai referencia á situación do Colexio Fingoi na altura de 1971. É a contestación doutra carta anterior de Gonzalo na que este lle pide que o informe sobre a situación académica do Colexio Fingoi do que Carballo Calero fora conselleiro director desde 1950 ata 1966. Gonzalo Fernández Puentes é o fillo máis vello de Antonio Fernández López, fundador e propietario do Colexio Fingoi de Lugo, falecido pouco antes da data da carta que é de 20 de outubro de 1971. Asunción Fernández Puentes, licenciada daquela en Filoloxía Francesa, tomou nese tempo a decisión de facerse cargo da dirección do colexio. Carballo Calero levaba xa cinco anos afastado de Fingoi e residía en Santiago de Compostela. Era alí profesor do Instituto Rosalía de Castro, o Feminino, e encargado da cátedra da materia de Lingüística e Literatura Galega na Facultade de Filoloxía. O documento está en castelán que era a lingua na que se desenvolvían Carballo Calero e o seu antigo alumno. Son tres folios mecanoescritos de tamaño DIN A4. Na marxe esquerda da cada un dos folios hai roturas de papel que afectan ao texto, aínda que este é facilmente recuperable¹.

¹ A carta publícase co permiso das fillas de Carballo Calero, Margarita Carballo Ramos e María Victoria Carballo-Calero Ramos, herdeiras do autor e tamén da súa destinataria Asunción Fernández Puentes, directora actual do Colexio Fingoi, a quen lle agradecemos tal xesto.

2. Texto da carta

Santiago, 20 de outubro 1971

Sr. Don Gonzalo Fernández Puentes²

Querido Gonzalo

No poseo información puntual sobre a situación do Colegio en a actualidade. Desde 1966 estaba apartado da dirección do mesmo, e aunque durante estes cinco anos últimos mantuve constantes relacións con tu padre, a las que máis adelante me referiré, nunca en nuestra correspondencia o en nuestras entrevistas tocamos el tema del Colegio. El Dr. Tomé me había hablado hace algunos años de la conveniencia de una reforma del mismo, y me había pedido que hiciera una gestión cerca de tu padre para apoyar sus puntos de vista³. Pero aunque coincidía con ellos, rehusé llevar a cabo aquella gestión, pues el hecho de que jamás tu padre me hubiera hablado del Colegio desde que abandoné la dirección, indicaba claramente que no deseaba mi intervención en el asunto. A mi juicio, tu padre no estaba satisfecho con la marcha del Colegio, pero no veía la manera de resolver a su gusto los problemas que planteaba, y prefería no hablar del asunto. Basándome en mis recuerdos

² Gonzalo Fernández Puentes é o fillo máis vello dos doce que tivo o matrimonio de María Puentes Bujados con Antonio Fernández López. Á morte de seu pai, producida no 30 de setembro de 1971, aos 68 anos, a familia fai inventario e recolle documentos para acceder á súa herdanza. Esta carta é copia dun deses documentos e responde á intención citada. Sobre Antonio Fernández López só temos unha breve biografía de 64 páxinas da autoría de Avelino Pousa Antelo e Valentín Arias, antigos Mestres da Escola da Granxa de Barreiros. Titúlase *Antonio Fernández López. Empresario, reformador e filántropo* e foi editada en 2001 pola editorial Ir Indo. Moitas máis páxinas merece este enxeñeiro de camiños non só pola cantidade (e cualidade) das empresas que fundou ou nas que participou como son Zeltia, Frigsa, Cementos del Noroeste, Transfesa, Antibióticos S.A., Pescanova e tantas outras, senón tamén pola súa importantísima participación, intelectual e económica, en empresas culturais e educativas de e en Galicia, como o Colexio Fingoi de Lugo, a editorial Galaxia, a Fundación Penzol, o Centro de Estudos Fingoi, a Granxa de Barreiros, as súas contribucións ao Museo de Pontevedra e ao Museo de Lugo, a *Revista de Economía de Galicia...* A Facultade de Administración e Dirección de Empresas dedicou o 30 de novembro de 2019 o Día da Galeguidade Empresarial a Antonio Fernández López. Tamén o Foro Peinador dedicou, o 11 de decembro de 2019, un ciclo de conferencias á súa obra tanto empresarial como intelectual.

³ Carlos Fernández Tomé, médico que foi Secretario do Colexio Médico de Lugo. Amigo e conselleiro privado de Antonio Fernández López.

de la época en que ostentaba la Dirección y en algunas impresiones posteriores, como te digo, indirectas, formularé algunas observaciones para que conozcas mi opinión, ya que la solicitas. Como sabes, el Colegio consta de dos secciones: la de Enseñanza Primaria y la de Bachillerato. Hace años que constituimos escuelas de Patronato, con maestros nacionales pagados por el Estado, además de las gratificaciones que les dábamos⁴. Esto salvó la sección, al dar estabilidad al profesorado, al hacer que los puestos de los maestros resultasen muy bien remunerados, y, por lo tanto, al interesar a los mismos maestros en la buena marcha del Centro. El Bachillerato marchaba muy mal. Estábamos encerrados en un círculo vicioso. Estábamos dispuestos a pagar bien a los profesores buenos, pero una vez que nos probaran que eran buenos profesores. Para ello debían de permanecer cierto tiempo como si dijéramos a prueba. Pero como las condiciones a que podían aspirar nunca equivaldrían a las de la Enseñanza Oficial, ya que la seguridad en el puesto que da el escalafón ni se les podía ni se les quería garantizar, y el control de la dirección y las exigencias del método y dedicación eran, naturalmente, mayores que en el Estado, se producía una selección al revés. Los licenciados de empuje pasaban rápida y descuidadamente por el Centro, hacían oposiciones y se colocaban en el Profesorado Oficial. Quedaban los que por una razón u otra no podían acceder a la Enseñanza Oficial, y aun éstos empezaron a simultanear su trabajo en el Centro con el trabajo en otros Centros, lo que en principio no se permitía pero hubo luego que admitir al no poder o no convenir exigirles la exclusiva. Con esto quedó destruido el espíritu de Fingoy, que, como colegio experimental, exigía una dedicación y una compenetración del profesorado con los principios pedagógicos del Colegio que no se podían exigir a quien en otros centros podía o debía atenerse a normas distintas. Para que Fingoy fuera lo que quería ser necesitaba que todos, o la mayoría de sus profesores, dependiesen económicamente del Centro, viviesen

⁴ Son de patronato os colexios ou escolas ás que o Estado proporciona mestres nacionais e a empresa particular a estrutura e condicións que corresponden a tales centros. Deben cumprir certos requisitos segundo a Lei de Educación Primaria do 17-7-1945 (BOE 18 de xullo). O Ensino Primario no Colexio Fingoi e a Escola Agrícola da Granxa de Barreiros, en Sarria, serán escolas de patronato.

de él, se sintiesen solidarios con él y pudiesen ser eficazmente dirigidos. Aunque imperfectamente, esto se logró para la primera enseñanza con la creación de las Escuelas de Patronato. Pero en el Bachillerato era imposible. Obtener la exclusiva de la mayoría del Profesorado de Licenciados supondría unos dispendios de ninguna manera justificados: 1) porque tendrían que abonarse a personas que sólo excepcionalmente resultarían eficaces, ya que la competencia del Estado atraía a los mejores; 2) porque la desproporción entre el número de Licenciados exigidos por la Ley y el de los alumnos que los planes del Colegio y otras causas limitaban era extraordinaria, y el gasto resultaría antieconómico⁵. Así, yo propuse a tu padre que se ampliara la primera enseñanza y se suprimiera el Bachillerato. No se adoptó esta solución, y las cosas continuaron sin resolver. Si actualmente están como estaban, mi opinión es que el mantenimiento del Bachillerato, que ahora sería el Superior, no es rentable. Y no hablo de rentabilidad económica, que supongo no entra en vuestros planos, sino de rentabilidad docente. Ahora, con la nueva Ley de Educación, ya no hay Enseñanza Primaria y Media, sino Enseñanza General Básica, hasta los catorce años, y Bachillerato (Superior)⁶. Mi consejo es el que di a tu padre, aunque adaptado a las realidades de ahora, y por lo tanto más justificado. Fingoy debe transformarse en un Centro de Enseñanza General Básica, ampliando las Escuelas hasta hacer una Agrupación que abarque todos aquellos estudios, utilizando profesorado oficial en la medida de lo posible; y renunciando a los estudios del Bachillerato (que ahora serían los cursos 6º y 5º y COU). Por supuesto que habría un periodo de transición. En lo (sic) que se conceda libertad a la llamémosle “Empresa” para designar un director eficaz y totalmente leal a la misma, dispuesto a impulsar la marcha general del Centro con arreglo a las instrucciones que se le den y hábil para imponer sin estridencias la autoridad al profesorado, está la clave del éxito.

⁵ Os estatutos do Colexio Fingoi, redactados enteiramente, por Antonio Fernández López, non permitían que o número de alumnos por aula fose maior de vinte.

⁶ Refírese á Lei de Educación de 1970, a chamada Lei Villar Palasí, que veu substituír a lei de 1953. Os vellos Ensino Primario e Medio desaparecen e instáurase a EXB (Educación Xeral Básica) e o BUP (Bacharelato Unificado e Polivalente). O novo COU (Curso de Orientación Universitaria) substituíu o PREU (curso Preuniversitario).

Pero ignoro la actual legislación sobre la materia. Lo que sea viable de esto o no, y lo que estáis dispuestos o no a hacer, es cosa vuestra. De algo os valdrá mi opinión, aunque sin duda habréis de tener en cuenta muchos puntos de vista.

Y ahora, otro asunto.

En los últimos años que pasé en Fingoy habíamos creado lo que llamamos “Centro de Estudios”, cuya finalidad era la concesión de becas para Licenciados que realizaran estudios sobre temas gallegos y la publicación de obras. De éstas últimas salieron tres⁷. Cuando me vine a Santiago continué siendo director del “Centro de Estudios”, concediendo, de acuerdo con tu padre, becas a licenciados y preparando ediciones. Se me abonaba una cantidad por el desempeño de estas funciones, y se me proporcionaban fondos para adquirir libros para el Seminario de Gallego. Todos los meses enviaba un presupuesto, y tu padre ingresaba en una cuenta titulada “Fingoy”, del Banco Hispano Americano de esta Ciudad, las cantidades necesarias para los gastos previstos. Cuando se nos hacían liquidaciones de los libros editados por Fingoy, se ingresaban las cantidades en la misma cuenta. A través de este “Centro de Estudios”, o sea,

⁷ Os tres libros editados polo Centro de Estudios Fingoy (sic) e publicados por Galaxia foron os seguintes. O primeiro titúlase *Versos iñorados ou esquecidos de Eduardo Pondal*, de 1961 é da autoría de Carballo Calero. O segundo foi *Contos populares da provincia de Lugo*, de 1963, con prólogo de Carballo Calero e unha introdución de Bernardino Graña, profesor en Fingoi, que foi quen ordenou e clasificou todo o material que os mestres rurais de Lugo achegaron aos cursos de Formación Agrícola, no mesmo Colexio Fingoi e na Granxa de Barreiros. Na edición de 1972 suprimiuse a introdución de Graña e o seu nome desapareceu do libro. Tamén se suprimiron as variantes dalgúns contos e unha *Táboa de abonantes* final. O terceiro foi *O cancionero de Pero Meogo*, de Méndez Ferrín, tamén profesor do colexio naquel momento, publicado en 1966.

Na revista *Grial*, nos números 13, de 1966, e 17 de 1967, e na sección “O rego da cultura” aparecen unhas notas tituladas *Labor do Centro de Estudios Fingoy*, que con seguridade foron redactadas por Carballo Calero. Nelas cítanse os licenciados, case todos da Universidade de Santiago, que obtiveron unha bolsa de estudos por traballos sobre Galicia ou o galego. No ano 1966 recibiron unha bolsa de estudos Arcadio López Casanova polo traballo *A poesía de Luís Pimentel*; Xesús Cumplido por *Noseoloxía de Amor Ruibal*; María Victoria Carballo por *Escultura contemporánea en el Museo de Lugo*; Carmen Santamaría por *La geada en la provincia de Lugo* (Universidad de Oviedo); e María do Carmo Enríquez Salido por *Fala mariñeira do Grove*. No ano 1967 foron bolseiros Antonio Santamarina polo *Vocabulario do Val de Suarna* e María do Carmo Enríquez Salido por *Repertorio bibliográfico de lingüística galega*, dirixido por Constantino García.

a través de mí, tu padre realizaba otras actividades benéficas o de protección cultural: así se concedieron 30.000 pesetas a la Facultad de Filosofía y Letras para la adquisición de un retrato de Rosalía que se colocó en el Decanato, y se entregaron 50.000 al Patronato de la Casa de Rosalía para la restauración de aquélla. Todo a nombre del “Centro de Estudios Fingoy”, pues es bien sabido que tu padre rehuía toda ostentación de su generosidad. El mismo “Centro” protegía el “Instituto de la Lengua Gallega”, recién creado, con becas para trabajar en el mismo. Los “Estatutos”, una copia de los cuales mandé a tu padre, concedían un puesto en el Patronato a la “Fundación Fingoy”, como ellos le llamaban, y tu padre me designó para representarle en dicho Patronato, aceptando que tuviéramos un puesto en el mismo. Ahora tenemos que resolver algunas cuestiones relativas a la liquidación de este asunto. No sé si tu padre dejó algo dispuesto sobre el particular. Yo no he tenido noticia de nada de eso. Si algo ha dispuesto, ya se sabe lo que hay que hacer. Pero si no es así, te ruego que me digas qué debo hacer a propósito de algunos extremos que te indicaré. Acaso esto del “Centro de Estudios Fingoy” lo consideréis una secuela de Colegio, y entonces seas tú la persona con la que me he de entender para liquidar el asunto. Así que te voy a informar de la situación, para que resuelvas, o en su caso, hagas el favor de solicitar una resolución de quien haya de resolver.

El 10 del pasado tu padre me escribió una carta aprobando propuestas de becas para el curso actual. El 30 del mismo mes, de acuerdo con ello, le envié el presupuesto mensual. Ese día fue el de su fallecimiento, de modo que no recibió esta carta, que estará en poder de alguien o estará en algún sitio en la casa. Lo que te digo ahora es lo siguiente.

Si tu padre no expresó su voluntad sobre el particular, considero extinguida la función de representación que desempeñaba con relación a la “Fundación Fingoy”, que en realidad era una representación personal de don Antonio Fernández López.

Sin embargo ¿hemos de dejar sin efecto las becas concedidas al Instituto de la Lengua y a otras personas para este curso, y cuyo otorgamiento, desde luego, se comunicó a los interesados? Vosotros, o tú, o quien sea, veréis o verás lo que se hace. Si deseáis que se abonen esas becas, estoy dispuesto a hacerlo en la forma acostumbrada hasta el 30 de septiembre. Desde luego, en todo

caso renuncio a la remuneración que percibía como director de un “Centro” que considero extinguido salvo a efectos de liquidación. De momento, he dicho a los beneficiados que quedan en suspenso sus beneficios. Como han trabajado todo el mes de octubre, y han continuado haciéndolo hasta hoy, aunque sin compromiso por mi parte desde el 1º de noviembre, te agradecería que me comunicases pronto lo que decidáis sobre el particular. Nada más, querido Gonzalo. Muchos recuerdos a todos, y un fuerte abrazo de tu viejo amigo,⁸

3. Carballo Calero en Fingoi

Falaremos de Fingoi e non só do nome do colexio que Carballo dirixiu durante quince anos. Fingoi era tamén unha paisaxe que o envolvía e á que lle dedicou en 1961 un poemario co título de *Salterio de Fingoy*, que Ramón Reimunde remedou como *Cautiverio de Fingoi* para referirse aos anos lugueses de Carballo. En verdade, os salmos do poemario non son cantos de alegría e loanza senón máis ben salmos penitenciais e de soidade. Fingoi era daquela un descampado con algunhas casas baixas que bordeaban a chamada “Carreteira da Granxa” e algunhas fincas de labor. Era unha aldea afastada da cidade de Lugo. No medio dese descampado erguíase, solitario, o edificio do Colexio Fingoi. Unha das condicións que levaba consigo o cargo de director do colexio era a de que debía vivir no mesmo colexio.

A mediados dos corenta Antonio Fernández López, o empresario lucense que xunto cos seus irmáns eran fundadores e donos de empresas tan importantes como Titania, Frigsa ou Transfesa, concibe a idea de crear un colexio experimental e moderno, cousa que podía parecer insólita no Lugo daqueles tempos. E aínda máis cando non se pensaba na súa rendibilidade económica senón na docente. É dicir, en principio, un mal negocio. Carballo Calero sabe deste proxecto a través do seu amigo e, coma el, antigo militante do Partido Galeguista, Álvaro Gil Varela. Era este un enxeñeiro de montes que traballara na Misión Biolóxica de Pontevedra con Cruz Gallástegui, que sufrira represión e cadea na Guerra Civil e que en 1949 entrara a traballar en Zeltia, unha das empresas dos Fernández López. Foi un trazo singular destes empresarios o de contratar para as súas empresas persoas que militasen

⁸ A carta remata coa sinatura autógrafa de Ricardo Carballo.

no galeguismo ou que foran represaliadas durante o franquismo. Tal é o caso de Isidro Parga Pondal, Fidel Isla Couto, Valentín Paz Andrade, Pousa Antelo, Ramón Obella, Ferrán Calvet, Faustino Cordón e tantos outros. Carballo Calero pasaría a formar parte deste grupo de destacados intelectuais e científicos a través da recomendación de Álvaro Gil, que o propón como director do futuro colexio e executor da idea de Antonio Fernández.

A idea é firme mais a súa realización aínda tardará. A Carballo a idea parécelle moi boa mais lenta e pouco segura. As noticias do avance ou estancamento do colexio chéganlle a Carballo moi de tarde en tarde. El quéixase en carta aos amigos, sobre todo a Ramón Piñeiro e a Fernández del Riego, da pouca información que ten sobre a súa posible contratación. A idea gústalle e quere saír de Ferrol. Con data de 7 de outubro de 1949 escríbelle a del Riego: “Entre tanto, debo atenerme a mi trabajo en Ferrol, tan ingrato como poco remunerado e inseguro” (Carballo Calero, 2006: 103). A súa situación, naqueles anos de posguerra, era a dunha persoa en liberdade condicional tras catro anos de cadea en Xaén. Estes antecedentes penais, que tardará en cancelar, fan que non se poida colexiar no Colexio de Licenciados e Doutores para poder dar clase, xa non no ensino público, senón tamén no privado. Non tiña autorización para asinar actas. Era, di el mesmo, un profesor clandestino que vivía a mercé de quen o empregaba. Daba clases particulares e en diversas academias de Ferrol, tales como a Academia Rapariz, a Dafonte, a Jorge Juan ou a Cervantes. Do seu paso polo Centro de Enseñanza General queda o testemuño dun ex alumno que hoxe en día publica un blog co título *El Camarón de Malabo* e que se fai chamar Rashomon. O 2 de xaneiro de 2013 publicou unhas notas sobre Carballo Calero nas que recoñece que don Ricardo e dona Ignacia foron uns dos mellores profesores que tivo no Bacharelato. Di tamén que don Ricardo “dejaba hablar en gallego o en castellano indistintamente pero prohibía terminantemente mezclar idiomas, cualquier desliz hacia el castrapo te lo convertía en un cero. Alguien dijo una vez 'estas días' y lo expulsó de clase por reincidente”. As notas rematan co seguinte retrato⁹:

⁹ As citas proceden de Rashomon [Ramón Terrones Pazos]. Están extraídas da entrada titulada “XXVI. Uno: Ricardo Carballo Calero... y... el caballero medieval”, *El Camarón de Malabo*, 2/01/2013 [<http://elnoticieropocho.blogspot.com/2013/01/i-ricardo-carballo-calero-y.html>].

Don Ricardo era un hombre puntual, irónico, con gran sentido del humor que se le veía en los ojillos, y muy cuidadoso. Llegaba a clase con su sombrero y su portafolios. Usaba reloj de bolsillo con leontina que colocaba sobre su mesa para controlar la marcha de la clase. Y a un lado del reloj, un lápiz estilográfico que tenía más misiones que escribir...

Case dez anos pasou en Ferrol nesa situación. Cando lle falan do futuro Colexio Fingoi e da súa posible dirección, non dubida. Deixar aquel traballo degradante supoñía tamén deixar Ferrol. En decembro de 1949, polo Nadal, produciuse en Lugo a primeira entrevista que tivo con Antonio Fernández López sen persoas interpostas. En palabras textuais de Carballo, Antonio Fernández “díctalle” un programa educativo e ofrécelle a dirección ou nada. Pasa o tempo e, en xullo de 1950 e tamén en Lugo, os dous homes chegan a un acordo. O 20 de setembro dese ano Carballo xa está en Lugo. Vén el só, pois a familia terá que esperar. Carballo está agora preocupado polo traballo da súa muller, que en Ferrol era profesora axudante de institutos. Pretende que traballe en Lugo coa mesma titulación.

Como o edificio do colexio, un proxecto de Gómez Román, aínda non está terminado, o traballo de Carballo, mentres non se acabe, será o de dar clases particulares aos fillos de don Antonio. A súa situación comezará a normalizarse no curso seguinte cando se inaugure o colexio de forma oficial. Con todo, nesos primeiros tempos os alumnos de Fingoi teñen que examinarse por libre nos Institutos de Lugo, masculino e feminino.

O COLEXIO FINGOI

A singularidade do Colexio Fingoi de Lugo fronte a outros centros de ensino tanto públicos como privados é moi evidente. Carballo chegou a dicir que Fingoi era unha especie cun único individuo. Nos estatutos do colexio dise que a educación deberá ser experimental, mais tamén experiencial. Haberá que partir do alumno e personalizar no que se poida, non haberá libros de texto, os contidos subordinaranse aos ciclos da natureza, o traballo será intelectual mais tamén manual, a coeducación é imprescindible, non haberá castigos, e menos corporais, os problemas resolveranse en reunións das distintas partes, serán importantes as actividades musicais, o teatro, as excursións... Aí están no ideario de Fernández López reflectidos nos estatutos tanto a tradición da Institución Libre de Enseñanza como as experiencias de Freinet que na España

anterior á Guerra Civil se materializaron nos movementos da Escola Moderna. Pedagogos e sociólogos estudaron e estudarán a experiencia de Fingoi, mesmo os seus fracasos, pero ninguén negará a súa singularidade e o seu éxito final, que o leva a perdurar ata hoxe en día mantendo aqueles principios, insólitos nos anos corenta, en plena posguerra.

Conseguir que fose legal tal modelo de colexio non debeu de ser moi doado. A influencia ante o aparato administrativo que puidese ter un empresario do talle de Antonio Fernández debeu de ser grande. Con todo, había unha lei que podía ser usada para o proxecto. Era a Lei de Educación Primaria de 17 de xullo de 1945 (BOE 18 de xullo), no artigo vinte e seis, titulado “De Patronatos”, no seu apartado c) di textualmente que serán escolas de patronato: “las que con carácter obligatorio, preceptuadas por las leyes sociales, instituyan las Empresas agrícolas, mineras o industriales o las explotaciones particulares”. No apartado d) di tamén: “las que por legados o fundaciones creen los particulares con carácter benéfico docente”. Esta debeu de ser a fisura pola que se coou naquel ermo cultural e educativo da posguerra o orixinal proxecto do empresario lucense. E con éxito.

Como reconece Carballo na carta a Gonzalo Fernández Puentes –que agora publicamos–, Fingoi chegou a ter dúas estruturas que coexistían, unha como Escola de Patronato, que contiña o Ensino Primario e que permitía ter mestres estatais como profesores e a outra a dun colexio privado de Bacharelato. De aí tamén os seus éxitos e cumprimento do ideario primixenio. Mellor na Primaria, non tan eficaz no Bacharelato.

Hai que incluír neste proxecto educativo de Antonio Fernández López a que se chamaba no momento Escuela Primaria de Orientación Agrícola Granja de Barreiros, en Ortoá, Sarria, que tamén era unha Escola de Patronato. Foron mestres nela Avelino Pousa Antelo (1948-1955), Valentín Arias (1955-1965) e Ramón Paredes (1965-1972). En 1972, trala lei Villar Palasí, moitas destas escolas pasaron a ser escolas privadas subvencionadas. Así se explica o peche da escola de Barreiros en 1972 e que o seu mestre, Ramón Paredes, pasara a engrosar a nómina de mestres de patronato do Colexio Fingoi en Lugo. Nesta Granxa de Barreiros e no Colexio Fingoi fixéronse cursos, durante anos, para os mestres rurais. De aí saíu a idea de recoller contos e lendas nas parroquias das escolas, recollida que se plasmou, como xa dixemos, no libro editado polo Centro de Estudios Fingoi *Contos populares da provincia de Lugo*.

Non eran casos illados. Hai que pensar en todo isto como parte dunha operación máis ampla e de longo alcance. A Fingoi e á Escola de Barreiros, hai que engadir a participación de Antonio Fernández López en proxectos tales como a editorial Galaxia, a *Revista de Economía de Galicia* (1958) ou a Fundación Penzol, que son institucións clave no devir da Galicia daqueles tempos.

Carballo Calero chega a Lugo para dirixir o Colexio Fingoi pero tamén como un elemento máis desa política cultural que se está argallando desde a editorial Galaxia, especialmente co labor de Ramón Piñeiro e o de Fernández del Riego, que son, xunto con Álvaro Gil, os valedores de Carballo ante Antonio Fernández López.

CARBALLO CALERO NO COLEXIO FINGOI

O compromiso de Carballo é dobre. Por un lado, está a lealdade debida a Antonio Fernández López no cumprimento do seu traballo e polo outro o labor cultural que comparte, cando menos, cos amigos da editorial Galaxia, que serán os que publiquen as súas obras máis importantes. Se en Ferrol tiña un traballo precario, mal pagado cando non degradante, en Fingoi logrará esa estabilidade desexada e un salario seguro. Pero o esforzo será importante porque Fingoi esixirá a súa dedicación plena e ademais vivir no mesmo edificio do colexio xunto coa súa familia. No seu artigo “Quinze anos en Lugo” (1984)¹⁰, ao falar da dureza do traballo, fala da sensación de illamento e soidade. En cartas aos amigos, chega a chamarlle á súa casa “tobo” e “eremitorio”. A súa filla María Victoria na revista *Terra e Tempo* explica que a vida en Fingoi era semellante á dun internado, xa que estudo e domicilio estaban no mesmo edificio¹¹. Carballo comeza axiña a queixarse de que Fingoi absorbía todo o seu traballo e o seu tempo. En carta a del Riego do 28 de novembro de 1954 dille: “nin saio de Fingoy nin fago outra cousa que traballar no Colexio, xantar e dormir” (Carballo Calero, 2006: 161).

¹⁰ “Quinze anos em Lugo” (1974), *Letras galegas*, vol. 1. A Corunha: Associação Galega da Língua (AGAL), 1984, pp. 113-121.

¹¹ María Pilar García Negro e Xoán Carlos Garrido Couceiro (2010-2011): “Entrevista a María Victoria Carballo-Calero Ramos”, *Terra e Tempo*, “Dossier Carvalho Calero”, 155-158, (xullo 2010-xuño 2011), pp. 121-123.

Noutra carta, esta vez dirixida a Piñeiro, do 17 de xuño de 1961, dille: “Fingoy, pola súa constitución interna, será sempre un monstro devorador de oxígeno, que sempre me ameazará coa asfixia” (Alonso Girgado *et al.*, 2015: 265). E non só se queixa do traballo, que por veces chega ás once horas diarias e que lle rouba todo o tempo e non lle deixa facer o que el quere, que era escribir, quéixase tamén do salario. Percibía unha cantidade fixa polo cargo e outra polo número de horas impartidas, de tal xeito que nalgúns meses os seus ingresos son inferiores aos que cobraba en Ferrol. En carta a del Riego de 28 de novembro de 1954 dille: “A maor parte dos meus emolumentos compútanse por hora de traballo, de xeito que un viaxe, unha doenza ou calquer outro cese nas actividades docentes, incluso as vacacións, supoñen pra min diminución de ingresos” (Carballo Calero, 2006: 161-162). Quéixase, mais non se moverá de Fingoi. Volver a dar clases en academias particulares é xa cousa do pasado.

Carballo vivía nunha continuada insatisfacción que mesmo reconece a súa filla, María Victoria, na entrevista xa citada. Ata o momento, a vida non se portara con Carballo. Sofre en plena xuventude a perda do traballo, a Guerra Civil, a separación da súa familia, non coñece a filla que lle acaba de nacer ata cinco anos despois, é condenado a 12 anos de cadea e soporta a prohibición de traballar no ensino oficial (conseguirá a cancelación de antecedentes penais o día 22 de maio de 1963). Só poderá acceder a traballos precarios e mal pagados. E agora, cando el pensaba que Fingoi sería toda unha liberación, o traballo móstrase como unha asfixia paralizante e vese na obriga de responder a ese duro compromiso que, dado o seu carácter escrupuloso e cumpridor, aínda se fará máis duro. Carballo non delega case nunca, todo ten que ser supervisado por el. Mesmo nas representacións teatrais que se facían no colexio e que tanta sona tiveron, Carballo aprendía todos os diálogos da obra que ían representar e facía a súa propia actuación para que os alumnos puidesen imitalo como modelo. Queixábase de tanto traballo, mais Carballo non paraba de traballar.

Carballo vai pouco por Lugo. Só aparece de vez en cando polo faladoiro do Méndez Núñez, onde se reúnen Fole, Celestino F. de la Vega, Pimentel, Ánxel Xoán ou Cunqueiro, cando estaba de paso. Asiste a algunha exposición de pintura e a concertos musicais. Vai algunha que outra vez polo Círculo das Artes, e mesmo dará alí algunha conferencia,

pero pouco máis. Fingoi estaba “lonxe” de Lugo e parece que non ten alí moitos intereses. Nun artigo do *Anuario de la Sociedad Española de Literatura General y Comparada* titulado “Sobre la poesía de Luís Pimentel” (1980), Carballo escribe:

El Lugo de Pimentel tiene la vida vencida de una pequeña ciudad provinciana, alejada de los focos centrales de energía; el encanto resignado y vespertino de lo lejanamente periférico, a donde llega amortecida la onda de la sangre que palpita atropelladamente en la gran capital. Rincón triste y apacible, dorado por el sol de las tardes lentas de otoño, en el que el poeta, como una abeja, se ha labrado su celda; como un gusano se seda, se ha tejido su capullo: en la que encierra, en el que se esconde, para fabricar su miel, para dormir su sueño (Carballo Calero, 1980: 45).

Se comparamos a vida do poeta Pimentel nese Lugo provincial e periférico coa de Carballo, este nin sequera vive nese “rincón triste y apacible”, senón máis alá, máis afastado de todo e de todos. Vive entregado a Fingoi e, cando pode, á escritura. En carta a Piñeiro de 12 de febreiro de 1962 dille que el é un “humilde xerente dunha empresa privada que require a miña atención continuada durante todo o día pra manter o funcionamento dos servicios, tan complexos como difícis de asegurar” (Alonso Girgado *et al.*, 2015: 283). Apenas ten tempo para máis. Só para a escritura que será a súa verdadeira paixón, por riba de todo.

Cara aos anos sesenta, Carballo empeza a desexar un traballo máis tranquilo. E faillo saber aos amigos de Galaxia. En carta de Ramón Piñeiro, de 15 de xuño de 1964, este dille que comprende moi ben as súas arelas de máis sosego no traballo (Alonso Girgado *et al.*, 2015: 328). E como nos anos corenta cando intermediaron para que Carballo se fixese cargo de Fingoi, Piñeiro e compañía comezan a traballar en favor de Carballo, o seu amigo. O autor de dúas obras básicas na cultura galega, xa citadas, a *Historia da literatura galega* (1963) e *Gramática elemental del gallego común* (1966), que acadou sete edicións, merece máis premio que dirixir Fingoi. O que fai Piñeiro é mover aos amigos. Unha vez máis, o grupo de Galaxia ponse a andar. É Piñeiro o primeiro que fala da “revalidación da adxuntía”, como posible solución ás inquedanzas de Carballo. Referíase a conseguir que aqueles cursos para acceder a cátedras de Instituto que Carballo aprobara

en Madrid en xullo do 36, xusto antes de comezar a Guerra Civil, acadasen carácter de legalidade naqueles anos sesenta do franquismo. E o milagre obrarase. Carballo rematará en 1966 unha oposición que comezara no 1936.

A finalidade da reivindicación deses cursos non só é a de facer adxunto numerario a Carballo, que o será, senón a de proporcionarlle un salario suficiente para vivir que lle permita abandonar Fingoi. Por detrás de todo isto está outra das operacións dos de Galaxia que é a de converter a Carballo en profesor de Lingua e Literatura Galega da recentemente creada Facultade de Filoloxía, fundada en 1962. A especialidade de Linguas Románicas tiña a Lingua e Literatura Galega como materia no 5º curso. Carballo alégrase de que os seus amigos pensen nel como profesor universitario, mais xa está desenganado dabondo. Sábese, en palabras súas, “xoguete do destino”. Laméntase de ter chegado a vello ata o extremo de poder ser avó, non ter logrado unha situación minimamente estable na vida. Non ten moitas esperanzas pero acepta o reto. E todo comeza a saír con ben. En carta de 18 de xaneiro de 1963 Piñeiro comunicalle que a Xunta da Facultade propuxera a Carballo para ocupar a cátedra de Lingua e Literatura Galega. Con todo, o nomeamento oficial aínda tardará. Só en setembro de 1965 Moralejo, o decano de dita facultade, ofrécelle o encargo da cátedra. O salario é ridículo, pero Carballo séntese obrigado a aceptar. É unha faceta máis do seu compromiso co galego e con Galicia. Tamén cos seus amigos de Galaxia.

Todo isto terá “cumprido fin”, mais antes deberá superar algúns obstáculos. Para cumprir o que el cre que é o seu deber, atopa inconvenientes importantes. Por mor do escaso salario, aínda non pode abandonar Fingoi. Durante un ano, irá e virá de Lugo a Santiago dous días por semana, martes e mércores, e deixará tamén de ser conselleiro director; queda só como profesor. Polo tanto, precisa que se recupere o máis pronto posible a legalidade daqueles cursos para o acceso ás cátedras. Os de Galaxia moveron os fíos e, parece que coa axuda de Sánchez Cantón, conséguese o que se quería. Logrouse que o Ministerio de Educación convocase aos cursillistas de 1936 que tivesen aprobadas as dúas primeiras partes do dito “cursillo” e reunisen as condicións sinaladas nos números primeiro e segundo do decreto 2525/1964 de 21 de xullo (BOE 23 de agosto). A resolución de 31 de xullo de 1965 (BOE 25 de agosto) dá a relación de aspirantes que podían optar aos beneficios do anterior decreto. Carballo está entre eles. A axuda foi importante, pero a

operación era arriscada. De saír mal, Carballo podería quedar sen nada. A súa situación en Fingoi é cada vez máis delicada e o soldo da facultade non dá nin para empezar a vivir e Carballo ten xa 55 anos. A oposición, un “exercicio didáctico” segundo o decreto, terá lugar o 10 de outubro de 1966. Carballo necesita sacar o número un para poder elixir destino en primeiro lugar e escoller o que quería, que era a praza de adxunto numerario no Instituto Feminino de Santiago. Houbo tres opositores de Lingua Española e Carballo sacou ese desexado número un. Agora si poderá abandonar definitivamente Fingoi tras quince anos. O único lazo que o une agora co seu antigo colexio é a dirección do Centro de Estudos Fingoi, que liquidará en 1972 tras a morte de Antonio Fernández. O curso 1966-1967 xa está en Santiago. Vén só, porque a familia terá que esperar, sobre todo a que a súa esposa consiga o traslado desde Lugo. Vivirá en Xelmírez 15, no primeiro piso. Nese edificio habitan tamén Xosé Manuel Beiras e a súa muller, e Ramón Piñeiro e a súa esposa. O edificio enteiro pertencía a Domingo García Sabell.

Carballo será catedrático de Lingüística e Literatura Galega na Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela en 1972. Ese era o destino inicial e cumpriuse.

Bibliografía

- Alonso Girgado, Luís *et al.* (2015): *Epistolario Ricardo Carballo Calero-Ramón Piñeiro (Historial dun libro)*. Cadernos Ramón Piñeiro (Cadernos galegos de pensamento e cultura), XXXIII. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia-Centro Ramón Piñeiro para Investigación en Humanidades.
- Carvalho Calero, Ricardo (1974): “Quinze anos em Lugo”, *Letras galegas*, vol. 1. A Coruña: Associação Galega da Língua (AGAL), 1984, pp. 113-121.
- (1980): “Sobre la poesía de Luis Pimentel”, *1616: Anuario de la Sociedad Española de Literatura General y Comparada*, 3, pp. 41-50.
- (2006): *Epistolario a Francisco Fernández del Riego*. Vigo: Galaxia.
- García Negro, María Pilar e Xoán Carlos Garrido Couceiro (2010-2011): “Entrevista a María Victoria Carballo-Calero Ramos”, *Terra e Tempo*, “Dossier Carvalho Calero”, 155-158 (xullo 2010-xuño 2011), pp. 121-123.

Un Carvalho baixo o fado do escorpión

HENRIQUE DACOSTA
(Profesor/Escritor)

Unha vez finalizada a Guerra Civil española, o xénero novelístico non se reinicia para a literatura galega en tanto non foi publicada *A xente da Barreira*, de Ricardo Carvalho Calero. Escrita xa na década dos anos corenta, virá a lume en 1951, após logrado con ela o premio de narrativa Editorial de los Bibliófilos Gallegos, convocado en 1949. Elaborada por Carvalho en Ferrol despois de saír de prisión en maio de 1941 en condición de “penado en liberdade condicional”, naceu esta historia, disque, de certas conversas familiares, cuxa ambientación localizaría en terras do centro-leste da provincia de Lugo, de onde procedía a familia da súa muller, María Ignacia Ramos. Reflicítese nela a decadencia e ruína da fidalguía rural, elemento recorrente na historia galega contemporánea, e literariamente desenvolvido de xeito profuso por Ramón Otero Pedraio no seu momento.

Mais fóra doutros contributos narrativos de moita menor extensión, elaborados e reelaborados, non será até 1987 que Carvalho Calero publique a súa segunda e derradeira novela longa, *Scórpio*¹. Ao ano seguinte, 1988, obterá con ela o Premio da Crítica Española. Unha novela que, argumentalmente, seguirá de preto a vida do propio Ricardo Carvalho Calero, ora sempre por medio de elementos agregados e ficcionais. Por enteiro, a diexese posúe unha fasquía calidoscópica, fragmentaria pois, con monólogos que nos aproximan á técnica teatral. Deste xeito, o protagonista da historia, Rafael Martínez Pinheiro, goza da virtude de nunca comparecer en escena, o que o vén converter nunha das peculiaridades máis notábeis da novela. O resto de personaxes que van aparecendo (non na súa totalidade, aínda que case²) serán

¹ Estas son, até o momento, as diferentes edicións que existen de *Scórpio*:

- *Scórpio*, Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 1987 (1ª ed.) / 1989 (2ª ed.).
- *Scórpio*, Asociación Socio-Pedagóxica Galega, A Nosa Terra-Promocións Culturais Galegas, Vigo, 1997.
- *Scórpio*, Através Editora, Santiago de Compostela, 2017 (1ª ed.).

² Pois todos aluden e falan acerca de Rafael Martínez Pinheiro, salvo os casos concretos de, por exemplo, un contramestre, que relata a rebelión do acoirazado España no Arsenal de Ferrol; un xornalista, que relata o consello de guerra a diferentes membros políticos e militares ferroláns; de Francisco Franco Bahamonde, que fai un comunicado ás diferentes

os que nos falen sobre el, Rafael. Actúan como diferentes voces narradoras (contabilizamos un total de 34³) que, de forma poliédrica, van construíndo unha sorte de quebracabezas a través desa información indirecta de que se nos vai fornecendo.

O escorpión, conforme nos di a astroloxía, é o oitavo dos signos do zodíaco e está rexido por Plutón, que o dotará dunha enerxía que o torna invencíbel. Está considerado un dos signos máis emblemáticos debido á enorme variedade de formas por medio das cales se pode expresar e que, sen medo a nos enganar, vemos reflectido no noso personaxe de ficción, Rafael Martínez Pinheiro. Quer se deixe levar polos seus instintos, quer se converta en Ave Fénix para rexurdir das súas cinzas, o nacido so este signo será capaz de se rexenerar e comezar algo totalmente novo. Vive apaixonada e intensamente, de modo que é preciso goce dun enorme grao de madurez. E, alén disto, importa tamén a maneira en que o noso protagonista chega a establecer as súas relacións con respecto a outro signo do zodíaco, como é saxitario⁴, heterónimo dun dos personaxes máis relevantes da historia, Jorge Bermúdez, e signo zodiacal complementario.

Dunha maneira xenérica, catro son, ao noso entender, os eixos temáticos sobre os que xira a produción narrativa de Ricardo Carvalho Calero: 1. narracións que orbitan de arredor da crise da fidalguía (*A xente da Barreira* e *Os señores da Pena*); 2. narracións centradas no imaxinario autobiográfico do autor (*O lar de Clara*, *As pitas baixo a chuvia*, *Os tumbos* e *Scórpido*); 3. narracións de natureza introspectiva (*Aos amores serodios* e *Scórpido*); 4. narracións de natureza allea ou foránea (*A cegoña* e *Provérbios otomanos: de Selim a Solimán*). Non albergamos dúbida ningunha: *Scórpido* é a narración máis interesante, desde os máis diversos puntos de vista, e a máis complexa de todas as súas narrativas. A este respecto, concordamos co dito por Arturo Casas (2017: 275) ao se referir a ela, xunto co seu derradeiro

forzas militares que son leais ao alzamento; ou o transmitido por Francisco Largo Caballero ao pobo de Madrid e aos combatentes da fronte, nun chamado desesperado co fin de que non claudiquen ante o avance do inimigo.

³ Podemos adiantar que algúns comparecen como narradores varias veces. Así pois, Sagitario faíno en 23 ocasións, mais só na I parte. Casado faíno en 21 ocasións: 20 na I parte e só 1 na II. Salgueiro, por súa vez, faíno en 17 ocasións: 9 na I parte e 8 na II.

⁴ A forma con que aparecerá na novela será a de Sagitario.

poemario, *Reticências...* (1990), como o seu testamento literario. Así pois, ben *Scórpio*, ben *Reticências...*, acrisolan o mellor da faceta creadora do polifacético autor que representou Ricardo Carvalho Calero.

A historia de *Scórpio* achámola estruturada en dúas partes. A primeira, que consta de 77 capítulos, abrangue desde o nacemento do seu protagonista, Rafael Martínez Pinheiro, até as oposicións en Madrid antes de estalar a Guerra Civil. A segunda, formada por 59 capítulos, dura os mesmos anos que a propia guerra, tres, de modo que asistimos aquí ao derrubamento da República e á morte de Scórpio/Rafael ao pé de Cleo despois dun bombardeo en Barcelona. Transcorre a acción, por tanto, ao longo dos vinte e oito anos da vida do seu protagonista, nacido en 1910 e morto en 1938. A diexese espacial é tamén ben precisa: Ferrol, Compostela e Salamanca (na primeira parte) e Madrid, Valencia, Andalucía e Barcelona (na segunda). O personaxe biografado, co retrato social da época, das familias, das mulleres, dos costumes universitarios e outros importantes aspectos, ben minuciosos doutro lado, acerca do conflito bélico que lle toca vivir, vai ser plasmado por medio da perspectiva de, polo menos, 34 narradores.

De partida, queremos facer fincapé na enorme complexidade de voces, técnica, xogos, disfraces etc., a que asistimos como receptores do relato *Scórpio*. Dígase de paso que existe unha faceta metaliteraria, neste caso desenvolvida por Salgueiro (compañeiro de estudos de Scórpio e Sagitário en Santiago), narrador principal que, nun certo senso, chegaremos a identificar co autor do libro, que podemos denominar autor-textual, e figura en que se enmascara o autor-real, Ricardo Carvalho Calero. Asíócianse Scórpio-Salgueiro, podendo ser o segundo a manifestación real do que Scórpio xamais materializa, quérese dicir, o do activista político, e que di case ao final da novela:

Fum eu o teu criador, ou fum somente unha testemunha da passagem pola terra de unha estranha presenza que como desígnio imperscrutável um criador mais alto desenhou? Haveria que recolher as múltiplas imagens de ti mesmo que nos espelhos puros ou lixados dos olhos que te enxergárom ficárom armazenadas, para tencionar compor a tua imagem verdadeira. (...) Foste talvez o que todos quigéramos ser (p. 259)⁵.

⁵ Cítase pola edición de 2017.

Nunca existirá na diexese o punto de vista dun narrador omnisciente, pois a voz é cedida ás anteditas 33 individualizadas, á parte da de Salgueiro, alén de ficaren nun plano diferente unhas poucas, xa aludidas con anterioridade, que forman parte do relato sen seren transmisoras directas da vida de Rafael Martínez Pinheiro: Francisco Franco Bahamonde, Largo Caballero, un contramestre, un xornalista etc. En suma, estas voces dotan a narración dunha visión polifónica de enorme interese e rendemento para o desenvolvemento diexético. Con todo, e como nos di novamente Arturo Casas (2017: 280): “[...] apesar da polifonia de base, não se narram os mesmos eventos a partir de diferentes perspectivas e só se submete a este processo a recriação de atmosferas, ambientes, situações...”.

Até certo punto, a vida de Rafael/Scórpio alicérase na mesmísima de Ricardo Carvalho Calero, e é nisto ao que nos referiamos cando falabamos de narracións centradas no imaxinario autobiográfico do autor. Antónia, nai de Rafael, morre poucas horas despois de ser dado a luz. A nai adoptiva de Rafael, Aurélia, morrerá de tifo. O ambiente é urbano e burgués, e desenvólvese en Ferrol, describíndose partes do barrio de Ferrol Vello, do da Magdalena e outros. Tamén se cita o lugar do veraneo, a Cabana. En palabras de Martinho Montero Santalha (1993: 27-28): “Primeiro veraneavam em Serantes. Precisamente é nessa casa e nesse curral onde se situam as cenas do relato ‘As pitas baixo a chuvia’”. Por último, e con respecto á época en que se suceden as historias, poderíamos confirmar que veñen coincidir coa da vida do noso autor. De novo Martinho Montero Santalha (1993: 14) nos di:

Para o período que abrangue desde a infancia até os últimos meses da guerra civil española (portanto, de 1910 a 1938 aproximadamente), é muito útil o romance Scórpio (...) sob a forma novelesca que emarca o relato, encerram-se muitos elementos biográficos, ainda que nom sempre seguros de identificar frente aos puramente imaginativos.

Así pois, podemos seguir os pasos de Carvalho Calero, autor, a través dos de Rafael/Scórpio. Ambos estudarán Dereito en Santiago de Compostela, ambos farán o servizo militar nesta cidade. Tanto a muller de un (autor) como do outro (personaxe de ficción) están grávidas e han de dar a luz cando os dous, autor e protagonista da novela, realizan oposicións en Madrid. Do mesmo xeito, podemos sinalar aínda o curso de tenente

levado a cabo por ambos, Carvalho e Rafael/Scórpio, pois faltar o exército republicano de oficiais, estes cursos foron desenvolvidos con certa urxencia. Carvalho cumpría os requisitos: estaba afiliado á FET-UGT e era membro do Partido Galeguista, loitara como miliciano desde o comezo da guerra, tiña informes favorábeis do comisariado político e, alén diso, o exame era de baixo nivel e con poucas dificultades para ser superado. Novamente, logo, os paralelismos entre Carvalho e Rafael resultan evidentes, xa que os dous pasarán por Paterna (Valencia) para o realizaren. Unha vez terminado

com o grau de ‘tenente em campanha’, Carvalho Calero foi destinado ao noveno corpo do exército da república, que depois recibiría o nome de Exército de Andalucía: primeiro esteve destinado em Úbeda (Jaén) e depois na mesma capital provincial (Montero Santalha, 1993: 69).

De maneira máis estrita teríamos de sinalar que máis que de novela autobiográfica —xa que por parte do protagonista non se produce achega ningunha— cumpriría falar de heterobiográfica. Os biógrafos, boa parte dos narradores que nos falan sobre Scórpio, son, por tanto, externos ao propio personaxe. Falamos do punto de vista de narradores autodiexéticos, cuxa perspectiva é múltipla, aínda que periférica, de modo que ficará a xuízo do lector a realidade que se nos mostra, actuando como unha sorte de xuízo instrutor que escoita a alegación das diferentes testemuñas, e así serán as conclusións finais tras a recadación completa de todos os datos.

Asemade, aludiamos arriba ás narracións de Carvalho de natureza introspectiva. E é que, sen se afastar do autobiografismo⁶, o autor parte nunha viaxe á roda de si propio, coma se dunha sorte de “reinventar a (sua) vida em moldes literários” se tratase, en palabras de Carlos-Paulo Martínez Pereiro (1991: 73). O binomio Carvalho-Scórpio é inevitábel desde o seu inicio. O primeiro nace no 30 de outubro de 1910 so o signo do escorpión e o mesmo acontecerá con Rafael, mesmo signo e mesmo ano. Mais seguindo coas asociacións, diremos que a de Scórpio-Sagitário (Jorge Bermúdez, amigo de Scórpio en Ferrol e Santiago) tamén é evidente.

⁶ Nótese o que acabamos de aseverar. Máis que autobiográfica, a novela *Scórpio* será heterobiográfica. En consecuencia, a introspección, e aínda parecendo un contrasentido, darase desde fóra do propio Rafael Martínez Pinheiro. Son os outros, todo o elenco de narradores, os que indagan no *ego* de Rafael/Scórpio.

Ambos son signos complementarios, pois Jorge Bermúdez nace no período zodiacal inmediatamente posterior a Rafael. Ambos son poetas, estudan o mesmo e até é posíbel que amen a mesma muller (Chéli). O casamento de Chéli é xa, previamente, pouco menos que un feito consumado, o coro de voces (Francisco, Sagitário, Socorro...) estánolo a predicir. Mais este narrador desaparece no momento en que decide instalarse como avogado e casar con Merche, situación talvez pouco propiciatoria para o papel que ao heroe, Scórpio, se lle presupón. Merche e este déitanse no día anterior á voda con Jorge Bermúdez (Sagitário), e a partir de aquí iremos observando a evolución do heroe, que xa viamos desde a renuncia ao exercicio da avogacía, de modo que serán outros os que nos narren o decurso vital de Scórpio.

En certo sentido, Casado toma o relevo a Sagitário na II parte. Compañeiro dos novos estudos de Rafael en Salamanca, coinciden nas oposicións en Madrid e, xuntos tamén, participarán na defensa da capital durante a guerra. Segundo Elvira Souto (1991: 95), “Rafael tenta recuperar ao longo deste difícil trajecto, pola ascese guerreira, o terreno perdido a favor de Scórpio”, quen heroicamente —sinalamos nós— rescatará a Casado, ferido no combate, mais que, infelizmente, haberá de morrer ao pouco. Barreiro (11 veces na II parte) será con posterioridade a voz do seu relevo, voz que relatou, por súa vez, a morte do propio Casado.

A biografía de Carvalho Calero vai xurdindo a cada paso, pois podemos ir observando as pegadas deixadas por el na realidade: o Seminario de Estudos Galegos, o Partido Galeguista, os conflitos obreiros, Largo Caballero, Azaña, Franco, a Guerra Civil, a República, Primo de Rivera..., elementos veraces, comúns a Scórpio e a Carvalho. E Salgueiro eríxese nunha sorte de transunto do que o propio Carvalho quixo ser e, nunha certa medida, foi: político e novelista. En palabras do propio Carvalho (Fernán Vello e Pillado Mayor, 1986: 109): “a literatura, a criazón literária, mais que comunicazón co próximo, é comunicazón comigo mesmo. Trata-se de um solilóquio en que o autor e o leitor son personaxes que o mesmo autor interpreta”. O transvasamento, eses vasos comunicantes fanse evidentes en *Scórpio*, cuxa personalidade vemos como se vai construíndo de forma calidoscópica, fragmentaria, por medio da visión dos outros.

A maneira en que é observada a muller, o papel desenvolvido por esta ao longo das páxinas da novela é certamente compensatorio con respecto

ao do home, positivo a fin de contas. Pódese afirmar a prevalencia dun rol, cuxa tendencia é a da igualación entre ambos os sexos. Sen se afastar dunha visión realista, Carvalho sabe equiparar tanto na bondade canto na maldade, tanto nas virtudes canto nos defectos ambos os xéneros. Chéli, por exemplo, fiel amante (con posterioridade esposa de Scórpio), podemos confrontala con Cleo, sorte de “femme fatale”, e xunto á que o protagonista terminará por achar a morte, castigo divino talvez, auspiciado desde unha óptica nitidamente moralista. Porén, son outras moitas as mulleres que pasan pola vida do indolentísimo conquistador, Rafael/Scórpio, para caeren rendidas nos seus brazos, sen que presupoña a máis leve manifestación de vaidade pola súa parte, seducidas unhas, sedutoras outras, de maneira que non hai lugar a prexulgamentos. Alén diso, a sensualidade, a condición erótica feminina, desputa igualmente como campo explorado cunha clara profusión. Abundan as descricións físicas de mulleres. As virtudes, case espirituais e divinas, vémolos, por exemplo, no caso da nai biolóxica de Rafael, Antónia, morta ao el nacer. E, en certa medida, aínda que vista doutro plano, tamén Chéli, pois antóllase portadora destes atributos divinais.

A partir da II parte, vindo a coincidir co comezo da guerra, Scórpio vai pasar, en certo modo, a un segundo plano. O protagonismo cóbrao agora o episodio bélico: a situación social e política previa e durante a guerra, os odios, os fanatismos, as persecucións, os asasinatos... Con todo, o xeito enigmático, a indolencia con que Scórpio vive estes acontecementos é parello ao que vimos na I parte con respecto ás mulleres, ou con respecto á política, así mesmo impasíbel, polo menos en aparencia:

Move-se na trincheira com tam pasmosa segurança, que me dá a impressom de que nom lhe afecta nem o horror, nem a miséria, nem a fealdade da guerra, como se em lugar de ser um combatente do batalhom de milícias dos trabalhadores do ensino, fosse o arcanjo Miguel enviado polo Deus do povo assovalhado a combater pola causa, invulnerável como Aquiles e puro como Galaaz (pp. 200-201).

A narración longa de tipo orgánico, construída sobre unha base xerarquizada ou de subordinación de elementos, non lle é ben acaída a Ricardo Carvalho Calero. De feito, el mesmo o ten manifestado (Blanco, 1989: 239), de modo que as súas preferencias se orientarían “a resolver a

forma narrativa longa mediante a acumulación de formas narrativas breves, xa sexa mediante o relato enmarcado ou mediante algún outro procedemento análogo”. En suma, tal circunstancia non facilita que haxa secuencias descritivas. A concentración e a concisión son consubstanciais ao seu modo de escrita. A súa tendencia, semellante á do conto, é a síntese, ao estilo dun Castelao, dígase de paso, autor polo que Ricardo Carvalho Calero mostraba predilección. Así pois, e a pesar de escribir unha novela próxima das 400 páxinas, ten preferencia polos elementos xustapostos (recórdese a propia disposición textual fragmentaria) ou partes que son autónomas con respecto á totalidade da narración e que explicarían accións e feitos concluídos na súa propia extensión.

A novela é, en suma, un hábil xogo, tanto por parte dun autor-real como por parte do autor-textual, este último manifestándose ironicamente ou zafándose nun difícil quebracabezas en que a confusión e o entrecruzamento de ambos os autores se torna exercicio maxistral. Vexámolo en palabras de Salgueiro (tomadas en orde cronolóxica):

Estou a escribir unha novela rosa? (...) Mas, que clase de obra é? Todo som amorios de rapazes, com alguma nota costumista ou algum traço de época? (...) O começo nom parecia ‘rosa’⁷. Rosa é a vida destes estudantes, ou eles vem-na rosa, porque a vem através do prisma com que vê a vida a classe social a que pertencem (p. 87).

E nom é isto um desfile de modelos numha cidade provinciana... Antónia e Francisco, e Mercedes, e Rosa nom som personagens de conto de fadas. As suas vidas nom som cor de rosa (p. 88). Scórpio é demasiado misterioso para que ninguém poda estar seguro da sua amizade. (...) Agora está em Salamanca. Eu nom estivem nunca em Salamanca. Deixarei-no ir alá? No meu romance podia permanecer em Ferrol ou tornar a Santiago. Para mim é incómodo fazê-lo viver numha cidade que nom conheço (pp. 99-100).

Penso nas figuras femininas da minha abandonada história de Scórpio: umhas, versons literárias (...) outras mulheres sonhadas por mim, que Scórpio nom conheceu nem sonhou. Sonha Scórpio

⁷ Volve outra vez coa ironía, pois está a falar da propia novela que estamos a ler, *Scórpio*, da que levamos 47 capítulos.

com mulheres? Sonha com mulheres o home com que as mulheres sonham? (p. 135).

Scórpio. Quem me havia dizer que ia tropeçá-lo aos poucos dias de eu chegar [a Valência] (...). O meu herói de romance transformara-se num militar e estava esperando que o destinassem a algumha frente de guerra como Tenente em campanha, pois poucos dias lhe faltavam para sair da Escola (p. 219).

Agora me pergunto se nom escrevim realmente esse romance, e nom foste senom umha personagem que eu criei, umha criaçom fugidiza que mal pode apreender o criador (p. 260).

Se sobrevivo, e tenho sossego para isso, talvez retome aquele projecto que outrora alimentei de escrever a tua história. De inventá-la, pois foste sempre um mistério para mim. Mas, quem pensa em escrever a história de um home agora que agoniza todo um mundo?⁸ (p. 268).

Xa a modo de conclusión, desexamos reparar en tres aspectos que nos parecen salientábeis nesta novela:

1. Carvalho Calero asume por medio dela unha visión e misión catártica. A obra do ferrolán é, en xeral, menos comunicativa que autoindagativa, e isto dío Salgueiro unha vez morre Scórpio, no cap. LIV, pois esculca, reflexiona, volve a lanzar preguntas sen resposta que converten o lector, máis que nunca, en elemento activo que recompoña todos e cada un dos fragmentos do puzzle Scórpio, xa que psicoloxicamente se antolla un personaxe dunha gran complexidade. En palabras de C. Delgado Corral (1989: 336-337):

Salgueiro cria umha relación particular com o leitor e outro argumento: a vida dum possível autor de romances com um projecto: o romance da vida de Scórpio. Os dous temas, a vida de Scórpio e o projecto literário de Salgueiro, están em harmonia porque as vidas dos dous protagonistas som tangentes. (...) O romance Scórpio vai-se facendo ao mesmo tempo que Salgueiro expom o seu projecto. O romance Scórpio coincide com o projecto de Salgueiro. (...) Salgueiro tem ademais o privilégio de fechar o romance.

⁸ Derradeiras palabras que fechan a novela *Scórpio*.

2. A novela é orixinal e experimental, complexa tecnicamente, tanto polo que xa Salgueiro metaliterariamente nos foi dicindo, como pola capacidade de ir levando adiante os parlamentos de 34 voces, converxentes e diverxentes á vez nos seus puntos de vista, alén do intricado mundo simbólico en que se move o escorpión, á caza (sexual), ora sempre, lembremos, de xeito indolente (Eugénia [irmá de Cleo], Amália [esposa do profesor Maluquer], Merche [muller de Sagitário] e Cleo, coa cal non sabemos con certeza se xaceu, mais que, segundo Elvira Souto (1991: 97)

encarna, melhor do que qualquer outra das numerosas figuras que povoam esta historia, a imaxe da muller mítica, esa imaxe simbólica com que se significa em tantos relatos o objecto buscado polo iniciante que é em última análise a finalidade da viagem heroica.

E é que, en efecto, até é posíbel que haxa tal viaxe heroica, pois de certo cumpre coas premisas con que o heroe se debe conducir: 1) fantasía do nacemento (pai incógnito, nai con virtudes virxinais); 2) presenza dun compañeiro (Sagitário) e dúas mulleres antagónicas que o solicitan (Chéli/Cleo); 3) realización de probas que o revelen como salvador (compromiso político, afouteza no campo de batalla...); 4) conquista do tesouro (foxe para Barcelona da tea de araña, mais non é capaz de evitar ser finalmente apañado por Cleo) e regreso —truncado— á casa.

3. Aínda é preciso sinalarmos a natureza de saga que posúe esta novela, ao mesmo tempo que o seu carácter épico, ao presentar nela o destino da xeración que participou na guerra.

Ricardo Carvalho Calero creou, en fin, a súa inmortal e poliédrica *Scórpio*, monumental narración que aglutina saga e epopea, heterobiografía e “introspección”, perspectiva sociolóxica e, aínda, unha diexese en chave mítico-simbólica. Agradecemento máximo, pois, a quen soubo converterse no iniciador da prosa de ficción de posguerra coa publicación en 1951 d’*A xente da Barreira*, alén de ser o impulsor da novela contemporánea en lingua galega por medio, sobre todo, da orixinalísima *Scórpio*, se non pedra angular da nosa narrativa, si para colocala dentro da modernidade e alcanzando con ela patentes doses de alta literatura.

Bibliografía

- Blanco, Carmen (1989): *Conversas con Ricardo Carballo Calero*. Vigo: Galaxia.
- Carvalho Calero, Ricardo (2017): *Scórpio*, epílogo de Arturo Casas. Santiago de Compostela: Através Editora.
- Casas, Arturo (2017): “Agora que agoniza todo um mundo. Epílogo a *Scórpio*” en Ricardo Carvalho Calero, *Scórpio*. Santiago de Compostela: Através Editora, pp. 271-292.
- Dacosta, Henrique (2007): *Ferroláns na Historia da Literatura Galega*. Ferrol: Edicións Embora.
- _____ (2020): *Carvalho Calero. Vida e obra dun ser polifacético*. Vigo: Xerais.
- Delgado Corral, C. (1989): “Salgueiro: A voz de um autor de ficção”, *Agália*, 19, outono, A Coruña-Ourense, pp. 331-341.
- Fernán-Vello, Miguel Anxo e Francisco Pillado Mayor (1986): *Conversas en Compostela con Carballo Calero*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Martínez Pereiro, Carlos Paulo (1991): “‘Scórpio’ ou a moi intelixente caza-cruzada dun fantasma” en Xan Carballa, Fernando Cuñarro Pintos e Cesáreo Sánchez (coords.), *Ricardo Carvalho Calero: a razón da esperanza*. Vigo: Promocións Culturais Galegas, col. A Nosa Cultura, 13, pp. 71-76.
- Montero Santalha, José-Martinho (1993): *Carvalho Calero e a sua obra*. Santiago de Compostela: Laiovento, col. Ensaio, 21.
- Quiroga, José Carlos (1987): “*Scórpio*. História rosa e narrador polifónico”, *Agália*, 12, inverno, A Corunha-Ourense, pp. 485-490.
- _____ (1990): “Acerca do conjunto narrativo de Carvalho Calero (parábola geométrica)” en María do Carmo Henríquez Salido (ed. lit.), *Actas do III Congreso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza. Em homenagem ao professor Carvalho Calero*. Vigo-Ourense: AGAL, pp. 593-608.
- Souto, Elvira (1991): *Viagens na Literatura*. Santiago de Compostela: Laiovento.

***Scórpio*, um romance fundacional**

CARLOS QUIROGA
(USC)

Talvez se possa qualificar *Scórpio*, como construção artística que vai consolidando várias singularidades, de romance fundacional. Antes de apontar para, pelo menos, quatro vertentes básicas que tentem justificar o sustento e até alicerce quadrangular para tal afirmação, em termos mais racionais do que metafóricos ou geométricos, vamos realizar uma rápida contextualização. Deitaremos mão inclusive de sínteses que já efetivamos muito anteriormente, a propósito de autor e obra(s), para acrescentar sobre elas algumas modulações. Começemos por advertir que será porventura a narrativa de Carvalho Calero aquela parte que achamos mais acessível da produção criativa do autor, no conjunto da dilatada obra do maior polígrafo que viu o século XX galego. Desde logo mais pacificamente abordável que o rio incessante do persistente poeta vocacional que sempre foi, emanando em duas línguas e cobrindo toda a vida. E consumível preferente em termos de público e até de exegese breve, mesmo antes que as peças de textos para teatro, cuja representação cénica seria requerida para alcançar plenitude artística. No entanto, não seria difícil admitir que as arrumações genéricas, como convenções funcionais a efeitos de comodismo analítico, no caso e mais que nunca estorvam, pois não deixa de haver entre umas e outras variedades contaminações e fluências cujo conhecimento retroiluminaria, a partir do todo, tanto aquele como qualquer interesse por um outro recorte. Algo que aqui não se fará, até porque as possibilidades de relacionamento atingem inclusive a crítica literária, o ensaio, e naturalmente todas as modalidades em que formulou pensamento e argumentação de teor linguístico, ainda que só seja pela efetivação prática que de pressupostos teóricos se dessem.

Como se vai intuindo, estas demarcações só pretendem dar relevo à complexidade do conjunto e anunciar os afunilamentos elementares. Também escusam não só falibilidades como a falta de abrangência ideal. Em coerência com o espaço disponível, vamos comportar-nos à prosa literária e particularmente resignar-nos a *Scórpio*, na assepsia de mínimas conexões e evitando voos e até ligações de maiores, tão fundadas como a que cabe entre este romance e, por exemplo, a peça dramática *Os xefes* (1982), por não falar em poemas. Quanto à destrinça de ligações internas, dentro da

narrativa carvalhiana, desculpe-se a licença de remeter para conclusões já propostas trinta anos atrás, nas que um primeiro estudo de conjunto achava merecimentos vários nos seus títulos, invocando diferenciados fatores, “mas sobretudo a particularidade de AMO [*Aos amores seródios*], essa pintura cubista dentro do conjunto narrativo comentado” (Quiroga, 1992: 608). Também *Scórpio* tinha distinção por ser este o único romance propriamente dito, decorrer na etapa histórica correspondente, apresentar analogias biográficas com o autor, e especialmente ter uma estrutura e um ponto de vista que qualificamos de “eu regente de acção verbal narradora”, o qual representava certa novidade. Foi esta última característica que colocamos em maior destaque, dando uma volta de parafuso à apreciação de “narrador polifónico” em precedentes resenhas, quando estava de fresco a edição do livro (Quiroga, 1987 e 1988). De tal inovação era consciente o próprio Carvalho quando estava a escrever o romance, pois afirmava que se “Una [*sic*] novela polifónica é frecuente na narrativa moderna; Faulkner, por exemplo, ten feito novelas deste tipo” —ele desconhecia, no entanto, “un caso en que o próprio protagonista sexa o condenado a non aparecer directamente en cena” (Fernán-Vello e Pillado Mayor, 1986: 253). Ficando em aberto que pudesse haver precedente, a proposta merecia e merece realce, especialmente porque resultou um recurso competente a efeitos narrativos.

Reiteramos, portanto, esses precoces olhares críticos, mas gostaríamos agora de pôr em valor aspetos na altura menos atendidos e que só a passagem do tempo permite aquilatar. Faltando espaço objetivo para dedicar-se com mimo a outras qualidades, estas eram colocadas de lado, e se é certo que o motivo manifesto era não achar nelas tanta centralidade (pois o recurso já apontado continua a ser importante para fazer do livro um artefacto artístico eficiente e renovador da paisagem romanesca), também o é que tal exclusão ficava longe do desafeto. O professor Carvalho Calero estava vivo e perguntamo-nos agora que teria pensado sobre aquela primeira cata realizada por um rapaz, que devia simpatizar com a sua obra e ideário, mas que tinha o atrevimento de levar para título da resenha, publicada na única revista galega de resistência em que podíamos coincidir —e de que ele era santo padroeiro— a qualificação de “história rosa e narrador polifónico”, em coerência com a natureza da abordagem. A orientação que delata o título desse texto de 1987 em *Agália* é a mesma do que sairia a seguir na *Colóquio/Letras* de Lisboa, com ênfase na montagem narrativa, e quero crer que longe de apresentarem

hostilidade mostram uma imparcial e honesta avaliação como a que todo livro merece. Confiamos que o grande Carvalho, nunca à espera de graxa, tivesse apurado até ao final qualquer dos textos para entender até aquele cabeçalho aparentemente agreste. Ele próprio tinha facilitado desde dentro da narrativa uma apologia do carácter de “novela rosa” (Carvalho Calero, 1987: 126) colocada na boca/pena de Salgueiro, o *satélite troiano* que o autor lançou para na galeria de espelhos orbitar e justificar em seu nome o campo gravitacional construído em volta do planeta Scórpio, quer dizer Rafael. E esta apreciação, que achamos justa particularmente para a primeira parte do relato, é ainda explicada com todo o cuidado na funcionalidade intencional que comporta: a justificativa narratológica adverte que a visão das vidas e dos heróis aqui representados é a da classe média, que se estende aos outros estamentos, um esquema mental rosa, ainda que a vida real de todos não o seja. Essa consciência transforma-se em recurso ao consagrar o romance ao “véu que envolve”, à “palavra que suaviza”, com renúncia ao conhecimento do que está no fundo do coração do protagonista e reafirmando a estratégia da sua captura dissolvida em múltiplos reflexos estilisticamente uniformados. O que significa dar preeminência à própria fabricação, ao *como* mais que ao *quê*, à montagem puramente narrativa. E essa era também a principal escolha meritória na leitura crítica.

Outra faceta aludida de passagem e deixada de lado naquelas rápidas visitas é a do autobiografismo. Apontávamos que “nas reflexons narrativas da voz Salgueiro, assimiláveis às do autor deste romance, nas notas da capa onde se manifestam semelhanças de percurso entre Rafael e o autor, é fácil ver algum tipo de autobiografismo, talvez excessivamente fácil” (Quiroga, 1987: 487). Quem achou aí desconsiderada a possibilidade de tal aproveitamento devia ter acabado o parágrafo, onde se alude a que a “chave autobiográfica só parece ter sentido na fechadura que o autor sinala desde as palavras finais de Salgueiro: Rafael é o herói que ‘todos quigéramos ser’” (Carvalho Calero, 1987: 377), o qual confirmaria “certo matiz de fabulaçom ideal tamém do passado pessoal, de desinibida vontade de sonhá-lo assi, de usá-lo narrativamente assi”, sendo Rafael e Salgueiro “pretexto e criaçom narrativa dentro do romance”. O seu exame isento e a salvo de expetativas prévias, até se desmarcando de valorizações que nada tivessem a ver com o objeto literário –pois se fundava apenas na lição da leitura, estando aprisionada esta entre apertados muros para se exprimir–, obrigavam a tal assepsia. Se ela

não renegava de uma exploração estrita do assunto, como de facto houve pouco depois em competente detalhe (Rodríguez Fer, 1991 e 1992), e até nalguns casos com achados de implicação e/ou justificação narratológica complexa neste ingrediente (Martínez Pereiro, 1991), hoje ainda se vê de maior interesse. Simplesmente porque Carvalho ganhou o estatuto de mito e nestes casos, se das obras de criação se podem tirar corolários do acontecer terreno e pessoal do autor mitificado, mais do que interferências, as conexões passam a ser procuradas num reforço de indagação bidirecional e positivo.

Feitas essas sintéticas remissões, e para além das perspetivas que aí se abordavam em destaque, vamos destinar o resto destas notas a apontar para um outro elemento na altura secundarizado, mas que o prisma de três décadas andadas permite notabilizar, juntando-se às revalidadas virtudes anteriores. Referimo-nos à relevância que vai ganhando o tempo histórico ou História sobre a que corre a história (rosa) de *Scórpio*, em cruzamento com aquela informação biográfica sobre o Carvalho Calero que experimentou em carne viva o mesmo traumatismo bélico. O assunto já foi de central interesse para Alonso Montero no ano 2000, como logo veremos, e é também neste campo onde se coloca agora o primeiro sentido de “fundacional” anunciado para o romance no título. E será numa aceção que já foi literalmente invocada por John Patrick Thompson, quem por sua vez fora buscar noutra obra:

En galego non se escribciu sobre a guerra até 1957 cando se publica *Non agardei por ninguén* de Ramón de Valenzuela no estranxeiro. Falábamos do silencio por parte dos escritores galegos que é tan indicativo. Tamén eu me pergunto por que os autores que viveron a guerra (Valenzuela, Del Riego, Silvio Santiago, Fernández Pérez, Alonso Rios e Carvalho Calero) a contaron no molde de ficción, na novela en vez de nun testemunho. Por medo a censura? Non creio porque estas novelas non se publicaron en Galiza até a democracia. Mais bem, eu penso que estes autores eran conscientes de que a súa nación e lingua estaban en grave perigo e consciente ou inconscientemente sentían a forza fundacional da novela, e por iso eu interpreto estas novelas como ficcións fundacionais (que é o propio nome do título do libro de Doris Somner) (2005b: 57).

O significado aludido (Sommer, 1991), que Thompson reutiliza, pretendemos ainda alargar aqui para outras variantes. Mas por enquanto

fiqamos com esse sentido de “fundacional” para *Scórpio*, que aproxima a pretensão autoral que lhe está por trás com a que no seu momento teria motivado *A xente da Barreira*. É um fator que também invocamos antes como elemento extratextual de interesse –depois da Guerra Civil, tendo uma tradição consolidada de poesia lírica, no bando que com Carvalho Calero tratava de reconstruir a cultura galega surgiria a consciéncia de faltar narrativa em termos de produçáo literária (Quiroga, 1992: 606). Um entendimento exprimido e assumido por D. Ricardo, pois a partir dessa opinião “abriuse paso a ideia de que o que conviña agora era ter prosa, e desta convicció saú *A xente da Barreira*” (Blanco, 1989: 248). Foi esta a primeira novela galega do pós-guerra, que também recebeu um prémio na altura significativo, tendo em conta a debilidade das estruturas do galeguismo. *Scórpio* aproxima-se destas singularidades no seu próprio tempo e percurso, quando faltava narrativa em norma reintegrada e tal posicionamento carecia de distincáo importante. O Prémio Nacional (estatal) de Literatura no ano a seguir da sua publicacáo teve um efeito canonizador que nunca antes se tinha produzido.

Por certo que alguns outros contrastes de interesse entre os dois títulos a que acabamos de referir-nos, importantes para um conhecimento proficiente de ambos e muito em particular do segundo, está presente na leitura pormenorizada que dele nos brindou Dario Villanueva, para a qual remetemos à falta de espaço para o detalhe conteudístico (Villanueva, 2000). Avançamos assim para a visáo macro do tempo histórico ou História sobre a que, como dizíamos, corre essa história (rosa) de *Scórpio*. Ainda nestes dias, o escritor e editor Francisco Castro, que acaba de publicar um romance cuja peripécia decorre no período da II República, manifestava em entrevista não concordar em que houvesse demasiada literatura galega sobre a Guerra Civil, “contra algunhas opinións críticas, que se fixeron singularmente audíbeis algo máis dunha década”, antes ao contrário, “creo que se escribiron poucas [novelas]!”, relacionando a necessidade com a atual atmosfera de fascismo que retorna ao nosso tempo (Salgado, 2020: 24). O romance de Carvalho Calero, não sendo o primeiro em galego que se escreve sobre a Guerra Civil, como já se apontou, é dos primeiros em antecipar-se, dos poucos a se escrever desde e vivéncia autoral, e único em dar conta da contenda em frentes militares de centralidade hispana desde um olhar galego. Thompson, o americano de coraçáo galaico já mencionado, que também dedicou a sua tese de doutoramento na Universidade de Michigan à ficçáo narrativa em

galego –precisamente àquela que trata da Guerra Civil–, tem observado não só a falta de fontes sobre o tema no caso específico do acontecido neste canto atlântico, mais flagrante no contexto de abundância bibliográfica espanhola e estrangeira, como o esquecimento do papel democrático jogado pela Galiza ao nível estatal durante a Segunda República, que segundo ele explicaria bastante o mapa político presente:

There also exists an amnesia vis-à-vis Galiza's democratic political role on the Spanish national level during the Second Republic (a role that this community has drastically lost in the present) with two strong leftist parties (Izquierda Republicana and Partido Galeguista), and prominent figures such as Casares Quiroga (the most prominent representative of IR), Castelao (of PG), or centrist figures like Portela Valladares. Furthermore, of the three peripheral historical nations, Galiza is today the only one with the double anomaly of, on the one hand, not having a center-right nationalist party, and, on the other hand, never having had a nationalist formation in power (Thompson, 2005a: 80).

John Thompson afirma que o domínio artístico constituiu o baluarte da memória da Guerra Civil, levantado pela desobediência sistemática ao Pacto do Esquecimento, que artistas, produtores de filmes e romancistas promoveram. Neste contexto se colocaria a escrita de romances sobre a Guerra Civil, ao se perceber que por um lado a passagem do tempo está a abrir um vazio e por outro as testemunhas desaparecem, ficando as jovens gerações alarmantemente ignorantes. Daí a importância desta literatura para esclarecer a recente história de fascismo no estado espanhol:

But reading is the essential key for learning about the democratic successes of the Republic and the horrors of Francoism; and novels allow the reader to experience the past vicariously and enter into the realm of emotions, seemingly absent in the historical text. The Civil War novels act, one could argue, as time machines for traveling to a historical period, which the powers that be have tried to sweep under the rug. Perhaps the recent uncovering of the graves will incite larger proportions of the population to read, especially the younger generations (Thompson, 2005a: 81).

Estas máquinas do tempo que seriam os romances da Guerra Civil, permitindo viajar para esse traumático período histórico, fariam também de

transmissores de uma memória essencial, oferecendo estruturas conceituais orientadas para a práxis que ajudaria Espanha a transformar o seu futuro. A dureza e contusão deixada pelo vivido, que também teria a ver com a demora na exumação dessa memória em forma de romance por parte de Carvalho, apresenta no seu caso o percurso que vai da “irrupção devastadora do social (antes surdina política e muito cedo fragor militar) que some os indivíduos, e afoga case todo o pessoal, num azaroso devir impessoal colectivo” (Garcia Soto, 2000: 201), para a brutalidade do confronto com diversidade de atitudes humanas entre os milicianos ao afrontá-lo. E o pano de fundo de *Scórpio*, pouco significativo desde outras perspetivas, cobra a esta luz de documento histórico uma nova importância, dentro da enorme variedade de representações romanescas do golpe, conflito bélico e barbárie que se seguiu, e dentro das produções estritamente galegas mais tardias, cuja leitura e implicação se pode levar daquele passado conturbado para um presente desmontável por via desta nova compreensão que permite a literatura. Porque quando se retratam conquistas democráticas da República, explicam-se os efeitos do fascismo na Espanha moderna e atinge-se o presente:

In the case of the Galizan novels –which belong to the *nueva novela histórica* Family that has proliferated for over three decades throughout Spain and Latin America– they strive to debunk the official discourse, which claims that never has Galiza lived as peaceful and progressive a moment as now. Indeed, the Partido Popular in Galiza presents itself as having delivered this nation from its past hardships through modernization. For example, just before the last Community elections in November 2002, the government-controlled newspaper, *El Correo Gallego*, published two pro-PP articles on the *opinión* page. The title of the first one reads “Ningún tiempo fue mejor” and that of the other, written by president Manuel Fraga, reads “Desafíos na Galicia do novo milenio.” In this article Fraga praises his community for having overcome the primitiveness of its past history, as if the past were all one amalgam of backwardness (Thompson, 2005a:80).

No caso galego, desmontam o discurso oficial sobre uma Galiza que nunca teria vivido um momento pacífico e progressivo como o presente, e até deixam a ideia de ser possível reconstruir a nação da Galiza usando a República perdida como um conceito utópico, uma realidade pelo menos

aparentemente possível desde alguns destes romances. Deste modo, adquirem outro peso e responsabilidade que pode levantar o questionamento da sua simples catalogação temática, como o próprio Thompson noutra parte anotou:

Recoñezo a dificultade de clasificar este xénero (ou mais bem subxénero) de ficción. Na miña tese chamei estas novelas –as trinta e sete que teño censadas comezando con *Non agardei por ninguén* (1957) até a última de Xavier Alcalá (2004)– novelas sobre a guerra civil. Mais, claro, o primeiro problema é que en Galiza non houbo guerra civil e, segundo, nalgunhas a guerra ocupa um lugar principal e en outras é um elemento periférico. Por exemplo, as historias de *Scórpio* ou *O cego de Pumardedón*, dúas novelas escritas por galegos, sitúan-se, a maior parte do tempo, nas fronteiras de guerra en Madrid e en Valencia na primeira, e outras partes de Castela na segunda (Thompson, 2005b: 51).

No caso de Carvalho Calero e o seu romance, certamente está a guerra concreta das operacións militares, mas que estas aconteçam nas fronteiras castelhana ou valenciana non retira galeguidade, para além da lingua de escrita, pois tematicamente a repressão sobre o espectro da terra matricial em segundo plano acompanha as peripécias das personagens. E temos notícia de primeira mão de, entre outras, figuras absolutamente primordiais para a (re)construção identitária da Galiza, caso do deputado Castelao, também acompanhando a contenda de fora dela e cruzando com o protagonista de *Scórpio* –por certo que a proposta daquele para levar este como assessor para Buenos Aires, em razão da sua formação jurídica, estaria encobrando a recebida pelo próprio Carvalho, “que polo seu extraordinario sentido do pudor non se menciona a si mesmo” (Rodríguez Fer, 1991: 17). Voltando, enfim, à importância do romance no censo de títulos que abordam a guerra, esta obra também é antecipativa do caudal que chegará nos anos noventa:

Até os anos noventa o subxénero da novela histórica en relación coa guerra civil ou xenocídio franquista non estaba no primeiro lugar que ocupa hoxe. Nos anos oitenta proliferaron as novelas alegóricas algunhas das que González Millán analisou en *Silencio, parodia e subversión*. Este crítico sostivo que as novelas *Xa vai o grifón no vento*, *O triángulo inscrito na circunferencia*, *A vida sulagada* e *Beiramar* enxendran unha etnosemiose através de

mundos non reais que axen como unha substitución do mundo real no que o galego segue estando nunha posición inferior con respecto ao castelán e unha sociedade tan pobremente artellada que só pode soñar cun mundo galego normalizado. Millán dixo ademais que estas novelas pertencen ao que el bautizou como “literatura nacional” e non “nacionalismo literario”.

Ao chegarmos aos anos noventa as novelas sobre a guerra civil e represión son certamente o xénero dominante no sistema literario galego. (...) Mais ao mesmo tempo como este é um fenómeno que está a ocorrer en todo o Estado, creio que se podería falar dunha especie de nacionalismo literario en todo o Estado Español (Thompson, 2005b: 57).

A vaga mais recente de romances sobre o tema, a que *Scórpio* se anticipa, está producida por uma outra geração que revisita a contenda documentalmente. E faltam testemunhos e reflexión no caso galego. Xesús Alonso Montero, como já avanzamos, tem sido um dos mais teimosos investigadores na relação da Guerra Civil espanhola com a Galiza, e num dos seus trabalhos sobre o assunto começa por dizer que “ningún dos protagonistas da Recuperación cultural galeguista dos anos Cincuenta nos deixou unhas memorias, *a fondo*, da súa relación íntima coa Guerra Civil” (Alonso Montero, 2000: 85). Invoca múltiples razones e circunstancias que justificam o interesse em ter este conhecimento, do ideológico ao humano, que tanto poderiam esclarecer o quadro sociológico e o evoluir cultural posterior, enfatizando a curiosidade por personalidades relevantes e preguntando-se,

cómo viviron a guerra certos homes: cómo viviron aquela guerra contra a España do Frente Popular, unha causa na que estaban e militaban, entre moitos outros, Castelao, Rafael Dieste, Ramón Suárez Picallo, Florencio Delgado Gurriarán, Lorenzo Varela, Otero Espasandín, Arturo Cuadrado, Rubia Barcia, Ramón de Valenzuela, Serafín Ferro, Borobó, Luís Tobío e Ricardo Carballo Calero. Pero deste, si, temos unhas páxinas de extrordinaria valía (Alonso Montero, 2000: 91).

O contributo a que se vai referir é, efetivamente, o romance que estamos comentando, que aborda mais por extenso a seguir:

Refírome á novela *Scórpio* publicada por Sotelo Blanco no ano 1987, “romance... histórico” sobre “numerosos nomes que

desempenharam um papel na nossa vida colectiva nos anos dez e vinte e trinta deste século” (reza o texto da capa). Insólito relato longo no que falan unha “sinfonia de muitas vozes”: Aurélia, Cleo, Sagitário, Manolo, Casado, Barreiro, Romero, Salgueiro... Á beira destes nomes de ficción, todos eles correspondentes a seres humanos que non dirixen a historia, hai dous, encabezando senllas páxinas, que son Francisco Franco Bahamonde e Francisco Largo Caballero. Estamos, pois, ante unha novela rechamantemente polifónica, multifónica (*ibidem*).

O recurso técnico inovador, que convoca a voz de tantas personagens em primeira pessoa, inclusive de figuras históricas, não o desiludem de pôr em destaque o tema da guerra entremeado de biografismo:

Nesta novela, da que o miolo, creo, é a Guerra Civil Española, hai alguns personaxes que, aquí e alí, coinciden coa personalidade e a biografía de Carballo Calero, o autor da novela, se ben ningún o representa na totalidade. Estamos ante unha obra de ficción, “moi” de ficción, na que, sen embargo, hai un fondo de realidade histórica (non só a da Guerra civil) e na que hai algún personaxe que protagoniza feitos que, fóra da ficción, é trasunto, na súa totalidade, do autor da novela (*ibidem*).

E afirma depois que a Guerra Civil, inspiradora de tantos romances inclusive em galego, “recibe, nestas páxinas de Carballo Calero, unha iluminación da que moitos relatos bélicos carecen” (Alonso Montero, 2000: 92). Na riqueza intelectual do ser humano Carvalho Calero estaria fundamentada a difícil tarefa de aproximar-se desde diversidade de óticas à complexidade dum acontecimento como a Guerra Civil, decisivo na vida do autor e na de milhares de compatriotas. Inclusive a representação da reflexão sobre o drama que falta entre quem foi na Galiza obrigado a aderir ao bando franquista, nunca oferecida por nenhum dos protagonistas. Neste caso, também *Scórpio* dá uma aportação valiosa, pois “só a formulou, nesse texto cheo de matices, Carballo Calero, un intelectual que, nos últimos anos da súa vida, decidiu contar unha experiencia tantas veces silenciada por outros” (Alonso Montero, 2000: 93). Fazê-lo num romance teria ainda vantagens, por ter um “estatuto (o da ficción) quizais máis rico, mais revelador có do ensaio ou do estudio histórico”, acrescenta. Carvalho, que na última etapa vital se declara incapaz de desenvolver atividade política útil para o seu país,

aduzindo a sua tendência especulativa e a falta de ambição nesse terreno (Salinas Portugal, 1991: 48), deixa na criação literária, no entanto, um contributo importante que possui informação e inferências políticas.

Para o professor Arturo Casas, *Scópio* interessa de pontos de vista diversos e relacionáveis, entre eles o da lógica dos géneros discursivos e literários, o do envolvimento mútuo entre experiência e invenção, ou (auto) biografia e (auto)ficção, o da lógica da identidade, o da lógica patriarcal... Mas também, interessa em termos temáticos,

pela própria condição deste romance como texto fulcral da narrativa galega sobre dois planos temáticos de máxima relevância e apesar disso escassamente tratados na ficção. O primeiro é a derrota dos ideais galeguistas (não apenas nacionalistas) da geração que pôde mudar o curso da história nacional, a derrota de um processo de emancipação e dignificação da língua, da cultura, dos símbolos de um povo submetido, que conheceu eles como o das irmandades da Fala, o Seminário de Estudos Galegos, a fundação do Partido Galeguista ou a aprovação do Estatuto. O segundo é a própria guerra enquanto acontecimento histórico e enquanto impugnação dos ideais civis e igualitários ativados pela Segunda República, mas também como circunstância extrema que em sentido certamente trágico fanou infinidade de vidas, não só por irrupção da morte, da tortura, do exílio, mas também porque todo o sobrevivente passou a ser algo distinto do que até então tinha sido e acabou perdendo a sua condição de sujeito político (Casas, 2017: 277).

A vivência da guerra aparece recolhida com pormenor no que vai constituir (com os poemas de *Reticências...*) “o testamento literário de Carvalho”, estando aí “tudo o que o autor calou” na sua vida pública, tanto nos escritos como nas entrevistas,

Tudo ou pelo menos uma parte muito substantiva: a difícil coordenação entre os milicianos nos primeiros momentos, a dificuldade de se tornar militares aqueles que até então professaram o antimilitarismo, a vida nas trincheiras, as operações militares em diversa escala, os combates a morte, a fome, a sobrevivência no dia a dia, a perda constante de camaradas e amigos, os bombardeios da aviação inimiga, o medo, a análise da evolução da própria guerra

e das decisões governativas, a fronteira entre honra e desonra ou entre coragem e temeridade... também um julgamento expeditivo a um soldado bêbado por ter dado morte ao seu sargento, com a intervenção ulterior de Scórpio –já capitão– como advogado defensor (Casas, 2017: 278).

Casas, que também examina outras óticas com bom rendimento crítico (como as do *dobre*, que já abordara Elvira Souto, ou a sedução donjuanesca, ou aquilo que no biografismo Martínez Pereiro classificara de indagação irónica e reinvenção de um segmento de história pessoal, fixada a um passado fragmentário primordial), pondera também a importância do romance nos termos temáticos de memória bélica. Até ao ponto de que para ele “*Scórpio* talvez seja o texto literário galego que melhor e com mais detalhe expujo nunca aquela guerra, desde os seus vaticínios até o momento em que Azaña cruza a fronteira francesa” (Casas, 2017: 278).

Podemos tentar concluir que o romance *Scórpio* alcançou assim, decorridas pouco mais de três décadas da sua aparição, um estatuto canónico que o faz fundacional ao ter estabelecido alicerces de novidade que dizíamos quadrangulares –por ser a representação quaternária a mais sólida e de maior energia construtiva– e que reduzimos, portanto, a estas pelo menos quatro vertentes de mérito:

- a) a excelência como fabricação artística ou artefacto narrativo, particularmente devida à proposta de foco múltiplo na voz que até determina a montagem da peripécia;
- b) a excelência na recriação do tempo histórico ou História, pano de fundo para a diegese da história (rosa) do romance, cuja relevância vai ganhando maior interesse para a memória coletiva;
- c) a excelência como fonte de informação biográfica sobre um autor que atingiu aura popular e reconhecimento (quero crer) consensual;
- d) a excelência como obra em norma reintegrada, carente de *corpus* e falta de distinção importante antes do Prémio Nacional (estatal) de Literatura que recebeu *Scórpio*.

Acrescente-se ainda que a posterior instituição do prémio literário Carvalho Calero no Ferrol, com modalidade narrativa e liberdade explícita de norma ortográfica para os originais, em coerência com o pensamento

linguístico do *filho predileto* da cidade, foi durante bastantes anos o único a que podiam concorrer também relatos escritos na variante do galego postulada pelo autor de *Scórpio*. Que a convocatória tivesse uma modalidade de investigação linguístico-literária e essa de narrativa, e não por exemplo de poesia ou teatro, terá a ver com o sucesso do romance de Carvalho Calero. Deste modo favoreceu a publicação de outras obras narrativas com essa opção ortográfica num contexto de limitadíssimas possibilidades.

Talvez algum dos merecimentos apontados, e nomeadamente o último ponto, não tenha a anuência geral e até seja (ainda) irritante para o pensamento oficial. Neste sentido, gostaria de encerrar as presentes reflexões com um retorno à perspicácia do amigo americano John Patrick Thompson, que soube observar como Espanha ainda estava mergulhada no trauma do holocausto franquista e que a disfuncionalidade da sociedade e da política espanhola só tinham alguma possibilidade de recuperação através duma consciência histórica na maioria dos seus cidadãos. Seria imprescindível remexer na terra do fascismo, assegurava ele, e “esta terra encontramos-la tanto nas novelas que tratam este tema como nas fosas comuns nas que os pantasma agardan sair do esquecimento e humillación para receber o reconhecimento e agradecimento que lles habemos dar” (Thompson, 2005b: 57). Talvez o próprio John, quinze anos depois dessa afirmação, não tivesse palavras de grande otimismo à vista do que acontece no panorama estatal. Mas, a nível galego, estaria seguramente de acordo em que o fantasma de Carvalho Calero saindo do esquecimento e da humilhação, em que foi confinado pelo oficialismo nestas três décadas, é um bom indício de salubridade mental para caminharmos juntos na recuperação da capacidade de decidir o destino da humanidade –a começar pelo desta parte dela, na Galiza.

Bibliografía

Alonso Montero, Xesús (2000): “Carballo Calero e alguns dos seus camaradas na guerra civil: vida e literatura” em José Luís Rodríguez (ed.), *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*, vol. 1. Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia-Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, pp. 85-96.

Blanco, Carmen (1989): *Conversas con Carballo Calero*. Vigo: Galaxia.

- Carvalho Calero, Ricardo (1987): *Scórpio*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Casas, Arturo (2017): “Agora que agoniza todo um mundo. Epílogo a *Scórpio*” em Ricardo Carvalho Calero, *Scórpio*. Santiago de Compostela: Através Editora, pp. 271-292.
- Fernán-Vello, Miguel Anxo e Francisco Pillado Mayor (1986): *Conversas en Compostela con Carballo Calero*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- García Soto, Luís (2000): “Scórpio e Tauro ou o goze e o sublime. Barthes e Kant com Carvalho” em José Luís Rodríguez (ed.), *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*, vol. 1. Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia-Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, pp. 183-212.
- Martínez Pereiro, Carlos-Paulo (1991): “*Scorpio* ou a moi intelixente caza-cruzada dun fantasma”, *Ricardo Carvalho Calero. A razón da esperanza*. Especial *A Nosa Cultura*, 13. Vigo: A Nosa Terra, março, pp. 71-76.
- Quiroga, Carlos (1987): “*Scórpio*. História rosa e narrador polifónico”, *Agália*, 12, inverno, pp. 485-490.
- _____ (1988): “Ricardo Carvalho Calero, *Scórpio*”, *Colóquio/Letras*, 102. Fundação Calouste Gulbenkian, pp. 137-139.
- _____ (1992): “Acerca do conjunto narrativo de R. Carvalho Calero (parábola geométrica)” em Maria do Carmo Henríquez Salido (ed.), *Actas do III Congreso Internacional da Língua galego-portuguesa na Galiza. Em homenagem ao Professor Carvalho Calero*. A Corunha: Associação Galega da Língua, pp. 593-608.
- Rodríguez Fer, Claudio (1991): “O tenente Carballo”, *Ricardo Carvalho Calero. A razón da esperanza*. Especial *A Nosa Cultura*, 13. Vigo: A Nosa Terra, março, pp. 15-17.
- _____ (1992): “Carballo Calero no estalido da guerra civil” em Maria do Carmo Henríquez Salido (ed.), *Actas do III Congreso Internacional da Língua galego-portuguesa na Galiza. Em homenagem ao Professor Carvalho Calero*. A Corunha: Associação Galega da Língua, pp. 619-625.
- Salgado, Daniel (2020): “A República como historia de amor”, *Nós Diario*, 12/02/2020, pp. 24-25.

- Salinas Portugal, Francisco (1991): *Voz e silencio (entrevista con R. Carvalho Calero)*. Vilaboa: Edicións do Cumio [conversas no inverno de 1989].
- Sommer, Doris (1991): *Foundational Fictions: The National Romances of Latin America*. Berkeley: University of California Press.
- Thompson, John Patrick (2005a): "The Civil War in Galiza, the Uncovering of the Common Graves, and Civil War Novels as Counter-Discourses of Imposed Oblivion", *Iberoamericana*, vol. 5, 18, pp. 75-82.
- _____ (2005b): "A Guerra Civil na ficción narrativa galega" em VV. AA., *Actas das III Xornadas de Historia e Cultura. A II República e a Guerra Civil na bisbarra da Barbanza*. Porto do Son: Concello de Porto do Son-Gráficas Garabal, pp. 49-59.
- Villanueva, Darío (2000): "Lectura de *Scórpio*" em José Luís Rodríguez (ed.), *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*, vol. 1. Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia-Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, pp. 327-334.

***Breviario Antolóxico de la Literatura Gallega
Contemporánea, R. Carballo Calero***

BLANCA-ANA ROIG RECHOU
(CRPIH/USC)

As antoloxías, esas recompilacións selectivas de textos poéticos ou prosísticos dun ou varios autores nun mesmo volume, segundo un certo criterio autorial, temático, cronolóxico ou formal poden ser, como se indica no dicionario de *Termos literarios* que se publica *on line* no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (www.cirp.gal). DiTerLi. Glifo) de grande utilidade informativa como conxunto representativo dunha época, tendencia ou literatura determinadas, ao mesmo tempo que teñen importancia no establecemento do canon literario e en moitos casos na pervivencia e transmisión do labor literario dunha época. Claudio Guillén (1998) sostén que as antoloxías coa súa proposta de autores, obras, xéneros, temas e normativas, son factores decisivos para construír un sistema literario emerxente e dirixilo cara á súa canonización.

O *Breviario Antolóxico de la Literatura Gallega Contemporánea* cumpre os requisitos e, como dicía un dos nosos escritores universais, Álvaro Cunqueiro, “unha escolma é unha aventura”. Grazas a unha escolma e a un profesor, como don Ricardo, estou eu aquí escribindo en lingua galega, pois este breviario, unha escolma ao fin, como se di de novo no *Diccionario de Termos Literarios*, é un instrumento para a configuración dun imaxinario comunitario e constitúe un motor produtivo na consolidación dunha literatura nacional como a galega. É un manual de aprendizaxe e de recoñecemento impagable.

Vou usar, para relatar a miña aventura, a miña aprendizaxe, seis chanzos que me permitiron percorrer o camiño cara á instalación na lingua galega e cara ao descubrimento da literatura nesa lingua. Digo seis chanzos, por seguir insistindo nun trazo, que considero identitario do pobo galego, como propuxen noutros traballos (Roig, 2008). Baseeime para delimitar o trazo de contar por ducias, medias ducias, unha característica, ao meu ver, do galego, nas reflexións teóricas expostas por Anne Marie Thiesse (2001) e polo galego Antón Figueroa (2001). Os chanzos elixidos hoxe, media ducia son:

1. Os inicios

Cando iniciiei os meus estudos de Filoloxía Románica non chegaba eu a coñecer nin unha obra escrita en galego, a pesar de que na miña casa, con antecedentes cataláns, algún dos membros publicaran en *A Nosa Terra*, cousa que descubrín moi tarde; como tamén descubrín que había persoas da familia que falaban en galego, non diante de min. No ano que entrei na Facultade de Filosofía e Letras, curso 1967-1968, polo tanto, non levaba lido nada en galego, si novela romántica española, da biblioteca do meu pai, novela rosa, que miña nai intercambiaba con amigas, contos de fadas e de transmisión oral que me traía o tío Pepe e novela española da listaxe que don Enrique Moreno Báez mandaba ler aos seus alumnos e que, amigos que veraneaban en Portosín, me prestaban para que lese algunha desas obras que o profesor lles exixía, como lecturas obrigadas, desde a súa cátedra compostelá.

No meu colexio “Trinitarias” de Noia, onde estaba interna, non recordo ler nada por solicitude das monxas, si contar contos ás miñas compañeiras e ler algunha obra prohibida que as monxas gardaban, ben agochadas, nas vitrinas ben pechadas, pero que nós conseguíamos requisar para ler polas noite, na cama, á luz dun foco. Recordo enfrascarme en *O segundo sexo*, de Simone de Beauvoir, por citar unha obra que realmente estaba fóra da miña idade pero que me deixou o pouso de defenderme como muller.

2. Aparición de don Ricardo

Ao chegar á Facultade de Filosofía e Letras metinme, con compañeiros e compañeiras, no mundo da reivindicación polas liberdades propio dos anos sesenta e setenta, entre as que o uso da lingua galega primaba, pero eu non a recoñecín como próxima ata que apareceron na miña vida estudantil defensores desa lingua e da cultura que había ao seu redor, entre eles o profesor don Ricardo, un home que respondía aos meus ídolos familiares e aos que nos visitaban no colexio das Trinitarias, onde me formei. Parecíase-me don Ricardo, aínda que máis baixo, ao meu padriño Arturo, tiña a súa fasquía, coa mostra colgante do peto do chaleque.

Ese home agarimoso comigo, posiblemente pola miña timidez e pola cara de admiración que puña, descubriume que había unha Literatura realizada nunha lingua que eu coñecía pouco, aínda que me rodeaba. Nesa lingua e na castelá, para que comprendésemos todos, sen acritude e co apoio

do seu *Breviario Antológico de la Literatura Gallega Contemporánea* e outros materiais da súa autoría, achegoume a clásicos da Literatura galega.

3. As aulas


Dos meus estudos anteriores, Bacharelado, Maxisterio, Escola Social... viña afeita ao que chamabamos “chapar”, mesmo o que se sinalaba entre paréntese, por iso o primeiro que fixen foi aprender de memoria os poemas e narracións que don Ricardo recolleu no *Breviario...* e el, que se decatou, case sempre me sinalaba suavemente co punteiro que despregaba sobre a miña cabeza para que intervisse a partir das súas preguntas, non me obrigaba a facer un relatorio. Sempre me collía con algunha palabra descoñecida, cousa que lle permitía explicala usando a etimoloxía. Aprendín moito con el e entusiasmeime. Fíxome crítica e investigadora. Así un día dixo que o ollomol galego era o besugo castelán. Eu, que era de zona de mariñeiros e na miña casa se vivía o ambiente, cheguei a Portosín, agora pendente de quen falaba galego, e pregunteille a Abelardo, “O Carroucheiro”, un grande amigo do meu pai, a quen eu quería moito: “Aberlardo seica ao *besugo* chámanlle *ollomol*”, e el, inmediatamente, respondeu, *non filliña, non*. Colleume do brazo, levoume ao peirao e díxome, fíxate ben: “este é o besughos e non ten o ollo mol”, así sempre o diferenciarás. Non me atrevín, ao chegar á aula, a dicirlllo a don Ricardo, pero si o fun espallando entre os meus compañeiros. Posiblemente non tivese razón, pois hoxe non se acolle *besugo* no dicionario da RAG, pero sorpréndeme que propoñan como sinónimo *pancho*, entre outros similares, pois aquí, de novo, Abelardo protestaría, xa que aínda hoxe o *pancho*, para os de Portosín, non é o *ollomol*, a pesar de certa similitude na forma.

4. O breviario

No *Breviario Antológico de la Literatura Gallega Contemporánea* xa se ven as dificultades que ten a elaboración dunha escolma de calquera tipo, comezando polos criterios de selección dos textos antologados, moitas veces subxectivos e variables, se nos fixamos, sobre todo, nos autores ou tendencias contemporáneas que carecen de suficiente perspectiva histórica. Na escolma, de don Ricardo, sálvanse moi ben as dificultades ao marcar claramente os obxectivos xa desde a “Introdución”. Nela explícase claramente que vai dirixida ao público español, de fala non galega, interesado pola literatura contemporánea na lingua de Rosalía; explícanse convincentemente as razóns polas que se

seleccionaron os autores e o número reducido deles e, finalmente, tamén se ofrecen exemplos das diferenzas ortográficas e fonéticas máis salientables entre o galego e o castelán, destacando cuestións que fan que o galego, no momento no que escribiron os escritores, non contase aínda con moita fixación.

Comeza o *Breviario...* cunha breve biografía do autor seleccionado e a seguir ofrécense os textos elixidos en galego e castelán. Entre as mulleres escritoras, non moitas naqueles tempos, como é pertinente ofrécense textos da nosa escritora universal, Rosalía de Castro, hoxe moi coñecida, non tanto naquela época por nenas coma min. As mostras de Rosalía pertencen a *Cantares gallegos* e *Follas novas*, obras cumes da poeta que sabía que escribía para o pobo, aínda que o pobo non puidese lela. Seguíanlle, coa mesma arquitectura, poemas e fragmentos de autores como: Eduardo Pondal, Manuel Curros Enríquez, Antonio Noriega Varela, Ramón Cabanillas, Vicente Risco, Alfonso Rodríguez Castelao, Ramón Otero Pedrayo, Luís Amado Carballo, Manuel Antonio, Fermín Bouza Brey, Eduardo Blanco Amor, Rafael Dieste, Aquilino Iglesias Alvariño e Álvaro Cunqueiro.



Quince voces galegas que se consideraban, e seguen a se considerar, imprescindibles, como se di na “Introdución”, aínda que a Literatura galega xa contaba con moitas máis voces que se podían antologar, pero, os que están, son, e era importante que fosen coñecidos e recoñecidos. Dada a finalidade do *Breviario...* era imposible ser máis exhaustivos.

5. A aprendizaxe

Grazas a este *Breviario...* eu descubrín que había unha Literatura galega de calidade e que enchía os meus intereses. Nese momento, como nena de porto de mar, aprendín inmediatamente de memoria sobre todo aqueles poemas que intimaban co mar e aqueloutras que respondían a querenzas miñas naquel momento, sen esquecer fragmentos narrativos que me tocaron fondo. Vou seguir a orde do *Breviario...* para dar noticia de textos que nunca esquecín, desde aquela, e que, mesmo, repito hoxe de memoria: “Adiós, ríos; adiós fontes” e “¡ADIÓS!”, de Rosalía de Castro; “A Rosalía”, de Manuel Curros Enríquez; “Eu tiña unha arela”, de Ramón Cabanillas; “Chámanlle a Marquesiña, e os seus peñños endexamais se calzaron”, de Alfonso Rodríguez Castelao; “SÓS”, de Manuel Antonio; “Trova infinita”, de Fermín Bouza Brey; “O Roxo guindou un figo de aviso...”, de Eduardo Blanco Amor; “Na morte de Estrelíña”, de Rafael Dieste ou “A selva de Esmelle”, de Álvaro Cunqueiro.

A algúns dos autores seleccionados, co tempo, dediqueilles algunhas reflexións, comentarios etc. A primeira foi Rosalía de Castro, pois fixen con Marina Mayoral unha edición de *Follas novas*, e durante moito tempo comezaba as miñas aulas de Literatura galega co primeiro poema dese poemario:

Daquelas que cantan as pombas i as frores
Todos din que teñen alma de muller,
Pois eu quen n’as canto, Virxe da Paloma,
Ai!, de que a terei?

Tamén me detiven en Fermín Bouza Brey, por exemplo. A Álvaro Cunqueiro, á parte de bio-bibliografías e outros traballos, dediqueille un pequeno monográfico onde recollín a súa relación escrita co Barbanza, coa finalidade de que os meus veciños barbantinos visen que, o tamén escritor galego universal, nos tivo en conta.

Co tempo, e sempre a partir das primeiras ensinanzas recibidas, dediqueime á Literatura Infantil e Xuvenil coa finalidade de reflexionar sobre as primeiras lecturas que os nosos escritores e escritoras, e os universais, lles dedicaron aos máis novos, base para crear hábitos lectores, se se seleccionan ben para cada idade. Tentei así, non sei se o conseguín, transmitilo a través das miñas aulas, nas que formei a moitas xeracións. Fíxeno desde a Escola de Maxisterio, a Facultade de Ciencias da Educación, de Filoloxía, e mesmo de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela.

6. O agradecemento

Non me queda máis, e este é o sexto chanzo, que agradecer a don Ricardo o seu maxisterio pois sen el tardaría máis en achegarme, ou achegárame con menos armas intelectuais, ás miñas raiceiras como galega que son e ás miñas xentes, que me foron mirando doutro xeito ao oirme falar galego, mesmo me dicían “que ben falas”. Apreciación que me enorgullecía e me daba forzas para seguir traballando, intentando así devolverlles o que investiron na miña formación (familia e sociedade) o aprendido. Claro está que sempre partindo das miñas capacidades.

Quixen axudar a que non houbese nenas, coma min, que non coñecesen o propio para, desde el, comprender mellor o alleo.

Nas nosas vidas sempre hai momentos nos que recordamos os nosos mestres e aquelas persoas que nos empuxaron no camiño. Don Ricardo foi unha desas persoas.

Quero rematar reproducindo, como exemplo, a carta que Albert Camus lle escribiu ao seu mestre cando se lle concedeu o Premio Nobel:

*Cher Monsieur Germain,
J'ai laissé s'éteindre un peu le bruit qui m'a entouré tous ces jours-ci avant de venir vous parler un peu de tout mon cœur. On vient de me faire un bien trop grand honneur, que je n'ai ni recherché ni sollicité. Mais quand j'ai appris la nouvelle, ma première pensée, après ma mère, a été pour vous. Sans vous, sans cette main affectueuse que vous avez tendue au petit enfant pauvre que j'étais, sans votre enseignement, et votre exemple, rien de tout cela ne serait arrivé. Je ne me fais pas un monde de cette sorte d'honneur mais celui-là est du moins une occasion pour*

vous dire ce que vous avez été, et êtes toujours pour moi, et pour vous assurer que vos efforts, votre travail et le cœur généreux que vous y mettiez sont toujours vivants chez un de vos petits écoliers qui, malgré l'âge, n'a pas cessé d'être votre reconnaissant élève. Je vous embrasse, de toutes mes forces. (19 novembre 1957)
Albert Camus (<https://compagnieaffable.com/2015/10/01/lettre-dalbert-camus-a-son-instituteur-monsieur-germain/>)

Salvando as inmensas distancias, coa miña pequena achega quero recordar, coma fixo Camus, un mestre, o meu profesor Ricardo Carvalho Calero, como quixo el posteriormente chamarse.

Quen me ía dicir a min que hoxe, pechada na casa por mor da guerra pandémica que padecemos, escribiría esta pequena homenaxe a don Ricardo, que pasou por tantas guerras diferentes, desde a beira do Sar, pouco despois de que o Sarela lle prestase as súas augas, neste

Vidán alegre, moíños e hondanadas
(Rosalía de Castro, *Follas novas*)

Vidán, Santiago de Compostela, 28 marzo 2020

Bibliografía

- Camus, Albert: (<https://compagnieaffable.com/2015/10/01/lettre-dalbert-camus-a-son-instituteur-monsieur-germain/>).
- Carballo Calero, R. (1966): *Breviario Antológico de la Literatura Gallega Contemporánea*. Barcelona: Real Academia Gallega.
- GLIFO: *Diccionario de termos literarios* en <http://www.cirp.gal/DiTerLi.Glifo> [Consultado o 14 de marzo de 2020).
- Figueroa, A. (2001): *Nación, literatura, identidade. Comunicación literaria e campos sociais en Galicia*. Vigo: Xerais.
- Mayoral, M. e B-A. Roig Rechou (2020): *Follas novas*. Vigo: Xerais.
- Roig Rechou, B-A. (2008): *Literatura Infantil y Juvenil Gallega en el siglo XXII* *Literatura Infantil y Juvenil Gallega en el siglo XXI*. Madrid-Santiago: Amigos del Libro Infantil y Juvenil-Xunta de Galicia.
- Thiesse, A. M. (2001): "Histoires nationales", *La Création des identités nationales. Europe XVIII-XX siècle*. Paris: Editions du Seuil, pp. 133-158.

Memorias dun neno urbano galego.
In memoriam Ricardo Carvalho Calero

ANXO TARRÍO VARELA
(CRPIH/USC)

Cando en outubro de 1967, con vinte e dous anos, subín por primeira vez a escalinata da que ía ser a miña Facultade e Universidade durante o tempo que me levase cumprir os estudos con que eu soñara tantos anos, non sabía que moi axiña oiría alí dentro a lingua galega, a lingua coa que me comunicara cos meus amigos das aldeas nas que residín canda os meus pais, mestres de escola, e irmáns durante a miña infancia e primeira adolescencia.

Non coñecía o plano de estudos que tería que cubrir, pois andaba, nestes asuntos, na inopia máis absoluta, propia da idade; así as cousas, entrei nas aulas seguindo a riada dos que, en adiante, ían ser os meus compañeiros e compañeiras, entre os que, por certo, non percibín nin unha palabra do idioma enxebre de Galicia, malia algúns iren a clase *disfrazados* de aldeáns mediante pantalóns de pana brava bravú e calzados con zocos propios da aldea, con sola de madeira e empena de coiro.

Eran momentos de experimentar as primeiras achegas ao ideario político dos devanceiros, poñendo fincapé na dimensión rural da condición galeguista. Por outra parte, aínda non sabía eu que o galego era un idioma latino ou románico, ou romance, como tantos outros de Europa. Por non saber, non sabía que o galego era un idioma.

Ata o ingreso na universidade, o meu currículo escolar: catro anos de bacharelato, incluída a reválida de cuarto; un título de oficialía industrial de mecánico fresador; tres cursos de maxisterio, e o aprobado nas oposicións para mestres de educación xeral básica e a subseguinte excedencia no destino, non tiven que superar ningunha materia impartida en galego porque nos planos de estudo, daquela, non estaba previsto implantar o idioma do país. De forma que, cando entrou na aula o profesor Carballo Calero e comezou a falar, experimentei nos meus adentros non sei que de epifanías e contradicións das que espertei cun saldo positivo en tanto que aquelas poucas palabras do mestre resoaron no meu cerebro como corredoiras e congostras, e tamén como camposas a brincar co Suso de Cristovo, meu grande amigo da aldea,

a quen matara o noso común veciño, Luís da Curtiña, dun tiro de escopeta de caza, nunha romaría, seica por liortas de mozas; o Luís, que semellaba un meniño Xesús polo pequeneiro e louro; e mira que xorne gardaba aquel milhomes, sempre estricado, e coa pucha sen capar, decote como nova do trinque. Arrepúxoselle Luís ao bo de Suso, que tamén sabía procurarnos as voltas con aquel xenio súpeto de carraxe que lle saía ao lle amentar alguén a súa condición de derradeiro irmán da súa familia, *O serodio*, que deste xeito, de alcume, lle chamaban os veciños todos da aldea.

Pero eu non puiden ensaiarme como galego falante diante do mestre e dos compañeiros aquel día do meu bautizo universitario, senón moito máis adiante, cando, de súpeto, me sorprendín a min mesmo falando na *alma máter* a que fora moitos anos a miña expresión de comunicación coas xentes aldeás, cativas ou adultas, con toda naturalidade, malia ter como materna, na cidade, na casa e na escola, a lingua culta, de prestixio e obrigada no ensino público: o meu castelán, propio do centro do burgo onde nacín, a Avenida de Raxoi, de Santiago de Compostela, coa catedral riba de min como unha matrona atenta aos meus sonos e soños.

Para os meus adentros, coidaba eu que ía ser doado seguir as leccións do programa, con vantaxe sobre o resto da clase, que supoñía, erradamente, xentes de cidade sen máis contacto co galego que o que poderían escoitar de boca dos santiagueses ou urbanitas, en xeral, residentes nos barrios, onde a lingua galega, mal que ben, se falaba, e se fala, acotío. E nesa expresión “mal que ben” residía o meu erro, pois eu mesmo podía falar dese xeito, que pasaba por “galego fetén” para min mesmo, sen contar que, como todas as linguas, tamén a galega debería dispoñer de varios rexistros, entre os que tiña que aprender os rexistros culto e escrito, que me eran alleos pola miña ignorancia.

Así as cousas, don Ricardo iniciounos no que, en adiante, sería unha das linguas principais, canda a española, da nosa licenciatura e, para moitos, a da profesión nos diversos niveis de ensino.

O profesor Carballo iniciounos na gramática que el mesmo redactou para publicar no compendio *Gramática elemental del gallego común* (Galaxia, 1966), que nos serviu de libro guía canda a correspondente, tamén da súa autoría, *Historia da Literatura galega contemporánea* (Galaxia, 1963), un

compendio monumental no que o profesor Carballo deitou gran parte do que entón se podía saber da nosa historia da literatura.

Que aquel home tan serio e sabio nos falara na lingua da aldea abraiábanos coído que a todos, pero seguro que a min máis, un burguesiño imbuído das consignas oficiais dun Réxime que non comprendía, porque non quería comprender, que todas as linguas, por natureza, teñen a mesma dignidade, malia a cultura amoldalas ás opinións e construtos das sociedades históricas, máis inclinadas a atender os asuntos do poder ca da sabedoría.

Don Ricardo chegaba a impartir a clase cun paso lento e solemne franqueado por dúas profesoras axudantes que cargaban co portafolios e con outros elementos necesarios para desenvolver a sesión.

Non me foi mal, en canto cualificacións en exames, aínda que non alcancei as máximas notas como si conseguía noutras materias: Literatura Española, Lingua Árabe, Filoloxía Románica, Lingua Española, Fonoloxía... Así as cousas, ao rematar os cursos comúns de Filosofía e Letras completei a especialización con Filoloxía Románica, que xa me encaixaba coa miña vocación de afondar cos estudos de lingua e literatura galegas. Ao rematar os estudos de Filosofía e Letras, sección de Románicas, decidínme a facer a Tese de Licenciatura (Tesiña) sobre un tema de poesía galega, concretamente sobre o poeta Antón Tovar Bobillo, e culmineina meritoriamente cun sobresaliente.

Xa licenciado, empecei a impartir clase de Lingua Española, Lingüística Xeral e Crítica Literaria no Colexio Universitario de Lugo, no que me ofreceron a subdirección en tanto que a dirección era responsabilidade do catedrático de matemáticas Eduardo García Rodeja.

Esta circunstancia levoume a coñecer outra dimensión, máis distendida, de don Ricardo, ben sabida para os seus amigos e familiares. Co gallo de invitármolo a dar unha conferencia no Colexio Universitario, tiven a honra de desprazalo de Santiago a Lugo no meu automóbil. A viaxe foi ben amena, por canto don Ricardo tiña unha conversa moi interesante e mesmo aproveitamos para cantar a dúo algúns fragmentos de zarzuelas que a el lle gustaban moito e que eu sabía pola casa. A escena do profesor e o exalumno pareceume simpática e agora sinto moito agradecemento e admiración cara a aquel profesor *severo* que modestamente podía troulear coa miña insignificancia.

Estudos arredor de Ricardo Carvalho Calero
acabouse de imprimir en Santiago de Compostela
no mes de setembro de 2020, noventa anos despois de que
Ricardo Carvalho Calero pronunciase, como alumno,
o discurso inaugural do curso da Universidade de Santiago



ISBN 978-84-453-5348-6

